





Aureliano Pereira

*Escritos sobre Federalismo e Galeguismo*



Aureliano Pereira  
*Escritos sobre Federalismo  
e Galeguismo*

*Escolma e Limiar de:*  
RAMÓN MÁIZ

*Versión galega de:*  
Esther Martínez Eiras



**Edita:**

XUNTA DE GALICIA  
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA  
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN  
EN HUMANIDADES  
EXCMO. CONCELLO DE LUGO  
CONCELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

**Coordinador Científico:**

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

**Director Técnico de Literatura:**

ANXO TARRÍO VARELA

**Alcalde de Lugo**

JOSÉ LÓPEZ OROZCO

**Concelleira de Cultura e Turismo:**

CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ

**Realización:**

GALIGRAF GALICIA

**ISBN 10:** 84-453-4302-5

**ISBN 13:** 978-84-453-4302-9

**Depósito Legal:** C. 2.391-2006

## ÍNDICE

### LIMIAR:

GALEGUISMO, FEDERALISMO E REPUBLICANISMO: O PENSAMEN- TO POLÍTICO DE AURELIANO J. PEREIRA.....	11
---	----

### ESCOLMA:

<i>A sombra da república, 1872</i> .....	73
<i>Estado da poboación rural en Galicia, 1879</i> .....	75
<i>Emigración, 1879</i> .....	79
<i>A muller e as carreiras profesionais, 1881</i> .....	82
<i>O rexionalismo 1886</i> .....	85
<i>A razón do rexionalismo, 1886</i> .....	87
<i>Máis política, 1886</i> .....	90
<i>Espírito galego, 1886</i> .....	92
<i>Movemento rexionalista, 1886</i> .....	96
<i>O rexionalismo, 1887</i> .....	98
<i>Proxecto de Constitución para o futuro estado galego, 1887</i> ....	113
<i>Fórmula, 1887</i> .....	171
<i>O noso rexionalismo, 1887</i> .....	174
<i>A redención de Galicia, 1887</i> .....	177
<i>Academia Galega, 1887</i> .....	180
<i>Os republicanos e as eleccións municipais, 1887</i> .....	184
<i>A “El Progreso”, 1887</i> .....	186

<i>Dúas palabras, 1887</i> .....	189
<i>Os adversarios, 1887</i> .....	191
<i>Aos lectores do distrito de Lugo, 1887</i> .....	194
<i>O caciquismo, 1887</i> .....	196
<i>A nosa gratitude, 1887</i> .....	199
<i>O consello federal da rexión galega aos sens correlixionarios, 1887</i>	200
<i>A ensinanza universitaria, 1887</i> .....	202
<i>Rexionalismo e unitarismo, 1887</i> .....	204
<i>Camilo Placer, 1887</i> .....	207
<i>A emigración galega, 1887</i> .....	210
<i>A única fórmula, 1888</i> .....	213
<i>Froitos do caciquismo, 1888</i> .....	218
<i>Gladstone e a cuestión de Irlanda, 1888</i> .....	221
<i>Polo noso xefe Pi I Margall, 1888</i> .....	225
<i>A instrución aos artesáns e medios de proporcionala I, 1889</i> ...	227
<i>A instrución aos artesáns e medios de proporcionala II, 1889</i> ...	230
<i>A instrución aos artesáns e medios de proporcionala III, 1889</i> ..	233
<i>Discurso de Aureliano J. Pereira na homenaxe a Alfredo Brañas en Santiago de Compostela o 9 de marzo de 1890</i> .....	236
<i>Asociación rexional de escritores e artistas, 1891</i> .....	239
<i>O banquete de Sarria, 1891</i> .....	242
<i>Galicia contra Cos, 1891</i> .....	247
<i>Un artigo do programa rexionalista, 1891</i> .....	250
<i>Algo acerca do movemento literario en Galicia, 1892</i> .....	251
<i>A Xunta de Defensa, 1893</i> .....	286
<i>Rexionalismos, 1893</i> .....	288
<i>Os Servos, 1893</i> .....	291
<i>Os socialistas, 1893</i> .....	294
<i>Os do arroio, 1893</i> .....	297
<i>Os da charca, 1893</i> .....	299
<i>O rexionalismo ravacholista, 1893</i> .....	302
<i>Unha rectificación ao Sr. Menéndez y Pelayo, 1895</i> .....	304
<i>O rexionalismo, 1895</i> .....	308



<i>Opini3ns rexionalistas, 1895</i> .....	310
<i>Unha revista galega, 1895</i> .....	316
<i>As folgas, 1895</i> .....	319
<i>A guerra cos socialistas, 1895</i> .....	324
<i>A reacci3n en Alema3a, 1895</i> .....	327
<i>Mais opini3ns rexionalistas, I, 1896</i> .....	329
<i>Mais opini3ns rexionalistas, II, 1896</i> .....	331
<i>As orixes do galego, 1896</i> .....	335
<i>O esp3ritu franc3s en Alsacia-Lorena, 1896</i> .....	338
<i>A democracia cristi3, 1896</i> .....	341
<i>A tribuna francesa e gambetta, 1896</i> .....	345
<i>Por Galicia, 1896</i> .....	348
<i>Puntualizando, 1897</i> .....	352
<i>Precisi3ns, 1897</i> .....	356



# GALEGUISMO, FEDERALISMO E REPUBLICANISMO: O PENSAMENTO POLÍTICO DE AURELIANO J. PEREIRA

RAMÓN MÁIZ

“¿Acaso España non se compón de varias nacionalidades?”

A. PEREIRA

## 1. LIMIAR: “ANTES GALEGO CA ESPAÑOL”

O nove de marzo de 1990 tivo lugar en Santiago de Compostela, co gallo dunha homenaxe a Alfredo Brañas pola publicación en Barcelona do seu libro *El Regionalismo*, o acto fundador da andaina do movemento político e cultural que se autocomprendería co mesmo termo: “Rexionalismo galego”. Ao remate do xantar sucedíanse as intervencións afervoadas de persoeiros varios (Bibiano Fernández, Máximo Leyes, Díaz de Rábago, etc.) nun ton, sen dúbida cheo de entusiasmo, pero certamente retórico, sentimental e escasamente político, cando tomou a palabra o novo director de *El Regional* de Lugo, quen sorprendeu aos presentes rompendo o indulxente e plácido consenso da reunión:

“Se o rexionalismo ten que cumprir os fins que del se agarda, se del se debe derivar como agardamos algo beneficioso para Galicia, é preciso que non se limite a ser un partido de catedráticos e oradores, de poetas e xornalistas; é necesario que encarne o pobo, que a súa base sexa o campesiñado, o escravo da terra... que non se semelle á *Liga Agraria* de Gamazo, senón, agás certas inescusables diferenzas, á *Liga Irlandesa*. Porque o rexionalismo ten unha misión que cumprir: a redención dos nosos campesiños, a redención de case dous millóns de irmáns nosos que viven suxeitos á terra e que precisan a liberación da propiedade...”<sup>1</sup>

Para os que o coñecían pouca novidade había naquelas verbas: Aureliano José Pereira de la Riva irrompera había anos no seo do galeguismo da época achegando unha específica articulación política e ideolóxica, a un ideario fundamente escindido en dúas fronte –a liberal e a católico-tradicionalista– debedoras de formulacións tan dispares que, malia diversos intentos, ficarían por cabo irreconciliables<sup>2</sup>. Dunha banda, liderados por Manuel Murguía<sup>3</sup>, os rexionalistas liberais centrados preferentemente na cidade da Coruña –arredor da librería de Carré, *A Cova Céltica*, onde se reunían Tettamancy, Curros, Pondal, Salinas e outros– entendían o rexionalismo como movemento modernizador, estreitamente vencellado aos principios liberais, europeísta, reclamando para Galicia unha *Autonomía* con poder lexislativo de seu, semellante á que o goberno tentaría conceder de xeito serodio a Cuba e Puerto Rico. Doutra banda, para o sector católico-tradicionalista de Cabeza de León, Tarrío, Barcia Caballero, Pereiro, Lens e outros, presidido por Alfredo Brañas e con centro en Compostela, o rexionalismo concibíase como o derradeiro intento de manter a fasquía tradicional de Galicia en aberta inimizade coa modernidade liberal-capitalista, a escasa modernidade que daquela chegaba a esta terra, en todas as súas dimensións: o liberalismo político falseado pola Restauración e a “quenda

vergoñenta” dos partidos, a lenta xeneralización do mercado, o desigual proceso de urbanización, etc., da man dun catolicismo integrista e dun progresivo achegamento ao carlismo por parte de Brañas que remataría por callar en aberto compromiso a finais do século<sup>4</sup>.

Fronte a estas dúas principais faccións do rexionalismo, Pereira –conxuntamente con Moreno Barcia, Amor Meilán, Castro e López, así como o grupo de Mondoñedo (Leiras Pulpeiro e Noriega Varela), o coruñés Martínez Salazar, o compostelano Orantes e Magallón, etc.– defenderían unha peculiar articulación do ideario galeguista co federalismo. De feito, militantes todos eles do Partido Republicano Federal de Galicia, compatibilizarían durante anos a súa fidelidade republicana coa dobre militancia nas ringleiras da Asociación Rexionalista Galega. Puidera en principio pensarse que a procedencia federal de Pereira se traducira nun devecemento do seu galeguismo da man da suposta “abstracción”, característica dos defensores do “pacto sinalagmático e conmutativo” e de quen Castelao dirá no *Sempre en Galiza*: “ao non saberen como dividir o territorio de Hespaña en Estados particulares... nin idea tiñan do que se debía federar”<sup>5</sup>, en nidia alusión á pantasma do “regionalismo sano y bien entendido” que, ao fío da indistinción entre rexións e nacionalidades, percorreu dende o s. XIX os proxectos de descentralización do Estado español. Mais non é tal, así e todo, o que acontece co noso autor que, como imos ver con máis vagar, asome durante boa parte da súa traxectoria política o concepto de nación de Murguía, ben que despois da súa radicalización fundamentadora e baixo a roupaxe as máis das veces do termo “rexión”, outras de “nacionalidade” pero sen perder por iso un chisco a súa substantividade política. De feito, se a chamada á organización dunha forza política con implantación no campesiñado, superadora do culturalismo elitista dos Xogos florais, sorprendera os comensais da

homenaxe a Brañas, non menos foi o seu sobresalto diante da rotunda afirmación de Pereira:

“hai moitos anos que son galego antes ca español, atrevemento do que aínda non me teño arrependido”<sup>6</sup>.

A dar cumprida conta desta democrática síntese de federalismo e rexionalismo, reivindicando así para a historia do galeguismo a quen, vítima arestora de tan inmerecido esquecemento, foi no seu tempo un dos seus líderes máis activos e progresistas, dedícanse as páxinas que seguen e a escolma de escritos que as acompañan.

## 2. APUNTE BIOGRÁFICO: “A CARIDADE OFENDE”

Naceu Aureliano José Pereira de la Riva un 22 de xaneiro do ano 1855 no seo dunha familia de moi escasos recursos económicos que o ateigaron de privacións os primeiros anos da súa vida, deixándolle un sinal de tristura mesturada de rebeldía que o acompañarían o resto da súa peripecia vital. Malia unha intelixencia e unha precocidade fóra do común, amosadas a idade ben temperá nas súas intervencións literarias e xornalísticas, non lle foi posible cursar estudos superiores, algo que viviría sempre como frustración á que lle gustaba referirse nas intervencións de acento máis social<sup>7</sup>. Serán de feito razóns de supervivencia, mesturadas co fracaso político simultáneo do rexionalismo e do federalismo galegos, as que provocarían o seu abandono do partido federal, e ao pouco tempo o seu traslado a Madrid e o afastamento de toda actividade política.

A súa primeira intervención na prensa da que temos noticia é un artigo titulado “A sombra da República” publicado na revista *La Ilustración Republicana y Federal*, que dirixía en Madrid Enrique Rodríguez-Solís, o 11 de setembro de 1872.

Contaba pois Aureliano con 17 anos de idade, o que confirma non só a súa precocidade, senón a filiación federal orixinaria que non precisaría, en contra do que se dixo nalgunha ocasión, de ningunha evolución para callar na súa activa militancia de anos posteriores. Neste texto, en datas previas á I República, o autor declárase ardentemente *republicano*, fronte a unha monarquía que, malia os tateos de don Amadeo, endexamais chegou a aceptar a lección liberal de Cádiz, pero tamén *federal* fronte a un Estado español construído con doses semellantes de autoritarismo e centralización abafante:

“España que sabe que ten que adquirir unha nova vida coa forma democrática, resístese a sufrir por máis tempo a dominación monárquica e fará todos os esforzos posibles para formular a República Federal... a punta do gorro frixio agroma por riba do vacilante e comesto solio dos Fernandos, Carlos e Isabeis”<sup>8</sup>.

Para algúns investigadores a súa actividade literaria remóntase a 1870, seguindo a loa que lle dedicara o inefable Labarta Pose en *Galicia Humorística* en 1888:

“Sólo quince primaveras  
Jota Pereira contaba,  
cuando al público ya daba  
sus producciones primeras”<sup>9</sup>

Así e todo, as primeiras referencias que temos atopado son algúns poemas en castelán na *Revista Galaica*, que dirixía Benito Vicetto en Ferrol, que datan do ano 1874<sup>10</sup>. O mesmo ano *El Diario de Santiago* informa o 20 de xullo da publicación en Lugo dun “Almanaque”, sucesor do de Soto Freire, baixo a dirección dun Aureliano Pereira que contaba con 19 anos, e baixo o título de *Madeja Literaria*, no que colaboran Posada, Vesteiro Torres, Neira, Curros Enríquez e outros<sup>11</sup>.

No ano seguinte, 1875, a súa actividade multiplícase tanto no eido poético coma no político. Mesmo será en xornais de orientación federal onde vexan a luz non só traballos de preocupación social como o celebrado artigo “Redención” publicado en *La Lira* e cunha recensión en *El Telegrama*<sup>12</sup>, senón que, no devandito diario federalista, amén de poemas varios en castelán verá publicado o poema en galego “A miña sentenza”<sup>13</sup>, e proclamaranse as bases dunha *Liga periodística de Galicia*, cuxa secretaría lle correspondería a Pereira.

A súa iniciativa e capacidade de traballo eran tales que aos 23 anos, traballando en *El Diario de Lugo* (o que faría desde 1878 a 1884), chegaría a ser o único, omnímodo redactor deste xornal, mantendo de xeito voluntario unha publicación ameazada non só pola ausencia de medios económicos, senón, e sobre todo, pola inimidade declarada dos sectores eclesiásticos máis integristas. Precisamente sería un destacado membro desta tendencia, o cardenal Payá quen, ironías do destino, fora o grande protector de Alfredo Brañas, o que promovería con denuncias varias o peche do xornal por certas críticas vertidas no *Diario*, nomeadamente contra algunhas posicións políticas da Igrexa Católica.

Nas súas intervencións neste xornal, Pereira amosa xa os elementos centrais da súa ideoloxía política sobre os que volveremos logo: federalismo, democracia e progresismo social. Así, nun artigo titulado “Emigración”, o 12 de outubro de 1879, fronte ás denuncias sentimentais ao uso, o noso autor chama a atención sobre as causas estruturais que xeraban aquela “sangría da nosa patria”:

“facendo desaparecer as causas desaparecerá o efecto: o día que o galego non sinta as apuradas necesidades que hoxe o obrigan a tomar pasaxe para as terras americanas e cando, en fin, non teña por que emigrar, vivirá feliz na terra natal, e a súa adorada Galicia será grande e próspera”.



Outro tanto acontece cunha teima xa de maneira temperá presente no noso autor, o anticaciquismo, denunciado reiteradamente como “verdadeira praga dos tempos modernos”, ao fío da contraposición tan cara a Pereira: modernidade/feudalismo, democracia/caciquismo, descentralización/unitarismo, representación/cunerismo, etc., etc., e fustrigado sen piedade nun editorial de outubro de 1879 titulado “estado da poboación rural en Galicia”:

“se ben as ideas civilizadoras conseguiron desterrar o feudalismo... co paso do tempo, coma se fose encargado de soste as amosegas do feudalismo, apareceu o caciquismo rural, máis temible aínda e que ocasiona máis dolorosas consecuencias que o poder do que tomou vida e forma... de aí que o pobo galego careza de verdadeira representación nas Cortes, porque a inmensa maioría dos electores non poden emitir sufraxios con liberdade... para facer unha elección en Galicia, nunca se conta coa vontade do pobo, senón coa vontade dos alcaldes e caciques que conducen como unha grea de ovellas aos colexios electorais os que exercitan o seu dereito de voto”.

Mesmo xa dos tempos do *Diario de Lugo* data a defensa dos dereitos da muller que protagonizarían intervencións decisivas de Pereira, como veremos na discusión do Proxecto de Constitución Federal de 1887. Boa mostra diso constitúeo o editorial do 6 de maio de 1881, “A muller e as carreiras profesionais”, motivado pola prohibición a varias mulleres licenciadas en Medicina de exercerem a súa profesión por parte do Consello de Instrución Pública:

“sen fundarse en razóns científicas, senón alegando argumentos de valor imaxinario, só apreciábles en tempos de atraso intelectual... pois sería dar unha pobrísima idea da nosa cultura, crer que a muller debe dedicarse soamente aos oficios que leva consigo o goberno da casa”.

Posteriormente, en 1884, Pereira pasaría a dirixir *El Regional* ata 1893, xornal no que publicaría centos de artigos, con e sen sinatura, nos que exporía a súa persoal síntese de federalismo e rexionalismo, así como o talante progresista e demócrata do seu ideario. Mesmo despois, unha vez trasladado a Madrid, tralo traumático abandono do partido federal, seguiría remexendo periodicamente artigos de orientación rexionalista e social, como colaborador dun proxecto no que, conxuntamente con Amor Meilán e Castro e López (antes do traslado deste último a Bos Aires) deixaría os mellores anos da súa vida.

Este xornal, que reproduciría integramente o discurso de Murguía nos Xogos Florais de Pontevedra, reclamaría para si, con toda xustiza, o feito de ser o primeiro diario rexionalista galego, como polo demais substanciaba a súa propia cabeceira. Desde as súas páxinas Pereira trataba, un tras outro, os máis importantes motivos do discurso galeguista da época con singular precisión e forza, ao fío da decidida politización que lle imprime a súa óptica federalista. Así, por exemplo, a teima da necesidade de deputados representantes dos intereses de Galicia, fronte ao “cunerismo” e ás hipotecas dos partidos de ámbito español debedores doutras lealdades, expónse con rotundidade no editorial “O rexionalismo” do 21 de xullo de 1886, onde para tal efecto se afirma:

“E como en España resultan sacrificadas todas as rexións por esta centralización que empobrece, velaí a razón de ser do rexionalismo, e velaí a xustiza con que, sen que implique indisciplina, os deputados dunha comarca deben xuntarse para defender os dereitos preteridos ou amparar os intereses ameazados por unha decisión inxusta”.

Teima esta omnipresente na obra do noso autor, tendo en conta o baleiro democrático-representativo que se produciría pola inversión do mecanismo parlamentario: é o Goberno, tras

acordo dos partidos da quenda, o encargado de fabricar unhas eleccións con candidatos e resultados á súa medida, en ausencia de calquera atención aos intereses dos electores, que se volve reiterar en “A razón do rexionalismo”, o 22 de xullo de 1886:

“O deputado non representa o distrito nin a rexión... así, os pobos, véndose sen deputados, porque estes sono soamente do Goberno, acentúan a súa resistencia, porque nesa presión inxusta, desmoralizadora e prexudicial para a dignidade dos deputados, está a razón do rexionalismo”.

Resulta patente, na lectura destes textos de *El Regional*, algo especialmente rechamante no ámbito do movemento rexionalista da época, a saber: a estreita conexión co campo da *política* en sentido estrito, sen ambaxes, como modo de configurar a problemática galeguista. Preséntase esta, en efecto, como unha alternativa ao sistema e funcionamento político da Restauración, ao caciquismo, ao cunerismo, ao “pucherazo”, ás “componendas da quenda vergoñenta” dos partidos, á lexislación ateigada de servidumes centralistas etc. como procura dunha política galega, no dobre sentido de 1) *propia*, isto é, atenta aos intereses de Galicia, pero tamén 2) *democrática*, baseada na vontade popular libremente expresada. Pero ademais, o rexionalismo de Pereira levará o seu alento democrático alén de toda ambigüidade, fronte ao propio Murguía e non díganos Brañas, no que se refire á caste da descentralización proposta, non só por reclamar un auténtico autogoberno político e non simplemente administrativo, senón tendo en conta a completa reestruturación de todo o sistema político que diso se derivaría. En poucos lugares coma no editorial titulado “Máis política” fica isto salientado tan claramente:

“Trabúcase de medio a medio quen cre que a descentralización resulta posible sen cambiar o sistema

político... para administrar ben é indispensable a descentralización e esta non resulta posible sen un cambio radical na política... Así, pois que precisamos mellor goberno, non pidamos menos, senón máis e mellor política e teremos máis e mellor administración: ninguén coñece, procura e defende mellor os propios intereses que os interesados mesmos”.

Esta perspectiva democrática, progresista e, como de contado veremos, federal, diferenciábase con claridade das outras dúas tendencias rexionalistas; da liberal, en menor medida, agás no referente á cuestión do federalismo, desbotado por aquel sector con base na funesta experiencia da I República. Dende alí a matizada distancia que en todo momento garda Pereira con Murguía– “non aceptamos todas as súas afirmacións” escribirá nalgunha ocasión -a quen, así e todo, considera como mestre indiscutible e fundador da idea de nación ou nacionalidade galega. Distinto é o caso de Brañas, onde as diferenzas entre republicanismo e tradicionalismo afastan irreconciliabilmente, baixo a mesma etiqueta de “rexionalismo”, dous proxectos políticos antitéticos que tentan, así e todo, manter a “unidade por riba das diferenzas”. Sorprende en Pereira que a valoración da común causa galeguista lle faga poñer nun segundo plano as por cabo insalvables distancias políticas. Así, por exemplo, a ninguén, pero menos aínda aos liberais, se lle escapaban as radicais diferenzas entre o rexionalismo de Pereira e de Brañas. Neste sentido *La Gaceta* de Santiago, o 20 de outubro de 1886 expuña cruamente as diverxencias:

“O rexionalismo que defende o ilustrado colega de Lugo (*El Regional*)... está baseado nos principios democráticos que informan as sociedades modernas, mentres que os que invocan *El Libredón* e *La Región Gallega*, son e non poden deixar de

ser máis que os principios autocráticos e teocráticos que emanan e se fundan no dereito divino”.

A resposta de Pereira é sumamente clarificadora do peso que a común empresa galeguista imprime, ao seu xuízo, á hora de relativizar tan fondas diferenzas ideolóxicas no seo dun movemento que, cativo en recursos e traballando sempre en precario, tenta salvar da crise interna e minimizar as evidentes discrepancias:

“O rexionalismo tal e como nós o entendemos descansa sobre os principios democráticos... sucede que moitas veces o sentimento patrio non resulta moi acaído con certos principios políticos e veña ser rexionalista quen milita en partido centralizador e autoritario. Pero isto non queremos nin podemos discutilo. Nós contenderemos con quen ataque o rexionalismo, non cos que o acepten, pois desexamos que baixo esta bandeira se xunten todos os bos fillos de Galicia”<sup>12</sup>.

Por iso, a “unidade de todos os galegos por riba das diferenzas” que asome Pereira non se traduce nun deveceamento do seu credo democrático como adoitaba acontecer nos nacionalismos periféricos da España do XIX. E referímonos con isto, non xa ás formulacións antiliberais e integristas de Sabino Arana, senón mesmo ás formulacións catalanistas de Prat de la Riba, quen incorpora, na súa peculiar síntese, elementos corporativos e organicistas que derivan nun importante esfarelamento dos principios liberais. Mesmo un autor de procedencia federalista como Almirall paga ben caro a enchente de organicismo catalanista do seu ideario, introducindo elementos espurios de procedencia corporativista e tradicional, moi mal acaídos coa orientación democrática da que resulta debedora de maneira indeclinable a ideoloxía federal.

Moi distinto é o caso de Pereira, e isto cómpre subliñalo como unha das características sobranceiras do seu pensamento

político, pois para él o rexionalismo implica non soamente unha defensa dos intereses de Galicia, senón a inserción desta defensa nun proxecto democratizador e modernizador no político, económico e cultural do Estado español, tal e como se reitera unha e outra vez nas páxinas de *El Regional*:

“Porque a fórmula descentralizadora non a ten atopado aínda outro sistema político que non sexa a democracia, que reconece como base do poder a soberanía popular; como medio do seu exercicio, o sufraxio universal; como factores indispensables dos seus actos, os poderes removibles e responsables; como único e universal medio de corrección das transgresións, o poder xudicial independente, e como norma principal dos seus actos, os sempre invocados pero nunca realizados eternos principios de liberdade, igualdade e fraternidade”.

Elemento fundamental, nesta orde de cousas, é a súa afiliación durante anos ao Partido Republicano Federal de Galicia, no que deseguida ocuparía cargos de certo relevo provincial, chegando a desempeñar un posto político electivo: concelleiro no Concello de Lugo en 1887. O seu peso na organización federal viría confirmarse ao ser nomeado, conxuntamente con Mosquera Lequerica e Modesto Moirón, membro da comisión encargada, xunto a Moreno Barcia, da redacción do *Proxecto de Constitución para o futuro Estado Galego*, texto clave do federalismo en Galicia, que sería discutido e aprobado na Asemblea de Lugo do 2 ao 7 de xullo de 1887, e sobre o que imos volver de contado.

Pero subliñabamos hai un anaco que Pereira traduciría en dobre militancia o seu federorrexionalismo. En efecto, a finais de 1890 publicaría *A Monteiro* de Lugo unha serie de artigos sobre a necesidade de crear unha *Asociación rexional de artistas e escritores* que unificase os esforzos dispersos a prol dos intereses de Galicia e a súa cultura autóctona. A contestación de

Pereira en *La Pequeña Patria* centraríase nos aspectos organizativos da inicial proposta de Galo Salinas, membro coruñés da Cova Céltica e director da *Revista Gallega*, aspectos estes polo demais que sairían á luz reiteradamente ao fío da mobilización rexionalista. A proposta de Salinas consistía en constituír unha asociación arredor da cal se fosen agregando outras, creadas baixo o impulso desa asociación central que definiría as liñas mestras do conxunto da organización. Tal proxecto sería criticado por Pereira, recoñecendo así e todo a necesidade dunha tal organización, en razón do carácter centralizador do “centro único” do que dependerían xerarquicamente todos os círculos inferiores. Fronte a esta formulación, Pereira opuña unha xénese alternativa da asociación de abaixo arriba, creándose primeiro as asociacións provinciais e locais para federárense estas a nivel galego nunha asociación rexional:

“constituír unha asociación rexional enlazando entre si as asociacións de provincia, que se integrarían á súa vez das existentes nas vilas e nas capitais de cada unha delas... outra cousa sería constituír unha xerarquía incompatible coa democracia da república literaria porque resultaría un centro único de categoría superior”<sup>13</sup>.

Así e todo as polémicas desta caste, sobre asociación de escritores ou xornalistas, cederían axiña o seu posto á articulación dunha organización política, a *Asociación Rexionalista*, que partindo do núcleo compostelán, se espallaría axiña por toda Galicia. En efecto, no mes de novembro de 1890 ten lugar en Santiago a constitución do *Comité Central Rexionalista* da man de Murguía e Brañas. Era presidente o primeiro e secretario Cabeza de León, eran vogais: Brañas, Tarrío, Barcia Caballero, Pereira Romero e Enrique Lens. Pois ben, en decembro daquel mesmo ano recibíase en *El Regional* de Lugo unha carta de Murguía na que se expresaba a conveniencia

e oportunidade, para a defensa dos intereses de Galicia, de que na mencionada cidade se constituíra á maior brevidade “un comité rexionalista, base da organización e propaganda do partido do mesmo nome na provincia”<sup>13</sup>. Deseguida se procedeu á constitución do comité rexionalista de Lugo, o 14 de decembro de 1890, que quedaría integrado do seguinte xeito:

*Presidente honorario*: Manuel M. Murguía.

*Presidente efectivo*: Manuel Mosquera e Lequerica, avogado e deputado provincial.

*Vicepresidente*: Manuel Reinante e Cancio, deputado provincial.

*Secretario*: Aureliano Pereira.

*Vicesecretario*: Enrique Rodríguez Garrido.

*Vogais*: Romualdo Acevedo, avogado e director de *La Idea Moderna*.

Celedonio Peñamaría, deputado provincial.

Bernardino Amor Meilán, xornalista e escritor.

Enrique Castillo Silva, médico.

O trazo máis notorio que cómpre salientar, pois resulta dabondo descoñecido, é que case a metade dos cargos directivos do comité rexionalista lugués se achaban ocupados por militantes do partido republicano federal de Lugo. Así, entre outros, podemos identificar como tales a Pereira, Amor Meilán, Mosquera, Abuín e Acevedo. A síntese federorrexionalista concretábase deste xeito, alén do eido puramente ideolóxico, no propio nivel organizativo, levando así o vieiro de achegamento deste núcleo lugués ata as súas últimas consecuencias, o que non deixaría de presentar problemas no seu día.

Elemento fundamental desta politización do rexionalismo, debedora da tradición federal na que se inscribe Pereira –“mais política”– témolo precisamente na súa teima de que o Rexionalismo non remaneza como simple club “de catedráticos



e de oradores, de escritores e xornalistas”, é dicir, da imperiosa necesidade de dotar o movemento dunha auténtica base organizativa, de concretar programas, de levar a cabo campañas cara á opinión pública, de incidir, en fin, na vida política galega sometida ao abafante sistema da Restauración. Así, por exemplo, a finais de 1886, Pereira queixábase da vaguidade e retórica que envolve aínda o rexionalismo galego:

“Hoxe por hoxe o rexionalismo –como tantas veces temos dito– é unha aspiración informe... é preciso traballar con fe para que tome corpo, para que se determine... que se traduza na vida real e se perciba máis directamente”<sup>14</sup>.

Así, Pereira, malia polemizar de xeito incansable dende as páxinas de *El Regional* contra os xornais galegos que amosaban o seu escepticismo, cando non a súa aberta oposición perante a “axitación dos intereses materiais e espirituais de Galicia”, non deixaba de recoñecer o crónico défice político e organizativo indiscutible do movemento, e o aquel de verdade que se agochaba en cualificativos como o de “platonismo do descoñecido” que lle aplicara *La Opinión Liberal* de Ourense, afirmando así mesmo que, todo o máis, o rexionalismo proporcionaría “poetas melenudos (sic) tocando a arpa para amortecer a fame de Galicia”<sup>15</sup>.

E todo iso, como xa temos salientado, sen que a politización democrática do rexionalismo que Pereira propón se traduza no esquecemento da indeclinable vertente cultural do rexionalismo. Boa proba disto constitúeo a proposta que fai en decembro de 1886, nunha conferencia no Círculo das Artes de Lugo, da creación dunha *Academia Galega*:

“para elevar a nosa literatura e dar ao movemento intelectual de Galicia toda a brillantez que debe acadar”.

Esta idea, da que Pereira, cómpre subliñalo, é un dos primeiros formuladores –canda Valentín Lamas Carvajal ( 1875)

e Emilia Pardo Bazán (1880)– do que teñamos noticia e que non terá concreción ata 1906, cando o rexionalismo galego se atope xa en franco esfarelamento, apunta cara á un elemento básico do seu ideario: a dotación dun soporte institucional dedicado á normalización da cultura galega. Resulta de especial interese o feito de que a Academia Galega que Pereira postula se vencelle directamente á normativización da Lingua, figurando na súa proposta como unha das tarefas máis perentorias a *unificación* do galego e a confección dunha gramática e mais un dicionario tendo en conta que:

“A purificación e reconstrución do idioma galego é unha necesidade recoñecida por cantos collen un libro escrito nesta lingua. Na ortografía reina a máis completa anarquía... non hai regra ningunha para a escrita. Resulta preciso afirmar que para escribir galego non abonda con empregar palabras galegas, é preciso conservar a esencia, o que é verdadeiramente galego: a estrutura, a sintaxe, o xiro, a propia forma literaria do noso idioma. Doutro xeito acontece que moitas das poesías que se autotitulan galegas son en realidade poesías castelás traducidas ao galego”<sup>16</sup>.

En definitiva, o que fai a Aureliano Pereira un caso único no seo do galeguismo do século XIX é a articulación estreita e orixinalísima do rexionalismo cultural e político co federalismo republicano, sen erosionar ou degradar a súa síntese ningún de ambos os dous compoñentes. Así, o seu progresismo impídelle, dunha banda, que para substantivar a organización da comunidade galega acuda a elementos espurios como as teorías da raza tal e como fai Murguía; por non falarmos de formulacións do rexionalismo en clave do pasado, de nostalxia medieval dos tempos idos, en aberta inimizade coa modernidade, como acontecía con Brañas. Cómpre, xa que logo, detérmonos, aínda que sexa brevemente no desenvolvemento político e ideolóxico do *galeguismo federal* de Pereira nestes anos.

Nesta orde de cousas, ante todo, débese contextualizar o moi problemático, na Galicia da época, que resultaba a adscripción republicana e federal do rexionalismo do noso autor. En efecto, iso constituía unha patente diferenza coas posicións dos rexionalistas liberais e mesmo dos tradicionalistas, mentres Brañas non se decantou definitivamente cara ao carlismo. Dende o interior do propio movemento tanto como do exterior do mesmo intensificáronse as críticas e descualificacións contra a pretensión de vencellar rexionalismo e federalismo, baixo pretexto de deturpación dos principios accidentalistas verbo da forma de Estado propias, segundo se dicía, do primeiro. Así, por exemplo, desde *La Monarquía* de Ferrol lanzaríanse durísimas críticas contras a pretensión de Pereira de conciliar o galeguismo coa militancia no partido federal. A resposta deste non se deixou agardar:

“Nós, rexionalistas, dispostos a apoiar e defender todo o que sexa rexionalismo, do cal somos representantes na prensa desde o primeiro número do noso xornal, como antes de fundar este tiñamos sido os seus propagandistas noutros medios, coidamos que tal tendencia ten necesidade de atopar a súa fórmula, e pensamos que a atopará e que esta non pode ser outra que o credo do partido cuxa doutrina descansa nos principios que defende o federalismo... neste partido militamos porque somos rexionalistas... Todo o que defende o rexionalismo é noso, pero este non é aínda un partido político...”<sup>17</sup>.

Non hai polo tanto unha adscripción puramente adxectiva e coxuntural ao rexionalismo por parte deste republicano federalista lugués, como acontece con outros republicanos federais como o catalán Vallés i Ribot ou mesmo Pi i Margall, en contra do que se repite unha e outra vez, senón que se trata de fornecer cunha orientación específica o desdebuxado, neboento

e caótico universo político do rexionalismo galego de fin de século, de tal xeito que:

“así como hoxe coincide en todo cos exclusivamente rexionalistas, eles coincidirán en todo connosco”,  
tendo en conta que tal sería o destino da  
“federación e xa que logo do rexionalismo, que é unha das súas manifestacións”<sup>18</sup>.

De aí que Pereira se opoña sempre, usualmente de xeito implícito por mor de evitar innecesarios, pero finalmente inevitables, enfrontamentos, aos proxectos de Brañas de postular a descentralización en clave do pasado como a recuperación das “vellas liberdades locais” e as “franquías populares”, no seo dunha monarquía tradicional, tamén chamada “monarquía federativa” por Vázquez de Mella. O noso autor denuncia con rotundidade o que, malia as intencións sinceramente rexionalistas do profesor compostelán, remata por suceder co seu modelo de descentralización rexional; a saber: que o autoritarismo monárquico de orde tradicional, derivado da xerarquía dunha sorte de “monarca con fueros”, o destruír o principio das liberdades modernas, os dereitos individuais e a representación popular, remata por baleirar practicamente de contido calquera descentralización política e mesmo administrativa. Os artigos que “sobre organización administrativa de Galicia” e “Laboremus” que Brañas publicaría a finais da súa vida en *El Correo Español*, confirmarían os temores do noso autor. Pola contra, insiste Pereira:

“Estas liberdades (do municipio, da provincia e da rexión) non poden estar garantidas senón dentro do sistema federal... pois diante do sistema rexionalista toda centralización desaparece ¿por que? porque os alcaldes son elixidos polos pobos, os gobernadores pola provincia etc... Para devolver ás rexións as súas funcións propias.. é preciso que esta nosa nación se organice federalmente”<sup>19</sup>.

Poderíamos multiplicar as testemuñas, amosando esta unificación política e teórica establecida por Pereira entre federalismo e rexionalismo, no dobre sentido de se configurar o federalismo como unha das tendencias políticas actuantes no interior do movemento rexional, así como a consecuencia lóxica dun proceso de maduración política do segundo, en aras da súa meirande concreción organizativa, democratización do sistema político como obxectivo e modelo de Estado fundamentalmente descentralizado. De aí tamén, sen dúbida, que a interioridade organizativa do sector lugués encabezada por Pereira no cerne do movemento rexionalista fora, así mesmo, unha interioridade problemática, en razón das fondas diferenzas coas dúas tendencias dominantes e moi especialmente co sector compostelán.

Como membros dun partido minoritario na España da “quenda pacífica” dos Partidos liberal fusionista e conservador, Pereira e os seus correligionarios, desenvolveron nestes anos unha actividade tan intensa coma marxinal e, por cabo, de escaso éxito, se exceptuamos, polo que atinxe aos noso autor, a súa presentación e posterior elección como concelleiro de Lugo nas eleccións municipais de 1887, petando de xeito reiterado coa impenetrabilidade dunha estrutura de oportunidade política en extremo negativa. Un escenario político articulado polas redes clientelares dos grandes e pequenos caciques, cuxos dispositivos formaban unha tan tupida como impenetrable trama de intereses e coaccións, facía practicamente inviable o traballo político, erosionando constantemente apoios para as forzas minoritarias foran estas rexionais, federalistas, republicanas, etc. O “anticaciquismo” devén deste xeito unha teima central do discurso político de Pereira, así como dos seus esforzos organizativos en clave quer federal, quer rexionalista, defendendo por todos os medios unha reformulación do parlamentarismo que o fixera merecedor de tal nome. Nesta orde

de cousas son ducias os artigos dedicados a loitar contra a praga que zuga das veas pseudorrepresentativas do sistema da Restauración e moi especialmente a imposta polo Partido Conservador de indiscutida dominación na provincia de Lugo:

“Vemos que o principal amparo do caciquismo... chámase partido político, titúlase “de orde”, fala de moralidade, pide respecto á lei... ¡como non sermos inimigos irreconciliables dese partido que se chama conservador!”<sup>20</sup>.

Non é cousa de ateigar de referencias anticaciquís o noso argumento, así como ponderar en demasía o traballo organizativo e político do minoritario núcleo lugués, illado e premido ata a extenuación, por unha lea de intereses que o sistema de dominación clientelar xestionaba a enteira satisfacción das elites provinciais. Só cómpre así e todo subliñar o feito de que esta dimensión de crítica do sistema político ocupa o cerne mesmo da análise de Pereira, alén de personalismo ou localismo ningún. Outro tanto acontece coa denuncia do *cunerismo*, isto é, a consolidada práctica de presentaren os partidos da quenda como candidatos a personaxes por completo alleos a Galicia, práctica que cortaba de base calquera eventual defensa e representación dos intereses galegos nas Cortes:

“Non abonda renegar dos políticos miserentos, deses caciquiños políticos, é preciso ollar máis alto, é mester maldicir e execrar a eses grandes caciques que se chaman Villaverde, Mochales, Elduayen, Payares...”<sup>21</sup>.

Sempre en Pereira, polo demais, o autogoberno galego leva emparellada a democratización do país, pois de pouco valería unha descentralización que deixara intactas as redes locais de corrupción e clientelismo, tendo en conta que desvirtuaría calquera verdadeira representación de lexítimos intereses:

“Cómpre dicirlle ao país que só con institucións xenuinamente democráticas, e que como tales han atender os verdadeiros desexos do pobo, e sendo Galicia dona dos seus destinos no que aos seus peculiares intereses se refire, poderá obter a completa satisfacción das súas necesidades”<sup>22</sup>.

Diciamos máis arriba que, como quedaría de manifesto na intervención de Pereira na homenaxe a Brañas en 1890, un elemento decisivo da politización que urxía ao noso autor verbo do movemento rexionalista, consistía, na orde estratéxica, en procurar aliados no campesiñado galego, como base de masas dispoñible. Ben que, para tal efecto, sería necesario deixar de considerar ao campesiñado como motivo retórico de inspiración poética ou simple depositario, no seu illamento esmorecente, das esencias patrias, na súa lingua e tradicións, para atender as súas reivindicacións sociais, económicas e políticas, introducíndoas con pleno dereito e substantividade no programa galeguista.

Só así podemos dar cumprida conta da campaña a prol da *Redención foral* que levará a cabo o político lugués, fuxindo das ambigüidades de Murguía ou da velada simpatía para coa institución foral por parte de Brañas. Esta alternativa, a de lle dar dimensión de masas ao rexionalismo da man do sector máis oprimido do país, será desbotada da man do conflito maior que entre liberais e tradicionalistas que esgazaría finalmente o movemento, fornecendo o paradoxo de que cando, a finais de século o campesiñado galego ía ser quen de organizarse activamente da man do “Agrarismo”, este espertar produciríase por completo á marxe dun rexionalismo esvaecido, que virado cara á pequena burguesía vilega, ficaría por cabo coa súa mensaxe orfa de destinatario.

Por outra banda, Pereira, fiel á súa vocación literaria que nesta análise non nos compete, publicaría ao fío dos noventa algunha das súas máis celebradas obras, especialmente os seus máis coñecidos poemarios en galego: *Cousas da Aldea* (1891),

*Terra a miña* (1891) e mais *A cova da serpe* (1892), coas que obtería galardóns diversos en certames e xustas, aos que se presentaría en diversas ocasións apurado polas penurias económicas que o perseguirían toda a súa vida.

Será nestes anos cando se produza unha discontinuidade capital no itinerario político do noso autor que o conducirá ao afastamento do partido federal e finalmente, de xeito paulatino, ao silencio en temas políticos, que nunca nos culturais. Nos anos 1891-1892, ten lugar unha grave crise no partido federal republicano de Galicia e ao fío da mesma Pereira e Meilán abandonan a súa militancia no mesmo, por razóns endexamais explícitas publicamente e das que por ningures na documentación consultada temos podido establecer as causas, agás algúns indicios que apuntan a disputas ao fío das eleccións locais e problemas persoais derivados da crónica penuria económica do noso autor.

Pero aínda máis, así mesmo nestes anos prodúcese, tras ser desbotada a proposta política e organizativa dos federais e tras o esfarelamento da Asociación rexionalista, vítima das contradicións internas e das difíciles condicións de recepción do seu discurso, un perceptible distanciamento do rexionalismo por parte de Pereira. A resultas de todo iso, e da man de Benigno Quiroga e Manuel Becerra, achegárase ao partido liberal-dinástico, reposicionamento político que recoñecerá publicamente, ben que sen entusiasmo algún, en 1897.

Será co gallo da *Junta de Defensa* organizada polos rexionalistas para, co gallo da supresión da Capitanía Xeral da Coruña presentada como aldraxe a Galicia enteira, tentar recompoñer as súas forzas esnaquizadas polos enfrontamentos internos, o fracaso político e as presións caciquís, cando se patencie este alleamento do núcleo lugués daquel proxecto. De feito *El Regional* convértese nun dos xornais galegos máis opostos á Junta de Defensa, alegando constantemente que o



conflicto que se pretendía presentar como galego tiña un alcance puramente localista, ben que tras diso subxace o progresivo achegamento de Pereira e Meilán ao Partido liberal-fusionista. De feito a posición de Pereira ao fío dos acontecementos da Junta de Defensa será afeada polo diario federalista coruñés *El Telegrama* quen resalta que as “novas servidumes monteristas” de Pereira fanlle “antepor os intereses de partido aos da pequena patria”<sup>23</sup>. O que máis chama a atención das críticas dirixidas ao noso autor por *El Telegrama* durante os meses de marzo a xuño de 1893 non é a traizón ao ideario federal, senón aos intereses de Galicia e á súa integración na política do sistema: localismo, cunerismo, etc.

Así e todo, sorprende a continuidade dalgunhas críticas de Pereira de 1893 coas súas formulacións anteriores, de feito, nos anos noventa aínda falará de “Proudhon” como “un dos nosos”. O editorial “Rexionalismo”, en pleno momento álxido da mobilización, escusa ulterior comentario pola nosa parte:

“O rexionalismo é unha tendencia vaga, unha aspiración informe, que ata agora só ten servido para obter premios por poesías e aplausos por discursos; o rexionalismo non se ten expresado nunha fórmula concreta... Esta tendencia, podería chegar a ter moita importancia, a ser útil ao pobo, a facer algo máis ca celebrar certames literarios, se os seus entusiastas comezaran por formar un corpo de doutrina e logo encetaran unha activa propaganda para organizar forzas que coa súa acción puideran levar ás corporacións a quen representan os principios contidos no programa. O rexionalismo para ser algo ten que contar como base coas clases populares, ten que acoller no seu programa as solucións aos problemas que afecten á rexión e traballar practicamente para obtelas. Para representar as aspiracións do pobo ten que contar con este e ter nel o seu principal elemento...”<sup>24</sup>.

Resúltannos, malia todas as nosas pescudas, descoñecidas as razóns concretas da nova militancia liberal-fusionista que Pereira manterá en Lugo durante 1893 e 1894 antes de trasladarse a Madrid cun posto de modesto funcionario no Ministerio de Fomento.

Así e todo, como amosan os artigos enviados por Pereira que nos anos 1895 e 1896 publica *El Regional*: “Cantigas”, “Opinións rexionalistas”, “Máis opinións rexionalistas”, “As orixes do galego” etc. o noso autor mantén incólume o seu galeguismo, se ben virado agora en exclusiva cara ao eido cultural. Así o amosa entre outras cousas a conferencia que Pereira pronuncia no Ateneo de Madrid en 1895 sobre “O rexionalismo e a poesía galega”, editado como folleto en Lugo no mesmo ano de 1895; e así mesmo publicará en 1896 outro folleto en Madrid co título “Presente e Porvir de Galicia”. Nestes e noutros artigos Pereira amosará unha crecente preocupación social non só no que atinxe a Galicia, senón que se producirá así mesmo e de xeito máis xenérico unha acentuación da atención á problemática social xa presente en anos anteriores e un patente achegamento a posicións de republicanismo filoobreiroista, que se verán reflectidas en artigos varios enviados a *El Regional*, que de ningún xeito se compadecen coa súa ocasional filiación liberal fusionista, e sobre os que imos volver de contado.

Traballando como modesto funcionario e eventual crítico teatral do diario madrileño *El País*, transcorrerían os derradeiros anos da súa vida. Morre pobremente como tiña vivido, o 31 de outubro de 1906. Afastado de Galicia e sen volver colaborar con ningún xornal da súa terra despois de 1897, non asistiría ao devecente solpor do rexionalismo galego que, eivado na raíz polas súas propias contradicións, se esnaquizaría definitivamente, despois do fracaso da fugaz experiencia das *Ligas Gallegas*, volvendo a quedar reducido a algúns pequenos ben que irreductibles núcleos de intelectuais –sobre todo arredor

da *Revista Gallega* da Coruña– facendo máis verdadeiras ca nunca as desencantadas palabras de Curros Enríquez:

“Verbas que ceibe o vento  
catro soñadores tolos”.

### 3. O PENSAMENTO POLÍTICO DE PEREIRA: “COMO DEMÓCRATA ESPAÑOL, REPUBLICANO”

Obxecto sobranceiro deste estudo é darnos conta da peculiar síntese ideolóxica entre federalismo e rexionalismo que leva a cabo Pereira. Autor sen excesiva formación académica, a súa escrita, que non por erudición, sorprende polo menos pola claridade da súa exposición, pola coherencia do seu argumento, pola peculiaridade, en fin, da súa posición tanto fronte aos rexionalistas do común como dos seus compañeiros de fatigas federais. Resulta notable, en efecto, como a pesar do aludido cambio de adscrición política o ideario do noso autor se articula con elementos que cohonestan entre si nunha dirección demócrata-progresista, certamente insólita no ámbito dos rexionalistas galegos do dezanove.

Nas liñas que seguen descompostos só para os efectos expositivos, os eixes que vertebran o pensamento, atendendo sucesivamente:

- Á peculiar recepción da idea de nación de Murguía baixo o termo de Rexión máis acaído coa tradición federal.
- Ao seu ideario progresista, racionalista e moderadamente anticlerical.
- Á súa ideoloxía política democrática e republicana.
- Ao modelo federal para o futuro Estado galego deseñado na Asemblea federal de Lugo de 1887.

### 3.1. *Unha peculiar idea de “Rexión” como “nacionalidade”*

Subliñabamos no capítulo anterior a centralidade do galeguismo en Pereira, o que implica un rotundo desmentido ás teses que postulan, con carácter xenérico, a endémica “abstracción” estatalista do ideario de federalismo español. Ao longo dos seus escritos de máis relevo, como “O Rexionalismo”, o noso autor recolle un tras outro, agás a “raza”, os principais elementos constituíntes, desde Murguía, da entidade nacional de Galicia: historia propia, territorio, tradicións específicas, lingua de seu, institucións de dereito... que constitúen o cerne da “Patria galega”, síntese dese abano de elementos diacríticos:

“A Patria é o pobo ao que un pertence porque nel ten medrado e nada lle resulta alleo. É a patria o idioma... o canto popular, a música do país, o baile pintoresco, o acento con que os seus paisanos se expresan, a tradición pía ou a lenda que escoitou no fogar; a patria e o ceo plúmbeo, a brétema coa súa lentura, as brañas co seu verdor...”<sup>25</sup>. Semella que este organicismo puidera ficar, como acontece noutros rexionalistas da época en dubidoso gusto literario pola “patria chica” ou, no mellor dos casos, como en Salvador Golpe, en discreto e moderado rexionalismo. Pero non é tal o que acontece con Pereira, quen se amosa relativa e sorprendentemente permeable á fundamentación nacionalista do feito diferencial galego elaborado por Murguía. Así nunha das súas intervencións fundamentais, “O Rexionalismo”, á que posteriormente sempre se remitiu o noso autor como expresión máis requintada do seu ideario rexionalista, afirma con rotundidade:

“O Reino Unido, componse de catro nacionalidades diferentes: Inglaterra, Irlanda, Escocia e País de Gales. Pois ben, ¿acaso España non se compón de varias nacionalidades? ¿son acaso as rexións idénticas pola súa orixe, pola súa historia, pola súa linguaxe, polos seus costumes, pola súa constitución interna, por así dicilo, expresada nas súas

institucións xurídicas, nos seus hábitos e nas súas tendencias?. Pois se isto é así necesariamente teñen que agromar antagonismos. Por lei fatal ten que haber resistencias a aceptarmos como noso o que non nos é propio”<sup>26</sup>.

Velaí unha teorización de Galicia como nacionalidade; terminoloxicamente equiparada a “Rexión” noutras partes de *El Regionalismo*, pero, o que resulta decisivo: organizada conceptualmente arredor dos clásicos elementos que confiren o carisma nacionalista:

- orixe ou “raza” (“esta raza galega”),
- historia (“o que teñen sido as rexións”),
- tradicións (“hábitos e tendencias”),
- institucións (“a súa constitución interna”),
- lingua (“o idioma galego”);

“vontade política” e “conciencia nacional”, situada por Murguía nun lugar sobranceiro da súa fundamentación da natureza nacional de Galicia.

Respecto ao relevo deste derradeiro elemento, atendamos aos seus propios, inmellorables termos:

“Antes de posuír unha patria real cómpre posuír unha patria ideal... que a conciencia e a fe son as que teñen creado as nacionalidades. Pois ben, os rexionalistas teñen idea clara das súas aspiracións, teñen fe e conciencia; teñen unha patria ideal”<sup>27</sup>.

Este sintético concepto –orgánico-historicista e voluntarista– de nación, de neta fasquía murguiana, é articulado por Pereira, en alleidade ao accidentalismo daquel, co ideario político federal, dando lugar a un rexionalismo certamente diferenciado das correntes maioritarias, toda vez que se define

con toda claridade a prol dunha fórmula federal de descentralización política:

“O rexionalismo non poderá ser na realidade do Goberno da nación, non atopará fórmulas prácticas que expresen as súas solucións, senón dentro do sistema que ten servido para formar nacións fortes como o Imperio Xermánico, nacións libres como Suíza; nacións poderosas e ricas como a grande República norteamericana”<sup>28</sup>.

En definitiva, o orixinal modelo de Pereira complétase sen ningunha caste de traumatismo ou estraña viraxe conceptual: España, nación de nacionalidades ou rexións, ten que se organizar como Estado federal nacional, integrante dos Estados federados daquelas, tendo en conta que o federalismo non soamente representa un modelo democrático sen fisuras, senón que constitúe o modelo máis experimentado internacionalmente de descentralización política.

Agora ben, paralelamente a encher de contido orgánico a fórmula federal, de xeito semellante a como farán –cada un ao seu xeito– no so Vallès i Ribot ou Valentí Almirall, senón o propio Pi i Margall, é necesario darmos conta do efecto contrario, é dicir ¿como afecta a perspectiva federal á proposta rexionalista de Pereira?. Os efectos neste sentido son varios e de non cativo interese.

Ante todo, o federalismo enxerga unha desvalorización do elemento étnico na fundamentación nacionalista e un paralelo arrequeuto do voluntarismo político e da perspectiva progresista do rexionalismo. O factor racial pasa, en efecto, a un segundo plano na obra de Pereira, que entre os elementos orgánicos, isto é, “obxectivos”, alude reiteradamente, en troques, ao idioma, á historia e ao territorio diferenciados. O mito *celta*, por exemplo, instrumento central do imaxinario fundamentador murguiano –“o celta é o noso único e verdadeiro antepasado” diría

Murguía– no que todos os rexionalistas se inspiran dun ou doutro xeito, é deixado de lado por Pereira, tal como acontecería con outros rexionalistas federais como Martínez Salazar ou Mirambel i Maristany.

En segundo lugar, o peso do ideario federal enxerga un característico remanecemento do termo “rexión” e mesmo do concepto tras del subxacente fronte ao máis acaído coa fundamentación murguiana, o de “nación”, e que o noso autor ocasionalmente acolle, ben que nas súas intervencións de máis relevo. De aí que a reitarada presenza do vocábulo “rexión” non pode ser interpretada como simplemente residual e terminolóxica, senón que amosa unha relativa alleidade neste punto das dúas tradicións federal e nacionalista, que se traduce no caso de Pereira nun devecemento do concepto de Galicia como nación. Iso polo demais era o normal no rexionalismo galego á excepción de Murguía quen sempre, dende 1865, no primeiro volume da súa *Historia de Galicia* teorizara a natureza de “nación céltica” de Galicia. Semellante problema que en Pereira atopámolo en Brañas, ben que neste caso sería o tradicionalismo do autor o que remataría por desbotar o concepto de “nación” ou “nacionalidade”.

En terceiro lugar, hai que subliñar como efecto do ideario federal, o reforzo do factor conciencia nacional, a vontade, en suma, de atinxir unha organización política de seu, uns deputados defensores dos intereses de Galicia, unha conciencia de común nun proxecto patriótico de construción colectiva da comunidade:

“porque o espírito francés, que vive no corazón dos Alsacianos-Loreneses, non poderá destruílo a presión da tiranía autocrítica, modificando a ortografía e botando ao cárcere aos que non agochan o seu patriotismo, pois este espírito ten sido xerado pola civilización e arraigado pola democracia”<sup>29</sup>.

### 3.2. *Anticlericalismo e progresismo*

Na obra de Pereira agroma por todas partes unha visión do mundo e da vida que presenta substanciais diferenzas coa liberal-moderada de Murguía e se sitúa nas antípodas do católico-tradicionalismo de Brañas. En efecto, achámonos aquí en presenza dun ideario aberto, progresista, laico, nos vieiros da máis característica tradición do republicanismo español. Nel, radicalismo democrático e modernidade, privadas dos lamentables excesos cantonalistas e militaristas, forman unha cosmovisión progresista que vai moi por diante da sociedade no seo da cal se formula.

Así, un primeiro elemento decisivo do pensamento de Pereira é a súa preocupación social, que reviste un carácter manifestamente diferenciado daquel catolicismo social e antisocialista que caracterizaría a Brañas, ou dos ocasionais resaibos populistas, máis retóricos ca outra cousa, que de cando en vez sorprenden en Murguía como refugallo do seu liberal-progresismo da mocidade. Moi ao contrario, no noso autor os elementos decisivos do seu universo ideolóxico como o *agrarismo* amósanse con auténtico alento social, como un achegamento real ás clases populares que trata de incorporalas, recollendo as súas reivindicacións básicas, ao movemento rexionalista con plena substantividade e non como simple provedor de sinais de identidade.

Cómpre referirse así mesmo a outro elemento que agroma reiteradamente nos escritos do federalista lugués con certo peso inicial, que non fará senón acrecentarse tras o seu traslado a Madrid, mesmo baixo as súas novas lealdades formais ao partido liberal dinástico. Trátase da súa preocupación pola cuestión obreira e os partidos e as forzas que a expresan, amosándose neste extremo a sensibilidade proletaria dalgunhas correntes do federalismo histórico español, moito tempo mesturado con



arelas obreiristas das que constituíu ata fins de século a súa única canle de explicitación política. Nos artigos dedicados á cuestión por Pereira é de salientar, conxuntamente cun certo paternalismo, unha innegable lucidez en diversos puntos sobre a condición proletaria naquelas datas, que o levarían máis alá do mero recoñecemento do “problema social” para dialogar coa súas expresións políticas.

Así, por exemplo, en intervencións tales como “A instrución aos artesáns e os medios para proporcionala” o federal lucense acolle unha inocua prédica da necesidade de mellorar a instrución da clase traballadora e postula a creación de Escolas de Artes e Oficios ou sociedades do tipo “Fomento das Artes”. Noutras ocasións, o que constituíu un trazo insólito no seo do rexionalismo, gaba a clase obreira pola súa presenza política e cívica na Coruña:

“A capital de Galicia, A Coruña, conta cunha ilustrada clase obreira e a ela debe en boa medida a consideración que goza aquel pobo e a altura á que ten chegado. En todas as sociedades, en cantas ideas útiles se propoñen e realizan, en todo, en fin, ten non pequena parte a clase obreira coruñesa”<sup>30</sup>.

Parágrafos que semellan retóricos, pero abonda confrontalos co galeguismo non xa da época senón posterior –e non xa coa denuncia das “vilas podrecentes” de Risco, senón co Castelao que considera “os auténticos traballadores galegos: campesiños e mariñeiros”– para contextualizar debidamente o obreirismo de Pereira. O que se confirma cando, do mesmo xeito que botaba de menos o déficit político do galeguismo, lamenta a ausencia da clase obreira galega como “clase para si”, organizada e mobilizada:

“No sentido social non pode dicirse que en Galicia haxa artesáns como clase; porque non constitúen esta os individuos dunha mesma profesión que aparecen agrupados unicamente

na matrícula da contribución industrial. Só pode dicirse que existen clases obreiras ou artesás –chámesele como se queira– cando hai vencellos comúns que unen os individuos, cando dan mostras de vitalidade, cando achegan á vida pública o movemento social do seu esforzo colectivo”<sup>31</sup>.

Estamos nestas pasaxes e en moitas outras moi lonxe dos “Círculos católicos de obreros” promovidos por Brañas en Compostela, pero tamén da apoloxía á burguesía coruñesa que resoa nas páxinas de *La Revista Gallega*, e da crítica dende a mesma dirixida reiteradamente contra as folgas e a manifestacións dos primeiro de maio que daquela comezaban a celebrarse na cidade herculina.

Noutros artigos tales como “Os do cortello”, “Os da rúa” etc., Pereira, da man da súa preocupación social trata temas tales como a prostitución e a mendicidade, dándolles un xiro certamente alleo á perspectiva corrente nos seus colegas rexionalistas, especialmente pola nómina de autoridades intelectuais que menta a prol do seu argumento:

“Porque certamente non se divisa, nin sequera apelando ás utopías de Louis Blanc, Fourier e demais xenerosos pensadores, como podería evitarse o que o escritor Zola presenta como unha grandísima enormidade”<sup>32</sup>.

É certo que resulta manifestamente insólito no panorama ideolóxico dos escritores rexionalistas da época as gabanzas ao socialismo utópico, así como ao escritor Zola, execrado por Brañas. Non constitúe iso, polo demais, un trazo illado que non sexa lícito extrapolar, senón que esta apertura ao pensamento progresista europeo, mesmo nas súas máis radicais expresións, integra pola contra un dato sobranceiro en diversas intervencións do noso autor. Así, Proudhon, Lombroso, Fourier ou Saint Simon merecen ocasionalmente a súa aprobación

explícita, por máis que tamén exprese algunhas reservas verbo do anarquismo e do socialismo.

Proximidade relativa ao movemento obreiro que se testemuña, por exemplo, na aceptación das folgas como mecanismo de defensa a prol dos intereses dos traballadores, así como a denuncia da desigualdade material que reside tras da igualdade formal nas democracias da súa época:

“A liberdade de traballo e a igualdade diante da lei son dúas nobres conquistas que Flammeront celebra e Clemenceau gaba. Pero como moi ben di este último, falta aínda por ver que Estado social teñen creado... e atopa soamente a liberdade do individuo proclamada nunha sociedade na que as agrupacións tradicionais dos fortes teñen sometido os febles, cunha ilusoria igualdade diante da lei”<sup>33</sup>.

Republicanismo radical e socialismo utópico entrecrúzanse en intervencións como a precedente, fornecendo unha especial sensibilidade no seo dun movemento rexionalista que, se tiña desatendido abertamente as reivindicacións do campesiñado, as do movemento obreiro nin sequera figuraban no seu horizonte máis afastado. Diciamos que Pereira asome a idoneidade das folgas como medio de defensa dos intereses obreiros e neste sentido escribe varios artigos, recolle de maneira laudatoria as primeiras folgas do proletariado francés, salientando a belixerancia dos gobernos da dereita diante das mobilizacións:

“Hardy mesmo non puido por menos que compadecelos a pesar do instintivo horror que, como bo burgués, sentía ante calquera perturbador da orde pública. Cómpre engadir ao devandito algo que resulta evidente. Pola organización na que vivimos, o Estado, en todas as súas representacións é parcial contra a clase obreira, que ningunha intervención ten na elaboración das leis”<sup>34</sup>.

De aí unha conclusión inequívoca que suscitaría non poucas críticas nos xornais conservadores da Galicia da época, por non falar dos diarios católico-tradicionalistas que proclamaban a irmandade do capital e do traballo, e caridade cristiá e a resignación como só remedio da inxustiza:

“As clases pías dirán aos de enriba: “dade”, e aos de abaixo “agardade”. Pero ¿é que non hai máis remedio que a caridade para aliviar o mal que producen os vicios de organización social? ¿é que debemos perder toda esperanza nun porvir de xustiza? Cando os camiños da lei e da equidade se pechan, a paciencia cede o seu posto á desesperación e ata a caridade ofende... O obreiro ten como única defensa a folga, o que sempre tivo. E aínda admitindo que este medio é prexudicial... considérase se o fan rexeitando outro mellor”<sup>35</sup>.

Velaí, pois, algo máis ca “preocupación social”, que mesmo chega a enxergar na posición política do autor unha actitude de velada simpatía verbo do movemento socialista, no momento do despegue europeo da socialdemocracia:

“Parece que un estremeceamento de terror sacode os nervios dalgúns organismos, e moitos xornais manifestan os seus receos e temores polo que acontecerá o día menos pensado cos firmes cementos da orde... pola nosa banda atopámonos bastante lonxe destas crispacións de nervios e vemos con agrado que os socialistas se reúnan, discutan e acorden... o máis grave sería que, privados do dereito de reunión e do de manifestar as súas opinións, apelasen, por necesidade, a construír sociedades, a conspirar na sombra, substituíndo a dinamita das ideas pola dinamita do cartucho... é boa nova que en Europa trunfe o criterio da loita legal e parlamentaria: o maior núcleo dos socialistas desexa vivir na legalidade, usando todos os dereitos que estas garanten aos cidadáns”<sup>36</sup>.

Todo iso tradúcese non só nunha indisimulada simpatía polo socialismo utópico, senón nun relativo recoñecemento do

programa político da socialdemocracia europea do momento, algo que, se ben coñecido en Pi i Margall, resulta, é necesario que insistamos niso, dabondo insólito no ámbito do galeguismo do século XIX, e aínda da II República, onde, lembrémolo, o propio Castelao afirmaría que “sendo galego non debo ser máis ca galeguista”.

A posición de Pereira en 1893 non deixa lugar a dúbidas da súa posición ao respecto:

“Cómpre recoñecer que o socialismo é unha forza, e unha forza poderosa que medra de día en día, e que máis ou menos directamente vai influíndo, e ten que influír máis aínda no goberno das nacións, impondo as rectificacións que, en boa xustiza, reclama o actual estado social”<sup>37</sup>.

Esta relativa afinidade que non chega, así e todo, a traducirse nunha decantación republicano-socialista explícita, volveríase a pór de manifesto ao tratar anos máis tarde o problema da represión dos partidos socialistas polos gobernos europeos do momento, en artigos tales como “A guerra contra os socialistas” ou “A reacción en Alemania”. Neles denuncia Pereira as campañas antisocialistas que en Rusia e en Alemaña estaban por aquelas datas á orde do día. Así, por exemplo, despois de se referir ao irregular encarceramento de Leibnecht no curso da “crúa campaña antisocialista” que tiña lugar en Alemaña, o noso autor afirmaba cousas coma esta:

“A loita toma un carácter non pouco preocupante. Os demócratas e socialistas alemáns non poden dicir nin escribir a cousa máis lixeira respecto do soberano sen caer nun proceso cuxo final se coñece de antemán e a ninguén sorprende, pois os tribunais son declaradamente imperialistas... A reacción é cega e torpe en todas as partes. Rusia forma parella con Alemaña. Tamén no imperio moscovita aumentan as persecucións. Alí son detidos todos os socialistas e sospeitosos

de tales... Semella que o trunfo dos socialistas e sospeitosos de tales en Francia ten causado pánico nas potencias do Norte”<sup>38</sup>.

Factores tales como a admisión do partido socialista como representante dos intereses da clase obreira, a eterna ausente do galeguismo histórico; a condena da persecución política do socialismo como criterio delimitador do pluralismo das democracias liberais da época... pasando por un léxico no que figuran expresións como “reaccionarios”, “progresistas”, “socialismo”, “democracia”, “republicano”, “burgueses” etc., etc. nunha perspectiva descoñecida no galeguismo da época, mesmo dentro do sector federal, amosan a situación de Pereira na cerna mesma do republicanismo español. Así pois, por baixo da súa breve andaina político-persoal no partido liberal-dinástico, un fío de continuidade percorre o seu pensamento, de tal xeito que á súa articulación nacionalista e rexionalista ata 1893, sucederá unha decantación filoobreirista e social a partir de 1894, logo do seu traslado a Madrid, pero sendo ambas as dúas omnipresentes ao longo da súa enteira traxectoria política e ideolóxica.

Cómpre salientarmos, así e todo, que Pereira non incorporou a clase traballadora ao seu proxecto rexionalista, ao contrario do que acontecía co campesiñado. Quizais unha das causas, conxuntamente co escaso peso cuantitativo do proletariado nas urbes galegas a finais de século, agás Ferrol e A Coruña, sexa o feito de que a súa decantación obreirista se producira maiormente despois do seu traslado a Madrid, cando, desvencellado organicamente do movemento rexionalista, cultivaba tan só un galeguismo cultural e literario.

Elemento importante, en segundo lugar, do ideario de Pereira, en estrita coherencia co seu progresismo republicano, é a posición verbo da relixión católica. En efecto, no noso autor imos atopar unha posición fronte á relixión notablemente

diferenciada do catolicismo liberal dos rexionalistas coruñeses, por non falar do catolicismo tradicionalista de Brañas. No escritor lugués, en concreto, percíbese un peculiar distanciamento de toda consideración relixiosa, que enxerará unha grande secularización dos seus espíritos políticos. Agora ben, por ningures acharemos nel ningún rastro do anticlericalismo radical, virulento e cleróforo co que ás veces se ten manifestado o republicanismo español. Si atopamos, pola cotra, unha ausencia significativa de toda alusión ao catolicismo que, ás veces, reviste forma dun anticlericalismo moderado, mais non por iso menos firme, na tradición de Pi i Margall, condenado en ocasións varias á “teocracia” imperante na sociedade española e galega do seu tempo.

Boa mostra deste laicismo e secularización do seu pensamento, que tanto irritaba a Brañas, atopámolo en numerosos artigos seus, configurado especialmente como unha significativa ausencia alí onde será sólito atopar referencias ás crenzas relixiosas. Así, por exemplo, nunha necrolóxica escrita con gallo do pasamento do seu amigo “Camilo Placer” áchase ausente consideración de tal orde, usuais nunha tal tesitura<sup>39</sup>.

Máis explícita, así e todo, resulta a completa ausencia de consideración relixiosa no conxunto da súa obra en temáticas tales como o rexionalismo, a política, a economía, etc. que semella indicar non só un afastamento abismal fronte aos intentos de localizar o catolicismo, lido en clave integrista, como cerne da esencia propia do galego –como, por exemplo, en Brañas: “non hai máis patriotismo que o que nace dunha fe sincera” ou máis tarde en Risco e Otero Pedrayo – senón mesmo unha vontade de autonomía das ordes social e política de toda consideración cristiá. Esta problemática agroma con especial relevo cando, ao tratar a “cuestión social”, o noso autor desbota calquera paternalismo, resignación ou invocación á caridade como remedio a uns males que precisan de remedios máis

estruturais. Así, por exemplo, no seu artigo “A democracia cristiá” critica a pretendida alternativa do catolicismo social, supostamente “anticapitalista”, fronte ao socialismo –con Brañas, unha vez máis, ao fondo– afirmando con cáustica ironía:

“Alí viven traballadores que gañan malamente para vivir e que, a pouco que se empuxe, irían encher o exército socialista, e a impedir isto diríxense os esforzos do abate Daens... quen lles predica as excelencias da democracia católica... soño xeneroso, nada de revolución brutal, nada de golpes de forza, sucesivas vitorias obtidas sobre o egoísmo capitalista... institucións de previsión, sociedades cooperativas a esgalla... todo isto baixo a éxida do Papa. Vivir cal ditoso neste mundo, asegurando a Gloria no outro”<sup>40</sup>.

Resulta de interese, por último, outro elemento que se atopa presente con certo relevo no ideario de Pereira e que mostra claramente os rumbos progresistas da súa ideoloxía. Referímonos á chamativa valoración por parte do noso autor da posición social e política da muller que, pola substantividade e polo carácter simplemente coxuntural que reviste na obra de Pereira, integra un indicio excepcional do seu rumbo ideolóxico.

En efecto, xa nos tempos do *Diario de Lugo*, acadara certa sona o escritor lugués co gallo da polémica publicación dun artigo titulado “A muller e as carreiras profesionais” na que, como xa quedou dito, afirmara fronte á decisión do Consejo para la Instrucción Pública, pola que se viña negar o exercicio da profesión a mulleres con estudos universitarios cursados que:

“sería dar unha pobrísima idea da nosa cultura crer que a muller debe dedicarse soamente aos oficios que leva consigo o goberno da casa”.

Por iso, onde cobran toda a súa significación e relevo social e político as formulacións profemínistas de Pereira sería co gallo da redacción do *Proxecto de Constitución para o futuro*



*Estado galego*. Pois precisamente un dos temas máis debatidos nas sesións celebradas no mes de xullo de 1887 na cidade de Lugo, foi o da constitucionalización ou non do sufraxio feminino. As Actas reflicten á perfección que ao fío da discusión o que estaba en xogo non era tanto a capacidade da muller, senón sobre todo o destino, presumiblemente conservador, do seu voto. Así, afirmacións como a de Moirón sobre a “inferioridade” da muller, deixaría paso a unha forte discusión entre Pereira e Pulpeiro, que amosa con rotunda claridade a avanzada posición do noso autor en tan espiñento tema.

Así, Leiras Pulpeiro, federal progresista (e tamén militante rexionalista) onde os houbera afirmaríase con sorna:

“Disto moito daqueles graves teólogos que se dignaron por un só voto de diferenza concederlle alma á muller, e non só estou de acordo co expresado polo señor Pereira senón que mesmo considero superiores as aptitudes intelectuais dalgúns mulleres ás dos homes, malia gozaren estes do dereito de sufraxio sen taxa. Así e todo, xulgo perigoso nivelar o home e a muller en materias políticas polo de agora, tendo en conta o facilmente arrastrada que resulta ser a muller por aqueles que están interesados en perdela e perdernos, en tanto non se decate do lonxe que estamos de atacar brutalmente as súas crenzas. Temor que abrigo verbo da muller en xeral, pero máis aínda da muller galega, fanatizada como ningunha, no meu concepto. Que a asemblea procure neste terreo camiñar con circunspección e cautela”<sup>41</sup>.

Cita que reproducimos en toda a súa literalidade en razón da militancia federorrexionalista de Leiras e o nidia que resulta a razón táctica da exclusión do sufraxio feminino, argumento xeralmente empregado, polo demais, desde a esquerda durante o s. XIX fronte ás demandas sufraxistas. A intervención de Pereira, por iso, non deixa lugar a dúbidas sobre o alcance da súa posición:

“Ninguén ignora que a muller en xeral é vítima da teocracia ultramontana que a explota e manexa, e claro é que, neste concepto, será inimiga, non soamente da República, senón mesmo da liberdade en todas as súas formas. Ao señor Moirón direille que non é digno dun partido progresista e o máis avanzado da democracia negar un dereito debido á Ilustración; e que na República americana existen estados rexionais onde a muller vota para constituír Asembleas municipais. Ao Sr. Troncoso, que non tema porque a muller vote, que en Inglaterra e en Polonia a muller sostén a liberdade e o sentimento da Patria cunha constancia e tesón admirables; que o pobo xudeu conserva o seu tipo de raza, os seus costumes e as súas crenzas grazas á muller, e ata a Rusia despótica pula por ilustrar e dignificar a muller, ¿canto máis nós que lexislamos para o porvir e para un pobo que terá xa acadado a práctica de todas as liberdades e dereitos?”<sup>42</sup>.

Malia que a redacción final do *Proxecto de Constitución* non recollería a posición de Pereira, que xa fora recortada na comisión, hai que deixar constancia fidedigna desta faceta do seu ideario que, á altura de 1887, se amosa como extraordinariamente avanzado dende o punto de vista social e democrático.

### 3.3. *Republicanism e anticaciquismo*

Unha vez máis hai que chamar a atención do lector para contextualizar debidamente o pensamento de Aureliano Pereira na España de finais do XIX. Só deste xeito poderemos dar conta da orixinalidade do seu ideario que, malia carecer o seu autor dunha fonda formación intelectual que lle permitira desenvolver con maior coñecemento e sistematicidade os seus puntos de vista, resulta de grande interese no abano das ideoloxías da época.

Así, fronte ás tentacións antiparlamentarias e antiliberais que a Restauración provocou nos rexionalismos, nacionalismos ou rexeneracionismos varios peninsulares do S. XIX –formulados todos eles nunha perspectiva de “rectificación do liberalismo”–, a tradición demócrata república veu formular unha moi diferente alternativa político-ideolóxica.

As críticas a un parlamentarismo degradado conduciron, moitas veces, sen solución de continuidade ningunha, aos ataques de variable intensidade contra o parlamento, o sufraxio universal, os dereitos individuais, etc. A refutación do liberalismo doutrinario prolongouse, da man dos devanditos movementos intelectuais e políticos, no ataque sistemático aos valores do liberalismo democrático, ao pluralismo político, aos partidos políticos, etc. Nacionalismos, organicismos e rexeneracionismos, chegaron, en suma, ben que por diferentes camiños, a unha palmaria confluencia con teses de neta fasquía “moderantista”, conservadora, cando non pura e simplemente tradicionalista. Así, empezábase por incorporar dispositivos de representación corporativa, para a continuación desacreditar o sufraxio universal, rematando por suxerir, ao cabo, un “cirurxián de ferro”. Como recoñecería o insigne Posada moitos anos máis tarde:

“Estaría yo –¡y tantos! –en materia de fascismo a la altura del célebre personaje de Molière?. ¿Habremos hecho fascismo sin saberlo...?”

Moi diferente foi, ende ben, o posicionamento da tradición republicana federal. Fronte á tentación autoritaria e antidemocrática que o corrupto sistema da Restauración e a “quenda vergoñenta dos partidos” suscitaba nas devanditas correntes, os federais postularon reiterada e sistematicamente unha perentoria democratización da vida pública española e da recuperación da autenticidade da democracia parlamentaria a

través do sufraxio universal irrestricto e da soberanía popular, da secularización pluralista de pensamento e da sociedade, do anticaciquismo radical, etc.

Dende Fernando Garrido ata Pi Margall, pasando por Indalecio Armesto, achámonos diante dunha tradición política, dabondo esquecida, que, reformulando a idea de nación española de xeito tolerante, democrático, descentralizador e pluralista, discorre baixo moi diferentes motivacións que aquel “medo á revolución”, que acharemos en ideólogos, polo demais tan afastados entre si, como Arana ou Brañas, e mesmo Prat de la Riba.

Unha corrente, en suma, que non confundiría xamais a crítica ao sistema político da Restauración, coa crítica á Democracia parlamentaria *tout court* que ecoa, por exemplo, nos versos de líderes do rexionalismo como Alfredo Brañas A *Véspera de San Xoán*:

Y ao lembrar tan antigas  
costumes, rompo a soñar  
cos pazos da Idade Media  
e co réxime feudal  
Destonces servos da gleba  
eran os nosos probes pais  
pero tiñan para os seus fillos  
limpa roupa e branco pan...  
Hoxe é noite de San Xoán  
e non vin cáxeque lumes  
na aldea ¿por que será?  
Xa caio na conta! Estamos  
de eleccións municipais  
¡i os vellos buscan os votos!  
¡i os mozos andas a paus!<sup>44</sup>

Unha corrente, en fin, que presentaría unha e outra vez, a necesidade de fondas transformacións políticas, económicas e

culturais na España da época. Pois ben, unha tal radicalidade democrática é a que agroma por todas as partes nas diferentes propostas de Pereira, informando ata a máis ínfima capilaridade todo o seu tecido discursivo. Por ningures atoparemos neste autor un devalo ou esmorecemento dos elementos do legado político ideolóxico federal que se mantén incólume con toda a súa radicalidade.

Xa nas primeiras intervencións no *Diario de Lugo* atopamos a insistencia nos postulados demócratas e federais. Así, por exemplo, en artigos tales como “Estado da poboación rural en Galicia” maniféstase un profundo “antifeudalismo” e anticaciquismo, postula a necesidade dun sufraxio auténtico en liberdade fronte ao da Restauración<sup>45</sup>. En *El Regional* desenvolvería Pereira polo miúdo a súa argumentación en ducias de artigos. Así, en “Galicia no Congreso” o noso autor diferencia nididamente a súa fe nas institucións parlamentarias da práctica degradada do pseudoparlamentarismo da Restauración coa súa sistemática deturpación do sistema liberal<sup>46</sup>.

En “Máis política”, como temos visto, o escritor lugués esixía unha politización das actividades rexionalistas, excesivamente culturalistas ata entón, e a necesidade de vencellar o cambio do sistema político conxunta e inseparablemente de calquera intento descentralizador. Ao seu entender, a descentralización debería ser política, e non simplemente administrativa, no limitado horizonte dos proxectos Silvela-Sánchez de Toca de arume claramente conservador e mesquiño ata decidir do propios cualificativo de “descentralizador”, senón implicar unha reestruturación política do parlamentarismo español<sup>47</sup>. Lémbrese así mesmo que na “Fórmula” se afirmaba que a democracia integraba o único sistema de goberno que é quen de dar conta cumprida do ideal rexionalista. E, por último, en “Algo sobre o rexionalismo”, reitera outra vez o carácter indeclinablemente democrático da

descentralización rexional, pouco antes de que Brañas publicara o seu celebrado libro *El Regionalismo*<sup>48</sup>.

Polo xeral en todas as intervencións de Pereira subxace, explícita ou implicitamente, a defensa do completo abano dos principios democráticos; a saber: “soberanía popular”, “sufraxio universal”, “dereitos e liberdades”, etc. Sen dúbida a máxima expresión, polo requintada, deste ideario democrático atopámola nas súas intervencións no Congreso federal de Lugo, onde se discutira o *Proxecto de Constitución do futuro Estado galego*. Tal e como revelan as actas das devanditas sesións o escritor lugués defendería alí extremos tales como:

- a publicidade das sesións e discusións do proxecto,
- a preeminencia do lexislativo en canto expresión da vontade popular sobre o executivo,
- a soberanía popular,
- o sufraxio universal,
- o dereito de voto das mulleres,
- a redención foral,
- a supresión da pena de morte,
- o mandato imperativo dos deputados fronte á dexeneración do mandato representativo,
- a obrigatoriedade do ensino secundario, etc.

En definitiva, achámonos diante dun demócrata radical, realmente insólito no ámbito dos nacionalismos e rexionalismos da España do XIX, que mesmo chega a asumir, nos vieiros do republicanismo español, a necesidade dunha “revolución política democrática” que remata coa dexeneración do parlamentarismo e a representación, o clientelismo e a corrupción que caracterizaban a política española da Restauración:

“aceptamos a revolución, mais non de carácter sistemático ou polo menos revestindo a forma de motín ou asonada”<sup>49</sup>.

A superior expresión deste radicalismo democrático, superador do marco estritamente liberal, atopámolo no rexeitamento sistemático da Monarquía e da postulación como a única forma de goberno compatible coa descentralización federal que se propón: para Pereira, vía federalismo, rexionalismo e república ían de consún, tendo en conta que a monarquía en España, non só tiña militado activamente contra a democracia e o liberalismo, senón que manifestaba unha fasquía netamente centralista. Así, dirixíndose aos seus correlixionarios rexionalistas, nunha intervención na que salientaba a adhesión ao proxecto común, ao tempo que a específica articulación política-estratéxica que os federais desexaban introducir no movemento, Pereira dicía en 1887, con palabras que escusan calquera ulterior comentario pola nosa banda:

“A realidade amosaralles (aos rexionalistas, R.M.) que as súas aspiracións non poden satisfacelas, nin en todo nin en parte ningún destes vellos e gastados organismos políticos que loitan polos intereses do momento, pola posesión do poder. É descoñecer o que representa a obra da monarquía e a da chamada unidade española, crer que son compatibles con nada do que o rexionalismo representa; sería negar a lei da historia e querer que unha e outra destrúisen a súa obra, da que é fatal consecuencia o actual estado da nación que ten xerado a protesta, que xa devén xeral, que o rexionalismo representa, adversario este da centralización e da uniformación conquistadora, que son na súa ausencia a monarquía e mal chamada unidade”<sup>50</sup>.

En definitiva, o labor histórico da monarquía española a prol da centralización e do autoritarismo remata por decantar, para Pereira e a diferenza do que acontece con Murguía e os

rexionalistas liberais coruñeses, cara ao seu rexeitamento *in toto* como forma de goberno.

E se isto acontece cos partidarios da monarquía parlamentaria, nin que dicir ten que Pereira se afasta aínda moito máis radicalmente da posibilidade de reformulación dun federalismo de corte orgánico e tradicionalista, a “monarquía federativa” ao xeito de Campión ou Vázquez de Mella. Será precisamente nunha resposta ás propostas de Campión dun rexionalismo tradicionalista da man do fuerismo vasco, onde Pereira, dende as páxinas de *Galicia. Revista Regional* da Coruña, con maior claridade a súa posición indeclinablemente republicana expresa:

“O rexionalismo, e o fuerismo en canto que con el se vencella, teñen que ser liberais, e en canto na monarquía non han atopar o recoñecemento da soberanía natural do pobo, teñen que ser demócratas, e como demócratas españois, republicanos”<sup>51</sup>.

Aos argumentos de índole descentralizadora que Pereira anteriormente tiña formulado a prol do rexeitamento da monarquía como forma de goberno, viríase engadir agora unha segunda liña de argumentación de base democrática. Pois a traxectoria da monarquía española amósase incompatible co aseguramento da democracia parlamentaria, esencial tanto en si mesma como, polo que xa ficou dito, como sistema político propio da verdadeira descentralización. É preciso pois darnos cumprida conta deste extremo, pois o que atopamos en Pereira non é so unha condena daquela monarquía tradicional que seducía a Brañas, senón mesmo da monarquía constitucional que asumían os rexionalistas liberais coruñeses con Murguía á cabeza.

O “republicanismo” en Pereira, así mesmo, como acontecía en boa medida con outros republicanos españois da época, non se refería á soa forma de goberno senón que expresa



conceptualmente unha síntese dun abano de valores intimamente imbricados:

- elementos ideolóxicos: racionalismo, secularización, anticlericalismo, progresismo, igualitarismo, etc.
- elementos descentralizadores: república federal, rexionalismo, etc.
- elementos políticos: sufraxio universal, parlamentarismo, pluralismo, etc.

Por último, cómpre sintetizar algunhas consideracións sobre os aspectos estratéxicos e da política de alianzas que xa temos ollado en acción ao falarmos da mobilización rexionalista e da variante Pereira, que finalmente foi desbotada pola Asociación rexionalista, comesta do enfrontamento interno entre liberais e tradicionalistas.

O primeiro dato para subliñarmos vén integrado, sen dúbida, pola presenza no noso autor dun proxecto de hexemonía explícito que se atopa ausente nos demais teóricos rexionalistas. Así, Brañas, na súa formulación nunca chegou a presentar unha alternativa estratéxica de alianzas con determinados sectores sociais por baixo do común dos galegos como tal interpelados, isto é, como membros da mesma comunidade. Para el o proxecto rexionalista consistiría na aglutinación de todos os galegos, especialmente os campesiños e rendeiros, baixo a égida das clases tributarias do Antigo réxime nunha sorte de converxencia premoderna, ou mellor aínda antimoderna, endexamais clarexada.

Outro tanto acontecía con Murguía, e o grupo coruñés en xeral, o feito da procura de apoios se facer entre a pequena burguesía vilega e a escasa burguesía galega da época, nunca foi presentado explicitamente como problema político. Soamente nos derradeiros anos da *Revista Gallega* atopamos unha actividade de achegamento na procura de apoios ao movemento

rexionalista, recollendo os intereses e apoiando as reivindicacións da burguesía galega.

En cambio, Pereira, ao fío da súa insistencia na politización do rexionalismo, lembremos o seu “Máis Política”, introduce como bo federal, e desde o primeiro momento, o problema perentorio das alianzas, isto é, de que galegos se falaba, cando se falaba dos “galegos por riba de todas as diferenzas”. O rexionalismo, no seu parecer, tiña que se converter nun movemento político con programa, estratexia e organización. E nesta orde de cousas, a súa penetración no tecido social galego, a súa superación dos atrancos do cunerismo e do caciquismo, a procura dunha base de masas, o liderado estable, etc. constituían factores centrais do seu discurso nacionalista. O rexionalismo, isto é: “é necesario que encarne o pobo”, “ten que recoller no seu programa os problemas que afectan á rexión”, etc. E tal sería, sen dúbida, a grande achega que o federalismo tería feito ao rexionalismo de non ser rexeitado axiña polos sectores maioritarios que, tendo en conta de se dirixir cara a outros sectores, devecentes, desartellados (como a “inatopable” burguesía galega), ou en franca integración no sistema político da Restauración (como a fidalguía remanecente) deixarían o movemento, por cabo, orfo do destinatario.

Así, pois, insistía Pereira, “non menos, senón máis política”, é dicir, organización, mobilización, defensa dos intereses... pero ¿de quen?. Tampouco aquí deixa lugar a dúbidas por parte do rexionalista lugués; as alianzas políticas do rexionalismo galego deberían ter un destinatario privilexiado no campesiñado, pois que o rexionalismo “para ser algo ten que contar como base coas clases populares”, e, xa que logo:

“que a súa base sexa o campesiño, o escravo da terra... porque o rexionalismo ten unha misión que cumprir: a redención dos nosos campesiños, a redención de preto de dous millóns de irmáns nosos que viven suxeitos á terra e que precisan a

liberación da prosperidade. E para isto cómpre unha activa propaganda á que todos debemos contribuír...”<sup>52</sup>.

Velaí unha cura de política para o sedicente culturalismo elitista dos rexionalistas, remisos a entrar en acción, a presentarse ás eleccións, a iniciar campañas máis alá da escrita, condición, puramente discursiva, á que se vían reiteradamente reducidos unha e outra vez por mor da dificultosa estrutura de oportunidade política, polos enfrontamentos internos, pola falla de apoios e aliados etc. Pero tal “retraemento” sería a súa sentenzia de morte como movemento, pois subliña Pereira:

“os que vivimos nas cidades lemos, oímos e aprendemos; pero non le, nin escoita, esa gran masa que constitúe o nervio da noso poboación; e a eses desherdados cómpre ilustrar, é a eles a quen debemos facer partícipes das nosas conviccións”<sup>53</sup>.

Variante estratéxica que por ningures foi tomada en consideración, deixando o rexionalismo galego aínda máis inerte se cadra perante os vizosos tentáculos da hidra clientelar que erosionaba os seus apoios, como se amosou no episodio da *Junta de Defensa*, levábase a significados militantes, o propio Pereira incluído, e remataría por impoñer por todas partes a súa lei do cunerismo, o clientelismo e a corrupción.

#### 4. O FUTURO ESTADO GALEGO NA FEDERACIÓN ESPAÑOLA

O federalismo da man de Pereira achegou ao rexionalismo galego a proposta de descentralización máis fonda, esixente e requintada desde o punto de vista técnico entre todas as que se discutiron no S. XIX. En efecto, fronte á “autonomía” de inspiración colonial dos rexionalistas liberais –que, por iso, estaría chamada a desenvolver a partir do Estado integral da II República un decisivo papel de desbloqueo da histórica antítese

federalismo/centralismo-, e a “monarquía federativa” dos tradicionalistas, a “Autonomía” postulada desde a idea de “federación” viña implicar un modelo claro, técnico, xuridicamente preciso, sobradamente contrastado noutros países e de neta inspiración democrática.

Xa nos temos referido, ao falar da mobilización rexionalista, da Asemblea de Lugo de 1887 do partido federal de Galicia, onde se discutiu o *Proxecto de Constitución para o futuro Estado Galego*, e na que tiveron unha sobranceira intervención algúns dos máis conspicuos federorrexionalistas do momento, en especial Leiras Pulpeiro e Aureliano Pereira. O proxecto de Constitución para o Estado federado de Galicia viña inserirse, como o catalán de Vallés i Ribot, no marco dunha Constitución federal española, en concreto: o *Proxecto de Constitución Federal* de Pi Margall de 1883, en cuxo contexto cómpre ser analizado. Vexamos os seus elementos centrais que proporcionan non só unha parte decisiva do ideario de Pereira, senón mesmo a auténtica clave de bóveda da súa enteira ideoloxía, vencellando indisolublemente descentralización e democracia.

Empezando polos principios constitucionais básicos, o recoñecemento e a designación das unidades políticas federadas reviste un relevo capital tendo en conta que se recolle a categoría de Estado federal “composto” por Estados “rexionais”. Así, no art. 1 do Proxecto fálase da “Rexión galega” como a entidade socio-histórica sobre a que se ergue o “Estado galego”. Como xa subliñamos máis arriba, ao falarmos da relativa recepción da fundamentación nacionalitaria de Galicia realizada por Murguía, o noso autor incorpora os trazos diacríticos nacionalitarios baixo a categoría de “Rexión”, por máis que eventualmente chegue a empregar de xeito esporádico o termo de “nacionalidade”. Pola súa banda no Proxecto de Pi recóllese efectivamente a formulación de “Federación española” (art. 1) integrada por

unha pluralidade de “Estados rexionais” (art. 52 e seg.) que se soerguen sobre as rexións históricas españolas tradicionais.

En segundo lugar, un concepto que pasa a primeiro plano, percorrendo e articulando o texto dun cabo a outro, é o de “Autonomía”. “Régime autonómico” como noutros lugares escribe Pereira que, seguindo as teorizacións de Pi i Margall, desenvolve a súa eficacia específica en diversos niveis: “autonomía individual” (art. I), “autonomía municipal” (art. 89), “autonomía do Estado galego” (art. 2) e, finalmente, “autonomía da nación española” (art. 94).

Polo que respecta á “autonomía individual”, atopamos no proxecto de Pereira o máximo desenvolvemento dunha idea que, presente nas formulacións de Pi dende os anos sesenta, xa saíra á luz co recoñecemento da soberanía popular no “Proxecto de Constitución federal” de 1873. Constitúe esa noción un elemento básico de toda a estruturación “pimargalliana” do federalismo: soamente mediante a delegación sucesiva da soberanía popular a partir dos individuos, o pobo como suxeito orixinario e fundador do enteiro sistema, configúranse as demais autonomías colectivas. Desta sorte, como postula o Proxecto de 1887, as autonomías municipais e federais, soamente existen por “delegación do pobo”, vale dicir: a colectividade dos cidadáns individual e colectivamente soberanos.

Atopámonos aquí, en toda a súa radicalidade, coa idea de que o pobo é o único depositario da soberanía, extremo este nidamente recoñecido no art. 22 do proxecto:

“O poder público reside na totalidade do pobo galego” que se “configura como corpo político con carácter permanente”.

Postulado este decisivo que se sitúa na base democrática do proxecto nunha dobre vertente; a saber:

- a participación dos cidadáns mediante o sufraxio universal e a representación política,
- o control e a posibilidade de revogación dos deputados e, finalmente,
- os dereitos do cidadán como cerengo de limitación aos poderes públicos:

“Todos os poderes actúan en representación do pobo; todos son electivos, amovibles e responsables e todos recoñecen por límite das súas atribucións os dereitos naturais, ilexislables e imprescriptibles do home e do cidadán”<sup>54</sup>.

Así mesmo, idea central da teoría federal de Pi é a complementación da delegación da “Autonomía individual” pola colectiva: a imbricación entre unha e outra constitúe o alicerce da reconstrución da Unidade de España sobre novas bases non centralistas, senón federativas. Deste xeito, trázase unha fronteira insalvable fronte ao republicanismo unitarista que non recoñece senón a “autonomía individual”, negando a posibilidade mesma da federación dos pobos de España. Resultan neste sentido sumamente reveladores os programas da *Unión Republicana* de Pontevedra naqueles anos, tendo en conta que como queira que:

“non se pode transferir o intransferible... pois a autonomía é ao individuo o que á nación, a democracia”,

o resultado, é que a diferenza de Pi, para os unitaristas:

“non existe autonomía fóra da personalidade individual”

e, en consecuencia, carece de sentido a posibilidade mesma de pensar unha autonomía municipal ou rexional:

“de aí a divagación e o crónico desacordo dos republicanos verbo do número e das relacións con esas autonomías que se

empeñan en sobrepoñeren ás individuais como organismos necesarios da nación”<sup>55</sup>.

Por iso, a cadea de delegacións de autonomías ata chegar ao nivel dos estados federados e ao Estado federal, incide directamente na cuestión da *soberanía*. En efecto, nesta orde de cousas, o feito da delegación da soberanía permite o recoñecemento da existencia dunha soberanía nos estados rexionais emanada do conxunto dos seus cidadáns “libremente delegada”, nunha perspectiva notablemente diferenciada da teoría clásica do federalismo que non adoita recoñecer, agás algunha excepción nos USA, máis soberanía que a do Estado federal central. Trátase aquí, ben é verdade, dunha perspectiva diferenciada: soberanía popular no canto de soberanía estatal, que recoñece a existencia dos diversos niveis colectivos soberanos por mor da súa redutibilidade ao conxunto de cidadáns libres e iguais. Soamente así, resulta explicable que no art. 2 do conxunto de cidadáns libres e iguais, soamente así, resulta explicable que no art. 2 do Proxecto se estableza con rotundidade, malia Galicia se configurar como “rexión” e non “nación” que:

“Esta rexión constitúese en Estado autónomo ou soberano”<sup>56</sup>

Recoñecéndoselle a Galicia, en consecuencia, unha, certamente insólita ao marxe do principio das nacionalidades, liquidado este último teóricamente por Pi i Margall en *Las nacionalidades* :

“soberanía equivalente á súa autonomía como Estado federado”<sup>57</sup>.

A soberanía popular, en definitiva, enxerga unha cadea de autonomías e soberanías que por delegación (individuo/ rexión/Estado) desemboca por cabo da titularidade última desta nas mans do pobo galego. De xeito semellante o proxecto

catalán de Valles i Ribot sinala, en significativa coincidencia que rexeita a simple casualidade, unha “determinació dels facultats que l’Estat de Catalunya, *en us de sa soberanía* delegaría á la federació”.

Como conclusión de todo o dito, amósase claramente a necesaria conexión, no texto federal galego de 1887, dos aspectos democráticos xerais da organización do Estado co autogoberno e a descentralización. Así, fronte ás pretensións carlistas de conxugar autoritarismo tradicionalista e descentralización a través da “monarquía federativa” de Campián ou Vázquez de Mella, que non resultaba máis que a reinstauración dun monarca tradicional con foros, Pereira e os federais postulaban como cerne do seu modelo a indisoluble unidade de descentralización e democratización:

“a restitución da soberanía popular, o goberno directo, velaquí os fins que pretende a descentralización”.

Neste sentido a experiencia histórica do comportamento antiparlamentario da monarquía española, que nin sequera podería ser considerada monarquía constitucional, teorizada polo moderantismo e o conservadorismo, por mor das cartas outorgadas e “pseudoconstituções” que sempre alentara, confirmaba no ideario federal, desbotando así mesmo calquera caste de accidentalismo, unha preferencia declarada pola forma de goberno republicana:

“Esta rexión adopta a forma democrático-republicana federal para o seu goberno”<sup>58</sup>.

É necesario así mesmo pór de manifesto que a existencia dunha constitución democrática, non simple “Carta outorgada”, baseada na soberanía popular nos dereitos inviolables dos cidadáns, elaborada por unha Asemblea Constituínte representativa da Rexión galega, era xa de seu unha garantía



importante do autogoberno nela regulado tanto na súa profundidade como na súa eficacia.

Polo demais en canto poder constituínte limitado de índole federal, a Asemblea constituínte galega e o seu texto estarían sometidas a determinados controis de non vulneración da Constitución federal: exame do Senado e, caso de conflito, decisión do Tribunal superior da federación.

Cómpre darnos conta agora da estrutura de autogoberno federal defendida por Pereira no nome da Comisión diante da Asemblea federal de 1887 e que estaría composta por tres poderes “separados”: lexislativo, xudicial e executivo.

O poder lexislativo galego soamente constaría dunha cámara, por estimaren os federais galegos que carecería por completo de sentido unha segunda que non crearía senón unha duplicidade inútil e burocrática. Pero o realmente interesante do proxecto federal galego, a este nivel, reside na súa consideración da Asemblea Lexislativa como institución de máis relevo entre todas as do Estado. Así, en concreto, no art. 51 fálase de “Autoridade suprema do Estado” ao se referir ao Parlamento de Galicia, deixando ben claro a substantividade deste elemento fronte ao pseudoparlamentarismo degradado da Restauración. Xa dixemos *supra* polo demais que malia non se recoller o *mandato* imperativo, permítese a *revogación* dos deputados, en caso de perda de confianza, previa petición da maioría do seu distrito.

A superioridade que se lle quere outorgar ao lexislativo fronte ao executivo resalta cando, por exemplo, na conformación do Goberno se establece que o nomeamento do Executivo ten que ser integral por parte do lexislativo, isto é, do Presidente e dos ministros. O radicalismo democrático e a inexperiencia política de goberno, tradúcese nalgúns excesos, como cando se postula o nomeamento do Presidente por un ano

e a posibilidade dunha soa reelección consecutiva. En conxunto como elementos centrais da relación parlamento-executivo o texto de 1887 establece os seguintes:

- Superioridade explícita do parlamento, en canto “órgano superior do Estado” face ao Executivo (art. 51).
- Elección integral do Executivo polo lexislativo con cautelas adicionais de reelección (art. 58).
- Creación dunha “Alta inspección” de vixilancia do Parlamento sobre as actividades da Administración e que afecta a todos os actos do Executivo, ás contas anuais do Estado (que deberá aprobar o lexislativo), competencias e conflitos internos da Administración e co poder xudicial, e tamén, finalmente, ao control de toda outra elección realizada polos demais poderes (art. 53).
- Obrigatoriedade de que o Executivo presente anualmente unha Memoria sobre o estado da Administración Pública (art. 61).
- Institucionalización das “preguntas parlamentarias” ao Goberno por parte dos Deputados (art. 46).
- Concesión da Graza e do Indulto como prerrogativas do Parlamento e non do presidente.

Trátase, en definitiva, dunha aseguranza constitucional insólita e un chisco inxenua de máis, da preponderancia política do Parlamento que, por riba das súas limitacións técnico-xurídicas, apuntan inequivocamente a unha vontade de parlamentarización e democratización da vida política do país. Fronte á saída carlista e tradicionalista de, diante da crise do sistema canovista, recorrer a fórmulas corporativas de representación, Pereira e os federais propuñan a democratización real

da política galega e española da man do principio da soberanía popular.

A todo iso cómpre engadirmos, no seo do modelo federal, a existencia dun Senado concibido como Cámara dos Estados federados. Neste sentido o proxecto de Pi establece no seu art. 20 que ningún proxecto poderá ser lei sen ter aprobación dos corpos colexisladores: Congreso e Senado, en estrita consonancia coa estrita paridade entre ambas as dúas cámaras que Pi tantas veces argumentara:

“non corresponderían tampouco ao seu obxecto as dúas Asembleas, se non fosen iguais en atribucións”<sup>59</sup>.

En definitiva achámonos, como epítome do ideario de Pereira, cun proxecto que se presenta como o intento máis requintado e avanzado, democrático e sólido técnico-xuridicamente, de descentralización política de todo o século XIX e parte do XX en Galicia, e que reborda con moito as expectativas da “Autonomía” dos rexionalistas liberais e rexeita radicalmente o corporatismo pasadista dos católico-traditionalistas.

A escolma que segue, amosará ao lector como, malia a falta de formación académica da que o privou a súa humilde condición, e o seu abandono en 1893 do partido federal por circunstanciais lealdades liberal-dinásticas, o pensamento político de Aureliano Pereira, nos anos centrais da súa vida política en Galicia, articula con argumentos que non devecen a súa falta de profundidade e sistema, unha síntese de grande coherencia e orixinalidade, no seo do galeguismo do século XIX, e de contido netamente progresista, autonomista e democrático. Un herdo e unha traxectoria federalista, en fin, que compre recuperar axiña dun tan empobrecedor como inxustificable esquecemento.

## NOTAS

- 1 *Gaceta de Galicia*, Santiago, 10 de marzo de 1890.
- 2 Vid. Ramón Máiz: *O Rexionalismo galego. Organización e ideoloxía, 1886-1907*. O Castro, A Coruña, 1984.
- 3 Vid. Ramón Máiz: *A Idea da Nación*, Vigo, Xerais, 1996.
- 4 Vid. Ramón Máiz: *Alfredo Brañas. O ideario do rexionalismo católico-traditionalista*, Vigo, Galaxia, 1983.
- 5 A. Castelao: *Sempre en Galiza*, Edic. Crítica, Ramón Máiz (coordinador) Univ. de Santiago – Parlamento de Galicia, 1998, Santiago de Compostela, p. 170.
- 6 *Gaceta de Galicia*, 10 de marzo de 1890.
- 7 Vid. M<sup>a</sup> X. Rodríguez: Lingua e literatura galegas en *El Regional*, Lea, Santiago, 1993. e *Aureliano Pereira no Rexurdimento galego* Fundación Caixa Galicia: Lugo, 1996.
- 8 A. Pereira: “A sombra da República” en *La Ilustración Republicana Federal*, Madrid, 11 de setembro de 1882.
- 9 E. Labarta: “A. Pereira” en *Galicia Humorística*, Nº 9, 15-V-1888.
- 10 *Revista Galaica*, 11-3-1874.
- 11 Cfr. *El Diario de Santiago*, nº 648, 20-8-1874 e nº 716, 9-11-1874.
- 12 *El Telegrama*, A Coruña, 2-VII-1875
- 13 id. 8-VIII-1886.
- 14 *El Regional*, Lugo, 21-10-1886.
- 15 id., 5-10-1886
- 16 Pereira: “Academia galega”, *El Regional*, 21-XII-1886.
- 17 id., 15-I-1887.
- 18 id. 19-VII-1897.
- 19 id., 18-VIII-1887.
- 20 id., 21-I-1888.
- 21 id., 6-II-1890.
- 22 id., 7-III-1893.
- 23 *El Telegrama* 19, 20 e 26 de abril de 1893 e *El Regional*, “Carta aberta: puntualizando”, 11 de marzo de 1897.
- 24 *El Regional*, 11-6-1893.
- 25 id., 14-6-1893.
- 26 id., 12-8-1893.
- 27 id., 24-8-1893.
- 28 id., 1-3-1894.
- 29 “O espírito francés en Alsacia-Lorena”, *El Regional*, 25-II-1896.
- 30 “A instrución aos artesáns”, id., 14, 19 e 22 de febreiro de 1889.
- 31 *El Regional*, 14-II-1889.
- 32 id., 23-VIII-1893.
- 33 id., 22-XI-1895.
- 34 id.
- 35 id.

- 36 id., 11-VIII-1893.
- 37 id.
- 38 id., 29-XII-1895.
- 39 “Camilo Placer” en *El Regional*, 9-XI-1887.
- 40 *Proxecto de Constitución para o futuro Estado galego*. Formulado polo seu Consello Executivo o 24 de maio de 1883, definitivamente discutido, votado e sancionado pola Asemblea federal do Territorio, reunida na cidade de Lugo o 2 de xullo de 1887, A Coruña, 1887, p. 39.
- 42 id.
- 43 A. Brañas: “A víspera de San Xoán”, *Galicia Humorística*, Santiago, nº 4, 1888, pp. 155 a 158.
- 44 En R. Máiz *Alfredo Brañas. O ideario do rexionalismo católico-tradicionalista* cit. p. 97
- 45 *Diario de Lugo*, 8-10-1879.
- 46 *El Regional*, 22-4-1888.
- 47 id., 12-I-1889.
- 48 Vid. A. Brañas: *El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*, Barcelona, 1889 e A. J. Pereira: “El Regionalismo” en *La España Regional*, Barcelona, 1887, pp. 393 e ss.
- 49 Proxecto de Constitución para o futuro Estado galego, cit. p. 46.
- 50 “O noso rexionalismo”, *El Regional*, 15-I-1887.
- 51 “Algo sobre regionalismo”, *Galicia. Revista Regional* n.º 4, A Coruña, abril de 1888, p.148.
- 52 *Gaceta de Galicia*, 10-III-1890.
- 53 id.
- 54 Proxecto de Constitución... cit. Art. 30.
- 55 La Unión Republicana, 9-XII-1892.
- 56 Proxecto... cit. P. 12.
- 57 id., p. 14
- 58 id., art.3.
- 59 Pi i Margall *Las nacionalidades* en R. Máiz (edit.) *Pi i Margall. Escritos sobre federalismo* Istmo: Madrid, 2006.



# ESCOLMA





## A SOMBRA DA REPÚBLICA

Próxima a reunión dos Corpos colexisladores, o Sr. Ruiz Zorrilla creu conveniente dar a coñecer aos seus electores a liña de conduta que pensa seguir no Congreso. Se o Sr. Presidente do Consello de ministros cumpre o que acaba de ofrecer no seu discurso do salón do Conservatorio, a caída do trono é inevitable. Imos indicar aos nosos lectores as consecuencias que traerá o cumprimento das súas ofertas.

O Sr. Zorrilla dixo que o primeiro proxecto de lei que someterá á deliberación do Congreso dirá no seu primeiro artigo: “Decláranse abolidas para sempre en España as quintas e matrículas de mar.” Ninguén pode dubidar que con isto dá o Sr. Zorrilla un avance moi favorable á nosa idea, e que é de xustiza. Aprobado que sexa o proxecto de que forma parte este artigo, España dará un paso máis cara a verdadeira liberdade, verá prosperar a agricultura e adiantar a industria, dando así maior impulso ao comercio.

O pobo pagará de menos a parte que lle toque para sostemento do exército, porque nós cremos que isto se rebaixará das contribucións, pois o contrario sería unha arbitrariedade. Agora ben; España, que sabe que ha de adquirir nova vida coa forma democrática, resístese a sufrir por máis tempo a dominación monárquica e fará todos os esforzos que lle sexan posibles para presentar a República federal.

Para conter estes lexítimos esforzos, o rei e o trono, que ven próxima a súa ruína, necesitan indubidablemente o apoio das baionetas e dos canóns para deter a súa caída, que sen elas é certa e segura, e con eles tamén, só que isto será cuestión de tempo.

Se a abolición de quintas é un feito, ¿con que se sostén D. Amadeo? ¿coa forza cidadá? Non, porque a forza cidadá é o pobo, e o pobo é republicano.

Sen as baionetas non pode sosterse o trono e sen as quintas non hai baionetas; logo como consecuencia lóxica, o Sr. Zorrilla co seu proxecto de lei virá indirectamente derrocar a D. Amadeo. O Sr. Presidente do Consello de ministros sen advertilo veu colocarse fronte a fronte da monarquía; a dinastía cre ter un amigo no Sr. Zorrilla, e este, cumprindo o ofrecido, será a man que botará a monarquía da Península Ibérica.

Por esta razón titulamos o presente artigo “A sombra da República.” A punta do gorro frixio asoma xa por enriba do vacilante e roído solio dos Fernandos, Carlos e Isabeis.

A radiante luz da xustiza estende os seus esplendorosos raios pola face da terra e vén pousar sobre a heroica España.

Cumpra o Sr. Zorrilla as súas ofertas e as nais deberanlle a súa dita, infinitos pais o seu sustento, miles de homes a súa liberdade, D. Amadeo a súa caída e a patria enteira a súa futura prosperidade.

¿Non o fai? Entón o Sr. Ruiz Zorrilla é un farsante político, un home sen fe, sen palabras e sen amor á súa patria.

Se o Sr. Ruiz formula o *Xurado* tal e como nós o comprendemos, tal e como o explica a democracia e a época o esixe; se declara *abolidas as quintas e matrículas de mar* e descarga o orzamento de moitos millóns; se, en fin, decreta a *separación da Igrexa e do Estado*, a monarquía deixou de existir

e a sombra da República tomará entón forma, cor e vida, trocando a mísera e triste España monárquica nunha República federal, tan elevada como grande, tan próspera como honrada, tan rica como feliz.

*La Ilustración republicana federal*  
Madrid, 11 de setembro 1872.

## **ESTADO DA POBOACIÓN RURAL EN GALICIA**

A actual situación das poboacións importantes do noso país, non só non é florecente, senón que aparte dos males que afectan á rexión en xeral, dos que indirectamente se resinte, existen infinitas causas que aumentan a súa prostración e o seu abatemento.

Os innumerables impostos que se ven obrigadas a satisfacer e que son moi moi superiores aos produtos da súa vida industrial e mercantil, ocasionan unha paralización en todas as negociacións, e sosteñen e fomentan multitude de males que impiden o desenvolvemento das súas propias riquezas.

Todas as clases sociais se resenten, e os perigos que as ameazan fanse cada día máis alarmantes e máis ostensibles.

Pero por triste que sexa a situación das poboacións de importancia, non ten punto de comparación coa situación da poboación rural.

Basta botar unha rápida ollada ás nosas aldeas para persuadirnos plenamente desta verdade dolorosa.

Descoñécense nelas os modernos adiantos, o illamento a que se condenan esteriliza todos os froitos da produción agrícola, único manancial do que poden dispoñer os nosos campesiños para atender as súas múltiples necesidades, e como se a falta de prosperidade material non fose sobrada para poñer a

proba a súa paciencia e esgotar todas as súas forzas, veñen as *calamidades morais* facer máis dolorosa a súa situación.

A política que fixo presa no corazón das cidades, que separou fondamente e sementou a discordia entre todas as clases, conseguiu facer verdadeiros estragos nos pobos rurais onde, pola falta de ilustración e pola omnímoda influencia que queren “abrogarse” os que con títulos máis ou menos xustos, e con máis ou menos dereitos, exacerbaban as paixóns e non se repara nos medios para conseguir que trunfe a vontade do que se proclama dono e señor da comarca.

As ideas civilizadoras, o progreso e outras causas altamente beneficiosas, conseguiron desterrar o feudalismo, odiosa institución cuxa lembranza aínda debe causar verdadeira indignación no espírito dos pobos libres; mais no transcurso dos séculos, como se fose encargado de soste indelebles as pegadas do feudalismo, apareceu o *caciquismo rural*, máis temible e que ocasiona máis dolorosas consecuencias que o poder do que tomou vida e forma.

Unha aldea sen cacique, mal que pese aos principios que se difunden no século XIX, non se concibe, porque propietario adañeirado, aventureiro audaz, ambicioso, avaro ou persoa revestida con algún cargo oficial, todos aspiran a mandar en absoluto sobre os míseros campesiños que abafados polo traballo, ou sumidos entre as néboas da ignorancia, non saben outra cousa que pagar e sufrir e chorar en segredo as súas desventuras.

Desta loita de encontradas ambicións, vigorosamente sostida polo egoísmo, xorden todo xénero de contendas e agroman coa rapidez da xeración espontánea, males sen conto que fan máis insoportable a abafadora carga que pesa sobre os habitantes das aldeas, os que, sen unha luz que lles serva de guía, sen unha man que lles ofrezca protección, entréganse

desesperados e rendidos nos brazos do seu propio verdugo, vindo así reforzar o número dos que se chaman os seus partidarios e leais adictos.

De aquí nace o que o pobo galego careza de verdadeira representación nas Cortes, porque a inmensa maioría dos electores non poden emitir sufraxios con liberdade e por iso se observa que as opinións políticas dos deputados galegos son sempre idénticas ou afíns ás dos que se achan no cumio do poder. Para facer unha elección en Galicia, nunca se trata de pescudar a vontade do pobo: cóntase unicamente coa vontade dos alcaldes e caciques que son os que coma un manso rabaño de ovellas han conducir ao colexio electoral os que baixo o amparo da lei exercen o dereito do sufraxio.

Haberá quen opine que ao bosquexar este cadro, non facemos máis ca a ridícula caricatura do país. Non é exacto. Poñemos de relevo en toda a súa nudez os nosos campesiños para que destaquen de maneira sinistra no cadro a iniquidade e o monopolio que con eles exercen os que se chaman os seus representantes e protectores. Estas chamadas *persoas influentes* válense de todos os medios que empregaban os déspotas para escravizar o pobo. Con prestar algúns centos de reais a un campesiño para atender as súas apuradas necesidades, préstamo ao que sempre vai unido un rédito escandaloso; con adiantarlle algúns ferrados de gran na época da sementeira, que na recolección ha resarcirse de sobra, xa teñen os nosos caciques rurais feito bastante ben aos campesiños, e xa se cren con perfecto e ata divino dereito para impoñerse ao máis sagrado e respectable que teñen os homes: ¡a súa conciencia!

¿Pode ser máis triste e máis arrepiante a situación da nosa poboación rural? ¿Pensou alguén en rescatala desa escravitude odiosa?

Os feitos responderán esta pregunta.

É necesario vivir na aldea, presenciar as escenas que nela se reproducen, ver como se abusa do principio de autoridade, como se escarnecen os preceptos da lei, como se usurpan dereitos, como se sancionan e lexitiman contratos abominables, para formar unha idea aproximada do que sofren eses infortunados seres que pasan a súa existencia traballando para vivir no medio da fame e da miseria.

Como non están acostumados a que os traten con benevolencia e cariño, como a onde queira que tendan a vista non encontran un raio de esperanza que os alente, como ademais das penalidades que os aflixen levan no fondo do seu corazón un mundo de sufrimentos morais que os abafan, móstranse receosos e retraídos, disimulan con aparente humildade o odio que os devora, e desenvolven e medran na súa alma ideas e inclinacións, que se fosen ben coñecidas, de seguro que nos terían en continua alarma.

Os campesiños odian a cidade por instinto, e ódiana a forza de comparar erroneamente a súa situación coa situación dos que viven nas grandes poboacións. É para eles un axioma que os fillos das cidades gañamos o sustento sen traballar, que a nós aflúe toda a súa riqueza, e que somos os únicos e verdadeiros culpables do seu empobrecemento e das súas desgrazas. E é porque os sinxelos fillos do campo que senten unha ansiedade infinita por mellorar a súa situación, non xulgan máis que polas aparencias, e cégaos, sedúceos e asómbraos o ouro pel das cidades. Examinan o exterior, atópano alegre e esplendoroso, e creñse mil veces máis desgraciados ca nós, cando moitos fillos da cidade, feridos polas decepcións e quebrantados pola infinidade de loitas que sosteñen, cambiarían a súa sorte pola do último campesiño.

Estes erros, estas falsas crenzas, sustentan e fomentan a sombra da ignorancia. A educación no pobo rural descóidase dun xeito doloroso e punible, e en cambio a imposición de gravames,

a cobranza das rendas e as execucións e os embargos por débedas, realízanse prodixiosamente.

A estatística dos que preitean, e dos que asisten á escola, que falen por nós. Paisano hai que en toda a súa vida non pisou a soleira do local onde se instrúe a nenez, por cuxa razón non sabe ler nin escribir, e que pola contra, perdeu a conta das veces que tivo necesidade de frecuentar as escribanías e facendo un esforzo de memoria, consegue lembrar os preitos que tivo cos seus veciños.

Pola cousa máis insignificante, iníciase en Galicia un preito ruidoso que acaba por arruinar os litigantes. E isto sucede entre veciños, entre compañeiros, entre individuos da mesma familia. Por iso medra a curia, por iso se enriquecen os escribáns, e por iso na nosa rexión se consome máis papel selado ca en todo o resto da península.

Non é o noso obxectivo describir exactamente a situación da poboación rural, que sería tarefa ímproba e que non podería terminarse dentro dos límites do seu artigo de xornal. Apuntamos algúns trazos sobresaíntes entre os moitos que completan o cadro doloroso que ofrece, a fin de que todos os que por algún medio poidan contribuír ao seu melloramento, fixen nela a súa atención, estuden o remedio eficaz para melloralala, e o poñan en práctica, que ben merece algunha protección e un detido estudo a situación da poboación rural en Galicia.

*Diario de Lugo*  
Mércores, 8 de outubro de 1879

## EMIGRACIÓN

Moitos artigos se consagraron en diferentes épocas a debater a interesante cuestión que indica o epígrafe: innumerables queixas de fonda amargura se exhalaban ao

considerar que gran parte dos nosos irmáns –os máis útiles segundo uns, os menos segundo outros– abandonaban a nai patria en busca de máis desafoxada posición, ou arrastrados por enganadora febre de riquezas.

Máis aínda que moi elevadas intelixencias e ilustradas plumas trataron o que referíndonos a Galicia, onde a emigración é constante, chamaremos problema social, ningunha solución práctica se propuxo, e tanto brillante escrito non foi outra cousa que unha nota da eterna elexía que entoa o pobo galego, que a pesar da súa antigüidade, viven aínda na infancia.

Quizais a maior parte de cantos co maior patriotismo, e inspirados nun sentimento de conmiseración cara aos seus irmáns, consagraron a súa pluma a lamentar esa constante deserción que, segundo din, enerva as forzas produtoras; quizais a maior parte, repetimos, non coidou de examinar as causas a que obedece e as circunstancias nas que se realiza o fenómeno.

Talvez un hábito inconsciente e rutineiro arrastrou algunha vez á prensa rexional a lamentarse do mal precisamente cando este decrecera.

De todos modos, o exacto é que a pesar das predicacións dos xornais; a pesar das esaxeradas exclamacións, cuxa beleza retórica é indubidable; a pesar daqueles horripilantes cadros da existencia dos galegos en América, cadros trazados de man mestra, a emigración continuou sen que os xenerosos esforzos da prensa evitasen un só embarque.

E este resultado era moi natural.

Mil veces se dixo e todos sabemos, que o galego ama con delirio o solo natal, rende fervoroso culto ao chan que seus pais lle legaron; diariamente se repite que a *morriña* acomete ao galego ausente dos seus lares. Isto é verdade, e se é verdade hai que admitir que moi poderosas causas deben ser as que, vencendo ese entrañable amor ao país, obrigan ao galego a



separarse del para lanzarse a un mundo descoñecido en busca do pan que no seu país escasea.

Porque non habemos dicir que os nosos paisanos abandonan sen fonda pena o recuncho no que naceron; non podemos crer que contemplan con alegre cara desde a cuberta do buque, como desaparece pouco a pouco a terra na que quedan os seus amores e as súas lembranzas, a súa casa nativa, e as cinzas dos seus pais.

¡Que tristes deben ser as circunstancias que obrigan ao galego a abandonalo todo! ¡que tristes horas pasará cando en alta mar, só entre o ceo e a auga, crea percibir nos muxidos das ondas que azoutan o costado do buque, os suspiros e os saloucos dos seres que pouco antes o estreitaban entre os seus brazos!

Cando isto sucede, cando o amante da terra abandona a súa patria para marchar a outra terra, descoñecida e quizais ingrata, preciso é convir que existen causas poderosas contra cuxa forza nada poden os artigos de xornais.

A prensa, cuxa influencia na opinión recoñecemos sempre, combateu a emigración como prexudicial para Galicia, como froito de ansias de riqueza, explotadas por hábiles negociantes.

Non habemos discutir agora –que non é tal o noso intento– se é ou non prexudicial para estas provincias a emigración; o que si diremos é que só combatendo, despois de telas estudado, *as causas orixinarias* desa deserción; só proponendo solucións prácticas e traballando continuamente para que sexan aceptadas, poderá chegarse a conseguir que os vapores da carreira de América, ao par que grandes partidas de cabezas de gando, leven non menores partidas de galegos desesperados.

Atacar a emigración tal como ata agora por punto xeral se fixo non trae consigo resultado ningún; pois mentres as circunstancias impulsen o galego, mentres a necesidade o obrigue a emigrar, causando acerba dor a esa filantropía, que con

bágoas nos ollos contemplan a partida dos nosos irmáns; pero non dá (quizais porque non sabe) un paso para evitala.

Respecto á emigración, é necesario emprender unha enérxica campaña contra as causas que a motivan, ofrecendo xuntamente o medio de extirpalas: é preciso reunir todos os elementos para conseguir que eses medios que se propoñan sexan algo máis que ideas, sexan feitos. Tarefa ruda e laboriosa é, sen dúbida ningunha, pero tamén de grandes resultados así para o individuo como para a patria, cuxa prosperidade está intimamente enlazada co problema que tratamos.

Así, facendo desaparecer as causas, cesará o efecto; o día que o galego non sinta as apuradas necesidades que hoxe o obrigan a tomar pasaxe para as terras americanas e cando, en fin, non teña *por que* emigrar, vivirá feliz no solo natural, e a súa adorada Galicia será grande e próspera.

Non obstante, talvez isto satisfaga pouco a algúns: ¿que será entón dos filántropos?, ¿con que motivo verterán as súas bágoas?, ¿a quen dedicarán as súas elexías?

*El Regional*  
12-10-1879

## **A MULLER E AS CARREIRAS PROFESIONAIS**

Nestes días deu conta a prensa das sesións celebradas polo Consello de Instrución pública para ocuparse dunha cuestión tan interesante para o porvir intelectual de España, como ocasionada a sátiras e comentarios ridículos.

Remataron algunhas señoritas a carreira de medicina, e o Supremo consello tiña que decidir se a muller pode exercer carreiras profesionais como nalgúns países sucede.

Por maioría de votos, inclínase aquela corporación á negativa, e non se funda en razóns científicas nin de conveniencia pública, senón alegando argumentos de valor imaxinario, só apreciábeis e desculpábeis en tempos de atraso intelectual, pero non hoxe, que a cultura se estende e o seu nivel sobe dunha maneira prodixiosa.

Entende o respectable Consello –que sen dúbida non estima a muller senón baixo o aspecto poético e ideal– que sería ridículo vela exercendo a medicina, a farmacia, etc.

Non é deste momento estenderse en consideracións que se aparten do noso propósito, que non é máis ca examinar esta cuestión baixo o seu aspecto legal, e isto aínda moi lixeiramente.

Principiaremos por consignar que hai escolas de obstetricia para as mulleres e que estas se dedican tamén ao ensino primario.

Sería dar unha pobrísima idea da nosa cultura, crer que a muller só debe dedicarse aos oficios que levan consigo o goberno da casa. De ser así comecemos por prohibir que as mulleres sexan literatas, o cal sempre sería máis acertado que privarlas de exercer carreiras cuxos estudos realizaran con aproveitamento, que á fin esta é unha semente chamada a producir lexítimos froitos; e pola contra, *a literatura* é prexudicial en varios sentidos.

Enténdase que nos referimos a determinada clase de *literatas*.

Gran figura será para moitos a muller de Ulises arrancando o fío da súa roca, como pode selo tamén Hércules cando exerce aos pés de Onfale o mesmo oficio; pero para quen a ilustración ame e a cultura xeral desexe, sempre será a muller máis grande, cando ocupe o lugar que ocupa nos Estados Unidos, Inglaterra e Alemaña, nalgunha de cuxas nacións exerce, ata certo límite, dereitos políticos.

¿Acaso a muller, polo feito de selo, carece de aptitudes?

¿Non as houbo literatas insignes, políticas eminentes, filósofas distinguidas e ata guerreiras esforzadas?

Pode, por conseguinte, habelas *avogadas* hábiles e *médicas* intelixentes.

Ademais, entre o legalmente disposto e o que agora opina o consello de Instrución pública hai unha contradición, de sentido común.

As mulleres poden dedicarse no noso país ao estudo de carreiras profesionais: autorizáronse para poder inscribirse en matrícula para examinarse; se se procede loxicamente, deben autorizarse igualmente para exercer esas profesións cuxo estudo *oficialmente* lles está permitido.

De non ser así ¿a que a admisión á matrícula e ao exame nos establecementos de ensinanza do Estado?

Non queremos soste que o porvir da muller estea nunha ou noutra ciencia, no exercicio dunha ou doutra profesión das indicadas. Pero ¿é de dereito impedirilles que exerciten o que previa autorización e en trámites legais aprenderon?

De nada lles serve ás que cursaron nas Universidades a instrución científica se non han poder utilizala; para nada lles é mester; e, ademais, cando ingresaron nestes establecementos oficiais adquiriron un dereito que agora se trata de impedirilles exercer. O consello de Instrución pública, que polos medios que ten ao seu alcance debía promover a ilustración, é o primeiro obstáculo co que tropeza, sen ningunha dúbida porque o alento da liberdade non penetrou nas esferas na que vive aquela respectable corporación.

*Diario de Lugo*  
6-05-1881

## O REXIONALISMO

As aspiracións xustas, as ideas racionais sequera mentres aínda non están ben delineadas maniféstanse confusamente entre esaxeracións e traspasan os límites da prudencia, van pouco a pouco abríndose paso, gañando a opinión, fixando sobre si o xuízo dos seus máis recalcitrantes adversarios, ata que, nun período máis ou menos longo, toman corpo depuradas pola discusión seria e o exame reflexivo; co cal moito teñen andado para ser aceptadas polos organismos que poden darlles desenvolvemento e aos que han ser aplicadas.

Tal sucede co rexionalismo, non hai moito interpretado como grito de guerra, como arma de combate político, e ata como tendencia atentatoria á unidade da patria. Mais hoxe que as manifestacións dese espírito, en todas as provincias existente – polo cal foi chamado provincialismo – abundan e concrétanse en mil e mil ocasións que os abusos e excesos da centralización ofrecen e proporcionan, aínda aqueles elementos máis tenazmente unitaristas coñecen a razón desa protesta, fíxanse na súa orixe, declaran a lexitimidade da súa existencia, e estudando o seu alcance algo indican respecto das consecuencias que pode traer o resistila sistematicamente.

Defecto é desta centralización absorbente, senón carácter esencial do opresor unitarismo, a xeneralización de lei que pola súa propia natureza non poden ser xerais, e de aí que resulten sempre magoando lexítimos e importantes intereses, e producindo perturbacións.

Nos presentes momentos estuda a nosa viciada, rutineira e nada científica Administración o medio de sacar recursos con que subvir ás atencións creadas por arbitrarias disposicións, e cada rexión que se sente prexudicada eleva a súa queixa, formula a súa protesta; pero limitándoa sempre a un punto concreto, por máis que a lesión dos intereses que quere defender

non proceda do caso determinado, senón que arranca da corrente e inveterada práctica centralizadora.

Agora os bens comunais, as devesas e as terras de aproveitamento dos pobos van ser alleadas; e as comarcas cuxa existencia se ve ameazada, reclaman; como ao mesmo tempo Valencia pide os seus arroces, e Cataluña loita en contra do tratado con Inglaterra.

Non é o noso propósito agora entrar na análise desas protestas e solicitudes, senón facer constar que todas elas están inspiradas nun mesmo sentimento, o da propia defensa, e que son tomadas en conta polos que onte, ao esbozarse apenas tales manifestacións, as condenaban como censurables ante o supremo interese da patria, sublime abstracción, así considerada, á que hai que sacrificalo todo. Ata os intereses dos mesmos elementos que, na realidade, constitúen a patria.

Disentindo dos seus colegas en ministerialismo, *El Imparcial* concede á actitude dos deputados casteláns ministeriais que votaron contra o Goberno na cuestión das devesas, a importancia que verdadeiramente ten, entendendo que non comprenderá a índole nin o alcance da cuestión que domina os representantes do país quen pretenda deducir das aspiracións expostas consecuencias que afecten á disciplina da maioría ou á disparidade de criterio coa doutrina de Goberno. Porque o mencionado xornal recoñece que esas actitudes son o eco da opinión que preocupa nas distintas rexións da Península.

E por máis que queira sacar partido daquelas palabras con que Timón chamaba a certos representantes do país, *deputados de campanario* e *deputados do azucre de remolacha*, frases naquela sazón aplicadas con xustiza, é o certo que o representante do país ten que velar necesariamente polo interese deste se quere dicir con xustiza que é digno da investidura que o honra.

Cando se trata do interese xeral é censurable escudarse tras das conveniencias de localidade, porque é a Nación o todo que non debe sacrificarse á parte. Pero isto mesmo leva consigo o deber de ter en conta noutros mil casos os intereses dunha comarca que non debe ser sacrificada a ningún egoísmo.

E como en España resultan sacrificadas todas, por esta centralización que a empobrece, de aí a razón de ser do rexionalismo, e de aí a xustiza con que, sen que implique indisciplina, os deputados dunha comarca deben unirse para defender dereitos magoados ou amparar os intereses que amence unha determinación inxusta.

Sen que tal actitude constitúa outra cousa que o cumprimento dun deber contraído ao aceptar unha representación que, se non serve para iso, non serve para nada.

*El Regional*  
21-07-1886

## A RAZÓN DO REXIONALISMO

Non hai moitos días o Sr. Vila, sostendo o seu voto particular ao ditame do *modus vivendi*, proclamaba a teoría da independencia dos deputados e senadores en materias económicas; e un xornal ministerial fai notar que antes que o senador conservador, expuxera esa teoría o ministro de Estado, e aprobaba tal principio dicindo que esa independencia debe existir se os representantes do país nas Cámaras legislativas, ademais da súa significación política que os une a un partido, levan ás Cortes a representación dos intereses especiais, cuxa salvagarda lles está confiada polo seus electores.

Teoría é esta moi axustada á razón, e xa que aquí, dada a imperfección dos nosos costumes políticos, non queren admitir que poden caber dentro dunha agrupación suxeita a uns mesmos

principios distintos puntos de vista en canto a procedemento e oportunidade, bo é que todos vaíamos coincidindo en que toda vez o criterio económico non está elevado á categoría de principio de partido, sexa libre dentro deste a opinión nas cuestións desa índole.

Pero, hoxe por hoxe haberemos de centrarnos coa teoría, porque non se traducen en práctica na clásica terra da inconsciencia, os bos principios, e así o mesmo xornal que solicita para o ministro de Estado a iniciativa de ter proclamado tal independencia para os representantes do país, opina de distinto xeito na cuestión dos arroces como na das devesas destinadas ao pasto do gando da labranza.

Así que referíndose á actitude da maioría rexeitando a proposición dos deputados casteláns di que ela demostrou o seu sentido político e a súa disciplina votando en contra.

Como xa onte indicabamos, outros xornais oficiosos coinciden co aludido e aplauden que a maioría fose dócil ás intimacións de Camacho e aos mandatos de Sagasta. É dicir, que neste caso, ante a integridade ministerial, prescinde esa prensa de toda teoría, sequera que o expositor dela sexa un ministro, para non atender máis ca a unha conveniencia do momento.

E un xornal de cámara chega ata a dicir claramente ás hostes adictas que o que queira militar baixo a bandeira fusionista ha renunciar a toda iniciativa e non pensará senón segundo o patrón oficial. Doutro xeito, aínda que se trate de materias económicas, nas que non hai moitos días podía ser independente o deputado segundo Moret, o que queira pensar con liberdade debe ir a outro campo e inscribirse baixo outras bandeiras.

Non hai vacinación posible; non hai dúbida. O senador ou o deputado non leva –pola contra do que dicía o órgano



ministerial—, non leva ás Cortes a representación dos intereses especiais cuxa salvagarda lles está confiada polos seus electores.

E estes deben darse por notificados: o deputado non representa o distrito nin a rexión, nin ten que coidar dos intereses dun nin doutra.

É nada máis que un home de partido, e a disciplina deste non lle permite máis que o *si* e o *non*: que isto é o único digno segundo a vixente teoría ministerial, novamente confirmada pola prensa afecta ao goberno que no nome desta excomunga os que creron en Moret, proclamador da teoría da independencia en materias económicas, falaba en serio.

E despois de expresárense con tal sentido os ministros da Cámara, e despois de sustentaren tales afirmacións os seus órganos na prensa, condenan o movemento rexionalista como inspirado nas malas paixóns da política e nos apetitos persoais.

Ah! Si é verdade, si son esaxeracións todos os movementos de independencia, todas as manifestacións das consciencias dignas, todos os esforzos polo cumprimento dos deberes.

Son esaxeracións porque poden quebrantar os prestixios ministeriais fundados na submisión da maioría sometida pola omnipotencia ministerial.

Así os pobos véndose sen deputados, porque estes sono soamente do goberno, acentúan a súa resistencia, dan cor á axitación; porque nesa presión inxusta, desmoralizadora e prexudicial para a dignidade dos deputados, está a razón do rexionalismo.

*El Regional*  
22-07-1886

## MÁIS POLÍTICA

Menos política e máis administración din uns:

Necesítase máis descentralización, din outros, e reducir a política aos seus xustos límites, afastándoa o máis posible da administración.

Os intereses dos pobos, óese afirmar varias veces, requiren que as atribucións do poder central non atropelen os dereitos e funcionen na esfera das provincias e dos municipios.

As máis gloriosas tradicións españolas refírense a aqueles tempos nos que nos rexía un sistema descentralizador.

A centralización acabou co noso poderío e coas nosas glorias.

Isto e moito máis dise con frecuencia non interrompida e ás veces con demostracións moi elocuentes en contra da absorbente centralización que todos os esforzos esteriliza, afogando iniciativas e esmagando ata dereitos e liberdades con menosprezo do interese xeral; e non obstante a centralización continúa, a centralización poderá dexenerar e dexenera dos principios nos que descansa, pero non reduce o seu círculo, pero non cede nun ápice, se é que non aumenta, das súas tiránicas atribucións, das súas verdadeiras violencias.

Conformes de toda conformidade, como adoita dicirse, están todos os que da cousa pública se ocupan, na necesidade de minguar a centralización; pero engánanse de medio a medio os que cren que isto é posible non cambiando de sistema político, como non é posible tampouco separar deste senón nas esferas tan só especulativas, a administración.

A administración que temos, cualificada de pésima con sobrados fundamentos, é necesaria e forzosa consecuencia da política imperante.

Non hai que facerse ilusións; mentres o Estado sexa todopoderoso nin pode haber descentralización, nin administración económica e equitativa nin os dereitos e intereses dos pobos, o mesmo ca a súa liberdade, desenvolverse e ter vida propia, real e eficaz para o cumprimento dos seus fins.

Mentres a política absorba todas as forzas locais, mentres dispoña da sorte dos pobos, o caciquismo, o monopolio e a dilapidación terán o seu trono mellor na nosa patria, onde estanqueiros, peóns, ordenanzas, alguacís, etc., fan quendas cos partidos políticos e á política deben os seus destinos.

Con tal sistema de goberno pedir menos política e máis administración, pedir administración soamente, é pedir “peras ao olmo”.

Para administrar ben, medianamente sequera, é indispensable a descentralización e esta non é posible sen un cambio radical na política; que a súa forza absorbe hoxe todas as do país a ela inconsideradamente supeditadas.

Pois que necesitamos mellor goberno non pidamos menos, senón máis e mellor política, e teremos máis e mellor administración; que ninguén coñece, procura e defende máis e mellor os propios intereses ca os interesados mesmos.

Eu creo que o mellor medio de todos son os comicios, funcionando libre e legalmente, e anhelos para a miña patria un estado idéntico ao de Inglaterra. Alí, un político da historia, do prestixio e dos méritos de Gladstone, ocupa o poder, expón as súas ideas acerca da cuestión de Irlanda, expón en disenso coa maioría das Cámaras e acode, como ao Tribunal supremo que ha decidir o litixio, ao país, pero sen valerse para nada da súa influencia ministerial; e este home que ten nas súas mans todos os resortes, non usa máis ca aqueles que o poñen en contacto co corpo electoral e é vencido en boa lixe, a pesar de

que ten ao seu lado unha gran parte da opinión, ¡Este é o meu ideal!

Pero supoñamos que Gladstone, en vez de pronunciar discurso diante dos seus electores, permanece en Londres, e cos medios que puidera proporcionarlle un corpo electoral viciado, amaña unhas eleccións á súa maneira, cos seus grupíños de oposición ao seu gusto e os seus pactos máis ou menos secretos cos deputados. ¿Que camiño lle quedaba á opinión pública para manifestarse?

Isto é o práctico, continuou o xeneral dobrando *El Globo*, e non hai para que falar nin de Ruiz Zorrilla, nin de Azcárate. A *El Globo* parécelle mal isto que eu digo. ¿Que lle imos facer? Tampouco a min me parecen ben certas combinacións de ministerialismo ardente e de anti-dinastismo sistemático, e ata agora non dixeran sobre isto nin unha palabra.

Aquí en vez de pronunciar discursos ante os electores, aproveítanse os medios que proporciona un corpo electoral viciado, amáñanse unha eleccións con gran maioría para o goberno, con grupíños de oposición a gusto e pactos máis ou menos secretos.

¿Que camiño lle queda á opinión pública para manifestarse? preguntamos nós co xeneral Salamanca.

*El Regional*

16-08-1886

## ESPÍRITO GALEGO

Con moitos elementos conta, en verdade, o que, pesimista, queira trazar un negro cadro do estado de Galicia. Non han faltarlle, seguramente, datos exactos e numerosos que lle

permitan asegurar que toda idea xenerosa fracasa entre nós, que todo proxecto se malogra.

Con tintas sombrías pode presentarse ese cadro, sen que haxa dereito as protestar pola esaxeración. O asunto é en realidade así.

Do noso atraso culpamos sempre a quen, se bastante responsabilidade ten, pode descartala apoiando a súa defensa na nosa indolencia, na nosa funesta quietude.

Os gobernos son para moitos os únicos responsables de canto nos ocorre; eses gobernos que non nos dispensaron protección.

Pero, ¿solicitámola en forma? Non, e, polo tanto, baixo ese punto de vista, non debemos queixarnos tan amargamente.

Cando unha rexión, que polo que contribúe ao Tesouro é importante, necesita algo que o Poder pode concederlle, non con penosas queixas o obtén, senón co constante e activo traballo dos seus representantes celosos. Tal sucede neses pobos a que facemos referencia no artigo anterior.

Os representantes deles, atentos en primeiro termo a beneficiar o seu país, xestionan asiduamente canto a este pode interesar. E aquí revélase ese espírito de provincialismo, cuxa difusión en todas as rexións habería de dar por resultado o ben da nación enteira.

Equivócanse, ou queren equivocarse, os que afirman que o espírito provincial constitúe, senón un perigo, un obstáculo para a Administración do Estado.

Susceptible é, como outro sentimento calquera, de esaxeracións, e estas sempre son perigosas. Pero non disto pode deducirse en boa lóxica que o provincialismo é prexudicial.

Do provincialismo, que hoxe combaten algúns xornais, madrileños por suposto, sae, como é natural, o ben das

provincias, e constituíndo a reunión destas a Nación, claro é que dese ben particular de cada unha, resulta o benestar xeral.

Con celosos representantes de todas as rexións e con que o que deu en chamarse *favor gubernamental* e non é máis ca *deber*, se dispense equitativamente, desaparecen por completo os temores que o provincialismo poida inspirar aos que por crelo inconveniente ou por miras especiais, non admiten a felicidade da nación senón nunha centralización que é, polo menos, tan prexudicial para os intereses xerais como as esaxeracións do provincialismo.

Reconcentrada a vida toda do Estado na corte, se absorbe esta a produción das provincias e monopoliza os recursos, se se reduce todo á esfera oficial, non é a centralización máquina reguladora das forzas produtoras, senón aneurisma cuxa plétora empobrece a circulación dos membros e quebranta o seu vigor.

De tal sistema reséntense forzosamente as provincias, que reclaman a súa participación nos beneficios, xa que tamén a teñen nas cargas.

Non é, polo tanto, o provincialismo ese fantasma que finxen os que dependen en absoluto dos beneficios desa centralización, senón reclamación xusta e fundada do que a cada cal corresponde.

Agora ben: ¿ten corpo este provincialismo en Galicia? Preciso é confesar que non. E aínda que o dicilo nos doia, forza é confesar que nin dos seus mesmos fillos recibiu moita protección esta nobre terra.

Sen que tratemos agora de dirixir recriminacións determinadas, cómpre ao obxecto que nos propoñemos facer constar que ningunha rexión ten menos motivos de agradecemento para coa maioría dos seus fillos aos que a fortuna elevou ata un posto no que podían administrar xustiza e prodigar mercés, ca a rexión galega.

Verdade é que tampouco os seus representantes cumpriron –salvo contadas e moi apreciábeis excepcións– os patrióticos deberes a que o seu cargo os sometía.

Ou non souberon ou non quixeron colocarse en actitude de poder ser útiles ao pobo cuxa representación lles estivo confiada.

Corenta e tantos deputados, inspirados nunha idea xusta e nobre, como é a de mellorar a sorte do seu país, contan con medios hábiles de obter bo resultado nas súas pretensións.

Non doutro modo se viron favorecidas outras rexións, que hoxe son a nosa envexa, e ás que consideramos moi adiantadas.

Tampouco o noso pobo soubo nunca excitar os nosos representantes, non os obrigou con lexítimas esixencias; nin menos o esforzo colectivo se mostrou aquí poderoso para merecer o apoio da protección oficial.

A nosa característica apatía é a principal causa de que, respecto de adiantos materiais, esteamos a gran distancia da maior parte das provincias españolas. Nestas, case todas as obras públicas son iniciadas polo esforzo colectivo dos particulares, que secundado por celosos representantes, obteñen do goberno apoio e recursos, e algunhas veces dáse o caso de que importantes liñas férreas sexan construídas sen subvención do Estado.

Isto non sucedeu nunca en Galicia: quizais non sucederá xamais. Porque como ao principio dixemos, falta emulación, actividade, verdadeiro espírito patriótico; que non ha reducirse este a lamentar con queixoso acento –como entre nós se usa– a nosa mala fortuna.

Acostumados como estamos a contentarnos con lamentacións e consolarnos con promesas, difícil será que cheguemos a comprender cal é o verdadeiro camiño para chegar á rexeneración; que medios debemos empregar a fin de remover os obstáculos que a ela se opoñen, e que só tomando exemplo

deses pobos que hoxe admiramos e poñendo en práctica as máximas a que eles obedeceron, se poderá conseguir idéntico resultado.

Non obstante, aínda nesta desconfianza, deber é de todo galego que de tal se gabe, contribuír na medida das súas forzas e dos seus coñecementos, a espertar neste pobo apático ese sentimento de emulación que hoxe está adormecido, a infiltrar nel o espírito de febril actividade, de laboriosidade constante, que hoxe caracteriza os pobos todos que marchan pola senda do progreso, desenvolvendo as súas forzas todas e os seus elementos á calor da civilización que os engrandece.

*El Regional*

14-09-1886

## MOVEMENTO REXIONALISTA

Non hai moitos meses dabamos á publicidade un artigo expoñendo as aspiracións e razón de ser do *Rexionalismo*, e algúns colegas reproduciron o noso traballo sen anotación, comentario nin protesta dos que se lle ocorren agora a algún que outro estimado compañeiro.

O que na actitude en que os ultimamente aludidos puideran influír circunstancias completamente alleas á importante cuestión obxecto do debate, non importa agora consígnalo, moito máis cando *El Regional* o expuxo no seu artigo *Mal camiño* e soltos de réplica a que deron lugar as observacións feitas por algúns xornais.

O noso propósito ao dicir *movemento rexionalista* non é outro que dar conta do progreso que na prensa fan as ideas rexionalistas, que se son vigorosamente defendidas en Cataluña, non o son menos, aínda que non por tan gran número de adeptos,



nas provincias galegas, e teñen nas demais comarcas españolas, Castela inclusive, excelentes defensores.

Nestes últimos días, coincidindo co cru e inxustificado ataque do Sr. Núñez de Arce, *El Atlántico* de Santander reconece que para ben defender os intereses do país hai que abrazar a bandeira do rexionalismo; *El Carbayon* de Oviedo, insire artigos proclamando, en fronte dos partidos políticos militantes, o rexionalismo, e estes artigos acéptaos *El Diario Palentino*.

En Galicia declárase rexionalista *El Independiente* de Vigo, e outros varios xornais, como *El Eco de Orense* e *El Faro*, tocan as nosas ideas ao lamentar os males dos que o rexionalismo é inimigo e remediador.

Quere isto dicir, por enriba de toda discusión apaixonada, que esas ideas fan o seu camiño, que van gañando a conciencia pública, que se impoñen a pesar das estreiteces impostas polo convencionalismo dos partidos. Poderá suceder que este mesmo convencionalismo impide que ese movemento de avance se desenvolva tan poderoso como se inicia; pero non importa; talvez os apresuramentos non foran tan convenientes como o traballo lento e perseverante ao que continuamente debemos estar entregados.

*Que va piano, va sano e va lontano.*

Os auspicios cos que comeza a nosa campaña non poden ser mellores. Onte era o noso humilde xornal, o único rexionalista en Galicia, hoxe recibiron valioso concurso os nosos traballos, co que lles prestan *La Región Gallega* e *El Independiente* de Vigo. Sen darse conta da inconsciencia en que incorren outros colegas que non queren ser rexionalistas, principios rexionalistas proclaman.

Esperemos, pois. Fiémolo todo á elocuencia dos feitos, que aos nosos adversarios convencerán de que os males da Nación, a

atonía das provincias, non terán outro remedio que a realización das aspiracións rexionalistas.

Poderán tacharse estas, con intención malévola ou con inocente ignorancia, de conatos separatistas, de movemento inspirado en odio e rancores; non importa. Pouco a pouco o convencemento, obra da reflexión, irá gañando terreo ante a imperiosa necesidade de reorganizar a patria, e a impotencia para realizala os partidos que loitan pola inmediata posesión do poder.

*El Regional*

21-11-1886

## O REXIONALISMO

DISCURSO PRONUNCIADO POR AURELIANO J.  
PEREIRA, DIRECTOR DE *El Regional*, DE LUGO, NUNHA  
VELADA LITERARIA CELEBRADA NO *Círculo das Artes* DA  
DITA CIDADE no Nadal de 1886

As dificultades que se presentan e os temores que sempre asaltan ao que se propón falar en público, son para min maiores e máis custosos de vencer, pois que á miña natural falta de condicións oratorias e á escaseza dos meus coñecementos vén unirse a índole do tema do que hei de ocuparme, porque se trata de expoñer á vosa consideración aspiracións de tan diversas maneiras xulgadas e tal mal apreciadas en xeral polos seus impugnadores, que é lóxico que me asalte o temor de se intentando fixar e determinar o verdadeiro concepto e a representación do *Rexionalismo*, só conseguirei o contrario por falta de acerto, merecido castigo por ter confiado temerariamente na fraqueza das miñas forzas, de antemán coñecida por min.

Crítica situación que non o sería para calquera das persoas que poden ocupar este sitio con sobra dos méritos e das calidades de que eu estou en absoluto desamparado; sirva, pois, de desculpa a pecado de que me declaro convicto, a intención que me anima, por máis que o éxito non ha de corresponder a ela. Apreciade a escusa do meu amor a este país ao que interesa esencialmente o *Rexionalismo*: ao triunfo das aspiracións deste considero que está unida a seguridade do porvir deste pobo, cuxo eloxio con brillantes frases fan sempre os que nunca con actos quixeron facerlle xustiza; o *Rexionalismo* aseguraría a esta pequena patria a prosperidade, levaríaa ao engrandecemento, conquistaría para ela a liberdade, que é a base da rexeneración dos pobos e a consagración do dereito.

Por isto, porque á realidade desas aspiracións confío o logro de tan necesarios fins, vin aquí facer gasto da vosa paciencia, pedindo á cortesía, da que noutra ocasión me destes pródiga mostra, que escoitedes benévolos a palabra incorrecta, pero sincera, con que ha falarvos un espírito convencido.

Non é nada o *Rexionalismo* e é moito.

É delirio confuso, o máis confuso de cantos poden saír de cerebro humano enfermo, segundo Núñez de Arce.

Din outros que é pasaxeira axitación promovida por medidas que magoan intereses determinados.

Sosteen tales aspiracións catro ilusos aos que ninguén atende, cuxa palabra carece de autoridade.

E xa se lle presenta como espanto de extravagante que buscou para distinguirse unha ridícula orixinalidade, ou se vulga como criminal tendencia atentatoria á unidade da Patria.

Pero sobre todas estas opinións e mal fundados xuízos, destácase a verdadeira importancia do *Rexionalismo*: el vai gañando os ánimos; el reflíctese en libros, xornais e folletos;

dedícanlle atención distinguidos publicistas en importantes revistas estranxeiras, e polo que especialmente se refire a España, creuse de necesidade excomungalo dende unha das primeiras cátedras, e á do Ateneo subiu un poeta insigne para presentar como encarnación das aspiracións rexionalistas un horrible espanto.

Pois ¡gabemos a influencia da realidade! esa mesma diatriba contra o *Rexionalismo* lanzada, foi a máis completa xustificación deste. Ese mesmo excomulgador que o cualifica como delirio dun cerebro enfermo, dinos como vivimos, preséntanos a nosa actual situación, consecuencia do sistema que rexe na nación, consecuencia fatal do seu espírito absorbente que nos aniquila.

“O fastío, o escepticismo e a indiferenza, di no seu discurso Núñez de Arce, van apoderándose de todos os ánimos íntegros, pero non o fastío do crápula, nin o escepticismo do incrédulo, nin a indiferenza do egoísta, senón aqueles que nacen do desalento e da perda da esperanza.”

“Consumouse, -di o noso aparente adversario,- a maior das nosas desgrazas, o envilecemento e a morte do corpo electoral.”

Velaí a obra da centralización; velaí a obra da mal entendida unidade, que queren algúns confundir coa verdadeira, á cal respecta e ama o *Rexionalismo*, que é protesta vigorosa contra ese estado de cousas e contra as causas que o produciron.

Mais Núñez de Arce non dixo todo nesas palabras que copiei: hai que ver, ademais, como están as provincias españolas, como viven, se é vivir estar sometidas á prostración.

Na política, na administración, no dereito, na historia, prepondera esa *unidade*, ese espírito de uniformación que absorbe por completo a vida provincial que fai imposible toda iniciativa.

Na política todos os problemas se resolven como convén aos intereses dun partido, e os máis transcendentais cambios verificáronse sen intervención da Nación, pola vontade ou polo capricho de catro cortesáns.

Na administración, teñen todas as leis un carácter uniforme que magoa dereitos, que maltrata intereses e que fai imposible a súa formulación, ou representa este unha obra de iniquidade, como sucede en Galicia co imposto de consumos.

Na esfera xurídica, a imposición dun dereito particular como norma e regulador, sen ter en conta a existencia de dereito especial que é fórmula dun xeito de ser; e así sucede, que nas nosas universidades non se ensina o dereito especial das rexións; nin sequera na de Barcelona, como di Almirall, se ensina o dereito civil catalán, vixente naquelas provincias.

A unidade administrativa privou por completo de todos os medios de vida ás corporacións provinciais e locais, que non teñen liberdade de acción nin medios de iniciativa, ata o punto de que un Director xeral é máis ca un lexislador no que toca a impoñer servizos e gravames ás Corporacións locais.

Do sistema electoral, nada direi.

Ao que neste asunto pasa chamoulle Núñez de Arce *a maior das desgrazas*.

Apréndese nos establecementos de ensinanza oficial unha Historia de España —é dicir, unha Historia Nacional— na que nada se ensina do que foron as rexións, Castela e León sono todo, o mesmo na ensinanza ca na bandeira española, onde non hai máis ca leóns e castelos. E ata no último detalle se nota esa tendencia unitaria: o mesmo di o sepulcro do xenovés: Por Castela e por León novo mundo achou Colón, ca o diario oficial se chama *Gaceta de Madrid*.

Iso é unicamente o *nacional*.

Como se a obra da unidade consistise en ir destruindo todo o que é característico, persoal, direino así, das rexións.

O estado do país é ese que queda salientado: dese mal todos son culpables e por iso o rexionalismo quere apartarse dos partidos políticos que por necesidade imperiosa da súa propia existencia teñen que seguir por tal camiño.

E para poñer remedio a ese mal; para reaccionar de maneira saudable, é necesario –o antirrexionalista Núñez de Arce dío– “reformular fundamentalmente como tantas veces se pensou e nunca se fixo, as nosas raquíticas corporacións populares, ensanchando o seu campo de acción”.

Porque –e sigo copiando ao Presidente do Ateneo de Madrid– “os pobos senten a necesidade instintiva de asegurar a súa vida local, as súas liberdades e a súa fortuna contra esa tentadora absorción dos elementos sociais”; e “esta é unha das causas que máis contribúen a avivar os xermes federativos, que sempre durmiron no fondo das máis poderosas nacionalidades europeas. Hai que devolverlles aos membros da nacionalidade española a liberdade que reclaman para o desenvolvemento das súas actividades”; e isto é unha necesidade universalmente sentida.

Así dí no seu discurso D. Gaspar Núñez de Arce, cerebro san que coincide con eses cerebros enfermos que xeran delirios confusos.

Porque iso e nada máis ca iso é o rexionalismo: quere a descentralización, a autonomía, a liberdade dos membros da nacionalidade española, que se respecte o que é propio de cada un; a súa linguaxe, as súas institucións de dereito, canto constitúe a súa personalidade.

¿E é isto un delirio? ¿É unha ameaza á integridade da nación española?

¿Acaso onde existe o que o *Rexionalismo* pide romper a unidade?

¿Significan tales desexos propósitos de romper o lazo que une todas as rexións?

A unidade existe en nacións onde hai esa autonomía, existe en nacións como Bélxica onde a lingua francesa e a lingua flamenca son oficiais, como coexisten en Austria-Hungría varios idiomas.

¿Hai algo de rebeldía, de separatismo en querer cultivar un idioma? Pois en Bélxica acaba de crearse por iniciativa do Rei unha academia da lingua neerlandesa.

E por este estilo podería citarvos outros varios exemplos.

Moitas veces preséntasenos o de Cataluña para que o imitemos, e preséntannolo os que combaten as tendencias rexionalistas; esquecen ou non comprenden que o rexionalismo é o que fixo forte a Cataluña. Que os cataláns aman de veras a súa rexión, e traballan por ela, e teñen unha Academia da lingua catalá e centros esencialmente cataláns en moitas poboacións; non saben que alí se fomenta o espírito catalá conservando a lingua, as institucións, únense todos para manter ese espírito vigoroso. E teñen teatro e literatura cataláns, e gran número de asociacións que reflicten o estado e a opinión do país.

Pois todo iso que alí hai quixeramos nós que o houbese en Galicia, para que así os nosos intereses estivesen máis altos e fosen mellor atendidos; para que así a opinión deste pobo pesase un pouco na solución desas cuestións que tanto nos afectan e tan pouco nos axitan.

Espertaría así o espírito de asociación que nos daría forza e nos gañaría respecto, e non teríamos que lamentar tantas veces o abandono no que estamos e o atraso no que vive o noso país.

Para chegar aí somos rexionalistas; para chegar aí pedimos o que Núñez de Arce cre necesario como remedio ao mal que tan exactamente soubo pintar.

Creo ter manifestado, aínda que concisamente como esixe a índole desta conferencia, con toda claridade, o que é e representa o rexionalismo. En canto ao camiño que debe seguir para realizar as súas aspiracións, entendo eu que está marcado por estas.

Non poderá ser na realidade do goberno da Nación, non atopará fórmulas prácticas que encerren as súas solucións, senón dentro do sistema que serviu para formar nacións fortes como o imperio xermánico, nacións libres como a fermosa Suíza, nacións poderosas e prósperas como a gran República Norteamericana.

Poderá isto discutirse á calor das paixóns; poderá ser materia de animada controversia na diaria contenda da prensa, na continua loita da política; pero os homes pensadores, os que estudan a marcha das cuestións sociais e o desenvolvemento das verdadeiras doutrinas de goberno, ven que a autonomía é a solución daquelas e a base destas.

O máis arduo problema que preocupou a calquera nación na época presente, é a cuestión de Irlanda; que non é de hoxe, que non xurdiu de súpeto para que sexa lícito dicir que talvez o inopinado do caso forzou a adoptar certas determinacións. Non por certo: á causa de Irlanda consagrou a súa elocuente palabra o gran O'Connell polos anos de 1840; pola liberdade do seu país loitou incansable aquel ilustre propagandista, cuxo programa era Irlanda libre.

Pois ben; en Inglaterra, naquel país que adoitan ofrecernos como pobo exemplo de costumes políticos, alí onde se pesan todas as conveniencias, onde todo pasa polo cribado máis



escrupulosa reflexión, chegou a ser xeral o convencemento de que a autonomía é o principio salvador de Irlanda.

E ¿significa esa autonomía a separación, a independencia, o quebrantamento da unidade da Patria?

Aí está para contestar a quen tal presuma, o *grande ancián* Gladstone, a quen fará inmortal na historia a valentía con que tratou o problema e formulou a solución.

Aí está o marqués de Hartingthorpe, que contra Gladstone loitou na contenda electoral unido aos conservadores, e que só discrepa del nun detalle.

Gladstone lembrou en favor dos seus proxectos de autonomía para Irlanda que o Reino Unido, como se chama o reino británico, se compón de catro nacionalidades diferentes: Inglaterra, Escocia, Irlanda e o país de Gales.

E ben: ¿acaso España non se compón de varias nacionalidades? ¿son acaso as rexións idénticas pola súa orixe, pola súa historia, pola súa linguaxe, polos seus costumes, pola súa constitución interna, dígamolo así, expresada nas súas institucións de dereito, nos seus hábitos e nas súas tendencias? Pois se isto é así, necesariamente ten que existir antagonismos; por lei fatal ten que haber resistencias a aceptar como noso o que non nos é propio, nin se adapta a noso modo de ser.

Os estadistas ingleses piden para Inglaterra a unidade; pero dentro desta unidade queren a autonomía de Irlanda, con asembleas locais, con administración de xustiza a cargo das autoridades irlandesas, co *self government*, é dicir, o goberno do país polo país. E isto é o que queren os que combateron por radical o programa de Gladstone.

Calculade agora o que este pedirá.

Os rexionalistas españois non piden tanto. Eses mesmos, acusados de separatismo, os *catalanistas*, non chegan ata aí. Formulan en termos claros e sinxelos as súas aspiracións.

Á rexión –din– debe confiarse o coidado da súa lingua, da súa literatura, da súa arte, dos seus costumes e das leis especiais de dereito privado e dos seus intereses administrativos particulares, pero baixo a única e inmediata subordinación do poder soberano civil ou político.

¿E é isto imposible?

Prescindirei de ofrecervos como exemplo Suíza e Estados Unidos de América do Norte: os exemplos están máis preto.

En Alemaña os estados que entraron a formar a Confederación xermánica, manteñen a súa autonomía en asuntos importantes, conservan tribunais e institucións representativas particulares; e ás mesmas provincias de Alsacia e Lorena, onde cada día é máis vivo o espírito de protesta contra a conquista, quíxose en 1877 e 1879 darlles parte da súa autonomía, comprendendo que a devolución das liberdades é o único medio de atraer aquelas provincias.

O que o rexionalismo pide, sucede en Austria-Hungría, en que cada un dos estados ten a súa cámara; en Holanda con relación a Luxemburgo; en Filandia, unida a Rusia, e que non obstante conserva a súa autonomía administrativa, e ten no exército ruso rexementos finlandeses; iso sucede na Gran Bretaña con relación ás súas colonias, e na mesma Escocia.

Nin cousa nova, nin impracticable aspira a conseguir o rexionalismo, senón que os lazos que hoxe unen as diversas nacionalidades que forman esta nación, afrouxen o preciso para que cada unha delas teña vida propia e poida moverse e desenvolver a súa marcha progresiva, o cal de ningunha maneira exclúe a unidade nacional, a verdadeira unidade que non ha ser a

uniformación nin a submisión a unha pauta imposta para que todos vivamos subordinados autoritariamente ao Centro.

¿Acaso non existía esa unidade cando en Galicia as nosas Xuntas do Reino tiñan ao seu cargo o goberno da rexión que alcanzaba a todo o interesante para o país galego?

Dise, cunha inxustiza indesculpable, que o rexionalismo ataca a unidade da patria, que conspira contra a obra dos reis católicos.

Pero, ¿que? ¿é a patria soamente o extenso territorio que bañan o Océano e o Mediterráneo?, ¿e a patria a centralización? ¿é a patria Madrid? Non por certo. A patria é máis ca iso. É o pobo ao que un pertence porque nel medrou e nada del lle é alleo; é a patria o idioma no que oíu as palabras amorosas da súa nai, as frases agarimosas da súa amada; é a patria o canto popular, a música do país, o baile pintoresco; o acento queixoso ou áspero con que os seus paisanos se expresan; a tradición piadosa ou a lenda cabaleiresca ou a narración fantástica que oíu no fogar doméstico; a patria é o ceo coa súa cor plúmbea, a néboa coa súa penetrante humidade, o campo co seu verdor, os coprovincianos coas súas miserias, cos seus defectos, coas súas desditas, que nos afectan como se fosen nosos.

É a patria aquela terra bendita, presente ante os nosos ollos cando dela estamos ausentes; aquela visión que nas soidades da ausencia xorde doce e melancólica, e móstranos o monte que pecha o horizonte do noso país, o val no que collemos as primeiras flores, o lugar da primeira cita de amor.

É a patria aquel paisano noso que chama á nosa porta, que senta á nosa mesa, que se quenta ao noso lume, e na linguaxe da terra, cheo daqueles modismos e xiros que parecían por nós esquecidos e que coñecemos entón máis ca nunca, fálanos de todo aquilo, dinos como marchan as cousas no país, e contesta aos nosas interminables preguntas. É a patria aquel papel

impreso que nos trae novas da terra natal; aquel libro que en país estraño nos visita traéndonos os cantares do país, os acentos dos nosos poetas; aquela gaita cuxos sons lentos e melancólicos nos conmoven.

Pois ben; cando queremos consagrar a todo iso os nosos máis ardentes amores; cando de todo iso queremos facer o obxecto do máis fervente culto, a voz acusadora da inxustiza resoa para lembrarnos que esquecemos a patria. E a esa acusación vén unida a inxuria de que o galego, lanzándose pola senda das aventuras, rompe sen esforzo os lazos do fogar, da familia, do pobo.

E isto dío un poeta que nas inmensas desditas desta terra, nas grandes dores da familia galega, nas amarguras do galego que marcha, acharía inacabable manancial de inspiración para as súas elexías; como atoparía tamén nas virtudes desta raza, leal, sufrida, valorosa, con grandes condicións para o martirio, asunto digno dos seus himnos máis entusiastas.

O rexionalismo quere o engrandecemento da Nación, a consolidación da unidade polo amor entre as rexións, polo desenvolvemento da vida destas.

Non exclúe o rexionalismo a unidade ben entendida, nin así puidera ser, porque o que é común non pode deixar de influír en todos.

Como españolas acudiron as rexións en socorro das vítimas do Mediodía de Levante; como dunha mesma raza prestaron os seus auxilios as nacións latinas; por deber de humanidade ante unha gran catástrofe, a remediala contribuíron outras nacións de Europa.

E é porque cando hai algo común, a historia, o sangue, o idioma, a liberdade, hai sempre algo que atrae, algo que une, algo que está por enriba dos demais sentimentos: e canto máis

íntimos son estes, canto máis persoais, son tanto máis poderosos. ¿Por que acusar o rexionalismo de oposto á patria común?

¿O amor á patria, o amor á familia exclúen os sentimentos de humanidade?

Hoxe mesmo, un unitarista como Castelar propaga a federación literaria; e esta aspiración non supón que se esixa a ningunha das nacións que haxa de entrar nela que se despoxen dos seus dereitos, que renunciem ao seu idioma, que perdan o que é seu, persoalísimo, o que as distingue das demais, para someterse a unha uniformación.

Só se trata de unirse por medio da federación para o que é común aos seus intereses. E isto é o que desexa tamén o rexionalismo, cuxas aspiracións, como xa se indicou, só dentro de tal sistema poden ser satisfeitas.

Atopo eu esaxerada a tendencia a vivir separado da política, talvez con intentos de formar partido novo; pero é seguro que tal tendencia ser irá modificando, porque ao fin a política non é unha abstracción, senón unha realidade, e dentro das súas condicións hai que convir que ningún dos partidos que hoxe loitan pola posesión do poder, está en aptitude para cumprir aspiracións que contradín o seu credo e envolven o intento de destruír, coas prácticas vixentes, os medios que para subsistir empregan eses partidos.

A política vixente é exclusivamente centralizadora, e dela nada pode esperar o rexionalismo, cuxo triunfo só é posible, ao meu modo de ver, dentro daquel sistema de goberno cuxa base é precisamente esa autonomía, esa liberdade, esa ancha esfera de acción que a tendencia que deixo examinada pide para as súas rexións.

Seremos os rexionalistas uns desventurados soñadores, talvez cerebros enfermos, como dixo o Sr. Núñez de Arce; pero o certo é que os rexionalistas estamos influídos polo ambiente.

En Cataluña o rexionalismo está organizado: alí hai *Academia da lingua catalá*, centros e prensa rexionalista, teatro e literatura cataláns; en Valencia organízase; en Galicia esperta; esténdese en Andalucía; aparece en Asturias; en Santander e Palencia gaña as columnas dos máis importantes xornais; por todas as partes se mostra o desencanto que domina ante os danos da centralización, ante a influencia desa unidade absorbente.

Discútnense no Congreso xurídico os problemas de dereito civil, e xa non os que poden ser tachados de particularistas, de demócratas sequera; xa non Vallés, federalista, nin Durán e Bas, catalán, senón un unitarista como D. Francisco Silvela, ex ministro conservador de Graza e Xustiza, que talvez algún día haberá de aplicar o seu criterio ás leis, ampara as lexislacións forais, fai a causa rexionalista, e sintetiza o seu discurso dicindo: “Que a primeira condición da nacionalidade é a vida e o primeiro deber dos lexisladores e dos políticos respectar todos os elementos que fortifiquen o espírito nacional, sendo secundaria a unidade e a uniformidade, debendo polo tanto sacrificarse unha e outra cando ese sacrificio dá por resultado conservar organismos vivos que constitúen na realidade elementos de vida provincial ou rexional; que en toda obra de unidade, sexa política ou lexislativa, é preciso examinar detidamente se se conta cun centro de atracción, cunha masa tan poderosa e de superioridade tan incontestable e real, que os particularismos sexan atraídos a ela por forza irresistible, en cuxo caso a obra é fácil e a acción segura vindo eses particularismos aumentar realmente a forza e o pesadume do núcleo que os agrupou; pero se a obra se intenta sen contar con esa necesaria premisa, se se queren fundar nun só organismo de forzas análogas, ou entre os que medien escasas diferenzas e entre os que aparezan sequera como dubidosa a superioridade respectiva, a unificación será violenta e infecunda, destruírá a

forza e despegará máis as propias masas que se pretendan unir, e en vez de obra de paz será obra de anarquía e de morte.”

O ex ministro conservador, despois disto, pide respecto para as lexislacións forais; cualifica de funestas as imitacións de uniformidade que se fixeron en España, e remata dicindo que se deben rectificar os erros cometidos con tales procedementos no dereito administrativo e político. Declaracións ás que nada tería que engadir o máis ardente rexionalista. ¡Rara enfermidade é o rexionalismo que tan facilmente ataca cerebros conservadores!

Máis aínda: *El Imparcial*, xornal unitarista, combate con nós ao condenar enerxicamente a política nas provincias, a política nos pobos, política que é a base da centralización e xerada pola absorción implacable que foi reducindo cada día máis o círculo da vida rexional; absorción que o mencionado xornal combate hoxe coa mesma imparcialidade con que hai pouco tempo defendía a inxustiza das esixencias rexionais.

E en calquera ocasión e circunstancia, en calquera centro, corporación ou asemblea na que se discuten os intereses do país, como en calquera libro que se examinen as cuestións sociais, conveñen todos na existencia do mal, e ao propoñer solucións infórmanas fatalmente nos principios do rexionalismo que tan torpemente expuxen.

Reina hoxe confusión no campo rexionalista, dísenos: non hai aínda aquela unidade que ha de dar forza á acción. E disto os adversarios sacan argumento para combaternos, porque resulta máis fácil, máis cómodo, máis expeditivo dicir e escribir xeneralidades, acusar o rexionalismo de embrollado, de confuso, que estudalo detidamente coa atención que noutras nacións lle conceden os espíritos serios, para desentrañar o que haxa de fundamental e lóxico, e para reparar o que teña de esaxerado.

Camiñamos –segundo din– á formación das grandes unidades, nacionalidades extensas, unificación do Dereito,

confederación de razas. A nada diso se opón o rexionalismo: ao contrario, alí onde haxa un interese común haberá lazos comúns, pero non por iso deixará de existir o interese particular.

Sodes poucos, bótannos na cara, e aínda eses non conformes. Non importa: a obra está empezada, e a súa continuación, ao tempo que ha vigorizala, uníranos a todos que somos moitos, borrando diferenzas de forma, únicas que hoxe existen.

¿Hai porvir? Pois adiante.

En 1830 e tantos, dicía O'Connell ¡Viva Irlanda libre! En 1886 esa liberdade está próxima.

Felices nós, os rexionalistas de hoxe, se o noso traballo actual senta a primeira pedra da obra do porvir.

Felices os rexionalistas galegos se podemos presumir que este traballo é o primeiro paso no camiño a cuxo remate está a rexeneración de Galicia, nobre terra cuxos fillos tantas veces regaron con sangue a árbore da liberdade.

O que apetece é para moitos unha utopía: utopía era o que dicía Rousseau ao afirmar que os pobos pertencesen a si mesmos, e ao mesmo tempo elevábanse os Estados Unidos de América para demostrar a realidade do aserto.

E polo estilo desta, todas as grandes realidades da historia foron utopías ao seren anunciadas polos que apreciaban o porvir.

A primeira preocupación dos pobos –dixo días pasados Castelar no banquete que lle ofreceron en París os armenios– é o ter unha idea clara e segura das súas aspiracións.

Antes de posuír unha patria real –exclamaba o insigne orador– é preciso ter unha patria ideal. Por aí empezaron moitos pobos que chegaron a organizar gobernos efectivos. Que a conciencia e a fe son as que crearon as nacionalidades.



Pois ben, os rexionalistas teñen –contra o que algúns lixeiramente aseguran– idea clara e segura das súas aspiracións; teñen fe e conciencia; teñen unha patria ideal. Hai todo para chegar á realidade.

¿Chegarán? Esta esperanza fai máis firme o noso deber. Nas horas de amargura, ao doernos dos danos da inxustiza, ou da indiferenza dos que deberan axudarnos, cobraremos ánimos confiando en que mañá Galicia será libre e coa liberdade será próspera e feliz.

Pero se isto non sucedese: se contra a nosa fe e a nosa esperanza estas aspiracións se malograsen, non faltará mañá quen lembrando os escuros defensores, diga: foron vencidos, pero amaban a patria.

O cal, certamente, non pode dicirse con frecuencia dos vencedores.

DIXEN.

*La España Regional*, Barcelona, 1887

**ASEMBLEA FEDERAL E CONSELLO EXECUTIVO DA  
Rexión Galega**

**PROXECTO DE CONSTITUCIÓN OU PACTO  
FUNDAMENTAL  
PARA O FUTURO ESTADO GALEGO**

FORMULADO POLO SEU CONSELLO EXECUTIVO O 24 DE MAIO DE 1883, DEFINITIVAMENTE DISCUTIDO, VOTADO E SANCIONADO POLA ASEMBLEA FEDERAL DO TERRITORIO, REUNIDA NA CIDADE DE LUGO O 2 DE XULLO DE 1887.

**PREÁMBULO**

Trinta e sete horas distribuídas en cinco días útiles non son, non podían ser suficientes para que o Relatorio enchese a satisfacción e conciencia o grave compromiso que se impuxera, de ofrecer á consideración do Consello rexional un proxecto que, colmando os seus desexos, contivera á vez canto esta Corporación anhela para o mellor réxime da vasta comarca confiada aos seus patrióticos coidados.

A Asemblea nacional acordara a reconstitución das antigas provincias españolas, e o seu Consello cominaba as Asembleas provinciais para que executara tan importante función. Algunhas convocaban os seus congresos, deliberaban e votaban os seus códigos fundamentais, en tanto aquí pasaban os días e os meses no soño dunha va esperanza. Galicia calaba ante o concerto entusiasta das demais provincias irmás, que se reorganizaban e constituían. ¿Que facer? Pois obrar e obrar sequera na angustia dos últimos supremos instantes.

Nestas condicións, remata o Relatorio o seu encargo e preséntao ante o Consello rexional.

Co desacougo no ánimo e a natural desconfianza nun traballo pouco meditado e exento daquel estudo condigno ao

obxecto proposto, séxalle permitido encabezalo coa protesta solemne de revisión e reforma, antes de sometelo ao xuízo da Asemblea rexional e á sanción do pobo galego.

Non era dubidoso, ao redactar o proxecto de Constitución para o futuro Estado Galego, que o Relatorio consagrara o seu primeiro pensamento ao dereito natural humano. Nun título preliminar consígnao, e estímase que á Nación soamente compete o garantilo, en tanto subsista en desafiuzamento, cre do seu deber o afirmalo, por máis que se tache de excesivamente receosa e non ocorra en ningún tempo o menor atentado contra o sentimento da individualidade.

Todo o título II versa sobre tan interesante materia. A igualdade ante a lei; a abolición de todo privilexio e toda distinción que a virtude e a ciencia non labraran no corazón dos pobos; a inviolabilidade do cidadán honrado, do seu traballo e da súa suor, do seu domicilio e dos seus papeis; a liberdade de pensamento, a de petición, a de conciencia, a de manifestación, a de reunión e asociación, a de profesión e residencia; nada, en fin, que o Relatorio, inspirado no dereito público moderno, non tratara de fixar coa claridade necesaria para evitar interpretacións que na última análise conclúen por quebrantar a xustiza.

A Constitución consigna o Poder na universalidade do pobo galego. Con precisión puntual sinala os diversos organismos, as súas funcións e o enlace sen temor a choques recíprocos. Establece o sufraxio universal, amplíao e faculta a muller para o seu exercicio se ela, previamente, goza dunha certa cultura. Logo, as autoridades públicas coa necesaria separación e independencia, coas súas atribucións ou facultades, sempre con suxeición á súa orixe como raíz de toda potestade e expresión positiva e latente da verdade política, tal e como a conciben e practican as nacións.

O Exército e a Facenda, enchen o título IX. Indícase a xustiza e conveniencia de elevar o exercicio das armas á categoría dunha profesión, organizando o Exército con enganches voluntarios; en Facenda, proclama a unidade na imposición e percepción de tributos. Limita a casos moi contados a facultade de levantar empréstitos, e só en circunstancias extremas para a Patria, ameazada ou invadida, é cando esta reclama a débeda de sangue que os seus fillos lle deben.

De vital interese considera o Relatorio o disposto no título X para a Educación e a Beneficencia, que quixera cohonestar no posible, coa non menos importante materia contida no título seguinte para as Reformas económicas. É de aspecto tan repugnante a indixencia, tan desastrosa a ignorancia, tan homicida a depravación e tan perigoso o abandono e a incuria na resolución do problema social, que preciso era apuntar, cando menos, o xeneroso propósito de acometer a tarefa de reconstruír o home abatido por unha miseria hereditaria e perdurable.

Se polos títulos XII e XV a Constitución deixa por espiñenta e difícil á decisión da primeira Asemblea rexional canto interesa ás actuais provincias, así como á capitalidade do Estado, non certamente descoida o que puidera afectar aos municipios. Ao recoñecer a súa autonomía, sinala as súas funcións; afirma a necesidade de reducir o seu número conforme ás esixencias da opinión pública, e ente outras obrigas, imponlle a de facer un catastro para amillarar a súa riqueza inmoble.

O Estado, polo título XIV, reserva e recoñece na Federación Española atribucións e medios, que son da esencia desta entidade. O Relatorio, inspirándose no proxecto de Constitución da Asemblea de 1873, non vacilou un instante en consignar aquelas, conforme ao disposto nesta, se ben con lixeira variante.

En fin, o Relatorio chama a atención do Consello cara ao título I, onde a rexión se erixe en Estado soberano. Agora espera

que de hoxe para sempre cesarán os gritos dos eternos detractores da Federación, aos que xa non será lícito nin honrado alarmar o mundo cun pretendido separatismo atribuído aos que, se repugnan a uniformidade, aman e buscan a unidade alí onde é precisa para fundar unha Patria común, digna, culta e respectada.

Non rematará o Relatorio sen facer notar que en certos asuntos non foi tan laxa como esixira unha lóxica inflexible, e é que en materias de lexislación, ás veces a lóxica é unha pérfida conselleira.

Non ignora o Relatorio que as relixións son inmutables ou preténdeno ser, como ao fin emanadas dunha verdade revelada; e cando a relixión ademais de absorbente é invasora, informa e domina os costumes e estes convértense en leis, non é difícil ao sectario se lexisla, confundir a conveniente estabilidade nestas, coa petrificación característica naquela,— petrificación que tan funesta foi e é aínda para as sociedades asiáticas—.

E se deterse equivale a retrogradar, o Relatorio, fiel á lei do progreso e da perfectibilidade humanas, non podía desarmar o Estado, órgano do dereito, en fronte dos conflitos que con frecuencia desesperante xorden entre os estados civil e eclesiástico, hoxe ao parecer antagónicos e rivais.

As crenzas son respectables e respectadas, e a Constitución garánteas alí onde o imperio é da súa esencia, isto é, na esfera do individual. O Estado non haberá de oprimir nin manchar a conciencia do crente, coas súas ridículas inmixtións; pero propendendo á secularización da sociedade, reintegrarase das funcións ou atributos de que foi despojado por séculos, e coidará de trazar a órbita na que haxan de moverse todos os intereses lexítimos, con separación perfecta segundo os seus fins; e é que ha evitar loitas, amparar dereitos e prover á orde e ao benestar xeral. De aquí algunhas disposicións adoptadas nos títulos II e X.

A Coruña, maio, 24 de 1883.— SEGUNDO MORENO BARCIA.

*Os que subscriben:*

*Baixo a acción suprema das leis eternas de Xustiza e Equidade; por delegación do Pobo; no nome da Razón soberana; inspirados no amor da Patria e coa serenidade de conciencia do que obra ben e fielmente, conviñeron e pactaron a seguinte*

CONSTITUCIÓN REXIONAL  
PARA O FUTURO  
**ESTADO GALEGO**

TÍTULO PRELIMINAR  
*Autonomía individual*

Todo home polo só feito de selo, veciño, domiciliado ou transeúnte; residente ou de paso por calquera punto do territorio galego, ten asegurados os seguintes dereitos:

1.º Á vida, á seguridade, á dignidade e á integridade da vida.

2.º Ao libre exercicio do seu pensamento, á libre manifestación do sentimento, á libérrima expresión da súa conciencia.

3.º A difundir as súas ideas pola ensinanza.

4.º A reunirse e asociarse para todo fin racional.

5.º Á liberdade de traballo na agricultura, na fabricación, no tráfico e no crédito.

6.º Á propiedade.

7.º Á instrución elemental.

8.º Á igualdade ante a lei.

9.º A vulgar e ser xulgado polos seus iguais.

10.º Á defensa propia en xuízo, e caso de caer en culpa ao delito, á corrección e á purificación por medio da pena.

Estes dereitos naturais superiores e anteriores a toda lei escrita, serán consagrados por recoñecemento e proclamación das Cortes federais, postos ao amparo e baixo a garantía da Constitución, e a salvagarda dos Poderes nacionais.

## TÍTULO I

### *Do Estado Galego*

Artigo 1.º A rexión galega, dunha extensión aproximada de trinta mil quilómetros cadrados e dous millóns de habitantes, áchase dividida en catro provincias, corenta e sete partidos xudiciais e trescentos vinte e tres municipios. As provincias son A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Art. 2.º Esta rexión eríxese en Estado autónomo ou soberano, e adopta a forma democrática-republicana federal para o seu goberno.

Dende agora promete vivir perpetua e indisolublemente enlazada aos demais Estados irmáns da Nación española, ben para practicar a xustiza, realizar o dereito, promover o desenvolvemento das facultades humanas, a prosperidade do país, ben, en fin, para cooperar á civilización e grandeza da Patria común.

Así mesmo aspira á Confederación Ibérica, e desde logo contrae a obriga de axudar incesantemente, para conseguir da Nación portuguesa unha eterna alianza pactada sobre a base do mutuo consentimento e da vontade de ambos os dous pobos.

Art. 3.º Consérvanse por agora e a reserva do que dispoña a primeira Constituínte rexional, as actuais provincias e os partidos xudiciais.

Art. 4.º Previamente consultados e unha vez decididos, os pobos coidarán de reducir os seus municipios, o máis posible, conforme ás necesidades, aos intereses e á contigüidade topográfica do país. O procedemento e o prazo para a súa execución serán obxecto dunha lei.

## TÍTULO II

### *Dereitos e Garantías*

Art. 5.º A lei será igual e por igual protexerá todas as persoas e todos os intereses lexítimos, sobre a superficie do territorio galego.

O Estado non recoñece distinción de sangue, raza, familia ou posición.

Quedan abolidos os títulos de nobreza, así como todo privilexio polo cal puidera eludirse ou dificultar a acción das leis.

Art. 6.º Ningún cidadán poderá ser detido nin preso, senón por causa de delito e en virtude de mandamento de xuíz competente. Todo acto de arresto será motivado.

Queda prohibido todo maltrato ou rigor ao prender unha persoa ou durante a súa detención, así como o atormentala para obter unha delación calquera. Ninguén poderá subtraerse ao seu xuíz natural.

Art. 7.º O domicilio é inviolable.

Ningún funcionario público nin empregado, calquera que sexa a súa clase e categoría, poderá penetrar nunha casa particular senón nos casos de incendio, inundación ou outro perigo análogo de forza maior, ou por reclamación de auxilio, agresión de dentro ou ocupación militar necesaria para a defensa e o restablecemento da orde pública. Se un delincuente collido *in fraganti* e perseguido pola autoridade ou os seus axentes se refuxiase no seu domicilio,



neste será aprehendido; e se o verificase en domicilio alleo, precederá sempre o requirimento ao dono.

Ninguén será compelido a trasladar a súa residencia ou domicilio, senón en virtude de sentenza executoria.

Art. 8.º En ningún caso será aberta nin ocupada a correspondencia postal ou telegráfica. Só en virtude de acto de xuíz competente será detida unha e outra e inspeccionada en presenza do interesado.

Art. 9.º Unha lei consignará a responsabilidade e as penas nas que incorran as autoridades gubernativas ou xudiciais, caso de infracción no disposto polos artigos 6.º, 7.º e 8.º

Art. 10. Toda persoa ten dereito a gozar e asimilar os froitos do seu traballo, calquera que sexa a rama da actividade na que exerza; pero non poderá amortizalos nin vincularlos, nin impoñer sobre eles ningunha clase de carga perpetua e irredimible.

Ninguén poderá ser privado dos seus bens, senón por causa de utilidade xeral, previa indemnización.

Art. 11. Ninguén será forzado ao pago de tributos que non votaran as corporacións, legalmente autorizadas, e na forma establecida polas leis.

Art. 12. Todo cidadán indíxena, español ou estranxeiro, ten dereito a establecerse en calquera punto do territorio galego e exercer calquera industria, profesión, arte ou oficio, conforme ás leis e aos tratados de reciprocidade.

Art. 13. Queda garantida a libre emisión do pensamento de palabra ou por escrito ou en calquera outra forma, sen máis limitación ca a imposta polo Código penal contra a difamación e a calumnia.

Quedan prohibidos a censura, o depósito, o editor responsable e as demais medidas preventivas, encamiñadas a impedir a propagación dun ideal calquera.

Art. 14. Todo cidadán é libre para practicar nunha relixión calquera, en tanto non se opoña á moral e aos bos costumes.

O Estado non reconece ningún culto privilexiado.

Queda prohibido ao Estado, ao municipio ou a calquera outra entidade ou corporación política intermedia que se creara, subvencionar directa ou indirectamente ningún culto.

Art. 15. Decláranse civís para todos os efectos legais, os rexistros de nacemento, matrimonio e defunción.

Art. 16. O Estado non reconece os votos relixiosos para ningún efecto legal.

Art. 17. Calquera, individual ou colectivamente, pode exercer o dereito de petición, en tanto non o verifique coas armas na man.

Art. 18. Todo cidadán é libre para dedicarse ao ensino ou establecer centros de educación segundo a lei, previa competencia probada. Os títulos académicos non terán máis valor ca o de esforzar a aptitude daquel que os posúe.

Declárase a liberdade de profesión.

Art. 19. Queda garantida a liberdade de reunión e asociación pacíficas, en tanto non contradigan a lei natural e as esixencias da orde pública.

Art. 20. Prohíbese toda manifestación exterior de carácter colectivo e de calquera clase que sexa, que obstrúa a vía pública ou se celebre ao redor dos edificios ocupados por corpos deliberantes ou Asembleas lexislativas.

Art. 21. Cando fora declarado o territorio en estado de guerra civil ou estranxeira, rexerá nel a lei marcial.

TÍTULO III  
*Do Poder.-Eleccións*

Art. 22. O Poder público reside na totalidade do pobo galego.

A universalidade dos cidadáns activos e domiciliados no territorio de Galicia, constitúen un corpo político de carácter permanente; exerce as súas funcións directamente por sufraxio universal, e indirectamente polas autoridades ou polos poderes establecidos pola Constitución.

Art. 23. Son electores:

1.º Todo cidadán maior de 20 anos, indíxena, español ou estranxeiro naturalizado, que gozando de todos os dereitos civís e políticos que garanten as leis, estea domiciliado en calquera punto do territorio galego.

2.º A muller maior de 20 anos, sexa cal sexa o seu estado, que á aptitude legal e ao domicilio, engade a circunstancia de ser instruída nas materias que abraza a segunda ensinanza, ou a técnica, ou , cando menos, presente certificado de ter cursado e probado un grupo de materias comprendido na sección de ciencias naturais, físico-matemáticas.

Art. 24. Non serán electores:

1.º Os individuos de ambos os dous sexos que non reúnan as calidades enunciadas no artigo anterior.

2.º Os incapacitados fisicamente.

3.º Os que viven baixo a presión dunha embriaguez habitual.

4.º Os que exercen dereitos políticos noutro Estado, nacional ou estranxeiro.

Art. 25. Corresponde ao pobo, entre outras atribucións que recoñece a lei:

1.º Nomear ou elixir os deputados á Asemblea rexional.

2.º Promover a reforma da Constitución do Estado.

Art. 26. Antes de proceder á elección da Asemblea rexional, dividirase o territorio en distritos electorais, cuxa extensión limitará o tipo máximo de vinte e cinco mil habitantes por deputado. Unha fracción que exceda de doce mil almas, dará dereito á elección dun deputado.

Art. 27. Un padrón ou censo electoral que se formará cada seis anos, servirá de base para estas operacións.

Art. 28. O cargo de deputado é viril.

Todo elector maior de vinte e cinco anos, é elixible para a Asemblea rexional.

Art. 29. A elección de deputados farase por escrutinio secreto á pluralidade e maioría de votos.

Nesta coma noutras decisións populares, resolverá a metade máis un dos electores que tomen parte nas votacións.

## TÍTULO IV

### *Das autoridades públicas*

Art. 30. Todos os poderes actúan en representación do Pobo; todos son electivos, amovibles e responsables; todos recoñecen por límite das súas atribucións os dereitos naturais, ilexistables e imprescritibles do home e do cidadán.

Art. 31. Os poderes públicos divídense en Poder lexislativo, Poder executivo e Poder xudicial.

O Poder lexislativo reside exclusivamente na Asemblea rexional.

O Poder executivo formarao unha Comisión ou Consello de cinco membros elixidos pola Asemblea rexional.

O Poder xudicial será exercido por xurados e xuíces con absoluta independencia dos demais poderes.

Art. 32. Quedan separados en todos os graos da Administración, o Poder executivo e o Poder xudicial.

Unha lei determinará os casos nos que é inadmisíble a reunión de varios cargos nunha mesma persoa.

Art. 33. Igualmente será obxecto dunha lei a incompatibilidade entre parentes por consanguinidade, colaterais ou afíns, para ocupar á vez postos nunha corporación ou autoridade calquera, excepción feita para a Asemblea rexional.

Art. 34. Todo cidadán ten dereito a desempeñar cargos públicos e empregos, segundo a súa capacidade e os seus méritos.

Unha lei de empregados rexerá na materia, e abrazará os extremos seguintes:

1.º Que o ingreso nas oficinas e dependencias do Estado, será por oposición ou exame, segundo os casos.

2.º Que os ascensos e os premios se obterán por antigüidade e méritos.

3.º Que ningún empregado será destituído senón en virtude de sentenza executoria.

4.º Que ningún funcionario aceptará doutro Estado pensión, título nin ningún presente.

Art. 35. Exceptuaranse da citada lei, aqueles cargos ou funcións de confianza que para casos especiais e con carácter transitorio, teñan que reservar as leis ao Poder executivo.

## TÍTULO V

### *Do Poder Lexislativo*

Art. 36. Forman a Asemblea rexional os deputados elixidos polos distritos.

Celebrarán dúas lexislaturas anuais dunha duración máxima de seis meses. A primeira comezará todos os anos o 15 de marzo e a segunda o 15 de setembro.

A convocatoria para as sesións faina o presidente; as sesións cerraranse ou prorrogaranse segundo o estime conveniente a Asemblea.

Art. 37. O cargo de Presidente da Asemblea será de elección anual con facultade de reelección.

Art. 38. A Asemblea poderá reunirse extraordinariamente cando o Presidente ou o Poder executivo o crean necesario, ou trinta membros da mesma o pidan por escrito.

Art. 39. A Asemblea rexional renovarase totalmente cada tres anos.

Tamén se renovará totalmente se, en calquera tempo e como medida extraordinaria, así o pide a maioría dos cidadáns inscritos nas listas electorais do censo xeral do Estado.

Art. 40. Os deputados non só representan os distritos que os elixiron, senón a totalidade do pobo.

Art. 41. É inadmisíbel o mandato imperativo; pero se a maioría dos electores dun distrito pedira, con motivo, a destitución do seu deputado, a Asemblea acordará e publicará a vacante para proceder a novas eleccións.

Art. 42. As vacantes que resultaran durante unha lexislatura, cubriranse inmediatamente polos distritos aos que aquelas corresponden.

Art. 43. Para deliberar e resolver acerca das leis sometidas á votación, constituirán Asemblea a metade máis un dos deputados que teñan aprobadas as súas actas.

Art. 44. Todo proxecto de lei permanente someterase a dous debates solemnes por primeira e segunda lecturas, mediando entre unha e outra un intervalo de tres meses, cando menos.

Art. 45. O cargo de deputado será incompatible con calquera outro administrativo, retribuídos de fondos do Estado.

Art. 46. É da facultade de todo deputado en funcións pedir por escrito e obter a deliberación sobre asunto concreto e determinado, así como esixir datos e instrucións referentes á administración pública en todos os graos.

Art. 47. O deputado é inviolable polas súas opinións e polos votos emitidos na Asemblea rexional; só será responsable ante este corpo deliberante. Tampouco poderá ser preso nin sometido a un procedemento criminal durante as sesións sen expresa autorización da Asemblea, salvo no caso de ser collido *in fraganti*.

Art. 48. Os deputados recibirán por axudas de custo e viáticos unha indemnización que fixará a lei.

Art. 49. As deliberacións da Asemblea, os orzamentos, o estado da Facenda e cantas cuestións de Estado interesen ao pobo, seranlle comunicadas por extracto o máis “lato” posible.

Créase unha *Gaceta* ou *Boletín oficial*.

Art. 50. As sesións da Asemblea rexional serán públicas, excepto nos casos de gravidade que entrañan necesaria reserva.

## TÍTULO VI

### *Das facultades do Poder Lexislativo*

Art. 51. Como autoridade suprema do Estado, a Asemblea rexional procederá:

1.º A examinar a legalidade da elección polas actas dos deputados e pola aptitude destes.

2.º A nomear o seu Presidente, Vicepresidente e Secretarios.

3.º A formar o regulamento para o seu goberno interior.

Art. 52. A Asemblea rexional ten a facultade e o deber:

1.º De confeccionar, interpretar, modificar e derrogar as leis, os decretos e os regulamentos xerais de carácter permanente, así no civil coma no militar, que fosen da súa exclusiva competencia.

2.º De distribuír o produto das contribucións, dos impostos e das rendas do Estado.

3.º De crear empregos públicos necesarios, nomear os funcionarios, ben civís, ben militares; acusalos, calquera que sexa o seu rango ou categoría individual ou colectivamente, e fixar os seus soldos ou dotacións.

4.º De concluír e ratificar tratados cos demais Estados da Península, ata onde o autorice a Constitución federal da Nación española.

5.º De organizar a súa Facenda e fixar o seu orzamento anual de ingresos e gastos.

6.º De levantar empréstitos e impoñer arbitrios cando as circunstancias o esixan, e cando non cheguen os recursos ordinarios.



Art. 53. É da competencia da Asemblea a alta inspección e vixilancia sobre toda da Administración do Estado, e versará:

1.º Sobre todos os actos do Poder Executivo, podendo esixir unha memoria ou relación circunstanciada de todos os asuntos do seu cargo, e pedirlle contas da súa xestión.

2.º Sobre as contas anuais do Estado que examinará e aprobará.

3.º Sobre as competencias anuais ou os conflitos suscitados entre autoridades administrativas, ou entre estas e as xudiciais, coa facultade de decidilas.

4.º Sobre toda elección practicada polos demais poderes e xuntas electorais, se por viciosa fose tachada ou impugnada.

Art. 54. Corresponde así mesmo á Asemblea rexional, a graza do indulto e amnistía para toda causa criminal sen excepción, previas depuración e circunstancias atendibles.

Art. 55. A Asemblea rexional procederá en todas as súas eleccións por votación secreta.

## TÍTULO VII

### *Do Poder Executivo e das súas atribucións*

Art. 56. A Asemblea rexional elixirá unha Comisión ou Consello Executivo de cinco membros, cada un dos cales se achará á fronte dun Negociado ou Dirección conforme á diversa índole de traballos indispensables á Administración.

Art. 57 Crearanse cinco Direccións na forma seguinte:

Unha Dirección para Xustiza e Policía.

Outra para Gobernación.

Outra para Facenda.

Outra para Fomento e Instrución pública.

Outra para Guerra.

Unha lei presidirá a organización e as reformas ulteriores que haberán darse ás Direccións ou Negociados de Administración.

Art. 58. A Asemblea rexional elixirá de entre os membros do Consello Executivo o que presida este, pode ser reelixido unha soa vez. (1)

Art. 59. O Consello Executivo renovarase cada tres anos, inmediatamente despois que o verifique a Asemblea rexional de quen recibe os seus poderes.

As vacantes que ocorran no Consello durante ese intervalo, serán cubertas inmediatamente pola Asemblea.

Art. 60. Son atribucións do Consello Executivo:

1.<sup>a</sup> Velar polo respecto e polo cumprimento das leis, dos decretos e dos regulamentos, e empregar todos os medios lexítimos para a súa execución.

2.<sup>a</sup> Velar pola seguridade e integridade do Estado, tomando todas as medidas necesarias para o efecto, así como para manter a orde pública.

3.<sup>a</sup> Dispoñer da forza armada provisionalmente no caso de repentino e inminente perigo, pero dando conta inmediatamente á Asemblea rexional; solicitar a súa sanción polas medidas tomadas e pedir a súa decisión para as que ulteriormente tivera que adoptar.

4.<sup>a</sup> Facilitar ao Poder xudicial o exercicio das súas funcións.

5.<sup>a</sup> Aplicar o orzamento de ingresos ao de gastos, segundo as leis.

6.<sup>a</sup> Nomear aqueles funcionarios de confianza que lle reserva a lei, e esta non confire a outras autoridades ou Asembleas.

7.<sup>a</sup> Propoñer á Asemblea rexional aquelas leis, aqueles decretos ou aquelas ordenanzas que a necesidade e a experiencia lle suxiran; confeccionar os regulamentos para a súa execución e discutir previamente cantos proxectos someta aquela á súa deliberación.

Art. 61. O Consello Executivo presentará anualmente ante a Asemblea rexional, memorias razoadas acerca do estado da administración pública e conta detallada de cantos asuntos interese coñecer.

Art. 62. O Consello asistirá ás sesións da Asemblea lexislativa, así como calquera dos seus individuos, sempre que por esta fosen chamados, ou co fin de usar do seu dereito de iniciativa ou proposición nas leis, ou responder ás observacións que se lle fagan.

## TÍTULO VIII

### *Do Poder Xudicial*

Art. 63. A administración de xustiza en materia civil e criminal, corresponde unicamente aos xuíces e xurados recoñecidos pola Constitución.

Art. 64. Establécese o Xurado para toda clase de delitos que se cometan de obra, de palabra ou por escrito, ben contra particulares, ben contra as corporacións ou entidades políticas.

A organización do Xurado será obxecto dunha lei.

Art. 65. En cada Municipio, o pobo elixirá por sufraxio directo un Tribunal que entenderá na corrección de faltas, na celebración de xuízos e nos actos de conciliación.

Art. 66. Os xuíces de distrito serán nomeados polo Tribunal Supremo mediante rigorosa oposición, e os seus nomeamentos serán ratificados pola Asemblea rexional.

Así nomeados os xuíces, só serán destituídos por sentenza xudicial.

Art. 67. Créase un Tribunal Supremo composto de maxistrados, que serán elixidos entre os xuíces de distrito que fosen ascendidos por concurso público, previo exame minucioso dos seus méritos e servizos.

O seu nomeamento corresponderá á Asemblea rexional e non poderán ser destituídos, senón por sentenza dun Tribunal superior xerárquico; nin removidos senón por decisión da Asemblea, previa consulta dunha comisión mixta formada para o efecto con individuos pertencentes aos Tres Poderes do Estado.

Art. 68. Unha lei fixará da maneira máis precisa a organización, as funcións, a competencia e o mecanismo dos tribunais Supremo, de distrito e municipais, así como das súas presidencias, seccións e dos empregados subalternos.

Art. 69. Mantense o xuízo oral e público para todos os asuntos que teñan que transmitirse ante os tribunais de xustiza, con excepción daqueles que por decencia e referencia aos bos costumes teñan que substanciarse reservadamente.

## TÍTULO IX

### *Do Exército e da Facenda*

Art. 70. Todo cidadán español domiciliado en calquera punto do territorio galego, prestará o tributo do seu sangue á Patria cando esta, atravesando unha crise suprema, vexa ameazada a integridade do seu solo indivisible, ou a súa liberdade e independencia, ou fose invadida por forza armada procedente de nación estraña ou inimiga.

Art. 71. O Estado organizará o seu exército, segundo os últimos adiantos na arte militar. Proverá a súa dotación con cadros completos de xefes e oficiais, armamento, gornicións e parques para a súa conservación e reforma, campos onde teñan que manobrar as tropas e os cuarteis para albergalas.

Constituirase o Exército sobre a base do servizo voluntario e retribuído, a fin de elevar o exercicio das armas á categoría dunha profesión.

Unha lei militar con tribunais propios fixará e fará efectivas as condicións, os dereitos, os deberes, as prohibicións, as responsabilidades e as penas pertinentes aos individuos do exército, así como as demais disposicións que teñan que rexer o país, cando se ache en estado de guerra civil ou estranxeira.

Art. 72. Todo cidadán está obrigado na medida da súa fortuna, da súa renda ou do seu haber, a levantar cargas públicas para cubrir as atencións do Estado.

Os recursos permanentes proceden:

1.º Das consignacións feitas nos orzamentos municipais para gastos do Estado.

2.º Do produto dos bens propios e das rendas que o Estado reserva.

Os recursos eventuais proverán:

1.º Dos diferentes arbitrios que teña que impoñer a Asemblea lexislativa en caso de necesidade.

2.º Da contratación de empréstitos por causa motivada.

Art. 73. Só cando a penuria do Tesouro non permita facer fronte aos gastos dun servizo xeral e perentorio, poderá a Asemblea rexional establecer derramas, cuxo produto terá que aplicarse necesariamente para caso concreto e determinado.

Art. 74. Ningún empréstito será válido nin poderá contratarse fóra dos casos seguintes:

1.º Para atender os gastos que ocasione unha guerra xusta co estranxeiro.

2.º Para reparar os estragos causados por unha guerra intestina.

3.º Para coadxuvar a formulación dunha mellora de utilidade xeral e carácter reprodutivo, reclamada pola necesidade e pola opinión públicas.

Art. 75. A Asemblea rexional procederá á organización da Facenda e confección de orzamentos, propendendo á unidade na imposición e percepción de tributos.

Estimulará e promoverá nos Municipios a introdución desa mellora, a fin de non molestar o contribuínte e establecer un sistema de recadación pouco dispendioso.

Art. 76. Queda establecida en principio, a contribución única, directa e proporcional.

## TÍTULO X

### *Da Educación en xeral e da Beneficencia*

Art. 77. É da competencia do Estado promover, impulsar, perfeccionar e vixiar a instrución e a educación dos cidadáns, velar polos indixentes e desvalidos, promulgar leis e regulamentos para a execución destes deberes que estima altísimos, arbitrar recursos con tal obxecto, e compeler os Municipios ao cumprimento das disposicións que se ditaren sobre a materia.

Art. 78. Queda establecida en todo o territorio do Estado a ensinanza primaria elemental obrigatoria, gratuíta e laica.

Os Municipios teñen a obriga de crear, soste e elevar ao maior grao de perfección posible, escolas populares, onde reciban a primeira educación os nenos e adultos de ambos os dous sexos.

Art. 79. A segunda ensinanza queda a cargo do Estado. Conservarán os actuais Institutos a reserva de modificar o seu plan de estudo, a orde de materias e a distribución de materias, conforme ao sentido positivo que informa ao presente os últimos conceptos da ciencia.

O Estado, empregando os actuais elementos en persoal e material de instrución pública, levantará centros de instrución técnica aló onde o estime conveniente, para a difusión do coñecemento na agricultura, nas manufacturas, no comercio, na navegación, nas artes e nos oficios.

Art. 80. A Asemblea rexional formulará unha lei xeral de Instrución pública e regulamentos para a súa execución, tendo en conta o dereito do profesorado á libre emisión da ciencia, e o dos alumnos a recibir unha ensinanza allea a todo prexuízo ou preocupación relixiosa.

Art. 81. O Estado aspira á gradual abolición da asistencia legal dispensada aos pobres.

Art. 82. O Estado de común acordo cos Municipios, tratando o problema da miseria, procurará a resolución do mesmo por disposicións sucesivas que sen faltar aos máis rudimentarios sentimentos de caridade para co indixente, terán que constituír un sistema combinado de transformación física, moral e intelectual, con especialidade nos nenos expósitos ou abandonados, capaz de reintegralos sans, aptos e útiles á sociedade.

O Estado e os Municipios procurarán recursos usando de todo medio lícito, ben procurando doazóns piadosas, subscricións e mandas, ben creando estímulos para asociar o

concurso da muller; todo iso sempre baixo a inspección do Estado ou do Municipio, que regulamentarán a distribución que teña que facerse do patrimonio dos pobres.

## TÍTULO XI

### *Reformas económicas*

Art. 83. Para a resolución dos conflitos económicos que puideran ocorrer, o Estado reivindica e reintegra a superficie do seu solo alto e baixo, comprendido entre os seus lindes ou as súas fronteiras.

Art. 84. Exceptúanse da anterior disposición os bens de aproveitamento común ou propios dos pobos ou Municipios.

Igualmente aqueles outros establecementos e edificios que, afectando un carácter nacional, caen baixo o dominio da Federación española.

Art. 85. A fin de liberar a propiedade de toda carga inútil, quedan abolidos todos os dereitos señoriais de orixe feudal.

Declárase válida a reserva de introducir as reformas que a experiencia suxerira, e para todos os efectos da redención, a Lei de foros promulgada en 1873 pola Asemblea Constituínte da República española.

Art. 86. Créase un Banco hipotecario para todo o territorio galego.

O seu capital, as súas funcións, a súa duración, as súas garantías e os seus estatutos, serán obxecto dunha lei.

Art. 87. A Asemblea rexional promulgará unha lei industrial que dirima no posible as contendas entre o capital e o traballo, fixe o ingreso nas fábricas da muller e dos nenos, regule as condicións e o tempo laborable e, en fin, presida o mellor concerto entre obreiros e patróns.



Para o efecto, consultaranse previamente os individuos e as asociacións interesadas.

## TÍTULO XII *Das Provincias*

Art. 88. Queda en suspenso canto interesa ao organismo provincial, en tanto a primeira Constituínte rexional non acorde acerca da súa existencia.

## TÍTULO XIII *Dos municipios*

Art. 89. O Municipio é autónomo na súa vida interior que desenvolve libremente nas tres ordes política, económica e administrativa. Ten por límites os dereitos naturais do home e as soberanías do Estado e da Nación.

Art. 90. Son atribucións do Municipio:

1.<sup>a</sup> Nomear por sufraxio universal e substituír segundo os casos e os tempos, as súas Asembleas e autoridades lexislativa, executiva e xudicial, así como os seus empregados subalternos.

2.<sup>a</sup> Dar unha Constitución.

3.<sup>a</sup> Administrar os seus bens propios e as súas rendas.

4.<sup>a</sup> Impoñer e recadar tributos.

5.<sup>a</sup> Prover a seguridade real e persoal.

6.<sup>a</sup> Construír camiños, vereas, rúas e outras obras e establecementos de utilidade e ornato.

7.<sup>a</sup> Crear escolas e institucións benéficas.

8.<sup>a</sup> Levantar empréstitos.

En fin, poderá adoptar cantas medidas estime oportunas e non se opoñan ao preceptuado nesta Constitución.

Art. 91. Os Municipios procederán á formación dun catastro xeral da riqueza inmoble, a fin de amillarala debidamente.

Art. 92. É da obriga dos Municipios contribuír aos gastos do Estado na medida das súas forzas.

Art. 93. Logo que fose votada e sancionada pola súa Asemblea, os Municipios someterán a súa Constitución ao exame e á aprobación da Asemblea rexional.

#### TÍTULO XIV

#### *Disposicións transitorias*

#### DA FEDERACIÓN

Art. 94. O Estado Galego reconece e afirma a autonomía da Nación, e por conseguinte crea soberana na xestión de canto lle é propio e peculiar.

Art. 95. Afirma así mesmo que os Poderes públicos da Federación Española deben decidir e entender como de propia facultade ou dereito:

1.º Nas relacións exteriores; nos tratados de paz, amizade e comercio; nas axencias diplomáticas e consulares.

2.º Declaración de guerra exterior; declaración de guerra civil; conservación da unidade e integridade nacional; conservación da orde na Federación; arranxo das cuestións territoriais e competencias suscitadas entre os Estados; restablecemento da lei pola forza en caso de necesidade.

3.º Vías xerais de comunicación terrestre, fluvial e marítima; sanidade, correos, telégrafos e semáforos; obras públicas de interese nacional.

4.º Lexislación mercantil, navegación, aduanas e aranceis; fixación da unidade de moeda, pesas e medidas.

5.º Débeda nacional.

6.º Instrución pública superior, facultativa e técnica.

Igualmente estima que a Federación terá que usar dos medios seguintes:

1.º Forza de mar e terra.

2.º Bens e dereitos da Nación.

3.º Impostos federais.

4.º Empréstitos nacionais.

## TÍTULO XV

### *Disposicións finais*

Art. 96. A presente Constitución ou Pacto fundamental será lei suprema do Estado Galego e non poderá ser aplicada nin promulgada ningunha lei, orde nin ningún decreto que a contradiga.

A execución desta lei fundamental, será o primeiro deber de toda autoridade constituída.

Art. 97. Unha Comisión constitucional procederá *incontinenti* á confección dun Código civil.

Art. 98. Acéptase en calidade de por agora e sen prexuízo de reforma, o vixente Código penal, previa abolición da pena de morte e todas as perpetuas. (1)

Acéptanse así mesmo a reserva de revisalas, a lei hipotecaria, a de augas e outras que puideran suscitar

competencias, en tanto non sexa coñecida a Constitución federal.

Art. 99. Queda declarada interinamente capital do Estado, a cidade da Coruña.

O primeiro deber da Constituínte será resolver e decidir sobre este extremo; ben declarando a capitalidade residente

(1) *Emendado por adición.*– Asemblea de Lugo, 1887.

e por quenda nas capitais das actuais provincias, ben designando para o efecto un territorio neutral; ben, en fin, como mellor estime a xustiza.

## TÍTULO XVI

### *Revisión*

Art. 100. A Constitución poderá ser revisada se así o acordan:

1.º A Asemblea rexional.

2.º A metade máis un dos cidadáns inscritos no padrón electoral do Estado.

Nun ou noutro caso, a Asemblea rexional tomará as súas medidas para a elección dunha Asemblea Constituínte.

Así o acordaron e conviñeron na Coruña a vinte e catro de maio de mil oitocentos oitenta e tres.– Pola provincia da Coruña, *Antonio Manuel Benítez, Manuel Portela Calderón.*– Pola provincia de Lugo, *Segundo Moreno Barcia, José Martínez García.*– Pola provincia de Ourense, *Modesto Moirón, Santiago Casares Paz.*– Pola provincia de Pontevedra, *Toribio Curti e Granada e Joaquín Rey Calvo.*

Reunida en Lugo a segunda Asemblea federal da Rexión galega, o día 2 de xullo de 1887.

Previa lectura e aprobación do informe emitido pola Comisión ditaminadora nomeada na primeira Asemblea da Coruña o día 17 de decembro de 1886;

lido que foi o anterior proxecto de Constitución para o futuro Estado galego,

aquela Asemblea discutiuno, modificouno, votouno e sancionouno solemnemente.

E para que así conste, subscribírono na mesma sala de sesións os representantes asistentes ao acto, en

Lugo a 6 de xullo de 1887.

O presidente, representante por Ribadeo, *Segundo Moreno Barcia*.-O vicepresidente, representante por Lugo, *Manuel Mosquera Lequerica*.-O secretario, representante por Viana, *José Núñez e Núñez*.-O secretario, representante por Ribadeo, *Manuel Castro López*.- Os representantes por Becerreá, *José Soto e Torre, Juan María Muñoz*.-Os representantes por Betanzos, *José Porto García, Germán Lenzano Monfortín*.-O representante por Cambados, *Braulio Montojo*.-O representante por Corcubión, *Federico Tapia Segade*.-O representante pola Coruña, *Gonzalo Pita da Veiga*.-O representante por Lugo, *Bernardo Abuín e Sal*.-O representante por Mondoñedo, *Manuel Leiras Pulpeiro*.-O representante por Monforte, *Manuel Díaz Losada*.-Os representantes por Quiroga, *Francisco Rebollo Bande, José Rodríguez González*.-Os representantes por Santiago, *Faustino de Orantes e Magallón, Policarpo Nava*.-Os representantes por Tui, *Juan Domínguez Troncoso, Luis Reboredo*.-Os representantes por Valdeorras, *Modesto Moirón, José Fernández Carballo*.-O representante por Vigo, *Joaquín Rey Calvo*.- O representante por Villalba, *Marcelino Losada Varela*.-O representante pola prensa federal, *Aureliano J. Pereira*.

## CONSELLO EXECUTIVO DA REXIÓN GALEGA

Sendo vontade soberana da Asemblea federalista da Rexión facer valer, gardar e facer gardar a presente Constitución para o futuro Estado galaico entre os republicanos federais espaxados polo territorio galego, rogamos aos comités provinciais e locais constituídos e que vaian constituírse, así a cumpran e fagan cumprir en canto puidera afectarlles por motivos de propaganda, organización, relacións e competencias que puideran suscitarse entre uns e outros.

A Coruña, xullo, 20 de 1887.

*Manuel Mosquera Lequerica.-Braulio Montojo.-Manuel Leiras Pulpeiro.-José Núñez e Núñez.-De acordo co Consello, Segundo Moreno Barcia.*

## ASEMBLEA FEDERAL DA REXIÓN GALEGA

DITAME DA COMISIÓN NOMEADA EN DECEMBRO DE 1886  
PARA INFORMAR ACERCA DO PROXECTO DE  
CONSTITUCIÓN PARA O FUTURO ESTADO GALEGO.

### Á ASEMBLEA

O cometido que en decembro último nos encomendastes, constituiría para nós grave compromiso se a Comisión, autora do proxecto de Constitución presentado en 1883 non cumprise tan concienciadamente, como o fixo, poñendo á contribución o talento e a discreción de todos os seus dignos individuos e a fe política e interese polos asuntos do partido que neles hai que recoñecer, e procurando condensar en preceptos os dogmas do noso credo.

Se tal non sucedera, a Comisión que subscribe, á cal destes encargo de examinar o devandito proxecto, tería defraudado as vosas esperanzas; mais a súa tarefa é bastante sinxela, pois

limitábase a propoñervos que aprobedes o excelente traballo do que se dará lectura.

O que hoxe é xefe ilustre do partido federalista formulou en 1854 o máis completo programa, despois dun exame minucioso e imparcial do sistema monárquico, e dunha tan xusta coma severa crítica da súa política e administración. En nada variou ese programa e esa fórmula que para a aplicación dos seus principios contén o proxecto de Constitución, cuxo exame produciu no noso ánimo –como seguramente producirá no de toda a Asemblea– agradable impresión e satisfacción vivísima.

Sentado xa que a Nación española ha de dividirse para a súa mellor organización en catorce agrupacións ou estados, constituíndo un destes, o Estado galego, as catro provincias desta denominación, non é mester para nós explicar as razóns nas que tal división poida fundarse; pero, non será ocioso traballo o de dedicar unhas liñas á exposición deste punto.

Precisamente, dun breve tempo a esta parte, pode dicirse que a máis activa propaganda das nosas ideas debémola aos máis encarnizados adversarios delas, ou polo menos do nome co que se designa o seu conxunto. Porque hai que advertir que chegou a un punto tal a inconsecuencia, e tan esquecida anda a lóxica, que frecuentemente avogan os nosos inimigos polas solucións federalistas, querendo descoñecer que tales sexan e renegando de admitir as súas conclusións naquel momento que atacan ou destrúen os privilexios que gozan, os principios doutrinarios que profesan, ou as tradición que eles representan.

Non hai moito que, mercé ao choque de intereses materiais, alzou de novo a súa cabeza o rexionalismo naquela comarca de España onde sen menoscabo de ningunha idea boa, xenerosa ou nova, mais poderosa alenta a vida local; e ao impulso daquel movemento provocado nun extremo de España, por virtude da forza inicial que de alí partía, todas as rexións se sentiron sacudidas a un tempo e todas á unha protestaron contra os males

da centralización; protesta unánime que alarmou os corifeos desta, os que, cegados polo inesperado do feito, non vacilaron, aínda que recoñecían a razón que nos asistía, en acusarnos de querer romper lazos que ninguén mellor ca nós respecta, reproducindo o infundado cargo, ridículo aos ollos de calquera persoa razoable, de que queremos desunir a patria; como se o noso dogma político non encerrase a consagración de todo dereito e o respecto de toda autonomía; como se este producise outra cousa que a máis absoluta harmonía entre todos os organismos sociais; como se esa harmonía non fose orde e unidade; orde baseada na función regular de todos aqueles organismos; unidade que ten por base a comunidade de intereses e a solidariedade de dereitos.

Polo presente pode chegar ao noso amor propio ver esas manifestacións de adhesión implícita ou explícita, segundo que aquelas son máis ou menos vivas, ás nosas ideas; e, ademais, que para resolver os problemas de goberno, sociais, económicos ou administrativos, teñan os nosos adversarios os que máis preconizan a unidade, necesidade de tomar dos principios que profesamos, das solucións salvadoras, como, por exemplo, sucede en Inglaterra con Irlanda.

E é que os males da centralización son tan graves e profundos, que, aínda con repugnancia ás veces os homes pensadores rendidos á forza dos feitos, teñen que apelar aos principios do sistema federativo.

De verdade, que ningunha outra nación como España necesita e reclama a aplicación dese sistema, tanto polos seus precedentes históricos, canto porque dado o estado de prostración no que se atopa, fóra daquel non hai remedio, solución nin paliativo; disto convencerase quen examine, aínda que tan sequera sexa lixeiramente, as diferenzas que separan unhas rexións doutras, o antagonismo que existe entre os seus intereses, por que modo viñeron constituír este todo que se chama nación española, e como ao formar esta unidade se



iniciou a decadencia, orixinando o grave mal que hoxe todos lamentan, pero de cuxas causas non queren darse conta moitos, cando non son outras ca a centralización, a usurpación cometida no nome dunha falsa unidade que despoxo de todas as súas atribucións e dereitos, de todos os seus medios de acción e de vida as provincias e os municipios.

E se tal é a necesidade, e todos a recoñecen, e ás nosas ideas apelan para ver de satisfacela, xusto é que confiemos no triunfo daquelas e que por el traballemos coa propaganda, e que na medida das nosas forzas procuremos todos cooperar co traballo do presente a que sexa sólida e permanente a obra do porvir, que representa para nós, non só a consagración do dereito natural humano e a reintegración nel de todos os cidadáns, senón que tamén a serie de medidas e reformas que na orde administrativa, o mesmo que na económica e social, han dar solución aos problemas hoxe pendentes que non pode tratar o réxime actual, porque de resolvelos como as necesidades da Nación esixen, terminaría a súa existencia, mantida esencialmente pola centralización e polos privilexios que desta emanan, esa centralización da cal dixo Odilón Barrot que é inaguantable, cando ben a título de tutela, ben de policía, somete á súa acción preventiva os dereitos colectivos dos cidadáns; cando co pretexto de que os municipios son incapaces de resolver asuntos dalgunha gravidade, encárgase o goberno de facelo por medio dos seus axentes e sinala aos pobos os seus alcaldes, os seus mestres de escola e ata os seus gardas de campo; centralización que chega a arrebatarse á xustiza o coñecemento dos asuntos nos que a administración está interesada, e que por tal camiño, de abuso en abuso e de despoxo en despoxo, converte o individuo en autómatas e as corporacións populares en rodas secundarias, sen movemento propio, da complicada e torpe máquina administrativa.

Sería ofender a vosa cultura, cidadáns representantes, deternos en prolixas explicacións acerca do absurdo da

centralización e das funestas consecuencias que dela se derivan. O estado da nosa desgraciada Nación, cuxa decadencia comeza coa mal chamada *unidade nacional*, e vai en progresión a medida que esta se consolida, di a todos con desconsoladora elocuencia que a centralización é aniquiladora; cancro que todo o devora e corrompe, e que o seu único remedio está en devolver a todos os organismos a súa autonomía para rexerse naquilo que é seu e peculiar.

Así como o home, en uso desa autonomía, pode obrar illadamente, e nas súas relacións cos demais ten que formar con eles un pacto constituíndo un poder que vele polo cumprimento do pactado, así os demais organismos, libres para obrar en canto é seu, han relacionarse cos demais para o que sexa común a todos, resultando de aquí a función regular deles, a harmonía que constitúe a verdadeira orde, cuxa base é o cumprimento de todos os deberes e o recíproco respecto a todos os dereitos.

Determinados están os medios de que ese resultado se obteña, polo que ao Estado galaico respecta, no proxecto sometido á aprobación desta Asemblea; no cal só se omitiu a parte relativa á organización provincial, por crer con moi bo acordo a Comisión autora do mesmo que ese interesante punto compete resolvelo a unha Asemblea constituínte, que se ben puidese ser a hoxe reunida, considerándoa con tal carácter, debe ser, en opinión dos asinantes deste ditame, a que se reúna cando a organización do partido federalista galego sexa tan completa que ningún distrito careza de representación propia.

Tamén se deixa á resolución desa Asemblea declarar cal será a capitalidade do Estado, punto de máis fácil acordo e que provisionalmente estea resolto, considerando como capital a cidade da Coruña.

En todo o demais, o proxecto que nos ocupa expresa, como xa dixemos, os principios do noso credo; a eles axústase en

todos os seus preceptos, e responde á máis perfecta ortodoxia, e é, aínda que sinxelo na súa forma, como cómpre a obras desta índole, claro e expresivo.

Consigna no título preliminar a autonomía individual, pedra fundamental do noso sistema, dedicando o título II á expresión dos dereitos inherentes a aquela e ás garantías do seu exercicio, tratando no III do dereito de sufraxio.

Dos poderes públicos tratan os títulos IV, V, VI e VII, así como o VIII relativo á organización do poder xudicial, conforme á doutrina da escola democrática, á que rigorosamente se axusta tamén ao ocuparse do Exército no título IX, que tamén comprende a Facenda.

E concedendo á Educación e Beneficencia a importancia que teñen nos pobos libres e cultos, a estas interesantes cuestións dedica o proxecto o seu título X; non esquecendo no XI as reformas económicas, ás que, como é natural, a República consagrará atención e coidado exquisito, por seren tamén esas cuestións as máis descoidadas polo réxime actual.

Sinala as atribucións dos Municipios (título XII) e dos Poderes públicos (XIV) e nos dous últimos consigna disposicións provisionais para facilitar a xestión do goberno do Estado, e os casos de revisión da Carta constitucional.

Claro está que moitos dos puntos indicados haberán desenvolverse en leis especiais que respondan ao criterio do partido que desas cuestións ha tratar nas Asembleas sucesivas; pero, non obstante, nesta Constitución quedan xa contidas as bases dese traballo, porque o espírito dela haberá informar as devanditas leis. E por outra parte, a diferenza das demais agrupacións políticas, cuxos programas indeterminados e incoloros nada resolven, nós teremos de hoxe máis un programa concreto que ofrecer á consideración do país, o cal verá que non é a política para o partido federalista, o *modus vivendi* que hoxe

está en voga e que só serve para que os partidos se manteñan no poder por manterse, sen deixar pegada do seu paso que ao pobo faga grata memoria dos que o gobernaron.

Para nós a política é a arte da gobernación dos Estados; e como os Estados teñen necesidade de Administración, de Facenda, de reformas sociais e económicas; e como especialmente de todo iso carece a nosa Nación, na Carta política do Estado galaico tiñan que ocupar lugar preferente eses importantes ramos, que mañá serán obxecto de leis baseadas no máis absoluto respecto á autonomía dos individuos, aos que desexamos ver reintegrados na posesión dos seus dereitos, gozando da liberdade en todas as súas manifestacións; porque certamente non se goza da liberdade, aínda que se teñan dereitos políticos, cando hai unha administración absorbente que mata toda iniciativa, unha Facenda rutineira e opresora, unha Administración de xustiza sometida ás arbitrariedades ministeriais, unha centralización que arrebatada ás corporacións populares todas as súas facultades, e para quen a propiedade dos pobos non é digna de ningún respecto.

Como se ve polo proxecto sometido á vosa crítica, todo iso constitúe para nós parte importante do noso credo; no traballo da Comisión consígnase a base da solución que haberá responder ao que, segundo as nosas ideas, hai dereito a esixirnos; traballo que ao noso xuízo pode cualificarse de completo, non obstante, rogámosvos encarecidamente que expoñades todos e cada un o voso parecer, pois talvez as vosas observacións farannos advertir as deficiencias que nós non achamos, motivo polo cal vos pedimos que aprobedes o proxecto.

Lugo, 2 de xullo de 1887.-*Manuel Mosquera.-Modesto Moirón.-Aureliano J. Pereira.*

## ASEMBLEA DA REXIÓN GALEGA

ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN LUGO OS DÍAS  
2, 4, 5, 6 E 7 DE XULLO DE 1887.

### Sesión preparatoria

*Salón de actos da Escola Normal, 2 de xullo de 1887.*

Congregados na cidade de Lugo os señores representantes das catro provincias galegas, ábrese a primeira sesión, de carácter reservado, baixo a presidencia do señor Moreno Barcia, quen roga ás Comisións de actas que procedan a revisalas novamente, por se resultan algunhas máis, conforme ao decreto último emanado do Consello executivo.

Practicada a revisión e comprobados os poderes, aparecen electos representantes pola provincia da Coruña, *os señores don Ramón P. Costales, Manuel Portela Calderón, Gonzalo Pita da Veiga, Federico Tapia e Segade, Faustino Orantes e Magallón, Policarpo Nava, José Porto García, Germán Lenzano e Monfortín, Bernardo Torrado Cribeles, Maximino Morán, Romualdo Real e Enrique Rodríguez Llamas*; pola provincia de Lugo, *don Manuel Mosquera Lequerica, Bernardo M. Abuín e Sal, José Soto e Torre, Juan María Muñoz, Pedro López Juíz, Santiago Casares, Manuel Díaz Losada, Marcelino Losada Varela, Manuel Leiras Pulpeiro, Francisco Ron e Colmenero, José Martínez García, Francisco Rebollo Bande, José Rodríguez González, Segundo Moreno Barcia, Manuel Castro López e José García e García*; pola provincia de Ourense, *don Modesto Moyrón, José Fernández Carballo, José Núñez e Núñez e Agustín García Andrés*; pola provincia de Pontevedra, *Don Nazario Lence, Joaquín Rey Calvo, Juan Domínguez Troncoso, Lino Portela Calderón, Luis Reboredo, Eduardo del Río e Braulio Montojo*; representante pola prensa, *Aureliano J. Pereira*.

Seguidamente procédese a fixar a orde dos traballos.

O señor MOSQUERA LEQUERICA: Ante todo conviría que a Asemblea decidira celebrar as súas sesións publicamente, non xa por ser usual e corrente en todo pobo libre, senón porque coñecedora a veciñanza e con esta as autoridades constituídas, da nosa presenza aquí, ao facer públicos os nosos debates e as nosas decisións, aforraranse xuízos aventurados acerca dos nosos propósitos e das nosas tendencia perfectamente lexítimas; e entendo a publicidade, no sentido de permitir a entrada a todos os cidadáns sen distinción de matices, reservando, como é natural, a palabra e o voto aos representantes autorizados.

O señor ORANTES: Aínda cando a Asemblea parece ser chamada para discutir e votar a futura Constitución do Estado galaico, puidera moi ben ocuparse, no uso da súa Soberanía, doutros asuntos que non foran doutriniais; e entón quizais non conviñera a publicidade; se, como desexan algúns señores representantes, nos ocupamos do estado actual da coalición republicana, non sei ata que punto sería prudente facelo publicamente.

O señor PEREIRA: Entendo que as sesións deben ser públicas para cantos asuntos teña a ben tratar a Asemblea; neste concepto debo manifestar que a Comisión ditaminadora redactou un informe aceptando íntegro o proxecto de Constitución, a pesar de acharse en desacordo os seus individuos sobre algún punto importante. Publicamente, pois, a comisión defenderá o proxecto, e roga ao señor presidente que se asocie á mesma, por canto parece ser autor do proxecto en cuestión.

O señor MOSQUERA, para rectificar: Conforme co señor Orantes en que as cuestións de conduta deben tratarse privadamente, por canto a prudencia aconsella que en materia de relacións se recomende a circunspección, ás veces sucede que na calor dun debate, vai máis alá a palabra do que conviñera. E polo

que respecta á discusión do proxecto mencionado, adhirome á opinión do señor Pereira.

O señor MOYRÓN: Aludido polo señor Pereira, e como individuo da Comisión ditaminadora, debo aclarar que se ben subscribo o informe polo razón exposta, desexo conservar a miña liberdade de acción para ocuparme oportunamente da doutrina contida nos artigos 23, 78 e 79, respectivamente.

Despois dalgunhas outras consideracións formuladas polos señores Abuín, Leiras, Orantes e Mosquera, a Asemblea acordou en orde aos traballos:

1.º Celebrar sesións públicas cantas fosen precisas para discutir e votar a Constitución do futuro Estado galaico, así como o informe da comisión ditaminadora, comezando por este, e para o cal se adoptará o temperamento máis propio á brevidade.

2.º Que as sesións tiveran lugar de tres a sete da tarde, e de dez da noite en adiante, caso de convir que foran dobres.

3.º Que as cuestións de conduta e outras análogas, se tratarán privadamente nunha ou máis sesións, conforme ao número e á importancia daquelas.

Unha vez que foron repartidas as quendas, levántase a sesión. Eran as sete da tarde.

#### SESIÓN PRIMEIRA DO 4 DE XULLO

Ao abrir a sesión o señor Moreno Barcia ante un público numeroso que enchía a espazosa sala de actos da Escola normal, empeza saudando cariñosamente os representantes da Rexión galega, saúdo que fixo extensivo á capital e provincia de Lugo, que chamou “terra querida, para el á vez berce da súa existencia e sepulcro dos seus antepasados.” Despois de consagrar un

recordo moi sentido aos representantes falecidos de Quiroga e Mondoñedo, señores Villar e Ferreiro, e seguindo no uso da palabra, di “que para previr os xuízos temerarios do vulgo e xustificar os traballos da Asemblea ante o adversario, xa incapacitado para coñecer e sentir o movedizo do solo que pisaba, horriblemente minado polos desacertos da monarquía, debía expoñer os motivos que tivo aquela para reunirse en Lugo”.

“Se consultades a Historia, prosigue, ela diravos como as revolucións, a pesar dos seus lemas distintos e das aspiracións diversas, obedeceron sempre a unha causa máis profunda de malestar xeral, á causa económica. Lembrede para o obxecto a primeira revolución francesa, aquelas combinacións de Law, os privilexios outorgados ao Banco de Francia e a espantosa depredación dos asignados que, provocando a desesperación popular ata os delirios do Terror, trazara o camiño do suplicio que fatalmente houbo de percorrer o infortunado Luis XVI. Meditade agora sobre o actual estado do país por se unha situación análoga o oprime, onde un Banco único e privilexiado, despois de acaparar o crédito nacional e apoderarse da recadación de tributos, acaba de obter o “pingüe” monopolio da renda de tabacos; e se contra esa sociedade bancaria se suscitase un pánico, como facilmente pode acontecer, ¿que consecuencias tan espantosas se orixinarían de aquí para a orde, o benestar, o presente e o porvir de España...!”

“Por outro lado, unha corrente poderosa de inmoralidade política envelena e desorganiza a nación dun ao outro extremo da Península; a traizón, a apostasía, a imprudencia, todos os atrevementos, todas as ousadías adoitan achar premio e galardón nas esferas do poder; non parece senón que o Tesouro público sexa destinado a corromper as consciencias, a gañar a xuventude das nosas Universidades, afogando no seu peito con mesquiñas credenciais os máis nobres impulsos, as máis xenerosas



aspiracións da alma, con menosprezo do mérito e trastorno do servizo público e privado; e ¿para que? Para concluír nun escepticismo feroz, que fará caer as actuais institucións como caeu por igual motivo, e baixo a presión de circunstancias análogas, a monarquía de Xullo en Francia, a fin de levantar sobre as súas ruínas a segunda República do 48.”

“Engadide a iso a centralización exclusiva e preponderante en todos os ramos da administración que absorbe, seca e mata todas as iniciativas locais e provinciais, ao extremo de arruinar a nación despois de escravizala en beneficio do poder, e resultarán tres causas creadoras de grandes desastres, cada unha delas bastante por si soa para derrocar situacións máis solidamente afianzadas que a que hoxe rexe os destinos do país. ¿Acaso o noso labor será ocioso? ¿Non debemos cooperar e prepararnos para non ser sorprendidos polos acontecementos que se intúen? Tratemos xa de previr os horrores dunha interinidade prolongada, e dende logo minoremos o espazo que necesariamente haberá de mediar entre unha institución que morre e outra que renace.”

“Así, inspirados nas anteriores reflexións e coa serenidade de conciencia do que obra ben e fielmente pola patria, reclamo dos señores representantes toda a súa atención e aquela circunspección precisa nestes momentos, para dar cume aos nosos traballos, conforme ao deber que nos impuxemos.”

Un señor secretario dá lectura ao seguinte telegrama:

“Vigo saúda a Asemblea rexional neste día e asóciase aos seus traballos.– *Nolasco Cosío.*”

O señor DOMÍNGUEZ TRONCOSO: Pido a palabra. Traio, dende Madrid, de onde chego agora, o encargo de saudar a Asemblea no nome do noso ilustre xefe señor Pi e Margall.

O señor presidente declara, no nome da Asemblea, ter oído coa máis viva satisfacción ambos os dous saúdos, e propón que

se dirixa un telegrama ao señor Pi e Margall ofrecéndolle o apoio incondicional da mesma; así como outro ao señor Vallés e Ribot saudando a rexión catalá. A Asemblea así o acorda.

Neste momento o señor Mosquera Lequerica, ocupa a presidencia, por ter que pasar ao banco da Comisión constitucional o señor Moreno Barcia.

O señor Mosquera propón para a orde das sesións que se adopte o procedemento que rexeu para as celebradas en decembro, e para abreviar que se dea lectura ao informe da ditaminadora, logo do proxecto de Constitución, primeiro en totalidade e despois por títulos, coidando os señores representantes de anotar o artigo ou os artigos sobre os que

se teñan que facer observacións ou emendas, no uso do seu dereito. Así se acordou.

O señor Pereira dá lectura ao citado informe, polo que se propón á citada Asemblea que acepte, tal como foi presentado polo Consello executivo, o proxecto de Constitución para o futuro Estado galaico.

O señor ORANTES: Despois de felicitar a Comisión polo luminoso informe que acabamos de oír, rogo á Asemblea que sen discusión o aprrobe. Foi aprobado.

O señor Castro López, secretario, dá lectura ao proxecto de Constitución que consta de 16 títulos e 100 artigos, e na súa totalidade foi aprobado pola Asemblea.

Lido o título preliminar novamente, o señor Moreno Barcia, da Comisión, di: cando o Consello executivo formulou e adoptou o proxecto, aínda non existía a Constitución federal de Zaragoza, baixo a cal entendía que debían poñerse os dereitos do home que a nación debe garantir; hoxe sobra ese título, e para a Comisión é indiferente quede ou non á fronte do pacto rexional.

O señor ORANTES: Pido a palabra. Desexara que a Comisión expuxera o seu criterio acerca do dereito á propiedade, pois tal e como historicamente vén esta detectándose, quizais algún representante non o aceptara.

O señor MORENO BARCIA: Ao consignar o dereito á propiedade, o Consello executivo tivo en consideración que o home, sen outro recurso para vivir no planeta que habita que o froito do seu traballo, debía ter garantido como un *dereito* o que en realidade a natureza lle impón como un *deber*, isto é, a potestade de asimilar os elementos de nutrición que crea e acumula; en canto ao uso que dese dereito puidera facer, o lexislador coidará, no nome da sociedade, de regulalo conforme á equidade e á xustiza.

Despois dunha discusión na que tomaron parte algúns señores representantes, aprobouse por maioría o título preliminar, acordando que seguise á fronte do proxecto de Constitución.

Dáse lectura ao título I que trata do Estado galaico.

O señor ORANTES: Debo facer algunhas observacións á Comisión respecto dos artigos 2.º e 4.º Polo apartado 3.º do art. 2.º, o Estado contrae a obriga de coadxuvar con *todas as súas forzas* á Confederación ibérica; estimo que a frase *forza* é enérxica e propia para suscitar receos por parte de Portugal, podendo crer que desexamos atentar a súa independencia por espírito de conquista; rogo que se substitúa esa frase por outra. E polo que respecta ao art. 4.º, chamo a atención da Asemblea sobre a redución do número de municipios; se ben moi conforme, entendo que debe deixarse á iniciativa dos pobos o precisalo por si mesmos, como únicos competentes para aproveitar a situación, extensión e contigüidade conforme aos seus intereses, e fixar o centro municipal segundo as súas

necesidades; chega con que se lles recomende a redución do número de municipios ao posible.

O señor SOTO E TORRE: Non vexo a gravidade notada polo señor Orantes nas frases do apartado 3.º do art. 2.º, vindo, como están no proxecto, enlazadas con estas outras: *baseada sobre o mutuo consentimento e a vontade de ambos os dous pobos*, co cal aquelas quedan reducidas ao sentido moral e non a ningún outro. Máis propio, aínda que fago xustiza ao bo desexo da Comisión, sería borrar o apartado 4.º do mesmo artigo por ocioso; pois que amén de que no pecado vai a penitencia, os demais Estados coidarían de facer entrar en razón ao que infrinxise ou faltase ao pacto nacional. E xa no uso da palabra, direi que vería con gusto que se consignase por ampliación o desexo de promover a confederación hispano-americana; constituír unha nacionalidade poderosa e rica, onde máis de 60 millóns de almas falan unha mesma lingua e por elas flúe un mesmo sangue, é aspiración dos nosos tempos e faría honor ata o intentalo.

O señor PEREIRA: A Comisión por máis que, conforme coa opinión do señor Soto e Torre, non ve a necesidade de modificar o apartado 3.º do art. 2.º por ser claro o sentido que a informa, non ten inconveniente en aceptar a proposta do señor Orantes; acéptaa tamén con gusto en canto ao artigo 4.º, por achala moi pertinente.

Respecto da supresión indicada polo señor Soto, a Comisión dáa por feita; non así a ampliación que propón de cooperar á Confederación hispano-americana. A Comisión consignou que –por excepción– coaduxaría á ibérica, por ser Portugal estado fronteirizo e ligarnos a el por máis dun concepto o interese e a historia; nesta materia, a de pactar esas alianzas proveitosas, entendemos que é atribución nacional.

Despois dalgunhas rectificacións, foi aprobado o título I coas modificacións introducidas nos artigos 2.º e 4.º

Procédese á lectura do título II.

O señor ABUÍN E SAL: Rogo á Asemblea que se digne engadir o art.10, e a continuación da súa última frase, con estas outras: “nin impoñer sobre eles ningunha carga perpetua e irredimible.” En apoio da proposición, expón o estado actual da propiedade rústica e urbana en Galicia, propiedade que estima como un valor en cambio e que permite ao señor Abuín entrar nunha serie de consideracións, todas elas encamiñadas baixo o criterio histórico xurídico, a limitar a facultade omnimoda que os propietarios viñan detendo, e pola cal inutilizaban a transmisión daquela, o mesmo a título oneroso ca gratuito; abuso, dicía, que arrancando do dominio eminente dos príncipes, pasou por extensión, aos vasalos, que o extremaron ata raíar nunha verdadeira espoliación.

O señor MORENO BARCIA: a Comisión acepta a emenda, con tanto máis gusto, canto coincide co señor Abuín en desexar liberada a propiedade territorial.

O señor MUÑOZ: En atención a que polo art. 15 se declaran civís os rexistros de nacemento, matrimonio e defunción, propoño á Asemblea, unha vez que os actuais xulgados municipais teñen xurisdición criminal, que se consigne no mesmo que o rexistro queda a cargo dos concellos. Rogo tamén á Asemblea que modifique o art. 21, no sentido de evitar que algún día puidera aplicarse a pena de morte, contida na vixente lei marcial.

O señor MORENO BARCIA: A Comisión non ten inconveniente en admitir a adición proposta polo señor Muñoz ao art. 15; respecto da modificación indicada para o art. 21, non pode aceptala, por canto ese temor é infundado, en

consideración a que unha lei especial ou orgánica non ha superar nin contradicir a fundamental do Estado.

Queda aprobado o título II coas modificacións introducidas no texto constitucional para os artigos 10 e 15.

Pasadas as horas de regulamento levántase a sesión. Eran as sete da tarde.

## SESIÓN SEGUNDA DO 5 DE XULLO

Aberta a sesión baixo a presidencia do señor Mosquera Lequerica con asistencia de 25 señores representantes e un público numerosísimo, ansioso por oír e presenciar as sesións da Asemblea rexional, éntrase na orde do día.

O señor Castro López dá lectura ao título III.

O señor MOYRÓN: A pesar de ter subscrito o informe da Comisión e usando as reservas que anunciei na sesión preparatoria, debo manifestar que non estou conforme co art. 23, tal e como se acha redactado, especialmente no que afecta ao voto concedido á muller. Entra nunha serie de consideracións para fixar o maior ou menor dereito atribuído á muller instruída sobre a ignorante, e non acha fundamento á preterición; concluindo por afirmar que de consignarse o dereito electoral para unhas, debía consignarse para todas, por máis que a conveniencia aconsellaba negalo a unha e outras. En fin, que non había precedente no mundo que autorizase semellante medida, nin Constitución xeral nin particular que contivese medida, nin Constitución xeral nin particular que contivese tal dereito, opinión que acreditaba a Constitución de Zaragoza, que nada estatúa sobre o asunto.

O señor PEREIRA: rogo á presidencia que reserve á Comisión o dereito de contestar a todos os señores que teñan que

impugnar o art. 23, para facelo en globo, en graza da brevidade e da mellor orde.

O señor PORTO: Combato o art. 23 por diminuto e non acerto a comprender como a Comisión puido restrinxir o dereito electoral ao exíguo número de mulleres adornadas cun título académico ou punto menos; afirma que a muller está constituída física e moralmente como o home, e ante a testemuña da natureza non debe “discretarse” o dereito; encarece a importancia da muller na familia e na sociedade, de sorte que, a pesar da súa inferioridade aparente, resulta predominando ao home moi lexítima e positivamente; rogo á Asemblea que acepte o seu criterio e confira a todas as mulleres o dereito electoral sen ningunha limitación.

O señor DOMÍNGUEZ TRONCOSO: Opóñoome á totalidade do artigo 1.º, porque na necesidade de harmonizar a Constitución de Zaragoza coa rexional, debe sinalarse nesta a idade de 20 anos para que o home teña dereito ao sufraxio, como a esta idade se lle esixe que cumpra con deberes moi sagrados; e 2.º, porque non hai ningunha noticia nin Constitución que acredite o criterio da Comisión, en canto a conceder o dereito electoral ás mulleres, como afirmaba o señor Moyrón; que a muller é inferior ao home, e se chegara a exercer ese dereito, graves perigos correría a liberdade e a República; que no fondo estaba conforme co señor Porto, pero aínda non era tempo de emprender esa reforma.

O señor PEREIRA: A Comisión non pode admitir ningunha emenda ao artigo que se discute, nin a ampliación de dereito que solicita o señor Porto, nin as restricións dos señores Moyrón e Troncoso. Di ao señor Porto que convén con el en canto á importancia social da muller, pero que a ilustrala, a favorecer a cultura do seu espírito, necesaria para desempeñar a misión altísima que a natureza lle encomendou como educadora das xeracións, tende o artigo 23; mais non convén con el en canto á

extensión que desexa dar ao dereito electoral da muller, por non acharse preparada para exercer esa influencia política dun xeito eficaz e proveitoso. Ninguén ignora, prosegue, que a muller en xeral é vítima da teocracia ultramontana que a explota e manexa, e claro é que neste concepto será inimiga, non soamente da República, senón tamén da liberdade en todas as súas formas. Ao señor Moyrón direille que non é digno dun partido expansivo e o máis avanzado da democracia, negar un dereito debido á ilustración; que na República Norteamericana existen estados rexionais onde a muller vota para constituír asembleas municipais. Ao señor Troncoso, que non tema porque a muller culta vote; que en Inglaterra e Polonia a muller sostén a liberdade e o sentimento da patria cunha constancia e cun tesón admirables; que o pobo xudeu conserva o seu tipo de raza, os seus costumes e as súas crenzas, pola muller; e ata Rusia, relativamente despótica, pugna por ilustrar e dignificar a muller; ¿canto máis nós que lexislamos para o porvir e para un pobo que terá xa alcanzado a practicar todas as liberdades e todos os dereitos? Conclúe pedindo á Asemblea que aprobe o artigo tal cal está redactado.

O señor LEIRAS, para consumir a terceira quenda en contra: Comeza por declarar que dista moito daqueles graves teólogos que se dignaron por un só voto conceder alma á muller, e que non soamente estaba de acordo co señor Pereira, senón que consideraba superiores as aptitudes intelectuais dalgunhas mulleres ás dos homes, non obstante estes gozan dese dereito sen taxa; pero a pesar diso, xulga perigoso nivelar o home e a muller en materias políticas, por agora, fundado en que facilmente é arrastrada a muller por aqueles que están interesados en perdela e perdernos, en tanto non se convenza de canto lonxe estamos de atacar brutalmente as súas crenzas; que abrígaba ese temor pola muller en xeral, pero máis pola galega,



fanatizada coma ningunha, no seu concepto. Que a Asemblea procure neste terreo camiñar con circunspección e cautela.

O señor PEREIRA: Insisto en afirmar que ningún temor debemos presumir porque a muller vote, por canto se restrinxen este dereito notablemente, para reservalo a moi poucas, pero moi cultas.

Rectifican os señores Porto, Moyrón, Troncoso e Pereira, e dado por suficientemente discutido o art. 23, a mesa pono a votación.

O señor REY CALVO: Pido que a votación sexa nominal.

Practicada que foi, resultou aprobado na forma seguinte: señores que dixeron *si*: Rey, Orantes, Tapia, Pita, Díaz, Losada, Losada Varela, Moreno Barcia, Pereira, Montojo, Muñoz, Lenzano, Porto, Bande, González, Soto, Nava, Castro López, señor Presidente. Señores que dixeron *non*: Abuín, Moyrón, Troncoso. Abstivéronse: Núñez, Reboredo e Fernández Carballo.

O señor LEIRAS: Voto coa maioría, sempre que o dereito electoral conferido á muller, empece a rexer despois de catro anos, época suficiente para que ela puidera aprender as excelencias da República federal.

O señor TRONCOSO: Desexaría saber da Comisión, unha vez que polo art. 23 se concede o dereito electoral á muller, se polo art. 28 pode ser elixible, así como o estranxeiro; pois por equidade aquela debera selo, mentres que o estranxeiro entendo que non debe gozar desa franquía.

O señor MORENO BARCIA: Rogo ao señor Troncoso que se fixe no art. 28 tal e como está redactado; di: “O cargo de deputado é *viril*.” Logo a Constitución non atribúe esa función á muller. E polo que ao estranxeiro afecta, se este se acha naturalizado, claro é que polo art. 23 gozará dese dereito como

se fose español de *factum*. Neste punto non hai escuridade ningunha.

O señor PEREIRA: Chamo a atención da Asemblea sobre o art. 29 e o criterio observado pola Comisión ao redactalo; por el, os deputados da rexión serán representación verdadeira e xenuína do país. Instado polo señor Tapia, esforza as explicacións dadas, expoñendo como toda decisión popular se resolve por maioría efectiva.

Queda aprobado o título III e dáse lectura ao título IV, que trata das autoridades públicas.

O señor TAPIA: Rogo ao señor secretario que lea novamente o art. 30.

O señor CASTRO LÓPEZ, le: “Todos os poderes actúan en representación do pobo; todos son electivos, amovibles e responsables; e todos recoñecen por límite das súas atribucións os dereitos naturais, ilexislables e imprescritibles do home e do cidadán.”

O señor TAPIA E SEGADE: É de tal entidade no seu fondo e na súa forma o artigo que acaba de lerse, é tan grande e de tal sorte impón e avasala o ánimo, que rogo á Asemblea que o aprobe por aclamación.

*(Neste momento os señores representantes levántanse e unánimes, estendidas as mans, aclaman e aproban o artigo 30 en sinal de acatamento e fidelidade ao pobo e submisión absoluta ao dereito natural humano).*

O señor ABUÍN E SAL impugna o art. 31 no sentido de que non deben existir máis que dous poderes, o *lexislativo* e o *xudicial*; propendendo a probar por unha serie de razoamentos que a existencia do poder *executivo* terminou sempre por absorber os outros dous, oprimir os pobos e ferir de morte a liberdade e o dereito.

O señor PEREIRA, despois de examinar brevemente a natureza dos poderes públicos e fixar a necesidade dun que se encargara da aplicación e observación das leis, convén en que se na actualidade o poder executivo traspasa os límites da súa acción, invadindo a esfera dos demais poderes por non estaren ben determinadas as funcións propias de cada un, de ningunha maneira pode prescindirse del para executar ou prestar os medios de facer efectivos os acordos e as decisións dos poderes legislativo e xudicial; se non existise, cre que conviría inventalo.

O señor MUÑOZ propón unha emenda ao art. 31 a fin de que o que haxa de exercer como xuíz de feito, saiba ler e escribir. A Comisión non a acepta por entender que ten o seu lugar correspondente na orgánica do poder xudicial.

Queda aprobado o título IV sen ningunha modificación.

Pasadas as horas regulamentarias, levántase a sesión. Eran as sete.

### SESIÓN TERCEIRA DO 6 DE XULLO

Presidencia do señor Mosquera Lequerica.

Inmediatamente despois de aberta a sesión, o señor presidente dá lectura ao seguinte telegrama, que acaba de recibirse: “Madrid.— Señores Mosquera e Núñez: Galicia quixo xa durante a guerra con Francia establecer o sistema federal. Prácame vela agora ocupada en discutir a súa futura Constitución. Polo unitarismo van perdendo todas as rexións a súa iniciativa, a súa personalidade e a súa vida: só pola federación cabe salvalas; traballemos todos por realizar esta última esperanza dos pobos. Saúde á Asemblea federal galega.— Pi e Margall.”

Grandes aplausos acolleron estas frases do ilustre xefe do federalismo español.

Entrando na orde do día e reiniciados os traballos, o señor Castro López dá lectura ao título V.

O señor ORANTES: Como queira que polo art. 41 se desbota o mandato imperativo e eu tráioo dos meus electores de Santiago, estou no deber de soste ese mandato que estimo como a forma máis propia e posible da acción directa do pobo en funcións de lexislador; é á vez a única garantía que ten contra os atrevementos, veleidades e apostasías dos seus falsos representantes. Se a Asemblea aceptase o artigo tal e como está no proxecto, rogo á mesa que faga constar o meu voto en contra.

O señor MUÑOZ: fago miñas as observacións do señor Orantes, e engado a miña súplica á súa.

O señor PEREIRA: A Comisión tratou de harmonizar coa inmunidade debida a liberdade de acción necesaria nas súas respectivas posicións, a “poderdantes” e apoderados; rogo ao señor Orantes que fixe a súa atención na totalidade do art. 41, onde o pobo ten medios para retirar con eficacia a súa confianza e os seus poderes ao deputado que falte aos seus compromisos.

Queda aprobado o título V sen ningunha modificación; igualmente foron aprobados sen discusión os títulos VI, VII e VIII coa soa adición do art. 58 que o presidente do Consello executivo poderá ser reelixido *por unha soa vez*.

Dáse lectura ao título IX que trata do Executivo e Facenda.

O señor LEIRAS: Desexaría que a Comisión engadise o art. 71, previa a venia da Asemblea, consignando nel a época ou as épocas nas que a xuventude válida para o exercicio das armas tiña que agruparse, a fin de recibir a instrución militar e estar disposta en caso necesario; cre que non se opón esta medida ao servizo voluntario, e prepárase a rexión para acudir prontamente alí onde o esixira o que hoxe deu en chamarse *paz armada*.

O señor PEREIRA: A Comisión, conforme co manifestado polo señor Leiras, entende que debe deixarse ese importante detalle á lei orgánica militar de que fala o art. 71.

Apróbase o título IX e dáse lectura ao X.

O señor MOYRÓN: Entendo que polo art. 79 se atenta á facultade que ten o municipio para crear escolas de artes e oficios, e esta clase de ensinanza debía deixarse aos concellos, pois correspondendo á instrución popular, estes organismos están en mellores condicións ca o Estado para administrala. Con tal motivo esténdese en longas consideracións en apoio da súa tese e pide que se acepte a emenda de impoñer aos municipios esa carga.

O señor PEREIRA rexeita a emenda, porque ao impoñerse o Estado a obriga de soste a segunda ensinanza, incluso a de artes e oficios, de ningunha maneira atenta ás facultades dos municipios, que poderán establecela a teor dos seus recursos; e pois os concellos sostiñan moi penosamente a ensinanza elemental por falta de medios, non parecía prudente recargala con maiores sacrificios, impóñenselle ao Estado para que non resulten defraudados os desexos do señor Moyrón, que son os da Asemblea.

Ao ausentarse por breves instantes os señor Mosquera, ocupa a presidencia o señor Montojo, quen dirixe algunhas palabras á Asemblea rogándolle apoio en tan difícil como honroso posto; pois sendo militar e nada máis ca militar, carecía de condicións para desempeñalo dignamente.

O señor BANDE: Polo art. 82 do proxecto trátase o problema máis importante que afecta á humanidade, o da *miseria*. Desexara que a Comisión expuxera as miras que tivo ao formular ese artigo, que presumo está enlazado co 87, non menos importante.

O señor MORENO BARCIA, ao dar amplas explicacións, di que a Comisión pretendeu utilizar os doces sentimentos do corazón humano, inesgotable en recursos para a práctica do ben; que sen ferir nin dificultar, antes ben estimulando as iniciativas individuais, sobre todo na muller, propúxose mover a filantropía e a caridade mediante un sistema mixto de acción que permita reconstruír física e moralmente o miserable organismo do mendigo, empuxándoo cara ás falanxes do traballo para redimilo dignificándoo. Nunca puiden, di, cohonestar o imperativo categórico atribuído á Divindade de que “sempre teredes pobres entres vós”, coa idea do progreso tal como a concibía, de aquí que crese que intentar a liberación da carne e a emancipación do espírito do eterno desherdado na historia, será a máis alta e honrosa misión da democracia nos tempos modernos.

Apróbase o título X sen emendas. Lectura do título XI.

O señor ABUÍN, quen ao ocuparse da lei de *foros* de 1873, aceptada polo art. 85, revela gran coñecemento na materia, propón desde logo que se introduzan no texto do mesmo varias reformas que indica, como a sinalización de tipos para a redención, e que esta se verifique dunha soa vez e non a prazos; esforza a súa pretensión con atinentes argumentos deducidos de casos prácticos, para demostrar a conveniencia recíproca que de adoptarse aquelas resultaría para ambos os dous dominios útil e directo.

O señor PEREIRA manifesta que: como o asunto será obxecto dunha lei especial, non cre oportuna a emenda; porque a Constitución límitase a sinalar a redención de foros como un precepto, deixando o seu desenvolvemento ao coidado doutra Asemblea.

Rectifican ambos os dous señores, e queda terminado o debate sobre o art. 85.

O señor BANDE: Chegou o caso de rogar á Comisión algunhas aclaracións respecto do problema social contido no art. 87.

O señor MORENO BARCIA: En efecto, a Comisión, seguindo as tradicións do partido federalista, quixo formular o problema económico do *proletariado*, problema espantoso que suscitou a reacción dos nosos tempos co refuxio no seo do Pontificado dos poderosos do rango e da fortuna. Ao amparo do principio de asociación, mediante unha lei industrial, o lexislador deberá encamiñarse, por hoxe, a dirimir as contendas do empresario e do obreiro; mañá a fundir nun só dono os beneficios do capital e do traballo sen magoar, antes ben, respectando e defendendo todos os intereses lexítimos. Igualmente procurará regulamentar o ingreso da muller e do neno nas fábricas, coidando, de reintegrar o obreiro na familia hoxe en dispersión e no fogar, hoxe apagado; fará por devolver a nai aos fillos do obreiro, hoxe abandonados, para conducirlos á escola sen menoscabo de facelos vigorosos e do seu desenvolvemento físico.

Claro é que nos referimos tamén ao braceiro do campo, estendendo a este as reformas indicadas para aquel, e naquilo que lle afecta; sen esquecernos das institucións de crédito necesarias á liberación da propiedade agrícola e industrial, a fin de facela máis accesible; lonxe de magoar esta no nome do *comunismo*, entendemos que o Estado debe despojar o *comunismo* en proveito da propiedade, facendo partícipes dela a cantos carezan dos medios de existencia e na forma máis equitativa.

O problema é de solución tardía e quizais penosa; a ciencia non dixo aínda a última palabra; de todas sortes convirá que a nova Asemblea se ocupe en desenvolver o artigo 87 nunha lei orgánica, por se é posible intentar sequera o condicionar un tanto e mellorar a situación económica do *proletariado*. Agora, os

nosos inimigos tacharannos de socialistas, ditado este que rexeitamos, como calquera outro, porque só aspiramos ao de xustos.

Apróbase o título XI. Sen discusión apróbanse o XII, o XIII e o XIV.

Ao discutirse o título XV, o señor MUÑOZ fai observar que polo art. 98 se declara vixente o Código penal; e como puidera suceder que para entón rexera o actual de 1869 reformado, que contén a pena de morte, opina que se faga unha aclaración no sentido de suprimir esta.

O señor PEREIRA di que o caso está resolto desde o momento que a Constitución federal non admite a pena de morte, e claro é que non pode aplicarse ningunha lei que contradiga o fundamental; ademais, a palabra *vixente* do art. 98, refírese ao código que rexa cando se proclame a República federal.

O señor ORANTES: Non obstante estar abolida a pena de morte pola Constitución federal de Zaragoza e garantido o dereito á vida pola presente no título preliminar, rogo á comisión e á Asemblea que acepten a emenda do señor Muñoz, pois toda claridade e precisión en punto tan importantísimo é pouca.

O señor PEREIRA: A comisión non fai do asunto cuestión de gabinete, e pois que taxativamente non se consigna no proxecto que se discute ningún artigo, para a abolición da pena de morte e todas as perpetuas, que a democracia estima como un dos seus dogmas, a comisión non ten inconveniente en admitir a emenda.

Queda aprobado coa modificación contida no texto, o tít. XV. Igualmente apróbase sen discusión o tít. XVI.

Concluídos os debates e aprobada a Constitución para o futuro Estado galego, o señor Moreno Barcia ocupa a presidencia, dende onde felicita os señores representantes pola



súa elevación de miras e o raro exemplo de patriotismo que deron ante o país e do que se promete óptimos e abundantes froitos, para o porvir do pobo galego.

Seguidamente e cando máis ocupados estaban os ámbitos da sala de actos da Normal por un numeroso e escollido auditorio, dan por rematadas as sesións públicas da segunda Asemblea rexional galega.

#### SESIÓN PRIVADA E ÚLTIMA DO 7 DE XULLO

Aberta a sesión polo señor Moreno Barcia, os señores representantes proceden á subscripción do proxecto de código fundamental para o futuro Estado galaico, acordando que á súa custa se fixera unha tirada de 2.000 exemplares para distribuílos no país.

Seguidamente deuse coñecemento dunha comunicación do Consello nacional, pola que trasladaba un acordo da Asemblea de Zaragoza a fin de que as rexións e provincias fixeran as emendas oportunas á Constitución que leva a data de 10 de xuño de 1883. Despois dunha breve discusión, a Asemblea acordou autorizar o Consello rexional para que remitise a aquel as referidas emendas, caso de formulalas, ou, no seu defecto, a conformidade.

Pásase a discutir o tema: “alianza e relacións co partido republicano-progresista.” Suscítase con tal motivo un amplo e animado debate sostido por ambos os dous lados da Asemblea, no que os señores representantes pugnaban á porfía para harmonizar en amor e celo pola federación co interese supremo da patria.

Rematado o debate, a Asemblea declara que mantén e que se ratifica no acordo adoptado na Coruña o 17 de decembro de 1886, e que di así:

“1.º A Asemblea rexional da federación galega, acepta a coalición pactada en Madrid, entre os partidos republicano-progresista e federal”.

“2.º Que para todos os efectos, de calquera índole que sexan, daranlle cumprimento as partes coligadas baixo a acción permanente dun centro común, constituído por elementos dun e doutro partido en proporción xusta e equitativa.”

“3.º Que acepta a revolución, mais non de carácter sistemático ou polo menos afectando a forma de motín ou asonada, que a Asemblea condena como contrario ao interese da patria e da humanidade e que non asumirá a responsabilidade de ningún acto que se leve a cabo, sen previo acordo daquel centro directivo.”

O presidente do Consello rexional, considerando que unha vez aprobada a Constitución se iniciaba unha era nova de lexitimidade, tanto para a dirección e o desenvolvemento do partido na súa vida interior, como nas súas relacións coas demais fraccións republicanas, no nome do Consello resigna ante a Asemblea soberana os poderes que lle confiara.– Despois de deliberar amplamente respecto do particular, a Asemblea procede á elección do novo Consello, que por maioría quedou constituído na forma seguinte: Segundo Moreno Barcia, Manuel Mosquera Lequerica, Braulio Montojo, Manuel Leiras Pulpeiro, José Núñez e Núñez.

A Asemblea promete reunirse no Barco de Valdeorras (Ourense) cuxo Comité autoriza para funcionar como provincial.

Por último, ás altas horas da noite recibíuse o seguinte telegrama acollido pola Asemblea con grandes mostras de satisfacción. “Barcelona.– Señores Mosquera e Núñez: Recibido con gran atraso o voso saúde. Democracia federal catalá contéstavos enviándovos o seu fraternal e facendo votos pola autonomía de Galicia e a unión das antigas rexións portuguesas

e española, baixo o augusto manto da República federativa.–  
*Vallés e Ribot.*

Así remataron as tarefas da segunda Asemblea federal da Rexión galega, dáse o código político que rexerá mañá os destinos deste país tan fermoso e rico coma infortunado pola centralización e polo cobizoso e cego espírito de “bandería”. Todas as clases sociais viñeron depositar a súa ofrenda no altar da patria galega; ningunha deixou de inspirar naquel código as levantadas miras, útiles tendencias e rexeneradoras doutrinas que conducen á prosperidade das nacións; as ciencias e as letras, a xurisprudencia e a medicina, o grande e pequeno consorcio, a propiedade, a grande e pequena industria, a administración e a milicia; nada faltou no nome do dereito, da produción e do tributo, para sentar as bases dun goberno xusto e en harmonía coa natureza e coas aspiracións do pobo galego.

## FÓRMULA

Dende principios do presente século, no que o espírito nacional axitado en constante oscilación polas ideas que se propagaron en Francia nos fins do pasado, ata os tempos presentes nos que as mesmas se van complementando, asentado sobre sólidas bases, e anhelando alcanzar a meta do perfeccionamento, por efecto da elaboración lenta, da xestación laboriosa, que viñeron experimentando durante o transcurso dos anos correspondentes á idade novísima, mil transformacións sucesivas, mil variacións continuas, verificáronse, con sacudidas violentas unhas, por medio de proclamacións pacíficas as menos, sen que na esfera práctica, triste pero verídico é dicilo, se vira realizado un sistema, que dentro de si conteña con xusta e equitativa harmonía, as aspiracións e os desexos dos distintos

grupos que con diversas solucións, pretenden regular e precisar as relacións políticas dos cidadáns.

E é que aínda quedan antigas intransixencias en pé, vas preocupacións ofuscando as intelixencias, fanatismos inexplicables subxugando os corazóns e multitude de disputas, rancores e odios, que empezoñan co seu hábito velenoso os máis caros sentimentos, as máis elevadas ideas, e as máis nobres aspiracións.

Dunha parte os que ambicionan con audacia increíble restablecer aquel estado de cousas existentes antes de realizarse a colosal epopea, que trouxo como consecuencia a elevación do cuarto estado á vía pública, cren, ou aparentan crer con cinismo inconcibible, que o ideal tras do cal debe correr apresurada a humanidade, áchase simbolizado nunha autoridade omnímoda, ilimitada, sentada baixo o solio da maxestade, esgrimindo dende alí cal Xúpiter Olímpico, os raios do seu poder sobre a cabeza dos súbditos, pobres parias indignos sequera de poder levantar a vista cara a aquel que ostenta sobre as súas tempas unha coroa de cen reis e na súa destra o cetro adquirido por un dereito divino.

Como complemento digno destas afirmacións que pugnan a primeira vista con todo aquilo que o home poida considerar como o máis honroso e levantado da súa persoa, áchanse as de que a liberdade de conciencia e de pensamento, o sufraxio universal ou restrinxido e a soberanía nacional, non son máis que vas palabras sedutoras dos ignorantes, afagadoras dun falso orgullo, sen significación real de ningún xénero, expostas nunha linguaxe máis ou menos brillante polos defensores das malas causas, co único e case exclusivo obxecto, de conseguir un benestar simplemente persoal, a custa da cándida sinxeleza dos que depositan a súa fe nelas.

Porque o home non ten dereito ao erro e como consecuencia, debe pechar os ollos, e crer o que se lle mande; non ten dereito a intervir nos negocios públicos, porque este queda reservado aos príncipes que o gozan como vinculación familiar; e non hai mellor representación deste ideal, que aqueles tempos de Carlos II, ou Fernando VII, coa súa amortización, os seus señoríos xurisdicionais, a súa inquisición, a súa intolerancia relixiosa, as súas comunidades e os seus verdugos.

¡Insensatos! E pensar que todo un século de loitas, de bágoas e sangue, non puido conseguir facer desaparecer sen que quede o máis lixeiro sinal, o máis mínimo rastro, a aqueles que teñen como xustificación das súas doutrinas a tan coñecida como indesculpable máxima de que o fin sanciona os medios, e que se pode impunemente sementar a ruína e a desolación en comarcas fertilísimas, e causar a morte a miles de irmáns, tomando por pretexto a causa dun Deus de paz e xustiza, que rexeita todo holocausto de vítimas humanas, e toda ofrenda de sangue, para depositar tan só como última aspiración, o máis prezado do home, a súa honra e dignidade, aos pés dunha vontade arbitraria, irresponsable nos seus actos e inviolable na súa persoa.

Doutra, os que pretenden talvez alardeando dun criterio máis práctico, irmandar, unir con vínculo permanente o que representan estas antigas ideas, coas conquistadas polo espírito do século, flutúan indecisos entre o que simbolizan aquelas vellas crenzas, e o que significan e valen as modernas conquistas das pasadas revolucións, inspiradas nun criterio amplo, liberal, dentro do cal caben na súa respectiva órbita, os dereitos correspondentes a cada individuo, e a cada organismo social.

Nin uns, nin outros, dito está, que chegaron a definir dunha maneira fixa e concreta, onde residen as facultades primordiais, base de toda organización política, nin deron a fórmula xeral dentro das que ligan e unen sen confundirse nin amalgamarse, as distintas esferas de acción das múltiples entidades políticas, que

teñen ao seu cargo o desempeño das varias misións sociais, cos seus distintos organismos, as súas diversas facultades, e as súas correspondentes atribucións e deberes.

Porque esta fórmula, non a encontrou aínda outro sistema político que non sexa a democracia. A democracia que reconece como base de todo poder, a soberanía nacional, como medio do seu exercicio, o sufraxio universal; como factores indispensables dos seus actos os poderes amovibles e responsables; como único e universal medio de corrección das transgresións individuais, ou individualidades colectivas, o poder xudicial independente e inamovible, e como norma xeral dos seus actos, os sempre invocados e nunca realizados eternos principios de liberdade, igualdade e fraternidade.

A democracia que dentro de si confunde en fraternal abrazo a todos os cidadáns, sexan cales sexan as súas ideas, sentimentos, actos e aspiracións; que non se fixa para remunerar os seus servizos, se proceden de rexía ou plebea estirpe, e que consignan nos seus códigos inmortais, o respecto absoluto a todas as accións humanas sempre que estas non coarten a esfera de acción na que se desenvolven os individuos entre si, e en relación coas corporacións políticas e administrativas.

*El Regional*  
01-1887

## **O NOSO REXIONALISMO**

Un apreciable colega monárquico, para dar aos seus correligionarios a voz de alerta e previlos contra o rexionalismo, reproduciu as crónicas das sesións celebradas pola Asemblea federal galega no último decembro, sen coidarse de que cometía unha equivocación ao converter nunha mesma dúas tendencias

que se coinciden en todo o que significa a máis reducida delas, non conveñen en todo o que constitúe o credo da máis ampla.

*La Monarquía*, de Ferrol, que é o xornal ao que nos referimos, cre ou supón que o rexionalismo e o federalismo son unha mesma cousa; e non é así nin comprendemos como das discusións e dos acordos da Asemblea mencionada puido deducir esa identidade.

O estimado colega sabe perfectamente que entre os rexionalistas figuran persoas afiliadas a todos os partidos; non ignora que o matiz máis acentuado do rexionalismo español condena por igual a todos os partidos políticos, quere equidistar de todos; e precisamente verá que os órganos propiamente rexionalistas, os que así se chaman sen máis determinación non defenden nin aceptan o programa de ningún partido, por máis que estarán ao lado do que realice o que é o programa daquela aspiración.

Nós, rexionalistas, dispostos sempre a apoiar e defender todo o que sexa rexionalismo, de cuxa tendencia somos representantes na prensa desde o primeiro número do noso xornal, como antes de fundar este foramos noutros os seus propagandistas, cremos que tal tendencia ten necesidade de buscar a súa fórmula, cremos que a atopará, e que esta non pode ser outra que o credo do partido cuxa doutrina descansa nos principios que o rexionalismo defende: a vida rexional, o dereito de que a rexión, como a provincia e o municipio, se gobernen por si no que é propiamente seu. Nese partido militamos porque somos rexionalistas, é dicir, que desde certo punto de vista a política é para nós unha cuestión secundaria, se ben pola súa natureza e necesidade vén formar parte da cuestión principal.

Para nós o esencial é o ben e a prosperidade do país: entendemos que estes ideais non serán realidades sen a autonomía dos organismos da Nación, e como esta só un partido pode dála, ou mellor dito recoñecela, nese partido estamos.

Todo o que é do rexionalismo é noso; pero este non é hoxe por hoxe un partido político.

Por máis que a tendencia estivese sempre latente, e nela fose a base do partido federal, aínda que este viñese á vida na nosa Nación como factor esencialmente político; ata hoxe o rexionalismo non determinara ben as súas aspiracións. Agora estao facendo, pouco a pouco concretará máis, e andando o tempo a realidade imporalle a necesidade dunha fórmula que encerre todas as súas aspiracións: a realidade demostraralle que estas non poden satisfacelas nin en todo nin en parte nin en ningún destes vellos e gastados organismos políticos que loitan polos intereses do momento, pola posesión do poder.

E descoñecer o que representa a obra da monarquía e da chamada unidade española, crer que son compatibles con nada do que o rexionalismo representa, sería negar a lei da historia, e querer que unha e outra destruísen a súa obra da que é fatal consecuencia o actual estado da nación que xerou a protesta xa xeral que representa o rexionalismo, adversario da centralización e da uniformación conquistadora, que son na súa esencia a monarquía e a mal chamada unidade.

Certo que ata hoxe non se convenceron os rexionalistas disto que para nós é evidente; pero esta obra, non é a dun día, e fiamos moito na forza das ideas que pouco a pouco, pero seguramente, van facendo o seu camiño sen que advirtan o seu progreso, o seu desenvolvemento na opinión, os que están só atentos ao coidado de intereses eventuais que na súa cegueira cren permanentes.

Por iso temos fe en que un día chegará no que, como hoxe coincidimos en todo cos exclusivamente rexionalistas, eles coincidirán en todo con nós. Pero mentres, convén que os que escriban de boa fe non confundan o que hoxe por hoxe non é o mesmo.

*El Regional*  
15-1-1887



## A REDENCIÓN DE GALICIA

Instado a falar o noso director e case obrigado a iso polas insinuacións do Sr. Becerra, dixo

O SR. PEREIRA: Amigos meus: non me atopo en condicións de falar, e moito menos despois do fermoso discurso, notable pola súa forma e polo seu fondo, e polo seu espírito xeneroso, do meu bo amigo o señor Pérez Guitián; menos aínda podo facer uso da palabra, eu modesto obreiro, despois de falar o meu querido compañeiro Soldevilla, intelixente arquitecto que constrúe tan magníficos edificios de oratoria. Pero o Sr. Becerra díxoo e é preciso obedecer á súa autoridade, que todos de corazón aceptamos, e sobre todo ao imperio da súa amizade, aínda máis respectable para min que o da súa autoridade con ser esta tan lexítima.

*(Aprobación).*

En cumprimento, pois, do ineludible deber de dicirvos algo, aínda que vos molestarei pouco tempo. Cando a imaxinación non responde, hai que apelar ao corazón, hai que evocar os sentimentos; e comungando nas mesmas ideas, rendendo culto aos mesmos principios, perseguindo iguais fins e abrigando as mesmas aspiracións e desexos, a vontade atopa sempre recursos que suplan aos da arte oratoria que a min me faltan.

Satisfactorio é para todos ver aquí reunido o partido liberal, representado en todos os seus matices e todas as súas tendencias, o cal revela a súa fe e o seu entusiasmo, así como a súa unidade e a súa forza.

Un dos nosos amigos acaba de lamentar o abandono no que está Galicia e se isto é verdade, en absoluto temos que culpar diso a ninguén máis ca a nós, pola nosa debilidade para opoñernos á opresión do caciquismo, contra o cal debemos loitar

incesantemente, para evitarnos a gran vergoña de que como ata aquí, sexa Galicia o bazar de onde os gobernos se fornezan de distritos para axudar os seus favorecidos, os aventureiros da política e non carecen de distrito, como carecen de prestixio. (*Moitos aplausos*).

Para redimir o país deste oprobio é necesario que o partido liberal loite enerxicamente na oposición, dando exemplo aos seus adversarios, revelando que ten fe nos seus principios, que o espera todo da opinión pública, da propaganda das ideas; é necesario que esas ideas arraiguen no país, no corazón do pobo, para demostrar o día de mañá que o partido liberal para facer triunfar os seus candidatos non necesita apelar a actos que non hei de cualificar; non necesita apelar ás intimidacións e ás arbitrariedades; non necesita, en fin, actas en branco.

É preciso loitar, amigos meus; é preciso libramos do rubor de que un cacique por alto que sexa, nos imponha un candidato cunheiro, un candidato seu, descoñecido por nós, como nós o somos para el; (*Aplausos*) é preciso que loitemos pola independencia do corpo electoral, que se moito pode valer un cacique, debemos lembrar a fórmula das cortes aragonesas: que nós valemos máis ca el. (*Grandes aplausos*). Debemos opoñernos á imposición desa vontade ominosa, mercé á cal visten o traxe da nosa representación, aínda que moralmente non a teñan, os que nos altos postos aos que chegan mercé a aquela, son os inimigos dos nosos intereses, como agora se ve. (*Aplausos*).

Galicia necesita redención, pide solucións para os problemas económicos e sociais que tanto lle interesan, asunto do que non vos falarei porque del tratará extensamente o noso xefe; esas solucións ha de darllas a este país o partido liberal, que necesita vivir unido; fagamos, pois, ferventes votos porque este acto sexa a base desa unión sólida, firme, perdurable. (*Ben*).

Por iso loitemos hoxe, mañá, sempre; porque os partidos que non loitan, que non serven máis que para a vida do poder revelan que non teñen arraigo na opinión.

Que o partido liberal ten esta base e que a súa propaganda non é estéril próba a loita electoral que está próxima; o partido liberal vai combater en toda a provincia: en Becerreá, na Fonsagrada, en Viveiro, en Mondoñedo, en Quiroga, en Lugo. Pois ben, señores: apoiémonos só na opinión liberal, e tede presente vós os candidatos que é preferible a derrota, sempre honrosa, cos votos dos liberais, ao vergoñento triunfo cos votos conservadores; porque o que así trunfe, irá sempre escravo deses auxiliares, non será deputado do partido liberal e o partido liberal así llo dirá.

Brindo pola liberdade, polas institucións democráticas, polos nosos ilustres xefes Sagasta e Becerra, polo triunfo dos nosos amigos e polo partido liberal. E brindo tamén, señores, polos elementos liberais de Friol, Outeiro de Rei e Castro de Rei, distritos que ata agora foron *cotos cerrados* dos conservadores, e nos que se abriu a brecha. Teñan fe eses nosos amigos, mantéñanse firmes, que se agora non alcanzaron o premio gordo, polo menos correspondeulles a *aproximación*.

Dixen. (*Repetidos aplausos*).

Falou seguidamente o Sr. Becerra e do seu discurso, que onte publicamos, nada temos que dicir posto que xa os nosos lectores o coñecen.

E con esta peroración rematou o banquete liberal no medio do máis grande entusiasmo, acto que deixará indeleble lembranza entre todos os que a el concorremos, pola súa transcendencia e importancia.

*El Regional*  
23-01-1887

## ACADEMIA GALEGA

Pensando na necesidade de impulsar o movemento literario en Galicia, ocorréusenos en 1878 someter ao xuízo da prensa e de escritores do país a idea dunha Sociedade de publicidade para as obras daqueles.

Aquel pensamento, cuxa bondade foi xeralmente estimada, mereceu, en principio, a aceptación dos xornais rexionais; o noso artigo foi reproducido por case todos eles, o mesmo en 1878 ca en 1879 –que tivemos que publicalo novamente para conseguir algo práctico– foi obxecto de varias observacións, entre as que merecen especial mención as que na *Ilustración Gallega y Asturiana* inseriu o noso distinguido amigo e ilustrado literato don Luís Rodríguez Seoane.

Non obstante, a publicidade que alcanzou o pensamento, a pesar do concurso que se prestou á nosa iniciativa, esta non pasou das columnas da prensa, e, nin nunha nin noutra forma, pensamento tan útil pasou de tal categoría.

Andando o tempo, a publicación da *Biblioteca Gallega* veu realizar, senón en todo, na parte principal, aquel proxecto. Segundo os propósitos dos seus intelixentes editores, nela verán a luz as obras inéditas, pouco coñecidas ou esgotadas dos nosos escritores antigos; as dos contemporáneos xa coñecidos, e as que escriban os mozos de talento que, hoxe por hoxe, sen estímulo nin recompensa, carecían de elementos para poder empregar o froito dos seus estudos e dar a coñecer os produtos do seu enxeño.

Os bos servizos que a *Biblioteca Gallega* prestará ao noso país; a influencia que exercerá na nosa literatura, e o que ha de contribuír a levantar o nome desta rexión, ben se poden apreciar tendo en conta os propósitos que expoñen os seus directores.

O centro polo que avogabamos nós en 1878 está xa establecido: vencerase así a apatía que impide aos fillos destas

provincias dar a coñecer todos os seus méritos nos froitos do seu talento: faranse edicións das obras que os ilustres homes da nosa literatura deixaron inéditas; reproduciranse as publicadas en distintas épocas e que hoxe non poden adquirirse, e a xuventude estudosa terá así estímulo para o traballo e obterá recompensa nas súas tarefas.

A esta boa obra vén prestar grande auxilio, contribuíndo poderosamente ao renacemento da literatura rexional, a creación desta *Revista*, que será o reflexo do movemento intelectual en Galicia, e encherá, na súa esfera propia, misión tan importante como a *Biblioteca*; porque é de esperar que os nosos homes de ciencias e de letras presten o seu apoio á nacente publicación.

Moitas cuestións hai sobre as que convén contender: moitas que convén tratar coa detención debida xa non puramente literaria, senón de dereito civil, de historia, sen contar as importantísimas de filoloxía e outras materias, todas eles de moito interese para a reconstrución do noso pasado.

Isto non obstante, e aínda que confiamos no éxito que esta revista obterá, cremos que nin ela nin a excelente *Biblioteca* serán suficientes impulsores para elevar a nosa literatura e dar ao movemento intelectual da rexión toda a brillantez que debe de alcanzar.

Tal resultado ha de obterse con lentitude, si, pero, seguramente, e para isto necesítase, ao noso entender, constituír unha *Academia galega*.

Non faltarán quen atope falta de realidade este proxecto, por non fixar a súa atención na importancia que ten. A *Academia* daría unidade a todos os traballos, constituíndo un centro directivo cuxa acción temos por moi proveitosa.

Unha das tarefas que ocuparían á *Academia* –e aínda que fose a única bastaría para aconsellar a súa creación– non pode ser máis importante e conveniente. A purificación e

reconstrución do idioma galego é unha necesidade recoñecida por cantos collen un libro escrito nel.

Na ortografía reina a máis completa anarquía: o *x*, o *j* e o *g* empréganse indistintamente, por exemplo: uns escriben *de a* e outros *d'a*. Non hai ningunha regra etimolóxica para a escritura.

Polo que fai aos vocábulos, empréganse moitos que nada teñen de galegos, sendo palabras castelás *galeguizadas* ao capricho do escritor.

En canto aos xiros e ás frases, moito teríamos que dicir, mais non é o noso propósito tratar extensamente este punto. Pero séxanos permitido consignar que para escribir en galego, non chega con empregar palabras galegas; é preciso conservar a esencia, o que é verdadeiramente galego: a estrutura, a sintaxe, o xiro, a propia forma literaria do noso idioma.

Doutro xeito sucede, e isto vémolos con moita frecuencia, que as poesías que se titulan galegas, son, ou parecen, poesías castelás traducidas ao galego. Así está este idioma desnaturalizado, corrompido, se a frase non parece dura.

E isto hai que atribuírllelo precisamente aos que escriben en galego, moitos dos que antes de coñecer este ben, úsano; do que resulta que cada cal ten un idioma particular seu, e hai unha confusión lamentable (1).

E se isto sucede no emprego de vocábulos e na parte ortográfica, xa pode presumirse o que acontecerá cos xiros e coas frases, cuxo coñecemento non é tan fácil.

Para iso necesítase un bo *Diccionario*, e unha boa *Gramática*; obra que non cremos sexa quen de realizar, co grao de perfección que se necesita, unha soa persoa, por grande que sexa a súa vontade. Para tal traballo necesítase a asociación que o fará moito máis levadío e completo.

Indicamos tamén que o dereito civil e a historia –en todas as súas ramas– así como as ciencias naturais, merecen detido estudo; e os traballos particulares que ata hoxe se fixeron, poderían servir de base aos da *Academia*.

Claro está que non dicimos co exposto que aquela tivera que ocuparse desde logo de todos estes asuntos: chegaríalle, polo pronto, dedicar a súa atención ao idioma para conseguir fixalo e purificalo.

A Academia podería compoñerse de socios dunha mesma clase, tendo unha comisión directiva formada de individuos residentes na localidade que se designase para domicilio oficial daquela; celebraríase reunións anuais, semestrais ou como convíñese, ás que concorrerían todos os seus socios; organizaríase *Xogos florais e Certames* exclusivamente galegos; abriríase concursos sobre puntos especiais, e, en fin, levaría a cabo cantos traballos son propios das asociacións desta índole.

Os primeiros pasos serían custosos quizais, escaso o número de individuos que traballasen, pero todo isto podería vencerse coa boa vontade, co amor ao país duns cantos que mantivesen vivo o lume sagrado.

En fin, o noso propósito, ao acceder con moito gusto á cortés invitación de escribir algo para o segundo número desta *Revista*, non foi outro que o de chamar a atención dos amantes da literatura rexional e do renacemento de Galicia sobre unha cuestión importante, sobre un proxecto cuxa realización, non difícil, influiría grandemente no porvir intelectual de Galicia.

Se ese propósito se realiza, se outras máis autorizadas plumas tratan do asunto, e máis ilustradas opinións se dan a coñecer, celebrámolo, pois ese é o éxito que a este humilde traballo desexamos. Lugo, decembro de 1886.

*El Regional*  
9-II-1887

## OS REPUBLICANOS E AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS

Case non repostos da terrible acometida que nos deu o órgano dos conservadores, volvemos sobre o asunto das eleccións municipais para cumprir cun deber, que entendemos que o é dicir aos nosos veciños, tan sequera brevemente, que queren e que se propoñen os elementos republicanos ao presentar algúns candidatos, aspirando a ter intervención na Administración municipal.

Respecto do dereito que para intentar iso nos asiste, non fai falta dicir moito, que ao alcance de todos está que o Concello é unha Corporación popular, e nela deben estar representados todos os elementos populares, xa que todos contribuímos a levantar as cargas municipais, e xa que tal é o espírito da lei que marca ata onde chega o exercicio do elector.

Non imos os republicanos ás eleccións en son de guerra, nin con ánimo de crear divisións entre os nosos veciños; non van ser un perigo para a administración municipal cunha oposición que se fose sistemática sería ridícula e contraproducente. Imos animados polo desexo de contribuír a facer boa administración, fieis servidores da lei, intérpretes da opinión pública, con gana de procurar polo adianto da poboación en canto sexa compatible cos recursos da nosa Facenda municipal, para a que queremos administración prudente e económica.

Calquera crería, a vulgar polo inopinado ataque do que fomos obxecto por parte dos conservadores, ou que é para estes unha posesión o Concello, ou que os republicanos somos algunha tribo famenta de destrución e sedenta de vinganza; cando somos cidadáns que amamos o noso pobo como o que máis e anhelamos o seu engrandecemento; que desexamos unha Corporación municipal composta de persoas idóneas, rectas,



amantes do progreso e ben “quistas” coa xustiza, celosas do cumprimento do seu deber.

Recoñecemos que a Corporación se compón actualmente de persoas moi dignas, honradas, pero en canto á xestión do Concello, sen necesidade de evocar lembranzas, fale por nós a longa campaña que sostivemos contra ela; falen os xornais locais, ata o mesmo órgano conservador, a quen tamén mereceu censuras a administración municipal dos últimos tempos.

O noso programa é ben sinxelo: administración, xustiza, moralidade; ante todo e sobre todo, os intereses do noso pobo, sen compromisos persoais, sen outra mira que merecer o aplauso dos nosos cidadáns. Isto é todo.

Se os votos destes levasen ao Concello a representación dos elementos republicanos da localidade, o programa dos nosos amigos sería o programa ao que constantemente se cinguiu *El Regional*.

Apoio a todos os pensamentos nobres e útiles; culto fervente á lei; moralidade severa; administración escrupulosa; atención a todos os servizos públicos, dende o ornato da capital ata os camiños veciñais, que é, por certo, o servizo máis desatendido de todos; economía na distribución dos fondos municipais.

Dentro deste programa cremos que se encerra canto os nosos veciños e todos os habitantes do distrito municipal poidan apetecer. Xulguen agora a razón que hai para apelidar en son de guerra contra os que así pensan e terán que proceder, se chega o caso.

Os republicanos serían no Concello oposición sistemática, enérxica, incansable, si; contra toda infracción de lei, contra toda incorrección, contra todo o que se apartase do xusto, contra toda preferencia, contra medida inxustificada; porque, como antes dixemos, a nada aspiran que non sexa o ben público, nada

anhelan que non sexa a íntima satisfacción de cumprir honradamente cos seus deberes, plano camiño do que ningún obstáculo podería apartalos, porque nada hai que torza as conviccións firmes, nin que altere as consciencias honradas.

Os republicanos queremos, como dicía o Sr. Moreno Barcia na Asemblea republicana da Coruña, o ben para todos, sen exclusións; para todos traballamos e traballaremos; a imitación do Cristo, ata para aqueles que nos inxurian e perseguen.

*El Regional*  
03-1887

### A “EL PROGRESO”

As relacións entre os partidos afíns, e con maior motivo entre os coligados, imponen coa irrecusable autoridade deberes de discreción e prudencia non incompatibles cos de partido que debe ter sempre presentes todo órgano político.

Como o entendemos así nós cremos oportuno opoñer ás afirmacións e tendencias de moi respectables compañeiros o noso artigo *Os federais galegos*, clara exposición do criterio destes con respecto á coalición, e conveniente memoria dos seus acordos aos que hai de ater necesariamente a conduta do partido.

E persistindo en crer que así debemos obrar en todas as circunstancias, tamén hoxe temos que comentar imparcialmente un artigo hai días publicado polo órgano do partido democrático progresista en Madrid.

Non pode negarse que *El Progreso* traballa con denodo pola restauración da República e pola consolidación da coalición republicana; e isto concedido, que equivale a recoñecer os grandes méritos do noso querido colega, séxanos lícito dicir que a pesar diso, ou mellor, que por iso mesmo teñen que estrañarnos

afirmacións que o devandito xornal fai, e que son para nós, talvez por curto entendemento, inexplicables en quen tan claro o posúe e non descoñece a nosa historia contemporánea e está de sobra advertido de cales son os seus deberes e a que o obrigan as relacións cos seus coligados.

Defende o noso colega con tesón o procedemento revolucionario como único para a restauración das institucións vilmente traizoadas na noite do *tres de xaneiro*, e ao facelo, despois de afirmar que aquela República se perdeu por culpa dos seus autores –punto que admite detida discusión que non é deste momento– engade que a xeración presente apenas lembra aqueles acontecementos e que “os homes hoxe maduros, os republicanos que neste momento están chamados a restaurar a República, que outros perderon, eran en 1873 menores de idade uns, outros colexiais.”

Sen prexuízo de comentar algunhas frases do artigo de *El Progreso*, temos que facernos cargo das transcritas.

Entendemos nós que a coalición se fixo precisamente para traballar pola restauración das institucións republicanas; máis parece que *El Progreso* non o entende así cando exceptúa do número dos que por ese fin traballan a todo o elemento republicano histórico, atribuíndo exclusivamente canto en tal sentido se fai, aos menores de idade en 1873, aos colexiais do tempo da República.

Ao propio tempo, o colega asigna sempre o papel de revolucionario ao elemento que chamaremos “zoeillista”, e isto constitúe contradición, porque ese elemento, co seu xefe á cabeza, desempeñou importante papel na política española antes de 1873. Que antes desta data eran políticos, aínda que non fosen republicanos, homes como Ruiz Zorrilla, Figuerola, Montemar, Llano e Persi e outros de longa historia. Polo visto

estes homes non están, a xuízo do querido colega, chamados a restaurar a República.

No partido democrata-progresista viñeron figurando homes como Salmerón e Chao, republicanos anteriores a 1873. Á coalición pertence o partido federal, onde están Pi, Sorní, Benot, e outros coñecidos de antigo; na coalición entraron un Labra, un Pedregal, e como estes outros moitos de longa historia republicana; e isto cinguíndonos a uns cantos nomes e concretándonos a Madrid.

Pois ben, acaso estes, que participaron da loita en prol das ideas republicanas, que sufriron as amarguras de 1873, ¿non están chamados a restaurar a República? ¿Non é este –como antes dixemos– o fin que se propón a coalición? E se é así ¿como se compadece con isto a afirmación de *El Progreso* atribuíndo o papel de restauradores aos colexiais e menores de idade de 1873?

Parécenos que o estimado colega foi no seu propósito moi alá, tocando cos límites do personalismo. Parécenos que no momento de escribir ese artigo non pensaba o órgano democrático-progresista na coalición, non lembraba que nesta hai moitos elementos republicanos históricos, aos que podería magoar esa patente que a algúns dos seus amigos estende o devandito colega; elementos republicanos que aceptan honradamente as responsabilidades de 1873, que lembran sempre, e como ensinanza admiten todo, absolutamente todo, o que naquela época ocorreu; a diferenza dos que *El Progreso* considera como os chamados a restaurar aquelas institucións, que están –segundo o colega di– ignorantes do que entón ocorreu, e, non obstante, din que a República pereceu por culpa dos seus autores.

*El Regional*  
6-03-1887

## DÚAS PALABRAS

Por modo estraño di *El Eco* que contestamos ao seu artigo *Eleccións municipais*, e aínda que nos cinguimos rigorosamente ao asunto, acúsanos ¡milagre sería que non apelase a tal argumento! de que dámos tortura á frase do adversario, que terxiversamos, etcétera, etcétera, e engade que prescindirá das nosas frases de resplandor, dicindo que nos afaga o papel de perdoavidas, o cal non ten nada de brillante, como tampouco as demais vulgaridades que emprega chamándonos cantonais e falando de orxías como as de Alcoy e Cartaxena, lugares comúns de ningún efecto e que sobran nesta ocasión. E como o colega nada di atente ao fondo da nosa contestación, dedicámoslle só dúas palabras.

*El Eco* non estivo exacto ao dicir que nós queríamos ou queremos facer Concello político porque a ninguén que discorra medianamente pode ocorréselle que revele tal intento o desexo de levar algúns correlixionarios ao seo daquela Corporación. En cambio, claro está que os conservadores queren facer o que nos atribúen, ao excitar aos monárquicos para que estorben a entrada dos republicanos na municipalidade, no cal insiste claramente o colega na súa réplica.

Non lle negamos o dereito a facer semellantes apelacións, nin sequera o puxemos en tea de xuízo. Si nos ocupamos da súa excitación, porque nos pareceu intempestiva, fóra de lugar e desentoada, como cremos telo demostrado.

E quixeramos que o noso colega, que gusta de ser tan concreto, pero non pasa de aí, o fose verdadeiramente, e así non esaxeraría as cousas, podendo explicarnos que temores o asaltan no que toca á importancia política e administrativa do Concello, nin que tería isto que ver coa entrada dos republicanos na devandita Corporación.

¿Non hai lei municipal? ¿Non determina esta as facultades e obrigas dos Concellos? Pois a esa lei están suxeitas todas as

Corporacións municipais, sexan os seus individuos monárquicos ou republicanos.

Temos a seguridade de que se o Concello de Lugo se compuxese de amigos políticos nosos, non tería ocasión o colega de escribir certas censuras.

Nunca lles quixemos usurpar aos conservadores o papel de *coco*, que tan ben representan, e por iso os republicanos nunca lles inspiramos medo; pero tampouco este é asunto pertinente, nin deberemos discutir se Lugo é máis ou menos republicano, chega con coñecer os datos que no noso primeiro artigo citamos para saber a ciencia certa que non é conservador.

Que as fraccións republicanas son escasas no termo municipal; non discutiremos sobre isto, porque tampouco é do caso; pero é de estrañar que para opoñerse á acción de tan débil inimigo crea necesario o órgano dos conservadores unha concentración de todos os monárquicos para unha campaña dirixida, como di no seu artigo ao que contestamos, con actividade e acerto.

É verdade que despois de evidenciar a nosa pequenez, resulta un tanto ridícula a belicosa actitude do noso veciño, por máis que para nós é ben comprensible. Nas próximas eleccións municipais non hai ningunha vacante de conservadores, e como estes coñecen a súa situación e comprenden que só con auxilio alleo poden sacar algún proveito, chaman a unha concentración de monárquicos para que así se conte con eles, co cal irán gañando algún posto no Concello.

Pretensión disimulada cos espaventos de que os republicanos desafían e de que é necesario salvar as institucións.

Créanos o colega; a pesar da súa habilidade, o xogo é coñecido.

*El Regional*  
04-1887

## OS ADVERSARIOS

Non temos inconveniente en axudar á lamentable campaña que, con motivo das eleccións municipais, emprendeu contra os republicanos de Lugo o órgano dos conservadores.

Tan contundente é a argumentación, tan digno e nobre o ataque, que nos consideramos vencidos en todos os terreos, no da polémica e no electoral, como vencidos estamos por tales adversarios en punto a cortesía e consideración persoal.

Ao noso anuncio de que os republicanos coligados pensaban presentar candidatos, contestou o xornal conservador opoñéndose a tal propósito, chamando en son de guerra os monárquicos, e expoñendo como único argumento para xustificar a súa actitude que era necesario “poñer en mans honradas, adictas ás institucións, a xestión dos intereses procomunais.” Non quixemos contestar a esa provocación expoñendo como saíron de certas mans adictas eses intereses, limitámonos a pedir explicación da frase, que o autor, fuxindo talvez da queima, se apresurou a retirar.

No artigo *Amor cantonal* –pois o colega no seu afán de personalizar este asunto, esquece que os demócratas progresistas non son federais– adúcese contra os republicanos argumentos peregrinos: que posúen o segredo de rexenerar con dinamita, que o cantonal é unha cousa e o home outra; que se os republicanos van ao concello cada sesión será un espectáculo e haberá escenas para todos os gustos –como se estivera tan afastada a data na que houbo sesión bastante *curiosa*; que un pedirá a supresión dos gastos do culto católico, outro a destitución dunha garda municipal, outro a supresión das irmás da caridade, outro a instalación de escolas onde non se pronuncie o nome de Deus, etcétera.

E non esgotado o arsenal destes razoamentos, vén o artigo do luns, e, prescindindo da boa educación, chama figuróns aos

candidatos republicanos, empréganse miserables reticencias, dise que non queren conservar nada agás as conservas alimenticias, e engádesse que quixeran converter o salón consistorial nun comfortable comedor; con outros conceptos que o respecto xa non ao público debido, senón a nós, nos impide cualificar.

Cando a tan reprobados medios se apela, é que non os hai mellores; cando tal guerra se fai non é porque se quere atacar os partidos porque se xulgan malos os seus principios ou inaplicables; é que se quere atacar as persoas.

Pero non importa: estas non toman iso como agravio persoal; sinalan á consideración pública a conduta de tales adversarios, seguros de que todas as persoas decentes reprobarán tal proceder.

Os nosos amigos están tranquilos: homes honrados, non temen as censuras da conciencia pública; non administraron deixando tras de si considerable déficit dos caudais públicos cuxo paradoiro é obxecto de comentarios; non eran modestos ao advir o seu partido ao poder e fortes contribuíntes aos saír; non berraron cos seus correlixionarios por cuestións de moralidade.

¿Que dirían eses conservadores que así nos atacan, se nós combatendo os candidatos do seu partido, expuxésemos como razóns outras de índole parecida ás que esgrimen contra nós, e quizais non tal faltos de fundamento?

¿Que dirían se arguísemos contra o partido nesta fortuna: quixeran os conservadores moitos presupostos de obras públicas para facer á conta delas as súas particulares; quixeran formar parte de comisións para irse aproveitando, para non pagar dereitos de consumos?

Eses conservadores da rúa de Armañá, tan dados a falar intempestivamente da honra, poñerían o grito no ceo raso, esgotarían o vocabulario sentimental; nós non; rímonos desa



campaña do colega, un tanto excitados estes días; campaña na que deu con todo ao traste, a pesar da súa pulcritude. Campaña que pola ira que revela, polo rancor que a anima, polo odio persoal que reborda, parece que dá lugar a sospeitar que hai medo á nosa intervención no municipio, que hai algún propósito que a nosa representación no municipio poida estorbar.

Só así nos explicamos ese terror aos republicanos, cando vemos que no Concello de Madrid entraron, en coalición cos fusionistas por certo, varios republicanos, sen que sucedese nada do que teme o perturbado órgano conservador; máis é, na nosa Corporación municipal hai, dende hai dous anos, un caracterizado republicano, federal de toda a vida, e non ocorreron, provocadas por el, esas lamentables escenas que o diario reaccionario teme, nin se presentaron esas peticións ás que alude.

Pero ¡hai que discorrer máis! O xornal aludido está malo, moi malo: os nervios están excitados e ve visións. Ata se figura que imos establecer a guillotina e, por exemplo, que o Sr. Freire Calviño vai actuar de fiscal para denunciar as cousas dos conservadores.

Cálmese, cálmese; que se os seus amigos o son da moralidade, da administración honrada, nada deben temer dos republicanos.

E déixese de ataques imprudentes que nin causan efecto, nin honran o seu enxeño.

*El Regional*  
21-04-1887

## AOS ELECTORES DO DISTRITO DE LUGO

Os partidos republicanos coligados designaron candidatos para as próximas eleccións municipais aos señores seguintes:

Colexio da Praza, D. José Fernández Carballo, -Viña, D. Aureliano José Pereira. -Milleirós, D. Luís Vergne. -Areeiras, D. Victorino Castro Viñas. –Carballido, D. Federico Palmeyro.

Ao solicitar dos electores que confiran aos nosos amigos a súa representación no municipio, temos que dicir algunhas palabras, tanto para dar conta dos propósitos que a aqueles animan, como para explicar as causas que obrigaron aos partidos republicanos a acudir ao terreo que se lles empraza.

Esperabamos nós que os directores da política actual, respondendo aos seus antecedentes e compromisos, tendo en conta o espírito da lei e atendendo aos seus propios intereses, deixasen libres nos colexios da Praza, Viña e Areeiras os lugares correspondentes ás minorías, para que estas os disputasen en nobre lide.

Pero lonxe de observar este proceder, á soa indicación de que os republicanos presentaríamos candidatos nalgúns colexios, contestouse polos fusionistas establecendo unha coalición pola cal figuran nas candidaturas ministeriais os conservadores, sen deixar lugar ningún para as minorías.

Á súa vez os conservadores atacaron, dunha maneira que o público xulgou xa, a dignidade dos partidos republicanos e os seus homes; dixeron que era preciso entregar en mans honradas, adictas as institucións, a administración dos intereses procomunais; supuxeron, faltando a todo respecto, que os nosos amigos converterían o Concello pouco menos que nunha taberna.

Pero ao dicir iso non teñen presente os conservadores que a conciencia pública non esqueceu a súa administración dos

intereses provinciais, defraudados en cen mil pesetas proximamente; nin o nomeamento de peóns camioneiros de levita, asunto que quedou na sombra grazas á habilidade conservadora; non esqueceu como administran sempre e canto funesta foi a súa xestión.

Por outra parte, a conduta da Corporación municipal de Lugo nos últimos anos xulgada está por todos.

Cando a cuestión do imposto de consumos se presentaba como unha ameaza para as clases menos acomodadas da cidade e como insostible gravame para a oprimida poboación rural, o Concello deixaba transcorrer cinco meses sen celebrar sesión, e sobreveña aquel conflito de setembro de 1885, manifestación elocuente das simpatías que gozaba a nosa administración municipal, única responsable daqueles sucesos que estiveron a punto de causar ao pobo de Lugo un día de loito.

Apelamos á conciencia pública para que diga se algún dos servizos municipais foi debidamente atendido, se as queixas da opinión foron unánimes e xustas.

¿Que fixo a nosa Corporación municipal para xestionar o establecemento da fábrica de tabacos e da penitenciaría, para xestionar o aumento de forza militar na capital? ¿Que fixo en obsequio da poboación rural?

En cambio, vimos con canto tesón se defenden os asuntos de interese persoal, como se pasa por enriba da lei para favorecer os servidores, como se alistan os proxectos de obras nos que hai interese particular.

Pois ben, os nosos amigos aspiran á representación popular para opoñerse enerxicamente a todo iso, para exercer activa e imparcial fiscalización, para pedir que se atenda ás necesidades do distrito con equidade e prudencia, para reclamar o melloramento dos servizos municipais dentro dos límites do

posible, para procurar que nas sesións do noso Concello non haxa discusións como a das contas dos festexos.

A iso van os nosos amigos –se o voto popular os favorece– á Corporación municipal, unicamente a seren intérpretes dos desexos dos seus veciños, pedindo que a administración sexa moral, que a lei sexa norma exclusiva de todos os actos do Concello.

Os electores do distrito de Lugo coñecen xa a misión que aspiran a realizan os candidatos da coalición republicana. Tócalle aos electores que ese levantamento propósito se realice, na súa independencia e bo sentido confiamos. Lugo, 29 de abril de 1887.

-Polo comité de coalición electoral, Tomás Cobos, Manuel Mosquera Lequerica.

*El Regional*  
30-04-1887

## O CACIQUISMO

Inutilmente buscamos nos Dicionarios da nosa lingua, a verdadeira acepción desta palabra.

Sen dúbida os académicos e cantos eruditos se dedicaron ao estudo do noso idioma viron na idea que esa palabra deba representar un conxunto de males tan perniciosos e detestables, que non se atreveron a darlles carta de natureza no noso país.

E, non obstante, a palabra úsase con impertinente frecuencia, talvez porque a afección cara ao posto do cacique aumentou considerablemente na nosa patria, á que moitos quixeran ver convertida na España da idade antiga, para dominar ao seu antollo e con dereito de forza e coitelo.

Eses moitos, ignoran, sen dúbida, que certas datas se van borrando para sempre do gran libro da humanidade, e que o Goberno de España, calquera que sexa debe detestar o caciquismo, porque non se pode querer nin consentir outro poder sobre os pobos, que o constituído legalmente, é dicir, aquel que se exerce por medio da autoridade que administra xustiza segundo as leis e protexe os cidadáns honrados contra os miserables de todas clases e especies.

Isto non chega para que o goberno o mesmo ca os pobos, recoñezan e aprecien no que valen as condicións de determinadas persoas que nalgunha que outra localidade ocupan unha posición vantaxosa polo seu arraigo, cando a esta útil circunstancia se achán unidas as do saber, do talento e da abnegación en favor e proveito do pro común. Os que tales calidades reúnen, exercen como é natural unha influencia lexítima sobre os seus veciños; estes respéctanos, e o Goberno dispénsalles a consideración a que son acredores.

Por iso non deben confundirse baixo a palabra *caciques*, aqueles homes que empregan o seu xusto valor en beneficio da localidade na que naceron ou na que viven, e fan abstracción completa da súa personalidade cando se trata de vantaxes, e son os primeiros, cando a necesidade ou o ben público o esixen, en sacrificar os seus intereses en favor do seu pobo, a estes homes non se lles debe chamar *caciques*; teñen un nome especial, que por certo non se dan a si mesmos, porque o que practica a virtude non se apelida virtuoso; o público é quen lle dá ese cualificativo.

Os verdadeiros *caciques* son, entre outros, aqueles homes que sen medios de fortunas, a improvisan, non obstante, sen que os seus veciños poidan darse unha explicación honrada; aqueles que carecendo de talento e instrución posúen unha refinada suspicacia e unha ousadía sen límites, que empregan para facer dano a traizón, a esgalla do seu pobo; aqueles, en fin, que non

posuíndo ningunha das pezas que ennobrece as criaturas, senten no seu corazón a ira e a envexa contra os que a sociedade distingue e aprecia.

Eses homes, verdadeira escoura de cada pobo, “Proteos” infames que pretenden ser influencia en todos os tempos, para cubrir por ese medio a deformidade dos seus vicios, e que para realizar os seus fins bastardos non se deteñen ante o sacrificio da amizade e ata da familia, eses homes son tan só dignos do desprezo dos seus cidadáns e do Goberno.

Pero como no medio da súa degradación e da infamia que sobre eles adoita pesar (cando non hai motivo para sinalalos co dedo por feitos que se non son notorios, quedan evidenciados por certas consecuencias,) cobren o seu rostro cunha careta de ferro que oculta todas as impresións que reciben, e preséntanse diante dos que non os coñecen, aparentando unha sinxeleza e unha bondade envexables, nada ten de estraño que obteñan consideración e que acaso cheguen a gozar dunha posición que procurarían explotar con prexuízo de moi sagrados intereses.

Esa falanxe de mercadores, é a que constitúe o *caciquismo*, verdadeira praga dos tempos modernos, e cuxos individuos só poden ser comparados con aqueles leigos que, co traxe de frade, pululaban polos conventos aparentando servir á comunidade, cando realmente tan só se coidaban de encher os seus estómagos e de facer pacotillas, adulando sempre o gardián, calquera que este fose, e denunciando de maneira vilá e con falsidade os relixiosos que non se prestaban ás súas falcatruadas e maldades.

Aprendan, pois, os pobos a coñecer esa xente; non se fíen de aparencias, que son sempre enganosas, e declaren guerra a morte contra os que sen piedade e con intención sobrada queren explotalos en proveito propio.

Conveniente é tamén que as autoridades os coñezan e vixíen de preto, procurando penetrar os seus maquiavélicos

plans, porque non son tan malos só para os seus veciños, senón que o son tamén de maneira rateira e vilá para as persoas que exercen autoridade, ás que quixeran ter sempre supeditadas e propicias para realizar todos os seus caprichos, procurando, se non o conseguen, facelas vítimas das súas envexas, dos seus celos e das súas calumnias.

*El Regional*  
05-1887

### A NOSA GRATITUDE

A pesar da desatinada campaña emprendida contra nós polos elementos conservadores; a pesar da escasa forza e das poucas simpatías das que gozan os candidatos republicanos, segundo di *El Eco*; a pesar da presión feita polos centros oficiais, tres dos nosos candidatos obtiveron o triunfo. E dos tres elixidos dous son deses terribles *cantonais*, cuxa presenza no Concello poñerá en perigo a existencia das institucións e conmoverá os fundamentos da orde social.

Non nos debemos poñer soberbios por iso; non debemos aproveitar as circunstancias para devolver aos nosos adversarios as injurias que contra nós proferiron.

Os nosos veciños, en cuxa sensatez e independencia confiamos dende o primeiro momento, deron unha proba de que posúen ambas as dúas condicións, e prescindindo desas miserias que se deixan entrever baixo a aparatosa vestidura dunha oposición a determinados elementos, votaron aos nosos amigos; e votáronos en tres colexios onde a loita foi tenaz e sostida. E votáronos, tanto polas simpatías persoais, como –e quizais principalmente por isto– porque representan o que nós no seu nome prometemos e o que o comité de coalición electoral dixo no seu manifesto.

Os nosos amigos foron á loita, repetimos, confiando nos seus veciños: con eles, co pobo todo, contraeron solemne compromiso que honradamente cumprirán, como corresponde aos que non teñen outras aspiracións que contribuír ao ben público e ser fieis ao seu deber.

Nada máis que dicir hoxe.

No nome dos nosos amigos, e no noso, manifestamos a máis completa gratitude ao corpo electoral de Lugo que nesta ocasión mostrou que non se deixa influír por suxestións interesadas e que sabe obrar con independencia.

Os honrados coa representación popular, e en cuxo nome falamos, terán sempre presente a débeda que contraeron.

*El Regional*  
6-05-1887

## **O CONSELLO FEDERAL DA REXIÓN GALEGA AOS SEUS CORRELIXIONARIOS**

“O consello coidará especialmente sen menoscabo da autonomía dos comités provinciais e municipais, de impulsar a organización do partido na rexión galega”. A Coruña, 18 de decembro de 1886. M. Mosquera, M. Moyrón, J. Núñez, Aureliano J. Pereira, J. Rey Calvo, J. Domínguez Troncoso.

A Asemblea federal da rexión galega, será convocada o próximo xullo.

Agora ben, o que con fría e serena razón ausculte atentamente no porvir, percibirá pronto un rumor perfectamente caracterizado, pero polo vago e confuso temeroso, como querendo indicar a proximidade de grandes acontecementos; como que ha previr unha sorpresa que moi ben puidera ser dolorosa, e dispoñer o país para a transformación que vai



operarse preparando o labor modesto pero fecundo que deberá rexeneralo; encamiñanse as reunións patrióticas do partido federalista en asembleas xerais, é da nosa obriga negar a cantos en Galicia profesan opinións federalistas que en todo o mes actual de xuño procuren agruparse e alí onde fose posible, levanten comités, elixan os seus representantes á Asemblea e concorran a esta cando sexan chamados, para cumprir un deber que estimamos altísimo.

(...) presente aletargados pola orxía ou no delirio do festín, desoan ou menosprezan as nosas advertencias e admonicións, acollendo co sorriso do incrédulo o esforzo xeneroso dos que lidan e sucumben pola liberdade e polo dereito; pero en van procuran, como o Baltasar bíblico, borrar a fatídica inscrición que brilla sobre o muro das súas conciencias con sinistro resplandor, en tanto coa súa minguada e torpe conduta abren ancha ferida no corazón do pobo, ferida que, en definitiva, teremos nós que curar, quizais penosamente, por eles e polos seus fillos, por nós e pola patria... ¡Triste é o dicilo! pero realizalo será un deber tanto máis glorioso se voluntariamente é aceptado, sequera por participar unha vez do patrimonio irreductible dos xustos.

Sexa como queira, escudados na nosa causa redentora e pois a ingratidade non nos aflixe, nin o sarcasmo nos humilla, nin a impaciencia nos molesta; na persuasión de que os nosos correligionarios comprenden toda a importancia que reviste o problema da organización política e económica do país, en breve intentaremos presentalo para ver de resolvelo con solicitude previsora, tranquila e repousadamente.

A Asemblea xeral reunirase en Lugo para discutir e votar o proxecto de Constitución federal para o futuro Estado galego, en conformidade ao acordo por ela adoptado o 18 de decembro de 1886. O Consello executivo espera e confía en que as catro provincias galegas saberán responder á excitación de hoxe e ao

chamamento de mañá, enviando a aquela cos seus homes de valer e de prestixio, a maior suma de intelixencia, actividade e patriotismo.

Non o esquezan os nosos correligionarios; Galicia, a nai patria querida, anhela ser forte mediante unha organización vigorosa e honrada, pola deliberación e polo consello dos seus fillos.

A Coruña, xuño, 1º de 1887.-Polo Consello executivo, S. Moreno Barcia.

*El Regional*  
9-06-1887

## **A ENSINANZA UNIVERSITARIA**

*El Imparcial*, nun extenso artigo que publicou hai días, e o señor Danvila, ao impugnar no Congreso o orzamento do ministerio de Fomento, lamentaron os defectos da nosa ensinanza oficial.

Algúns xornais despois, e entre eles *La Época*, repetiron entre queixas, engadindo este último, que coinciden estas opinións coa xeral, que por boca de todo o mundo, afirma, que nas universidades non se aprende o que debería aprenderse, e que como moito poden prometerse nela os alumnos máis aproveitados “aprender a estudar”.

Todo isto é evidente: todo isto demostra o noso atraso en materia de ensino, pero sinalados xa polo ditos xornais estes defectos, non habemos insistir.

Non é este, non obstante, o aspecto máis grande que a nosa ensinanza ofrece. Cada ano saen das aulas centenares de médicos, de avogados, de licenciados e doutores en todas as facultades, que non atopan despois na súa profesión un medio de

procurar honradamente a subsistencia, e que habituados a certo xénero de vida, non consideran decoroso dedicarse a traballos máis humildes, chegando a ser un elemento morto e inútil na vida nacional, ou, o que é peor, un instrumento fácil de calquera empresa da que esperan prosperidades ou melloras.

Se fósemos vulgar a altura á que os españois se achán nas ciencias, polo número de doutores en distintas carreiras que España encerra, considerariámonos os máis sabios de Europa, e, non obstante, hoxe, o que non posúa algúns idiomas estranxeiros ou ande á caza de traducións, pouco poderá aumentar os seus coñecementos cos textos españois.

E o máis triste é que o inmenso continxente de alumnos que nas aulas universitarias pulula, non é senón un fecundo xerme de futuros políticos, xornalistas, empregados, etcétera, que máis precisados a acudir ás súas necesidades ca dispostos a defender enerxicamente os seus ideais, constitúen o misterioso resorte que move e dirixe a nosa política regresiva e voluble; sometida esta, mediante un influxo indiscutible, ás ambicións individuais do que resolve con fatal precisión e preferencia os seus propios intereses, ante a carencia dun porvir adaptable ás necesidades que a súa educación creou, resulta que por un determinismo lóxico, estes vicios da nosa ensinanza inflúen no país dunha maneira transcendental, dende a máis modesta esfera ata as altas rexións da política.

Hai algún tempo demostrou un xornal da corte nunha estatística, que a cada médico establecido en Madrid, correspondía, nun reparto igual, cinco enfermos; entre tanto, a industria e a agricultura, carecen de cabezas intelixentes que dirixan a verdadeira riqueza do país, e os que con gran proveito puideran ser xefes de importantes establecementos de manufacturas, artes mecánicas, etc., inutilizan ou fan bastarda a súa intelixencia nas antesalas dos ministros, ou en buscar novas intrigas e exercitar maquiavelismo no xogo da política.

Tempo é xa de que España estude os métodos de ensinanza de Nacións, que neste importante ramo, se achán a máis altura ca nós; tempo é, de que, mellorando as facultades que hoxe teñen plétora de alumnos, e dificultando os seus estudos, se consiga ao par conceder ao que pode cursalos, verdadeira fonte de ben cimentados coñecementos, e remediar a anemia que noutros ramos, como deixamos claro, se observa; esta transfusión concederíanos o equilibrio das forzas intelectuais que nos falta e que tan preciso é en todo o organismo.

Faga algunha vez o ministerio de Fomento, se é posible romper a rutina, unha reforma radical na ensinanza, inspirada no espírito da época, movida poderosamente polas correntes democráticas, estudada co detemento que o asunto require, e xa que hoxe sufrimos as consecuencias destes defectos, consígase polo menos, que a xeración futura ao entrar no exercicio das súas funcións públicas, dos seus deberes de cidadáns e dun traballo proveitoso e común, obteña maior suma de beneficios para o país e para si mesma.

*El Regional*  
7-07-1887

## **REXIONALISMO E UNITARISMO**

A federación, e polo tanto o rexionalismo, que é unha das súas manifestacións, non constitúe unha forma de goberno. Innegablemente, é un sistema de rexerse os pobos máis en harmonía co desenvolvemento da súa riqueza, co engrandecemento de todas as fontes produtivas que informan o seu futuro benestar.

O sistema federativo é igualmente aplicable ás nacións monárquicas como ás republicanas. Austria e Alemaña que viven baixo a dominación de dous emperadores déspotas e

dominantes, están constituídas de forma federativa. Non é dubidoso crer que o día que quebranten, que desfagan os lazos que unen os distintos Estados que forman ambos os dous imperios, espertarán no seo da súa integridade nacional odios e rancores que poidan talvez ser causa da súa disgregación.

¡Que mediten sobre tan palmaria verdade os gobernos das nacións que teñen subxugadas as rexións ou provincias que as forman a un só poder centralizador!

Por esta razón, os Estados que constitúen unha nación monárquica, e gozan da autonomía necesaria para establecer os poderes *executivo*, *lexislativo* e *xudicial*, véndose, polo tanto, libres desa presión turbulenta que aniquila as poboacións, e as converte en xoguetes de bastardas ambicións, gozan dunha vida máis próspera, gozan doutros medios máis benéficos, que lles procuran alimentos de vida máis grandiosa para encher dunha maneira civilizadora a súa misión na humanidade.

Véxase se este *sistema* de goberno, o federal, se aplica á forma republicana, canto máis grandiosos serán os beneficios que ha reportar aos pobos onde se establecese. Se continúa moito tempo situación tan anómala, se segue o Estado como hai moitos séculos, erixido en perpetuo curador e titor das provincias e dos pobos, a ruína, a miseria desta nación será un feito doloroso e irremediable.

Véxase senón xa o grito case unánime que de todas as provincias de España se escoita, grito que demostra claramente que é producido na súa maior parte por teren descoñecido os gobernos as necesidades máis perentorias que con frecuencia experimentan as provincias, e dos medios con que conta para poder satisfacelas.

Hai non moito tempo, os deputados valencianos xestionaban, preto do Goberno, a diminución da contribución

territorial das súas respectivas provincias, fundándose na gran depreciación que experimentaran os arroces en virtude da grande importación que se facía deste artigo de Ultramar. Case na mesma data os casteláns reuníronse para solicitar igual graza. Pero estes fundaban a súa pretensión na gran baixa que experimentaran os cereais, tamén debido a que se introducen de América cantidades fabulosas de gramíneas.

As provincias do Noroeste de España clamaban e claman porque se diminúa o imposto sobre gandos porque a situación da industria pecuaria é altamente lamentable, debido a un conxunto de causas que a aniquilan e empobrecen. E por fin, ata nas provincias de Cataluña e de Levante se escoitan clamores que demostran ben claramente a perturbación xeral que reina en todo o continente no que se refire á súa existencia económica. E todo, porque como di moi elocuentemente o noso ilustre xefe Pi e Maragall, ao condenar a curatela que o Estado exerce sobre as provincias, como causa esencial que orixina os males que as aflixe, pregunta:

“¿En que títulos descansa esa tutela? ¿Posúe o Estado a suprema sabedoría? Vede as súas leis, impregnadas aínda do bárbaro espírito da Idade Media e cheas das sutilezas do antigo dereito de Roma. Nelas acharedes aínda os delitos dos pais condenados nos fillos, nos fillos “adulterinos”, nos incestuosos, nos sacrílegos condenados a non poder recibir nada dos seus pais, nin por herdanza, nin por doazón, nin por manda, como se eles fosen os culpables da súa innobre orixe. Fixádevos principalmente na súa lei hipotecaria, lei de iniquidade que fai prevalecer a forma sobre o fondo e o falso dereito inscrito sobre o verdadeiro dereito non inscrito, lei que polos expedientes posesorios veu sancionar as máis bárbaras usurpacións da propiedade da terra, lei pola que se abriron rexistros mentireiros desde a primeira ata a última das súas follas, onde non cabe apreciar, nin o verdadeiro valor, nin a verdadeira cabida, nin os

verdadeiros lindes, nin a verdadeira calidade das terras inscritas, lei que non tivo por obxecto senón abrir crédito á propiedade territorial, e non puido impedir que o crédito fose entregado ao monopolio dunha sociedade anónima.”

Estes e outros argumentos que aduciremos en artigos sucesivos, levarán a convicción ao ánimo do máis acérrimo partidario do unitarismo.

*El Regional*  
19-07-1887

### CAMILO PLACER

Saía da máquina o número de onte no que expresabamos o noso desexo de que mellorase a saúde de Camilo Placer, e no mesmo momento recibín a noticia da súa morte.

Os azares da vida separan os amigos; suspenden entre eles toda comunicación, aínda que non diminúe o afecto que os une, e un día, inesperadamente, vén a noticia de que aquel que queríamos partiu, e séntese entón un estremecemento nos nervios, un encollemento no corazón, calor e humidade nos ollos.

Camilo Placer e mais eu atopámonos xuntos moitas veces: a súa accidentada vida estudantil levábao dunha á outra parte, pero sempre estaba Lugo no centro da súa viaxe, sempre, aínda que lle fustrigase a présa do tempo, dispuña de corenta e oito horas que empregabamos en cambiar as nosas ideas, referirnos ás nosas impresións, confiarnos reciprocamente esas mil sinxelezas da vida que na idade xuvenil cualificamos de segredos.

Travesuras e amoríos, quimeras e atrevementos, formaban a crónica que con singular pracer narrabamos e oíamos con verdadeira compracencia.

Camilo marchou a Madrid a rematar os seus estudos, ao parecer, pero empurrado máis ben por algo que o chamaba cara ao máis ancho campo no que puidese empregar as súas facultades e desenvolver as súas aptitudes. Eu quedei neste modesto e amado recuncho, empregando a miña boa vontade no diario traballo xornalístico.

Antes de cumprir 25 anos Placer era secretario da redacción de *La Europa*, xornal fundado por Leonce Detroyat, mestre no xornalismo que desde logo adiviñou naquel mozo delgado, nervioso, burlón, o xornalista de fibra, que adiviña e presinte a cuestión importante, que sabe ferila no punto de interese xeral.

O meu inesquecible amigo foi o iniciador da esquerda dinástica, ben na tendencia política de *La Europa*, ben máis clara e detidamente no famoso folleto, tan discutido pola prensa, asinado por *Mr. Wigh*.

Foi director de *El Norte*, xornal fundado por Morel cando este orador “*locomóbil*” cría que a esquerda conducía directamente á poltrona.

Non é neste caso momento de referir as amarguras, contrariedades e desenganos que sufriu o meu querido amigo e que, ben en cartas ben nas nosas entrevistas en Madrid, me refería, adornando o seu desconsolador relato con brillantes paradoxos e saborosísimas frases de aceirada crítica.

Escéptico por temperamento, Camilo cría por cariño: a amizade non era para el unha palabra va, nin a dignidade unha frase oca, nin lle era a lealdade descoñecida.

O día que deixou a un lado os seus entusiasmos republicanos, non foi certamente para recoller unha mesquiña recompensa.



“Son monárquico -díciame– pero son democrata. Só así creo que podo servir os nosos antigos ideais. A República virá polo camiño que nós lle tracemos. Se non queres vir, espérame no teu campo, que aí nos atoparemos.”

Vímonos na Corte precisamente o día que publicaba *La Gaceta* o nomeamento para un alto posto dun mozo e discreto xornalista, pero que non tiña nin méritos para o elevado cargo con que o honraba o seu poderoso carácter.

¿Con que o noso amigo P., díxenlle, está nomeado subsecretario? E despois dirás que pola prensa non se vai a ningunha parte.

Camilo miroume expresando asombro; despois dixo coa ironía de sempre:

¿Cres que é labor de xornalista quitar lixos ao gabán dun ministro? Pois entón ti e eu non servimos para o oficio.

Era redactor de *El Resumen* desde a fundación deste xornal, e non foi a súa cooperación a que menos contribuíu á reputación xustísima de que goza este xornal. Non tería pasado de aí, aínda no día do triunfo do seu partido, porque Camilo era altivo, como todos os caracteres nobres, e non pediría. E sabido é que o día da vitoria se cumpre fielmente a promesa evanxélica: os últimos son os primeiros.

Nesa ocasión, como noutras sucedeu, os ineptos, os aduladores, os indignos, atropelarian o intelixente xornalista para invadir os gabinetes e as antecámaras dos ministerios, e Camilo continuaría tranquilamente na redacción defendendo os seus e querendo xustificar xenerosamente os seus erros.

A pobreza da miña pluma é obstáculo insuperable neste momento: quixera poder consagrar á memoria do meu fraternal amigo, ausente para sempre, os eloxios dos que era merecedor, pero tampouco o estado do meu ánimo mo permite.

A un mesmo tempo e nos mesmos xornais fixemos as nosas primeiras armas; amabamos os mesmos ideais, Galicia e a liberdade. Galicia, que era para el o único remedio á súa saúde; a Liberdade que significaba a salvación da patria. Aínda que partindo de distintos puntos, iamos ao mesmo fin, e, ademais, nos azares da nosa vida existían circunstancias moi parecidas, houbo accidentes análogos, que a el impulsaron con maior enerxía a continuar na loita febril que minou e concluíu a súa existencia, e a min trouxéronme de novo ao país querido, a seguir na monótona vida e ingrata tarefa de xornalista de provincia, sen éxitos nin porvir.

El partiu.

Quizais o destino lle reservaba aínda maiores amarguras e desenganos.

Triste é morrer en plena xuventude, cando talvez se chegaría a gozar a honrada recompensa de tantos anos consagrados a unha causa nobre.

Pero, ¿acaso é alegre vivir mirando sempre o mesmo ceo? como dixo o poeta.

*El Regional*  
09-11-1887

## **A EMIGRACIÓN GALEGA**

Outra das causas da decadencia de Galicia, e ás que por conseguinte hai que achacar en parte o despoboamento do seu territorio, é a desastrosa paralización do seu comercio de gandos. Por só o porto da Coruña exportábanse anualmente hai tempo para Inglaterra 20.000 cabezas, cuxo valor medio de vinte millóns de reais, cobrados en metálico, vivificaba a produción agrícola, e aínda que non enriquecese o labrador, púñao en

condicións de mellorar a súa alimentación, pagar con relativa folgura a renda das leiras, satisfacer a cota do Estado e aínda aumentar o seu peculio co pequeno remanente.

Sen este poderoso recurso, sen saber que facer do seu gando que case lle serve de estorbo, sen ningún medio para adquirir diñeiro, o labrador de Galicia nota que a súa situación se agrava día a día, e antes de consumir o seu último céntimo vende o que ten, procura unha pasaxe e foxe, é dicir, emigra.

Resolver o problema da emigración require un estudo detido e profundo que nós non estamos chamados a facelo. A competencia doutras nacións, incluso Inglaterra, cuxa cría de gandos tivo un considerable incremento, e a lexislación deste país, que non consinte tránsitos e limita o consumo aos puntos de desembarque, con outras mil dificultades que suscita con pretextos de contaxio e hixiene, fai que non se vexa remedio ao mal, se aquel ha de obterse con simples medidas administrativas.

É indubidable que algo podería atenuarse, pero as correntes do comercio, as esixencias dos mercados e as grandes competencias industriais non son materia dúctil e branda que se preste a todas as modificacións e formas que prazan aos gobernos.

Cando hai algúns meses estudou *El Imparcial* a decadencia do comercio de gandos en Galicia, fixo observar que a exportación diminuíra dende 19.779 cabezas en 1882 a 8.000 aproximadamente que se venderán en 1887, e consignou as que cremos e continuamos crendo causas da crise, deixando aos deputados e senadores galegos a iniciativa das medidas legais que conviría poñer en práctica para remediar o mal, medidas que deberán ofrecer solución satisfactoria e completa, pois se non teñen eficacia non servirían absolutamente para nada.

Despois do exposto, pouco temos que dicir do estado da agricultura, cuxa prosperidade, se non conta con algún capital, é de todo punto imposible calquera que sexa o cultivo, e cuxa morte é segura nun país de onde se afastan os brazos que puideran serlle útiles.

Xorde ao tratar este asunto a cuestión arancelaria, panacea para moitos de todos os males, “paler” que de disputada controversia, e campo de batalla no que realmente se combate a cegas.

Pero centrándonos en Galicia, é lícito preguntar: ¿que interese pode ter o labrador galego en producir un artigo que resulta caro e sen saída? O millo, o principal elemento da súa colleita, chega aos seus portos con grande abundancia, é de tan boa calidade como o seu e expándese a ínfimo prezo.

Se o labrador galego ten mala colleita, compraría millo estranxeiro no caso de que lle facilitaran os recursos dos que carece; se, pola contra, o ano é bo e non pode vender o seu, e se o fai, é cunha depreciación tan grande, que a levar conta, notaría, con asombro, que non só traballara as súas terras en balde, senón que puxera diñeiro enriba en forma de fertilizantes e xornais. ¿Remediaría isto o arancel? Mirando o asunto baixo certo aspecto, dunha maneira parcial e egoísta, indubidablemente que si; pero... ¿e os demais intereses en elos doutras industrias e producións? ¿Non conviría, ante todo, ver se con reformas profundas nos nosos orzamentos e rebaixas das tarifas de ferrocarrís, podíamos poñer aos contribuíntes en mellores condicións? Aliviando cargas e facilitando o desenvolvemento industrial, rompendo esa espesa tea de araña do expediente e dos obstáculos administrativos, ¿non sería acaso factible estimular a riqueza pública e conter os desastres da nosa rutina?

Nos momentos actuais claramente se ve que o labrador galego está encerrado nun círculo de ferro, do que non pode saír

senón pola emigración a América. Esta é, no fondo, un gran ben para o seu interese particular, porque aínda que non lle dea riquezas, proporcionaralle polo menos pan, estará libre da continua agonía que leva consigo unha vida preñada de desgustos, terá sequera aire respirable que en Galicia parece faltarlle.

A emigración en Galicia ofrece cifras desconsoladoras que superan a todo pesimismo. Só polo porto da Coruña embarcaron dende o 1.º de xaneiro ata o 31 de outubro do presente ano 7.336 emigrantes, 2.694 para A Habana e 4.662 para a República Arxentina, segundo se deduce dos datos oficiais. Sen temor de esaxerar pode asegurarse que a emigración clandestina duplica a cifra precedente. Se se agrega a isto a emigración legal e clandestina que se verifica polos dous principais portos da provincia de Pontevedra –Vigo e Vilagarcía– e a que de Lugo, Pontevedra e Ourense se verifica pola extensa fronteira de Portugal, comprenderase que Galicia vai quedando deserta e que chegará un día no que sinceramente lamentemos a imprevisión, que ha ser no porvir orixe de graves conflitos.

Hai ademais nisto da emigración algo pouco limpo no que as autoridades deben escudriñar. O público rumor di que existen compañías que a fomentan e poderes –non sabemos a cales poida referirse– que a protexen con eficacia.

Sen que nós nos deteñamos agora en examinar os graos de certeza destes rumores, é indubidable que entre os emigrantes figura gran número de prófugos. De onde se segue que non só a agricultura perde brazos útiles, senón que tamén soldados o exército, con evidente prexuízo dos que non se ausentan da patria.

Do dito dedúcese que a emigración chegou a alcanzar proporcións extraordinarias. A República Arxentina é a terra de promisión a onde levan os colonos galegos que, se o actual estado de cousas continúa, deixarán desertos os fogares e as terras sen o indispensable cultivo.

Cando en Galicia emigraba só o excedente da poboación, o fenómeno nada tiña de alarmante, e en certo xeito compensábase co ingreso dos cuantiosos capitais achegados polos que, tras ausencia máis ou menos longa, regresaban ao país natal; pero hoxe a cuestión é moi distinta: hoxe as familias non emigran para descubrir soñados tesouros, senón fuxindo da fame, en busca do pan que lles nega a estéril patria, na cal non deixan non, doces lembranzas, senón odios insáns e furibundos rancores.

Urxe, polo tanto, que os nosos estadistas estuden con detemento o problema da emigración e procuren resolvelo.

Xa sabemos que moitos nos dirán que noutros países sucede o mesmo, que a crise preséntase ameazadora en todas partes, que a loita pola existencia se revela con terribles caracteres, que se aproxima formidabile contenda económica producida polo exceso de produción, por falta de saída dos produtos e pola competencia dos mercados, e que as correntes proteccionistas ameazan con levantar barreiras infranqueables; todo isto pode ser exacto, pero como as nosas desditas son certas, non podemos consolarnos con xeneralidades, sexa calquera a autoridade de quen as diga. Hora é xa de deixar a un lado todas esas declamacións e non preocuparse tanto do que pasa con outros pobos que son máis ricos e contan con recursos para esperar e resolver as súas crises. Nós, que vivimos en casa desmantelada e pobre, apliquémonos a reparala, ou polo menos teñamos o xeneroso intento de aliviar os nosos males, para non incorrer en xusta censura por ter presenciado indiferentes e cruzados de brazos a decadencia e ruína da patria.

*El Regional*  
13-11-1887

## A ÚNICA FÓRMULA

Segundo dixemos onte nun solto, os republicanos progresistas e federais da provincia de Badaxoz dirixíronse a todos os da nación nun notable manifesto do que tomamos estes parágrafos:

“Falouse de *unión*, de *concentración de forzas*, de *liga á inglesa*, é dicir, buscáronse palabras ou frases que, significando substancialmente o mesmo ca coalición, poidan servir, non obstante, para reunir caoticamente os elementos republicanos arredor dunha bandeira sen principios nin aspiracións definidas, como se para o combate, o mesmo que para despois do triunfo, puidera e debера fiar os seus destinos a democracia a outra cousa ca á virtualidade das ideas e ao labor constante e decisivo dos partidos políticos.

Pero ¿que é a *unión* imparcialmente analizada? ¿É ou significa a *unión* dos partidos republicanos, coas súas organizacións, cos seus xefes, coa súa unidade que dá a forza e todos os prestixios e medios de acción de que eles como partidos, e só como partidos, poden dispoñer? Se isto é o que significa a *unión*, isto era e significaba a coalición. ¿A que, pois, cambiar de nome se son unha mesma cousa?

Mais polos autores da *unión*, esta debe expresar algo distinto e quizais contrario ao de conciliación; porque doutro xeito terían perdido o tempo nunha cuestión de nomes. Esa *unión* que se busca sería, en todo caso, un conxunto de elementos disgregados dos partidos que desorganizarían a estes sen chegar nunca a conseguir o seu propósito. Fóra da *unión* así realizada quedarían sempre moitos elementos valiosos que non a aceptarían como aceptaron a coalición, a cal reunía os partidos en toda a súa integridade e o seu esforzo tiña que ser máis vigoroso, eficaz e decisivo, tanto para a propaganda das ideas e a

loita nos comicios como para a reivindicación da Soberanía polos medios extraordinarios que aconsellara a necesidade.

A unión de todos os republicanos non pode ter outro programa que o da conciliación dos partidos; sen el, non sabemos con que autoridade e en nome de que principios se pretende facer a concentración de forzas. ¿Quen son os que fan o chamamento? ¿A onde iremos despois de reunidos? ¿En quen van depositar os congregados a súa confianza senón nos seus respectivos xefes? ¿Ou é que se pode prescindir deles sen menoscabo da disciplina dos partidos? Se así fora, ben puidera dicirse que a bandeira da unión sería o primeiro síntoma da descomposición da democracia.

Á súa vez o Sr. Salmerón contestando á Comisión xestora da famosa concentración de forzas republicanas, despois de cualificar de confusa e indixesta esa unión, di:

“Entendo que non pode nin debe borrarase a diferenciación de partidos, e que antes ben precisa definila e mantela para evitar perturbadoras discordias e mortais excisións na hora suprema de instaurar as institucións republicanas. Non quero, pola miña parte, esquecer a dolorosa experiencia de 1873.

Mais ao negarme resoltamente a esa obra, que non creo que poida prosperar, e que se se realizase traería aparelladas funestas consecuencias, teño que dicirlle que, se se tratase de unir en sólida e robusta organización os numerosos elementos que se achán disgregados no centro do campo republicano, prestaría á empresa o meu máis decidido e entusiasta concurso.”

“A formación dun gran Centro republicano comezaría por inspirar firme confianza á opinión neutra do país, que sente os males irremediabiles do réxime imperante, pero teme que, ao cambiar de institucións, falte a ponderación lexítima dos intereses existentes, e a garantía de paz e normalidade no Goberno.



A soa unión republicana, que considero realizable e fecunda, e desde logo imposta polo patriotismo, é a que haxa de servir á constitución dese Centro. Entre el e os partidos que forman a esquerda e a dereita, e cuxa respectiva representación convén manter, en vez de suprimir, para que sexa tan ampla a órbita governamental da República que se identifique a esfera de acción do estado coa da vida enteira da nación, a soa forma de concordia posible, que xa foi aceptada pola esquerda federal e que estaría sempre aberta aos elementos que hoxe constitúen a dereita republicana e a cantos nela puideran mañá tomar posto, é a coalición.”

Ambas as dúas manifestacións, o mesmo a das agrupacións republicanas de Badaxoz ca a do respectable Sr. Salmerón, coinciden co que o noso partido ten declarado e nós expuxemos non só ao tratar da coalición senón ao comentar a carta sobre a *Unión republicana*, publicada hai tempo polo noso distinguido amigo D. José de Carvajal.

Dixemos entón que os partidos non se forman nin se descompoñen pola vontade das persoas, e moito menos os partidos democráticos que non descansan nunha vontade que lles imponha criterio e determine o seu movemento, senón na forza da opinión e na existencia de principios claros, determinados e fixos.

Cando os partidos son doutro xeito, ou pasan polo poder sen deixar sinal do seu goberno e teñen que vivir ao día aplicando hoxe principios que onte abominaron e desbotaron os que antes constituían o seu programa, como sucede aos que nos gobernan, ou teñen que reducirse a unha agrupación de fanáticos por unha personalidade a quen cegamente seguen e obedecen, sen marcha fixa, sen principios claros, atentos só a admitir aquilo que en determinado momento lles parece proveitoso. Así vimos nestes últimos tempos dentro do partido progresista xurdir excisións cuxa causa aínda non se coñece ben para poder

apreciala, resulta disto a formación de grupos e fraccións cuxa existencia non obedece a diferenzas esenciais.

En contra deste fraccionamento, aparecen eses intentos de concentración ou de unión das forzas republicanas, baixo unha xefatura única, deixando todos en suspenso os principios peculiares de cada partido para aceptar un programa co que sexa común a todos.

Isto é impracticable, e aínda non sabemos se é serio: iso sería unha confusión de lamentables resultados no porvir.

O único procedente é a formación de grandes partidos desaparecendo todas esas agrupacións parciais que só poden recibir nome as persoas que as dirixen.

E despois disto, a coalición, pero a coalición sería, honrada, cumprida con lealdade por todos.”

*El Regional*

11-01-1888

## **FROITOS DO CACIQUISMO**

Cando asistimos á causa chamada de Guntín instruída con motivo do asasinato do infortunado José Ramón Acevedo; cando ao oír as declaracións dos testemuños que depuxeron durante a proba, evocabamos a lembranza de todos os antecedentes daquel desgraciado asunto, viamos claramente a que consecuencias conduce a ambición dos homes sen conciencia que a cambio de manter o seu prestixio nunha localidade ou nun distrito, non vacilan en amparar aos ruíns e malvados que a cambio dos servizos políticos que prestan aos caciques de levita, explotan e aniquilan a cantos viven baixo a súa férula.

Uns e outros son odiosos; uns e outros son responsables das iniquidades que se cometen; pero máis nos repugnan os

segundos; os que indirectamente se aproveitan das torpezas dos seus protexidos, e se aproveitan impunemente. Porque, de calquera xeito, os autores do crime de Guntín viñeron ao banco e sobre eles pesa unha terrible sentenza, e expían o seu extravío hoxe nun cárcere e mañá non sabemos como; e, en cambio, os primeiros responsables, os que xeraron ese caciquismo e protexeron o seu desenvolvemento, os que del se aproveitaron quizais para conquistar unha posición política que por lícitos medios nunca podería gañar, os que coa súa influencia garantían a impiedade dos seus auxiliares, eses pasean tranquilamente e viven fóra do alcance da lei.

Outro caso de actualidade podemos citar.

Non obstante canto dixeron, coa súa habitual imprudencia, os patrocinadores do concello de Outeiro de Rei, os individuos que compoñían esta corporación están baixo a acción dos tribunais ordinarios. Para responder do proceso dispúxose do embargo de bens por valor de mil pesetas a cada un, segundo cremos, e, a pesar de que eses individuos contan con poderosas proteccións, o embargo levouse a cabo sen que ningún deses prohombres se prestase a garantilos.

E este é outro exemplo, talvez máis elocuente que o de Guntín, pois que Outeiro de Rei estaba significado como o concello do partido de Lugo que era o neno mimado dos conservadores; foi o que mereceu ser defendido enerxicamente por *El Eco* e citado como modelo de administración, o cal facía esperar que eses concelleiros serían amparados noutra forma.

Pero ¡*quíá!* Ofreceráselles a defensa gratis, que servirá en primeiro termo para que o avogado se luza; pero se hai méritos para ir ao banco e se lles impón algunha pena, Juan Paisano haberá de sentarse naquel e pagará co que teña; e entre tanto os que máis directamente se teñan lucrado, os que dun ou doutro

xeito sacaron proveito, continuarán tan tranquilos, sen risco, tamén fóra do alcance da lei.

Se hai que pagar, pagarán os de Outeiro de Rei, como pagaron inocentemente os concelleiros de Guntín; o cacique seguirá na súa casa dicindo ¡aí mas dean todas! e os personaxes políticos non deixarán de durmir tranquilos porque se arruinasen unhas cantas familias. Algunha outra terá medrado, dirán eles.

Estes son os froitos do caciquismo: estes son os feitos claros e precisos que acreditan o noso xeito de ver e de obrar en tal asunto.

Por iso abominamos do caciquismo, sen declamación e sen levar a estas cuestións o espírito de partido. Vemos nesa tantas veces chamada funesta praga a principal causa da ruína do noso país; vemos que é xeradora de crimes, cuxos principais causantes quedan impunes; que é en esencia unha espantosa opresión que fai vivir sometidos polo terror a centenaes de cidadáns.

E vemos máis; que o principal amparo dese caciquismo, que é, ao noso xuízo, unha das peores formas de blindaxe, porque é a máis covarde, chámase partido político, titúlase orde, fala de moralidade, pide respecto á lei, e grita ¡atropelo! cando sinte ou teme que o alcance a vara da xustiza.

¡Como non ser inimigos irreconciliables dese partido, que se chama conservador, todos os que aman de veras a moralidade, todos os que desexan paz e prosperidade para o seu país!

Non é esta cuestión de carácter político, non; din iso os que teñen interese en ocultar o mal, porque del vive e nútrese a súa influencia.

Pero xa todos están advertidos, e a ninguén enganan mentidas protestas nin hipócritas alardes. Ante os feitos é escusada toda peroración: chega con ver o que pasa para

comprender que o caciquismo é a ruína de moitas familias e un factor importante no aumento da criminalidade.

Cun agravante.

A xustiza e o castigo alcanzan só os instrumentos: os directores non padecen, o brazo cae, pero a cabeza sálvase.

*El Regional*

21-01-1888

## GLADSTONE E A CUESTIÓN DE IRLANDA

Hai poucos días, entre as once e as doce da mañá, chegaban en trens especiais a Hawarden, residencia accidental de Mr. Gladstone e da súa familia, máis de mil cincocentos liberais de Burslem e outras cidades do condado de Stafford. É aquela rexión, famosa pola fabricación de porcelanas, e os admiradores do veterano home de Estado inglés residentes no distrito, desexosos de darlle a coñecer os progresos da industria que dá fama a Burslem e aos pobos veciños, decidiron ofrecerlle un artístico vaso, que pola elevada personalidade a quen ía dedicado, denominaron *Vaso Gladstone*. É de cor gris, moi semellante á flor do (...), e está todo el executado segundo o procedemento chamado *pate sur pate*. Entre as figuras representadas no centro vese a Liberdade sentada baixo un dosel, cun Homero á dereita e Dante á esquerda.

Á esquerda do grupo central unha (...) en actitude de declamar, e ao seu lado un historiador que escribe os grandes feitos realizados en defensa da liberdade. Ao outro lado, dúas fermosas matronas dobrada a cabeza baixo o peso da dor unha delas, solto o pelo a outra e na desolada actitude na que Leopardi describe a Italia de principios do século que

Sparte le chiome e senza velo

Siede in terra negletta e sconsolata,

representan Irlanda e Polonia. No pedestal, que é da mesma cor do vaso, lese a inscrición seguinte: “Debuxado e executado en Burslem por algúns liberais desta cidade, que o ofrecen a Mr. Gladstone como débil mostra da súa admiración, do seu afecto e da súa gratitude.”

Facilmente se adiviña, despois do dito, por que acudían a Hawarden os liberais do distrito. Tratábase de facer solemne entrega do vaso a Mr. Gladstone e esperábase que con tal motivo comunicara aos liberais alí reunidos as súas impresións acerca da situación política.

En efecto, Mr. Gladstone, despois dun breve discurso contestando á comisión encargada de facer entrega do vaso; discurso no que con gran lucidez trazou a historia da fabricación da porcelana en Inglaterra, invitou ao seu reducido auditorio a saír ao aire libre, onde un público numeroso agardaba con ansia a palabra do seu gran *líder*. Aplausos e “hurras” entusiastas saudaron a súa aparición, e pasados breves momentos comezou, no medio do silencio máis profundo, un dos discursos de máis violenta oposición que de moito tempo acá se produciron contra o Goberno que preside lord Salisbury. Pero non dicimos ben. Non é contra o Goberno, porque o Goberno só vive apoiado pola maioría, por canto esta non se compón só dos deputados conservadores ou *tories*, senón contra aquela fracción que a si mesma se cualifica co nome de partido unionista, e que *monsieur* Gladstone chama de liberais disidentes, os cales, unindo os seus votos aos do Goberno, constitúen a maioría actual da Cámara dos Comúns.

Estes unionistas militaron ata hai pouco ás ordes de Mr. Gladstone, eran coma el liberais, pero non pensan coma el na cuestión de Irlanda, e por isto apartaron do seu lado. Contra

estes, pois, entre os cales figuran lord (...) e Mr, (...), dirixe sempre os seus dardos Mr. Gladstone, para eles garda as máis acres censuras, contra eles fulmina as recriminacións máis severas.

Entre as figuras representadas no vaso que os liberais de Burslem ofrecen a Mr. Gladstone, aparecen unidas polo mesmo desconsolo, chorando unha desdita común, Irlanda e Polonia. Isto serve de tema ao discurso de Mr. Gladstone. “Se Polonia é unha nación oprimida –di– éo por un só home, e de ser isto certo, é unha desgraza horrible. Pero hai algo moito peor aínda e é o ver unha nación oprimida por outra nación, toda unha masa social imponéndose e escravizando outra masa social. E isto é o que sucede con Inglaterra e Irlanda.

E en estilo sinxelo e de transparente claridade, porque sabe que a maioría dos que o escoitan é xente humilde, obreiros na súa maior parte, lembra os últimos actos do Goberno na súa loita coa chamada, por irrisión talvez, illa irmá.

Irlanda está representada na Cámara dos Comúns por 103 deputados. Destes, 85 son nacionalistas. Os outros 18 pertencen ao partido *tory*. Pois ben, dos 85 nacionalistas, 21 foron encarcerados e sometidos aos máis duros tratamentos. Estes deputados, en concepto do orador, non fixeran máis que cumprir co seu deber. Os seus electores aproban a conduta observada por eles, considéranos como mártires, e están dispostos a darlles os seus votos sempre que teñan que enviar representación á Cámara. Pero o que hai en todo isto verdadeiramente inconcibible, o que fai prorromper a Mr. Gladstone en apóstrofes violentos e airadas protestas, é a conduta observada polo goberno cos deputados irlandeses encarcerados. Nunca en ningunha parte, baixo o goberno máis tiránico e opresor, se confundiron os presos políticos cos criminais.

Todo o pode soportar con resignación o home máis honrado: a fame, a falta de comodidades, as privacións máis duras, pero non o trato obrigatorio e constante coa escoura da sociedade. E tal é, non obstante, o espectáculo que dá ante o mundo civilizado a culta, a humanitaria, a benéfica Inglaterra. Do trato que se dá nas prisións aos partidarios do *home rule*, é boa mostra o suceso tan coñecido de aquel Mr. Mandeville, morto ao pouco tempo de ser posto en liberdade, despois dunha detención de dous meses, a consecuencia, segundo se asegura, do tratamento recibido na prisión. Denunciado o feito ante o Parlamento, abriuse información; e seguían o seu curso as investigacións, cando unha das principais testemuñas, o doutor Ridley, médico do cárcere de (...), onde estivera preso Mr. Mandeville, se suicidou. Os *home rulers* atribuíron a terrible determinación do doutor, a que o seu benigno carácter o fixera infrinxir o regulamento do cárcere, levando provisionís aos detidos, cuxas enfermidades recoñecían por causa principal á mala calidade dos alimentos que lles subministraban.

Os gobernamentais, en cambio, atribúen o suicido do doutor á miseria á que se vía reducido, grazas aos manexos da Liga. Desta cuestión, que tanto ruído fixo no Reino Unido, pasa Mr. Gladstone a outra non menos ruidosa, que preocupa nos momentos actuais á atención pública en Inglaterra e en Europa: a loita emprendida por Mr. Parnell contra o *Times*.

A comisión especial de xuíces nomeada pola Cámara para fallar esta cuestión, constitúe unha verdadeira aldraxe aos máis elementais principios de equidade. Segundo o *bill*, por cuxa virtude foi creada, non poderá condenar a ningunha das partes a indemnizacións pecuniarias, de onde resulta, que se Parnell perde, queda manchada para sempre a súa honra, e non poderá xa presentarse entre xente honrada, mentres que se o *Times* perde... non perde nada.



O mesmo número do *Times*, que recolle relixiosamente todas as palabras de discurso de Mr. Gladstone, publica un artigo no que con igual violencia trata de defenderse e de defender o goberno dos ataques de Mr. Gladstone. O discurso de Hawarden é unha triste páxina da historia de crimes e violencias que tan terrible aspecto deron nestes últimos tempos á cuestión de Irlanda. Prescindindo das esaxeracións a que necesariamente arrastra a paixón de partido, -di o xornal do que tomamos estes datos- non pode menos de admirar o espectáculo dun ancián de setenta e sete anos, que con brío xuvenil e resistencia asombrosa, traballa infatigablemente por borrar da historia do seu país a mancha que nela imprime a opresión de Irlanda. Poderá, talvez, equivocarse nas consecuencias políticas do que pretende, pero é innegable que o móbil é grande e remata dignamente unha vida consagrada ao engrandecemento da patria.

*El Regional*  
2-09-1888

### **POLO NOSO XEFE PI I MARGALL**

Os lectores de *El Regional* coñecen polas referencias publicadas nos nosos últimos números e que non proceden de amigos do federalismo, o que foi e representa o recibimento feito a D. Francisco Pi Margall en Aragón e Cataluña; o que vale e significa a ovación espontánea tributada ao insigne republicano na democrática e republicana festa de Vallvidrera.

Tería alcanzado éxito parecido nalgunha das súas excursións a señora que polo azares da sorte rexe os destinos desta pobre e abafada España, e a prensa dinástica, que sente medrar, ou polo menos disimúla, o seu fervor monárquico cos

artigos estranxeiros que paga o contribuínte español, ocuparía senllas columnas con repetidas consideracións acerca do arraigo da institución monárquica en todas as partes, encomiando ata as nubes os méritos persoais do alto poder que representa.

Non habemos imitar nós esa conduta, tanto porque somos sobrios en aplausos, como porque o feito é gabado por si mesmo, e a súa importancia a ninguén se oculta.

Pi i Margall foi á Cataluña; non é o orador, abondoso en frases fermosas, que coa maxia da súa palabra, dominando a arte da retórica, commove os corazóns coa fermosa presentación de imaxes que seducen a impresionable imaxinación das multitudes cando lles fala das súas glorias e exalta os sentimentos de que todos os homes participamos; non é o gobernante dono dos resortes do poder, pródigo en mercés cando a súa propia conveniencia llo aconsella, e que por medio do favor fomenta a gratitude nos pobos, ou estimula as ambicións, ou explota os desexos das comarcas enteiras; non é o xefe do Estado, cuxos éxitos preparan os seus cortesáns estranxeiros, simulando por medios artificiosos esas efémeras ovacións oficiais, cuxo principal motor é unha concesión que se non arruína prexudica os intereses nacionais, ou nas que toman parte principalísima os gobernadores e alcaldes disciplinando a todos os funcionarios, dende os xefes ata os varredores; recepcións custeadas de fondos públicos deixando desatendidas necesidades por cuxa satisfacción claman todos; non é un monarca que se presenta ante os sinxelos pobos revestido do prestixio que aínda non destruíu por completo a civilización dos pobos modernos, acompañado de numerosa cohorte de uniformes, rodeado de casacas e tricornes.

É un home modesto, case humilde, que rende culto a unha idea con fidelidade e constancia que ninguén igualou; que predica hai corenta anos as mesmas doutrinas, cada día con máis

convencemento, sen que nin un momento decaera a súa fe, ¡neste país onde tantos altares destruíron os propios adeptos!

Nós, que militamos no partido que dirixe ese home ilustre, sentímonos alegres ante ese fermoso espectáculo. Sentimos refrescado o espírito ao ver ese nobre, honrado e laborioso pobo catalán, que acode espontáneo, entusiasta, a render o tributo da súa consideración, do seu afecto, da súa veneración, ao ilustre ancián, ao republicano probado e consecuente, exemplo de políticos, modelo de virtudes cívicas, que se chama Francisco Pi i Margall.

Ao enviar ao noso xefe o testemuño da nosa adhesión e do noso cariño; ao significarlle o entusiasmo que en nós espertou o éxito que obtivo en Cataluña, repetimos con fe nunca vacilante o grito unánime que se oíu na montaña catalá ao chegar o ilustre republicano ao cumio de Vallvidrera.

*El Regional*  
23-09-1888

## **A INSTRUCCIÓN AOS ARTESÁNS E MEDIOS DE PROPORCIONALA**

### **I**

Nas nacións adiantadas, que ocupan os primeiros lugares na escala da civilización, traballan os homes intelixentes e pensadores en difundir a instrución no pobo, en ilustrar as clases chamadas traballadoras, tarefa nobilísima, cuxas consecuencias non necesitan encomio, e son por todos celebradas.

Non obstante, aínda hai quen combate esa obra civilizadora; aínda en contra dela traballan aqueles que, adoradores dos tempos pasados e mal avidos co espírito da época, cuxa tendencia, case esencial, pode dicirse, consiste en

difundir a instrución por medio dunha sólida ensinanza entre aquelas clases que, xa polos vicios de que adoeceía a sociedade dos pasados séculos, xa pola influencia de perniciosos elementos, permanecían afastadas do movemento universal; conciencias anuladas, intelixencias adormecidas nas cales a ignorancia, fomentada, sostida e explotada por un torpe fanatismo, causaba grandes estragos; aínda eses, repetimos, fan a guerra a tan nobre traballo, pois máis convén aos seus fins que a musa xeral do pobo continúe suxeita ao xugo da ignorancia.

Se se compara o estado das clases obreiras españolas cos outros países, dunha comparación absoluta resultará que aínda teñen os nosos compatriotas moito que estudar, moito que aprender, para poder igualarse coas clases obreiras de Inglaterra, Francia, Alemaña, Bélxica e outras nacións. O desenvolvemento destas clases nos pobos que citamos, mereceu ser obxecto de estudo meditado para privilexiadas intelixencias.

Se tratamos de establecer un paralelo entre as clases artesáns de Galicia cos outros puntos de España, advertimos a falta dun dos termos da comparación, é dicir, porque neste país non hai clases artesás propiamente ditas.

No sentido social no que nós empregamos esta frase, non pode dicirse que en Galicia hai artesáns, como clase; porque non constitúen esta os individuos dunha mesma profesión ou arte que aparecen agrupados *unicamente* na matrícula da contribución industrial, ou que se ven reunidos na procesión de *Corpus* para conducir e acompañar a venerada imaxe do patrón do gremio.

Só poden dicirse que existen clases obreiras artesás - chamadas como queira- cando hai lazos comúns que unen os seus individuos, cando dan mostras de vitalidade, cando achegan á vida pública e ao movemento social o resultado do esforzo colectivo.

E isto claro está que non sucede nestas provincias; por iso dixemos que en certo sentido non existían aquí clases artesás.

O obreiro é un dignísimo membro da familia humana: a clase é unha parte esencial do organismo social.

O seu porvir non está, nin pode estar encerrado nos reducidos límites da fábrica ou do taller: ten *dereito* á instrución, e alí onde o Estado non pode ou non quere darlla, ten o artesán o *deber* de procurala por si mesmo, por medio da asociación.

Desapareceu sen deixar nin sequera escombros, a época na que o obreiro era brazo e non cabeza, máquina e non ser. Hoxe o home é o home, a sociedade ten dereito á súa axuda, porque a sociedade vive e desenvólvese co traballo colectivo, co traballo de todos, posto que a súa organización e o progreso é tamén a obra de todos; e ningún ten por que reclamar a súa parte nos resultados desa obra se na medida das súas forzas non cooperou a ela.

A suma de esforzos individuais é o esforzo colectivo; e esa suma, de cuxa importancia nin aínda os feitos que realizou e dos que a historia deste século sente orgullo, danos a medida; esa suma, obtense por medio da asociación.

Nada de canto a sociedade ten dereito a pedir aos seus individuos, nada de canto estes están obrigados a facer por ela, nada, en fin, en todos os sentidos fixeron as clases artesás da rexión.

Non falaremos de Cataluña, pobo que só vive a vida obreira na plenitude no seu desenvolvemento; non citaremos a corte onde tamén existe unha clase obreira moi ilustrada, máis modesto será o exemplo que temos que presentar aos artesáns de Galicia, cuxo ben e cuxa prosperidade, guía unicamente a nosa pluma, exemplo, aínda que único, achado no país.

A capital de Galicia, A Coruña, conta cunha ilustrada clase obreira: a ela debe en gran parte a consideración que goza aquel pobo e a altura á que chegou.

En todas as sociedades, en cantas ideas útiles se propoñen e realizan, en todo, en fin, ten non pequena parte e respectable representación a clase obreira da Coruña.

E, ¿será tan difícil que os artesáns das demais capitais de Galicia, imiten esa patriótica e xenerosa conduta? Non, en verdade: esas clases son numerosas, poden ser potentes, se animados todos os seus individuos por unha mesma idea, se propoñen levala a cabo.

*El Regional*

14-02-1889

## **A INSTRUCCIÓN AOS ARTESÁNS E MEDIOS DE PROPORCIONALA**

### **II**

En calquera poboación de España será moi fácil chegar a conseguir que os artesáns conten cun centro de instrución, porque se dispón de elementos que en Galicia non existen ou estan dispersos, e porque, penetrados da conveniencia e vantaxes das asociacións desa índole todos cantos a elas deben pertencer, só é preciso que a idea se inicie para que sexa traducida en feitos. Así todos os pobos adiantan.

No noso país, pola contra, custa inmensos esforzos facer algo, moi pouco pola prosperidade.

No terreo das ideas, é preciso comezar polo máis elemental, aínda tratándose daquelas que todas as medianas intelixencias recoñecen como frutíferas e vantaxosas; que ao fin

se se tratase de algo que non pode estar ao alcance de todos, a ningún lle estrañaría esa ímproba tarefa.

Faise, pois, necesario cando de calquera proxecto se trata, expoñer a idea con toda amplitude, demostrar con detemento e dunha maneira evidente as súas vantaxes, propagala con fervor individuo por individuo, facer coñecer a todos os que de seu se deixa sentir, como é a necesidade e conveniencia de que se realice o pensamento de que se trata.

E feito isto –que non é certamente o menos custoso– chégase á segunda parte, é dicir, á realización.

Ao levar á práctica esa mesma idea, cuxa propagación foi tan laboriosa, chócase coa apatía xeral, coa pasividade de todos, que a pesar de atoparse conformes co pensamento, amósanse receosos para prestarlle axuda material, desconfiando sempre do éxito.

E non é posible saber se esta ou outra idea pode dar resultados se non se intenta convertela en feito.

Existen, ao noso xuízo, elementos para levar a cabo melloras de todo xénero como en todas partes se están realizando; para acometer con feliz éxito empresas de tan gran transcendencia, de influencia suma no porvir das poboacións, e cuxo establecemento inmediato non é tan difícil, habendo boa vontade, como a primeira vista parece.

Verdade é que todos estes elementos están dispersos, illados, sen relación ningunha entre si, e de aí nace o *estancamento* no que viven, por punto xeral, as poboacións desta rexión, a máis separada e inerte de España.

Necesítase, polo tanto, para xuntar eses diseminados elementos e para facer proveitosa esa unión que á bondade da idea, á evidencia da súa utilidade, acompañen a actividade e

enerxía dos seus iniciadores; actividade e enerxía que só á custa de moitos esforzos se logrará infundir nos demais.

Hai en Galicia unha condición particular, que nós cualificaremos de *espírito de resistencia*, e que dificulta poderosamente a realización de calquera xeneroso pensamento que se inicie: e ese espírito consiste, como anteriormente dixemos, na falta de mutuo apoio, na actitude pasiva na que todos permanecen, aínda que as vantaxes da presentación da idea sexan evidentes e non deixen lugar a dúbida.

Por conseguinte, non son as dificultades *materiais* as que no noso país presentan obstáculos a certos proxectos, senón as dificultades morais, o carácter dos habitantes, sobradamente apáticos, pesimistas e poucos confiados no seu esforzo. Así sucede que ao chegar ao coñecemento público unha idea, procuren todos á porfía rebuscar defectos, sinalar inconvenientes, augurar funestos resultados, e quizais ás veces, promover obstáculos.

En todas as partes sucede o contrario: todos –como vulgarmente se di– arriman o ombro, e así chama a atención e asombra o ánimo a prodixiosa actividade con que en pobos insignificantes doutras rexións de España, se crean e constitúen *Ateneos, Sociedades de Amigos do País, Ligas Contribuíntes, Centro de Instrución* e canto pode ser beneficioso ao presente dos pobos e facer máis grande o seu porvir.

Pero en Galicia, e moito máis na nosa capital, nada diso sucede: cantos proxectos se intentan fracasan todos, e só cando o brazo oficial nos ampara e sostén, entón... non facemos nada: fano outros todo.

E por este camiño, xamais chegaremos a facer algo útil, nin menos a colocar o pobo galego á altura á que debera encontrarse.

É preciso, pois, –e non nos cansamos de insistir sobre este punto– sacudir ese pernicioso marasmo que nos embarga, ese



*espírito de resistencia* que nos impulsa a estar sempre en constante oposición a todo o útil, a todo o necesario, digámolo así; porque necesario é que tratemos de chegar a onde todos se atopan, que non esteamos á cola de todos.

Duras parecerán estas apreciacións a moitos, pero os amantes da verdade, os que desexan o progreso da súa patria –que moitos haberá entre todos– eses, seguramente, estarán ao noso lado e comprenderán que as nosas palabras reflicten a verdade e están inspiradas no actual estado das cousas.

*El Regional*  
19-02-1889

## A INSTRUCCIÓN AOS ARTESÁNS E MEDIOS DE PROPORCIONALA

### III

Verdade é por todos proclamada e necesidade igualmente recoñecida, a de que as asociacións chamadas de *recreo*, respondan a esixencias doutra índole que non sexa o frívolo pasatempo ou a estéril recreación, e esta circunstancia está maiormente indicada nas sociedades daquel carácter propias polas súas condicións para artesáns.

O espírito da época difunde por todas as partes a ansia de ilustración e cultura, e a primeira etapa da civilización moderna encérrase na instrución pública, cualificada por un sabio autor de *base da moral*.

A asociación, no sentido que hoxe se dá a esta palabra, enténdese para todos os fins útiles e proveitosos da vida humana, e por consecuencia disto despréndese que sobran nos nosos costumes públicos as sociedades que tal obxecto teñen; sociedades negativas ao proveitoso e que, nadas como centros

de recreo dexeneran, máis ou menos tarde, en prexudiciais, porque contribúen, en non pequena parte, a manter o obreiro no estado que nesta localidade o caracteriza e que dista bastante do da instrución.

E non é esta unha opinión illada, falta de serios fundamentos, que abundantes os proporciona a existencia das sociedades de Galicia ás que teñen acceso os artesáns.

A vida estéril de todas elas, do cal, por conseguinte, nada obtén o artesán, como non sexa consumir os seus ocios no aburrimiento, cando non entregado ás tentacións do vicio, apoia canto dixemos, e afórranos de insistir na súa demostración.

Aínda así, sucedeu que algunhas sociedades nadas para fins puramente recreativos reformaron o seu regulamento no sentido que nós indicamos, e que se ben non cumpren o obxecto por enteiro, leva ao ánimo de quen pense rectamente, con esa proba práctica, a convicción de que deben establecerse asociacións que teñan por fin *único e exclusivo* dotar de patrimonio a esas clases que conviñeron en apelidarse desherdadas, porque os seus individuos chegan, o mesmo á vida física que á social, sen outra herdanza que o dereito ao traballo.

Pola protección e defensa mutua dos intereses puramente materiais, sería suficiente o establecemento dos *gremios*, existentes noutros tempos e que chegaron a desaparecer polos vicios que foron infectando a súa organización.

A falta de instrución nas clases industriais é maior e máis prexudicial do que a primeira vista parece. Non poden dispoñer os seus individuos de medios para instruírse como non utilicen o máis poderoso e ao mesmo tempo o máis fácil para eles.

A rutina establecida na práctica das artes e dos oficios, fai que unhas e outras permanezan xeralmente nun lamentable estado de prostración; porque ignoran os artesáns –falando claramente– a razón, o porqué, do que mecanicamente executan;

porque carecen ata da noción máis elemental para poder adiantar algo, pouco que sexa, no seu constante traballo.

A súa intelixencia, non durmida, nin sequera esperta unha vez, non pode aplicar nin desenvolver coñecementos que non posúe.

Nestas condicións, nin poden existir as artes, nin os que estas practican merecerán outro nome que o que revele a parte absolutamente mecánica, única que coñecen, o traballo que executan.

A encher este baleiro, a impulsar cara a adiante aos que permanecen constantemente atrasados, a iso, só a iso, enténdase ben, respondería a creación en Galicia de sociedades de instrución idénticas ás que co nome de *Fomento de las Artes*, existen en Madrid e que todos, sequera de oídas, coñecen; sociedades cuxo fin será unicamente a redención –se a frase non parece declamatoria– das clases artesás.

Escola de artes e oficios, dará en primeiro termo grandes resultados para a vida práctica, proporcionando ao obreiro por medio dunha ben cimentada instrución, os coñecementos precisos e indispensables para que ocupe dentro da súa honrada profesión un posto superior ao de máquina, que só isto son cando inconscientemente traballan sen que a intelixencia tome ningunha parte na tarefa, elevará o individuo á categoría que lle corresponde, facilitando o seu acceso á vida pública como industrial intelixente.

Centro de educación moral, o *Fomento de las Artes*, serve para inculcar no artesán as máis sas ideas, desterrando da súa intelixencia a ignorancia que embrutece e conduce a todo xénero de extravíos. Deste xeito o obreiro é considerado por todos e apreciado debidamente; que a sociabilidade, ou, por outro nome, o *trato de xentes* fan ao home simpático e respectable.

Considerada dita sociedade como centro de ilustración, esperta no artesán o desexo de saber, e con periódicas conferencias a cargo de persoas intelixentes, procuran ao obreiro, unha educación superior, poñéndoo ao corrente do moito que ignora, dunha maneira elemental, si, pero suficiente para ilustralo en termos que poida coñecer algo daquilo que aos seus coñecementos especiais sexa alleo.

Hoxe por hoxe, non é posible conseguir nesta capital a instalación dun centro desta índole; pero parte dos importantes servizos que prestaría pode realizalos a *Escola de Artes e oficios*, base talvez no porvir da institución cuxas vantaxes e conveniencias expuxemos, e que polo pronto veñen ofrecer ás clases as que principalmente van dirixidas estas consideracións medios de instrución dos que ata hoxe careceron.

Se os emprega, moito gañará o individuo, e, polo tanto a colectividade, poñéndose así en camiño de facer desaparecer por completo as dificultades que se opoñen a que as clases artesás figuren na vida pública como tales.

*El Regional*  
22-02-1889

**DISCURSO DE AURELIANO J. PEREIRA  
NA HOMENAXE A ALFREDO BRAÑAS EN SANTIAGO  
DE COMPOSTELA O 9 DE MARZO DE 1890**

Señores: vin cumprir un deber asistindo a esta festa na que a todos reúne un común sentimento, o amor da patria, ante o cal desaparecen todas as diferenzas, pero é necesario que todos procuremos que este importante acto non sexa unha das moitas escenas da gran comedia da fraternidade; é necesario que non suceda o que con outros análogos sucedeu, nos que reinando entusiasmo como agora e facéndose protestas de patriotismo,

non durou todo iso máis tempo que durou a espuma dos viños cos que se brindaba. Se esta reunión non ha ser estéril, preciso é que ese entusiasmo se manteña, que todos formen propósito de contribuír á obra que se inicia co obsequio tributado ao ilustre autor de “*El Regionalismo*”, a quen saúdo cordialmente, e cuxo libro, que non necesita encomios, considero como *a boa nova* que todos deben contribuír a propagar, cada cal na medida das súas forzas; porque se *o rexionalismo* ha cumprir os fins que del se esperan, se a el, como anhelamos, se ha deber algo beneficioso para Galicia, é preciso que non se limite a ser un partido de catedráticos e oradores, de poetas e xornalistas; é necesario que encarne no pobo, que a súa base sexa o campesiño, o escravo da terra. E se chega a constituírse, se chega a ser un elemento de positiva influencia, debe coidarse que non sexa instrumento de ambiciosos, que non sirva para enxalzar aos que falen moito ou se movan máis, que non se pareza á *Liga Agraria* de Gamazo, senón, salvo certas diferenzas inescusables, á *Liga irlandesa*. Porque o rexionalismo ten unha misión que cumprir: a redención dos nosos campesiños, a redención de preto de dous millóns de irmáns nosos que viven suxeitos á terra, e que necesitan a liberación da prosperidade. E para isto é indispensable unha activa propaganda á que todos deben contribuír na medida da súa posibilidade e con arranxo aos seus medios.

Os que vivimos nas cidades lemos, oímos e aprendemos; pero non le nin oe esa gran masa que é o nervio da nosa poboación, e a eses desherdados debemos facer partícipes das nosas convencións. Teñamos fe nos nosos ideais, no porvir da patria; agrupémonos á sombra do estandarte enarborado por Alfredo Brañas que, aínda que en puntos de detalles nos diferenciemos, o amor a Galicia e o anhelo da súa redención únennos e confúndenos nunha soa face; fixos os ollos no oriente, por onde ha de asomar a luz da nosa rexeneración, loitemos sen

descanso, facendo lema da nosa bandeira o que escribiron na súa os oprimidos de occidente: *¡terra e liberdade!* (*Ruidosos aplausos*). Encareceu a necesidade de que non decaía a fe entre os rexionalistas, lembrando o exemplo de Irlanda á que o gran O’Connell anunciou a súa redención en 1831, redención que pronto será unha realidade. Hai que traballar considerando que ese rebaixo é para mañá, para os que nos sucedan; sen aspirar a recoller nós os froitos, sen que a lentitude da obra desanime e se nesta loita para ben da nosa santa nai Galicia vemos defecións ou hai quen elevado polos rexionalistas os traizoa, non importa; lembremos a Napoleón cando en Austerlitz vía os seus granadeiros caer decimados polo canón do inimigo, e gritáballes: *¡Cerrade as filas!* (*Aplausos*). Cerren, nese caso, as súas filas os rexionalistas considerando que vale máis a unión entre presos sendo bos, que a unión de moitos “desfuxidos” e sen fe.

Enxalza en extensas consideracións o rexionalismo, explicando a (...) da súa existencia porque di, é a súa base o egoísmo, pero non o egoísmo mesquiño, senón o que responde á satisfacción que ao home lle producen as súas propias accións; egoísmo sublime e santo, sen o cal non se comprende o sacrificio da vida pola patria, pola relixión, pola idea que se ama. Lembra que hai moitos anos en galego antes ca español, atrevemento do que non me arrepinto, profesión de fe na que se persevera, porque a lóxica dos feitos robustece este sentimento de amor pola pequena patria, pois que é evidente que nunca sexan belas esas sublimes abstraccións de humanidade e cosmopolitismo, o certo é que na realidade da vida todos defenderían a nación propia contra a humanidade enteira, como defenderían o seu pobo contra a súa provincia, a súa casa contra os seus veciños e a súa persoa contra a súa familia.

Non é indispensable facer profesión de fe rexionalista para selo; comungando no amor a Galicia e traballando polo seu ben

é rexionalista; por iso o son todos os que asisten ao acto que se celebra e outros moitos que non asistiron. Dedicou unha oportuna lembranza a Indalecio Armesto, que en aras do seu cariño a esta terra, viviu relativamente escurecido no país podendo ter alcanzado unha gran notoriedade se vivise na corte; lembrou tamén a Joaquín Arévalo, o adversario dos rexionalistas, e non obstante rexionalista el, como o proba que a mellor páxina dos seus *Ocios de Camarote* é aquela na que nos presenta o mariñeiro que a miles de leguas da terra natal sente oprimido o seu corazón, afogado o seu alento, húmidos os seus ollos ao escoitar os melancólicos sons da gaita galega. (*Aplausos entusiastas*). Rematou expresando de novo a súa adhesión á idea fundamental do libro de Alfredo Brañas, brindando por este, polo porvir de Galicia e polos progresos do rexionalismo.

*Gaceta de Galicia*  
10 de marzo de 1890

## **ASOCIACIÓN REXIONAL DE ESCRITORES E ARTISTAS**

*Sr. D. Galo Salinas Rodríguez*

Moi señor meu e da miña estimación: doume permiso para dirixirme a vostede en forma epistolar por dúas razóns: porque entre os que temos a manía de escribir para o público, existe –aínda que non nos coñezamos, como a ambos os dous nos sucede– algo que nos autoriza a tratarnos desde logo como compañeiros e facilita a confianza para discutir, cando se trata de facelo de boa fe; e porque, non tendo o propósito de facer un artigo literario senón o moito máis modesto de expoñer algunhas observacións, é máis desembarazado o estilo e fálase con máis sinxeleza, o cal evita moito traballo.

O de Vde., acerca dunha *Asociación rexional de escritores e artistas galegos* -e isto vai xa comprendido no de rexional- publicado no Semanario desta localidade *A Monteiro*, revela un excelente propósito, pero ao mesmo tempo algo de inexperiencia.

E perdoe vostede a miña franqueza.

Fermosa idea é a de unir *nunha soa* agrupación os escritores e artistas da rexión, merece o apoio de todos; oxalá excitara xeral entusiasmo, porque poderíamos encamiñar este a un fin, se máis humilde, máis práctico.

Nesta cidade acaba de constituírse unha *Asociación de escritores e artistas* que moi pronto inauguraré solemnemente as súas tarefas.

E este é o medio de empezar e o camiño que se ha seguir, se algún día é posible o intento de realizar o que vostede propón.

Establézase a Sociedade -di vostede- pero sen fraccións, unida e compacta. Un só Centro, en calquera das catro capitais, co seu Xurado e Tribunal de clasificación (*por partida dobre*) e cando máis, algúns *círculos* dependentes do principal nas poboacións que se consideren dignas de semellante honra, pero sen prodigar.

Non determina Vde. as funcións dese centro único, xa que por graza concede a *honra* de ter un círculo a outras poboacións que sexan dignas diso; pero cuxa dignidade non di quen ha de taxala ou apreciala.

Polo pronto, ninguén pode impedir que onde queira que haxa artistas e escritores estes se asocien independentemente resistíndose a formar un só *círculo dependente* dese centro único. Porque a idea de vostede, que queda textualmente copiada, supón a necesidade dun permiso previo para a constitución dese *círculo*, honra que -segundo nos di- non debe



prodigarse. Pero, ¿quien ha establecer, con dereito para iso, esa clasificación, nin quen terá autoridade bastante para conceder tales honores?

¿En que forma nin de que maneira ha de limitarse a acción dos que nunha localidade, calquera que ela sexa, queiran constituír un círculo ou asociación?

Supoñamos xa organizado o *Centro Único*: deamos por feito que hai quen non quere depender del, como vostede quere que dependan todos os círculos: ¿que se fai?

¿Excomungalos, negando que os seus individuos sexan e poidan chamarse escritores e artistas?

Tan ridículo é isto que seguramente vostede nin sequera pensaría niso.

Esa *dependencia*, indicada no proxecto de Vde., é depresiva para todos, e ademais, imposible, como Vde. ve, de establecer.

Todo o máis que podería facerse, e é o contrario do que vostede propón, sería constituír unha *Asociación rexional* enlazando entre si as *asociacións de provincia*, que se compoñerían das existentes nas capitais e nos pobos de cada unha daquelas.

Outra cousa sería constituír unha xerarquía incompatible coa democracia da *República literaria*: porque resultaría dunha categoría superior o centro único, con menosprezo e demérito dos escritores e artistas que formasen parte dos *círculos* –como Vde. os chama– das demais poboacións.

Pero vamos ao aspecto práctico con que vostede presenta o seu proxecto.

Habería unha cota mensual por cada socio –supoño que só dos do *Centro Único*–, daríanse veladas cuxo produto iría

aumentar o fondo común, e administrados –refírese sen dúbida ao fondo indicado– por individuos rectos e de conciencia –*¿rectos de corpo?*– imprimírase o libro, venderase o cadro e a escultura e os ventos da publicidade levarán aos pobos onde aínda non somos ben coñecidos, os ecos da nosa feiticeira *alborada*, da *muiñeira*, do nostálxico *alalá*.

Moi ben; pero, ¿que papel desempeñarían en todo iso os *círculos* dependentes?

¿Habían de contribuír ao fondo común?

Iso -que resultaría absurdo– sería o único que poderían facer; pois se nin iso facían, ningunha clase de relacións os ligaba ao Centro único.

De novo hei aplaudir o bo desexo que, sen dúbida, animaba a Vde. a dar publicidade ao seu proxecto.

Oxalá puidera aplaudir igualmente o acerto, o seu afectísimo compañeiro q. b. s. m.

AURELIANO J. PEREIRA.

Lugo, 21 Decembro 1890.

(De *La Pequeña Patria*.)

*El Regional*

4-I-1891

## O BANQUETE DE SARRIA

DISCURSO DO SEÑOR BECERRA

Nun brillante exordio lembrou a humildade da súa orixe, como fillo do pobo, aínda que non lle falten cuarteis de nobreza que consiste en ter cumprido sempre os seus deberes, fiel á súa conciencia, conservando íntegra a súa honradez. Mercé ao traballo, sen o cal non hai virtude, puido chegar ás altas

posicións que ocupou e ten a satisfacción de que o seu paso polas altas esferas non foi estéril e algún rastro deixou nas leis e reformas que levan a súa sinatura.

Nunca puido esquecer o pobo de onde saíu, o pobo que traballa e paga, que tributa e viste mal e come peor, ese pobo que dá numeroso continxente ao exército e contribúe en gran parte ao sostemento das cargas públicas, e do que ninguén se lembra: porque todos ven as bágoas que caen sobre seda, pero ninguén se para a ver as que caen sobre percal e estopa. Dedicar un recordo ás nais galegas, ás nai pobres que se sacrifican no coidado dos seus fillos, cando están elas mal alimentadas.

Recollendo alusións que se lle dirixiron pola súa enerxía, di que non sabe se a tivo ou non, pero cre que a súa fortaleza consistiu en que a coiraza da súa honradez non tiña ningunha xunta por onde puidera ferirse. Se algunha vez o atacaron, foi na escuridade, e estes ataques non lle mereceron máis ca o desprezo: non ten memoria máis que para os favores; para as inxurias, para o esquecemento.

Entrando en consideracións da orde política, fala dos progresos da democracia, perseguida polos moderados inutilmente empeñados en afogala, en cuxo propósito empregaron as persecucións, os destellos, os fusilamentos –correspondendo nun ano unha execución capital por cada 40 horas–: todo iso foi en balde, e hoxe vemos os conservadores, descendentes daqueles moderados, aceptando para mandar antes de tempo os principios democráticos, o mesmo sufraxio ca o xurado; de cuxa institución fai o Sr. Becerra un elocuente eloxio.

Pero –di– non se debe descansar: non chega con ter conquistado esas liberdades, eses dereitos, a lei da humanidade é andar, o home debe ter presente o que ensina a natureza: esta é incansable no seu traballo, uns seres desaparecen e outros substitúenos; así o movemento é lei da vida, e na dos pobos o

movemento é traballo, o traballo é progreso, e por iso o pobo que non traballa cae e dificilmente se levantará xamais.

Fai unha referencia á crise, e dinos que hai seres parecidos a esas aves que só se moven e viven na escuridade. Nós debemos combater á luz do día, tendo en conta que a opinión, como hai moitos anos se dixo, é a raíña e señora do mundo: chamemos pois, ás súas portas e non aspiremos ao triunfo senón por ela concedido. Entre os nosos adversarios e nós hai unha notable diferenza: os principios que proclamamos son para todos, queremos a liberdade para eles mesmos que a combaten, non os imitamos pedíndoa só para nós.

Di que trae a representación de Sagasta, a cuxa xefatura se somete porque condena a política de grupos, prexudicial e viciosa: a misión que se impuxo é importante e para ela reclama o concurso de todos. Proponse realizar a unión de todos os liberais da provincia para constituír un partido forte, compacto, vigoroso. Para a política nobre e franca necesítanse partidos definidos, non componendas escuras: busca e proponse alcanzar adhesións, non restas, e ningún propósito de lanzar excomuñóns que son improcedentes. Non obstante, se houbo alguén que establecera intelixencias ás costas do seu partido, que en vez de apoiarse neste buscara a axuda dos adversarios, ese tampouco se bota; é el o que marcha.

Fai unha calorosa defensa do sufraxio, no que encarna a soberanía nacional: expón a anomalía de que sexan os conservadores os encargados do seu ensaio, e sinala como primeiro deber do partido liberal o de velar pola pureza da práctica dese principio esencialmente democrático. Lembra a inxuria que os conservadores lanzaron sobre o pobo supoñéndoo disposto a vender o voto, e defende o dereito de todo cidadán a intervenir na cousa pública: porque se paga tributos, se dá o seu sangue á patria, se é o sostén de todas as institucións, ten dereito

a elixir os seus gobernantes, porque todo cidadán debe ser a un mesmo tempo gobernante e gobernado.

Non hai moito tempo, cando aínda loitabamos polo que hoxe temos conquistado, falábannos de clases privilexiadas que só elas representaban os altos intereses sociais: hoxe eses mesmos, vencidos pola corrente democrática, din que todos somos iguais, e nós, máis xenerosos, contestámoslles que son iguais a nós.

Como neste momento os campos están cubertos de neve, o Sr. Becerra fai unha enxeñosa comparación dicindo que esa neve servirá para que nela queden estampadas as pegadas que marquen o paso dos liberais para que se vexa por que camiños marchan.

As cuestións consideradas como políticas van rematando: agora importan as cuestións económicas e sociais, que chaman á porta, e non vale tapar os oídos: hai que ir a elas con decisión, con enerxía. O partido liberal ten esa importantísima misión que cumprir, ten que completar as reformas que emprendeu, facendo economías, cortando abusos, limitando privilexios que favorezan a clases se prexudican o país: hai que pensar seriamente na reforma do imposto de consumos, xa que aínda que hoxe non poida acometerse a súa substitución, nesa dirección debemos marchar.

Reivindica o dereito de Galicia a ser atendida, pola súa historia, pois que deu patria e lingua á nacionalidade española polos seus méritos e virtudes, polo seu respecto ás leis e á orde e polo seu amor á liberdade: para realizar o ideal desta reivindicación deben agruparse todos sen distinción de partidos, para opoñerse a todo abuso que magoe o seu dereito ou os seus intereses sexa calquera rexión, poder ou partido o que o cometa. Galicia, que respecta aos demais, debe esixir o seu propio respecto, e este pode obtelo coa numerosa representación nas

Cortes que ten. O Sr. Becerra declara que non é partidario do rexionalismo, pero se para conseguir facer a Galicia respectable fose preciso, ata o rexionalismo iría.

Ocúpase dos últimos dereitos económicos e demostra os graves prexuízos que ocasionarán a esta rexión, cuxos agricultores están xa en precaria situación, e veranse aínda peor limitada como vai selo a exportación dos nosos gandos por consecuencia dos decretos a que se refire, pois Portugal responderá con subas arancelarias ás acordadas polo goberno do que forma parte o Sr. Cos Gayon. E o prexuízo non será só para os que traballan e pagan; porque cando se deixen sentir as consecuencias das medidas económicas que censura non haberá para comer nin para pagar: entón terá chegado a igualdade ante a pobreza.

É necesario, pois, traballar con fe, e que entre representantes e representados exista perfecta identidade de ideas e aspiracións, porque non é lícito nin decoroso que os primeiros o sexan todo e os segundos nada. Reitera as súas indicacións respecto da necesidade de que o partido liberal da provincia se vigorice e adquira o maior grao de cohesión posible, e repite que a súa misión e os seus propósitos son de unión, sen miras particulares, sen ambicións persoais, pois que só persigue o fin de sumar, de crear elementos poderosos en interese do partido liberal.

Fai un fermoso eloxio da muller, sobre todo da muller galega, heroe do fogar, sublime pola súa abnegación, pola súa vida de constante sacrificio, e lembra os feitos que a historia consigna, evocando memorias que revelan a onde chegan as nosas mulleres.

Brinda polas mulleres de Sarria e de Galicia, pola Raíña Rexente, por Sagasta, xefe único do partido liberal, brinda pola prosperidade de Galicia; e se o ben desta, se a súa liberdade ou

os seus intereses esixiran sacrificios –dixo o noso ilustre amigo– a vós chamarei para que os compartades comigo. E se, en cambio, Becerra vos pode ser útil, non vaciledes en buscalo, seguros de atopalo sempre.

E rematou dedicando agarimosas frases aos representantes da prensa, Soldevilla e Pereira.

Con entusiasmo sempre crecente, o auditorio aplaudiu todos os parágrafos do notable discurso do Sr. Becerra, frecuentemente interrompido polas unánimes aclamacións dos concorrentes. Ao rematar, o orador foi obxecto das máis expresivas e reiteradas mostras de cariño e adhesión.

Poden os seus adversarios poñer todo o seu afán en quitar importancia a estas manifestacións, non importa. A realidade imponse e tales xuízos, que nin a paixón política desculpa, revelan o despeito dos nosos inimigos.

*El Regional*  
12-01-1891

## **GALICIA CONTRA COS**

Boa, magnífica ocasión se lles presenta aos rexionalistas desta capital, para demostrar a convicción arraigada que teñen os seus ideais. Boa, magnífica ocasión a que se lles presenta, para facer patente unha vez máis o seu amor á terra galega. Boa, magnífica ocasión para levar a cabo un acto, o primeiro é verdade na vida pública do rexionalismo, pero acto que acreditará dunha vez e para sempre en Lugo aos partidarios daquelas ideas e doutrinas.

O rexionalismo serve para algo ou non serve para nada.

Neste último caso, sobran todas as propagandas, todos os discursos e todos os comités rexionalistas.

Pero nós estamos convencidos de que o rexionalismo vivirá, ensanchando a súa esfera de acción. Para sucumbir, para matar o rexionalismo sería cousa precisa e necesaria arrancar do fondo do peito o amor que todos profesamos á terra na que nacemos, e isto non poderá ser, pese aos ineficaces traballos de “zapa” dos inimigos do rexionalismo.

Con gran celeridade organizáronse os comités de propaganda, e moito esperamos da competencia e do amor a Galicia que os seus individuos profesan. Unha das máis nobres empresas á que poden dedicarse, e será un dos primeiros actos que levarán a cabo indubidablemente, é a de matar o cunerismo por desgraza tan arraigado na nosa rexión.

Esta é a tarefa que deben impoñerse ante todo e sobre todo os rexionalistas galegos. Se han de edificar, preciso é que antes se propoñan demoler. E este labor non é dun momento, non é dunha hora, non é dun día, é un labor que require grandes traballos e moitos esforzos. Os cementos son fondos e faise preciso empregar gran vontade.

Pero un ou outro día ha empezarse a faena, un ou outro día ha de darse comezo ao labor. ¿E por que no habemos empezar hoxe que é propicia ocasión para iso?

Aos rexionalistas de Lugo en especial nos diriximos neste momento. Se ides levar ás Cortes deputados rexionalistas debedes antes acabar co cunerismo, e conste que se hai provincias, se hai pobos en Galicia nos que tan grave mal arraigara fundamente, en ningunha provincia máis ca na nosa, en ningún pobo máis ca en Lugo.

Rexionalistas de Lugo, todos coñecedes o deputado ministerial que un cacique endeusado pretende impoñernos. Todos o coñecedes, ou mellor dito, ningún de vós o coñece senón de nome e polos desastrosos efectos que a súa inxerencia no poder forneceu en España en xeral e en Galicia en particular.



Ese candidato, que se chama don Fernando Cos-Gayon, non é galego nin coñece Galicia senón por referencias; nada lle importa esta rexión como o demostrou non ocupándose dela para nada as diferentes veces que como representante seu se sentou no Congreso e non soamente non se ocupou dela para nada benéfico e útil, senón que pola contra, coas súas desalentadas disposicións parece que se empeña en conducila de présa e con insistencia á miseria e á ruína.

Os rexionalistas lucenses non poden votar ao Sr. Cos; se son conservadores, por enriba das súas ideas políticas está a rexión; por enriba de Cos, Galicia. Se son liberais, se son republicanos, as súas ideas políticas védanlles votar semellante candidatura.

Cremos que a campaña que contra este emprendemos non será a longo prazo ou a curto prazo do todo infrutuosa. Grandes son os obstáculos que habemos vencer, pois non se mata dun golpe o cunerismo cando está tan arraigado como aquí o está; non se contrarresta con gran facilidade a influencia dun cacique hoxe amparado polo Goberno, cacique que apoia a candidatura dun ministro de Facenda; temos que loitar con denodo, e se ao final non conseguimos os nosos propósitos, quedaranos a satisfacción de telo intentado.

Ao Sr. Cos, rexéitano de todas as partes, ¿e temos que ser nós os que lles deamos os nosos votos para que nos represente? Non; antes que votar ao inimigo eterno de Galicia, ao insensato facendeiro, preferible é que Lugo quede sen representante no Congreso; non sería o baldón tan grande nin tanta vergoña.

Non esquezan os rexionalistas galegos e nesta ocasión os de Lugo; que é o seu lema: *Por Galicia e para Galicia.*

*El Regional*  
22-01-1891

## UN ARTIGO DO PROGRAMA REXIONALISTA

Os xornais anunciaron a celebración –non sabemos se próxima– dun Congreso ou asemblea para discutir e fixar os puntos do programa rexionalista e a min ocorréuseme que, realizado ese primeiro labor, xorde a necesidade de completalo co estudo dos problemas económicos, administrativos e sociais que interesan ao noso país; é dicir, co estudo das cuestións prácticas e coa discusión das solucións máis convenientes, e máis con harmonía co noso estado actual, coas necesidades do porvir, e, sobre todo –que isto é moi importante– coas condicións da realidade.

Este debe ser o verdadeiro programa do rexionalismo galego.

Bastantes anos hai, tivemos que combater a idea dun Congreso de xornalistas, iniciada por un xornal compostelán, que aínda que de opinións diametralmente opostas ás nosas e co que tivemos crúas polémicas, xusto é confesar que a ningún cedía en amor ao país e en interese polo seu benestar.

A nosa oposición de entón obedecía a que entendiamos impracticable, e aínda, non sendo así, enteiramente ineficaz, aquel propósito para o fin que, coa mellor intención, pretendían realizar os seus iniciadores. Nun Congreso de xornalistas non estarían reunidos todas as persoas máis entendidas nos asuntos que hai que tratar; quedarían retraídas moitas cuxa opinión é de moito peso.

Posteriormente outro xornal, da Coruña, iniciou o mesmo pensamento aínda que ampliado a moitas persoas, e a el adherímonos, certamente sen entusiasmo e máis porque non se dixera que a nosa oposición era sistemática pero comprendiamos moi ben que resultaría, como resultou, tamén impracticable.

E isto, ao noso xuízo, depende dunha cousa moi sinxela: a falta de certa unidade necesaria para que, como temos dito desde as ocasións citadas, o Congreso que se celebre resulte algo máis que unha reunión de oradores con máis ganas de conseguir boa fama e moitos aplausos, que de achegar medios para resolver as cuestións ou problemas que se discutan.

Se, como é de crer, o programa rexionalista responde ás aspiracións do país, arredor desa bandeira agruparanse as forzas vivas da rexión, os elementos importantes, e detrás deles o máis importante aínda, a masa do país.

E conseguido isto, impoñeríase a celebración desa asemblea na que se podería resumir a esperanza de todos, as conclusións que, como representación da vontade do país, poderían sinalarse como norma de conduta, digámolo así, como programa popular para os nosos senadores e deputados.

Que a este fin debemos aspirar se queremos conseguir algo práctico.

*El Regional*  
6-03-1891

## **ALGO ACERCA DO MOVEMENTO LITERARIO EN GALICIA**

Con motivo da recente presentación, en Madrid e en verso castelán, da importante obra dramática de D. Ángel Guimerá, *Mar y cielo*, dicía un crítico que aínda os máis ardentes rexionalistas, aínda os que alardeaban de maior intransixencia cara á capital de España, procuraban pasar polo crisol desta, depurando e consolidando así a súa fama.

Non pode afirmarse isto en xeral, aínda que si temos exemplos diso, e son moitos os escritores *rexionalistas* que con

gusto acoden á prensa de Madrid para dar á luz os seus escritos, se é que non imprimen no devandito centro as súas principais obras. Pero isto ten a súa explicación non xustificada, senón razoable e lexítima.

A publicidade en provincias é moi delimitada, polo reducido círculo que teñen os xornais, e aínda dentro deste o número de lectores dos traballos literarios non é moi grande; de maneira que o escritor, no nobre desexo de dar a coñecer os seus traballos busca a circulación destes na prensa periódica de Madrid, que ao fin e ao cabo vive da laboriosidade e do talento dos escritores das provincias; pois se se fixese unha estatística dos xornalistas e demais publicistas da corte, os naturais desta resultarían unha significante minoría.

Difícil é, para quen por si non o coñeza, formarse idea aproximada do que significa ser escritor en provincias, salvo en tres ou catro capitais. A vida literaria é insignificante, e nin o mesmo público lector –exceptuando as persoas de regular educación intelectual– aprecia o esforzo de intelixencia que representa o que se lle ofrece impreso, é nulo o mercado que o autor atopa, aínda cando as súas producións sexan dun mérito sobresaínte; circunstancia esta que cadra exactamente a Galicia, rexión a cuxo movemento literario van consagradas estas páxinas.

É dicir, que dentro do país onde máis coñecido é o autor –e quizais por isto mesmo– é onde menos popularidade alcanza o seu nome en canto á estimación dos seus traballos, e onde non pode aspirar a obter ningún resultado material.

Preciso é, polo tanto, e aínda que doia aos seus sentimentos patrióticos, que procure ser *profeta en terra allea*, que busque o aplauso e a aprobación das xentes estrañas, máis propicias a outorgarlle unha e outra ca os seus propios paisanos.

Isto en canto se refire a rexións como aquela na que nacemos e vivimos; porque se a Cataluña e Valencia quixeramos

referirnos, habería que recoñecer que sucede o contrario, pois son pobos que sen esaxerar pode dícese que teñen literatura propia, bastante a unha extensa crónica, como as que non hai moito publicaron as máis importantes *Revistas* de Madrid.

A publicación de libros en provincias adoece, ademais das contrariedades indicadas, dunha moi importante para os autores e para o bo nome da rexión na que viven: a dificultade de vencer a indiferenza que na prensa da corte hai cara á produción literaria das provincias, sexa porque o diario labor do xornalismo non deixa tempo para follear o moito que nas redaccións se recibe elixindo o aceptable de entre o anódino e malo; sexa que, en efecto, ese movemento intelectual non interesa, ou consista iso en que, en xeral, a organización das redaccións de diarios madrileños non permite atender os traballos de crítica excepto cando dedicarlles tempo e espazo é inescusable.

Non ocultan estas liñas queixa nin resentimento, porque, precisamente talvez o autor delas é dos escritores da súa rexión un dos dous ou tres que máis atencións deben a esa prensa, que para os seus modestos traballos tiveron sempre frases de recomendación e eloxio; pero a verdade é que así –como antes dicíamos– ven sucedendo, e nas provincias viven escritores notables cuxas obras pasan inadvertidas, cuxos méritos apenas menciona a prensa do centro do España, pródiga en gabanzas e encomios de autores e producións moi inferiores a aquelas, e cuxo principal mérito é que estas se imprimiron en Madrid e aqueles en Madrid viven.

Os autores de notoriedade dentro das súas rexións respectivas, necesitan mans protectoras que saquen o seu nome á praza; e así sucedeu con Serafi Pitarra, Guimerá e outros, levados –literariamente falando– ao centro, a recibir o que o crítico ao principio aludido chamou a consagración dos seus

méritos, o cal sucede con escritores *rexionalistas* ou *non rexionalistas*, que iso non fai ao caso.

Escribimos “necesitan mans protectoras” referíndonos máis especialmente ás obras escritas en dialecto, que, por grande que sexa o seu mérito, non pode aprecialas en canto vale o público estraño ao país no que se producen, e han mester da vista doutra roupaxe literaria, que moitas veces, por impericia de quen quere apropialo non lles encaixa ben e resultan desfiguradas e perdendo na súa beleza.

Véxase, pois, por estas superficiais consideracións, que difícil lle é ao escritor provinciano romper o círculo que o rodea, saír do ambiente no que vive e achar a notoriedade que ambiciona, por ser moi curto o número de persoas coñecedoras de dialectos e que poidan verter ao idioma oficial os froitos das poesías rexionais sen facerlles perder as condicións peculiares e características do seu xenio.

Nada ten, pois, de estraño que o común das xentes afeccionadas ás belas letras –ás que principalmente queremos referirnos– non estea apercebida do movemento intelectual dunha rexión, como Galicia, que por circunstancias especiais viviu ata hai pouco, non divorciada, pero sí separada do resto das súas irmás, débese aos albores do seu espertar no rexionalismo que nela se fixasen as miradas e a atención dos demais, tendo adiantado ela algúns pasos no camiño que aínda do todo non percorreu para poñerse á liña daquelas.

Se hai estraños a nós que xulgan -¡ben teñan eles!- deber de conciencia mostrarnos aos demais como realmente somos, a esta honrada e benemérita obra debemos apresurarnos a cooperar os fillos do país, máis obrigados a traballar polo bo nome e decoro da nosa boa nai, non fagamos estéril o esforzo dos alleos que pola nosa prosperidade traballan.

Na medida das nosas forzas, cos recursos de que permite dispoñer o noso enxeño, e aínda que o labor sexa modesto como cabe esperar da humildade do obreiro que a acomete, queremos achegar ao común acerbo o noso esforzo, e pois que se nos abren as portas destas a modo de tribunas que se chaman revistas, aproveitemos a hospitalidade que se nos concede, e así metidos entre xentes de distintos países, falemos brevemente, pero con firmeza e claridade, do noso e dos nosos.

## I

“O sangue celta-suevo que circula polas súas veas, poderoso, creador, maniféstase coas súas condicións propias en todas as esferas da arte. Estas xentes, grandísimas amadoras dun pasado do cal non acertan a prescindir, prepáranse entre os temores e as vacilacións dunha dolorosa iniciación a ocupar o seu posto no concerto dos grandes pobos. Nas artes plásticas, na poesía, na especulación, nas ciencias experimentais, han de poñer ben pronto os seus fillos algo das grandes facultades creadoras que os distinguen”.

(M. Murguía: *Galicia*: Introducción. –(Barcelona, 1888).

Non sabemos se terán en todas as súas partes cumprimento as proféticas palabras do insigne historiador de Galicia, D. Manuel Murguía: talvez aínda, contra a súa firme crenza e os bos desexos nosos, aínda, repetimos, non soou a hora da redención dun pobo esquecido durante tantos anos polos seus, e descoñecido, por conseguinte dos alleos.

Quizais este movemento que estimula aos crentes e anima aos tímidos e fai vacilar a triste crenza dos pesimistas, non continúe, se deteña, por máis que, como di o noso ilustre e ilustrado paisano e amigo o Marqués de Figueroa “chegan á terras afastadas ecos de galaicas cancións, e résganse as néboas

que encubrían monumentos soberbios e lembranzas da historia fermosamente narradas bulen nas páxinas dos libros”, non sabemos se por iso cabe afirmar que “así vai lentamente cumpríndose a obra do renacemento científico, literario e artístico dun pobo, que é unha cousa mesma coa obra da súa rexeneración moral”.

De todos os xeitos, o certo é que ese movemento intelectual existe, que Galicia produce, e que, aínda que con lentitude avanza, e talvez -¡oxalá tal suceda!- poida no seu desenvolvemento sobrepoñerse a inconvenientes e contrariedades nadas das circunstancias que páxinas atrás indicamos sinceramente.

É verdade: os fillos de Galicia traballan, *prepáranse*, segundo a frase de Murguía; pero o labor é rudo, debe ser constante para ser eficaz, necesítase manter viva a fe, poñer os ollos en alto e o pensamento no porvir, para que a lentitude do traballo, a tardanza do éxito, o fracaso do esforzo, non entibien o ánimo, non arruínen a enerxía, non aniquilen a esperanza. Todo iso se necesita e aínda máis, porque é preciso perder de vista todo fin utilitario, renunciar a todo proveito material, e resignarse xuntamente con isto -¡e é doloroso!- a que as primeiras e aínda posteriores negativas non rompan o silencio ou apenas produzan ruído, o cal ha de suceder, xa non entre os estraños que están a longa distancia, senón entre os máis veciños.

Non estamos tocados de sentimentalismo; ao contrario, poñemos aquí toda a nosa sinceridade, dando a man a xogos de palabras, a entretementos retóricos, para dicir a verdade, para facernos entender dos *entusiastas* para quen o máis leve resplandor de luz é perenne estrela, a lixeira nota, froito moitas veces da casualidade, acordada e suave música.



Porque hai que ter en conta que a aspiración do escritor non ha limitarse soamente á conquista do aplauso dos doutos e entendidos, senón granxear o modesto aprecio das multitudes, se non literatas, que teñen corazón e sentimento: han de encamiñar o seu esforzo a seren útiles aos seus, contribuíndo á xeral cultura, sen ambicionar tanto a popularidade do seu nome como a xeneralización da súa obra. E se non ha ter por norma o consello do filósofo grego, *se a túa obra é mala, oculta o teu nome á censura; se é boa, ocúltao á envexa*, debe, polo menos, non aspirar en absoluto á gloria dun nome coñecido, si a conquistar as vontades para a idea que difunde, para o ideal que salienta, para o sentimento que expresa e encarece.

De todos os xeitos, e sexa calquera o resultado do movemento iniciado, este movemento existe e é importante, pode establecerse, con vantaxe para os tempos actuais, unha comparación entre a época presente e unha non moi distante.

Ao tratar das letras galegas, así a prensa da rexión como os que de cousas de Galicia escribían, mostrábanse todos moi optimistas, e alá polos anos próximos anteriores ao 80 era frecuente ler “a nosa literatura”, “o cadro da nosa literatura”. Tratando entón de asuntos destes, a propósito de libros *galicianos*, como din os *puristas*, tivemos que afirmar unha opinión contraria; porque, naquela sazón, non era exacto presumir de posuír unha literatura, pois non podía empregarse palabra de tan lata expresión para cualificar as obras de autores pertencentes ao segundo terzo do século e unha media ducia dela máis modernas.

O malogrado Teodosio Veiteiro Torres publicara os seus *Versos* (1874) eloxiados na prensa de Madrid, e a súa *Galería de Gallegos ilustres* (1875); Modesto Fernández e González en *La Correspondencia de España*, fixera a presentación de Lamas Carvajal polos seus preciosos *Ramiños de espiñas, Follas e frores* (1876), secundándoo Ossorio e Bernard na *Gaceta de*

*Madrid* e outros distinguidos escritores, que, con estes, chamaron a atención do público sobre un modesto pero inspirado e xenial poeta das nosas provincias: Alfredo Vicenti Rey, hoxe director de *El Globo*, e a quen, con pesar dos amantes das boas letras, separaron do cultivo da poesía as áridas tarefas do xornalismo político, publicara tamén en 1876 os seus *Recuerdos*, poesías que o acreditan de orixinal e delicado; dera á luz os seus *Versos* en dialecto galego o erudito director do Instituto da Coruña, señor Pérez Ballesteros, e por aqueles tempos, se a memoria non nos é infiel, a prensa laudaba igualmente as poesías do douto catedrático de Ourense, Sr. Saco e Arce, tan coñecedor do idioma galego.

¿Era isto unha literatura? Non certamente. Dende había bastantes anos estaba case en absoluto paralizado o movemento literario na nosa rexión, e non chegaba con impulsar o esforzo duns cantos. Por iso nós, ao emitir humilde opinión acerca da primeira novela de dona Emilia Pardo Bazán, *Pascual López*, dicíamos que aínda non había razón para entusiasmarse coa nosa literatura, dada a escaseza da súa produción.

D. Benito Vicetto, coñecido como autor dunha *Historia de Galicia*, e de interesantes novelas como *Los hidalgos de Monforte*, *Rojín Rojal*, *El Lago de la Limia* e outras igualmente histórico-cabaleirescas publicara en Ferrol unha *Revista Galaica* de escasa duración e case por completo dedicada a reproducir traballos de escritores galegos xa dados á luz vinte e trinta anos antes.

Na Coruña alcanzou tamén curta vida *La Lira*, revista literaria e de música, e en Santiago sucedeu o mesmo coa *Revista Compostelana*.

Mellor fortuna alcanzou *El Heraldo Gallego*, que en Ourense e baixo a dirección de Valentín Lamas Carvajal, foi durante algúns anos a representación das letras galegas. Na dita publicación colaboraron os escritores galegos coñecidos, e

fixeron as súas primeiras armas moitos mozos, dos cales algúns gozan hoxe de xusto nome.

Nós, que fomos dos que en *El Heraldo Gallego* fixemos os nosos primeiros ensaios, cremos un deber de xustiza consignar nestes apuntes o recordo que merece a obra con tanta constancia sostida durante algúns anos polo autor de *Espiñas, follas e frores*, que ademais das propias obras enriqueceu o caudal das do país, abriu camiño aos demais, estimulándoos coa publicidade que na súa revista lles prestaba.

## II

Para que resulte máis claro o obxecto que nos propoñemos, o cal non é outro que poñer de manifesto o renacemento da actividade intelectual en Galicia, convén e interesa ao noso propósito demostrar cal era o estado da produción literaria na rexión os anos anteriores a aqueles nos que corresponde sinalar a iniciativa dese renacemento para expoñer despois o seu desenvolvemento.

Ao dicir nós que hai uns doce ou catorce anos non había razón fundada en xustiza para dicir “a nosa literatura”, non tiramos ao esquecemento aos que no labor intelectual precederon á xeración presente, senón que, dado o período de infecundidade que illou completamente Galicia do movemento intelectual, a literatura á que podían referirse os optimistas era a que representaban os *antigos*, os que, como anteriormente dixemos, corresponden ao segundo terzo da centuria, dos cales morreron moitos hai tempo, como Aguirre, Domingo e Alberto Camino, José e Ramón Rúa Figueroa, Puente e Brañas, Vicetto, outros recentemente como Añón e Losada, e algúns, os menos, viven por fortuna e traballan como Murguía e Pondal.

Como non pretendemos facer un estudo histórico, senón algunhas consideracións de actualidade, as nosas referencias a ese pasado, certamente glorioso para as letras galegas, teñen que ser moi lixeiras, por iso algúns dos nosos paisanos botarán quizais de menos a relación de autores e obras anteriores aos anos de 1870 a 1880, época na que nos fixamos. E feita esta breve aclaración, continuaremos a nosa tarefa.

Do tempo indicado datan as primeiras iniciativas en favor do desenvolvemento da produción e cultura literaria de Galicia. D. Alejandro Chao, despois dun fracasado intento de publicación en Madrid dunha *Ilustración de Galicia y Asturias*, baixo a dirección do Sr. Murguía, e que só puido dar á luz seis números (1878); D. Alejandro Chao, dicimos, fundou unha interesante revista titulada *La Ilustración Gallega y Asturiana*, tamén na corte. Para consolidala non se omitiron medios; encargouse da súa redacción a Vicenti, Placer, Balbín e outros, e foi dirixida tamén polo citado escritor, a cal se publicou como *gallega y asturiana* os anos 79, 80 e 81, trocando no 82 os seus apelidos polo de *Cantábrica*, baixo cuxa denominación saíron á luz vinte e catro números, tendo que cesar na súa empresa o xeneroso editor coa perda de senllos miles de pesos, pois nin co cambio aquel, que ensanchaba grandemente a representación artística e literaria da dita *Ilustración* puido esta alcanzar vida propia.

Por aquel entón tivemos nós que reproducir un proxecto que deramos a coñecer na prensa diaria uns anos antes, acerca da formación dunha *Sociedade de publicidade para as obras dos escritores galegos*, indicación ben acollida e considerada en xeral como realizable; pero que non pasou de proxecto.

En 1880 fundou tamén na Coruña a nosa ilustre paisana e amiga Dona Emilia Pardo Bazán, outra revista, soamente literaria, titulada *Revista de Galicia*, que pronto cesou tamén, xa porque a súa directora tivo que saír temporalmente de Galicia,

ou xa porque —e esta é a opinión pola que nos inclinamos— a pesar do prestixio da súa directora tampouco puido arraigar.

Curros Enríquez deu á prensa no mesmo ano os seus *Aires da miña terra*, obra que alcanzou grande notoriedade pola persecución de que foi obxecto a consecuencia de denuncia e excomuñón do bispo de Ourense. Con ela gañou o noso querido amigo a merecida fama da que goza e que o sinalou, xustamente, no primeiro posto entre os poetas da rexión galega. Á popularidade de Curros contribuíu a circunstancia de ser o seu libro denunciado e condenado polo citado bispo, mercé a esta circunstancia, o público espertou da súa apatía, e soubo, pois por desgraza quizais doutra sorte o ignoraría, que tiña Galicia un poeta máis; pero de grandes alentos, de elevada inspiración, e sobre todo, genuinamente galego. Ata entón era xeral a crenza de que o idioma galego servía unicamente para usalo en composicións de tons suaves, melancólicas, tristes, se se nos permite o emprego dese vocábulo; o autor de *Aires da miña terra* probou co seu libro que o ton enérxico cadra ben ao xenio da lingua na que trobou Macías e na que o Rei Sabio escribiu as súas *Cantigas*; probou que en *galego* poden tratarse todos os xéneros literarios, dende o epigramático e amatorio, ao épico, pero que fai falta para isto ser un Curros.

Case coincidiu con esta manifestación vigorosa do novo poeta a aparición de *Follas Novas*, da inmortal e nunca bastante chorada Rosalía de Castro de Murguía; fermoso poema das tristezas e amarguras, das miserias e esperanzas da nosa terra e da nosa xente, fermosos cantos que os fillos desta rexión podemos chamar o *Libro das dores*. Precedíalle un prólogo de Castelar, no que este facía a apoteose de Galicia e cumprida xustiza ás brillantes e non igualadas condicións da insigne cantora.

Renaceu por entón en Galicia o movemento rexionalista, anos antes, iniciado por Alfredo Vicenti, o hoxe Director de *El*

*Globo*, no *Diario de Santiago*, morto por vontade do arcebispo Sr. Payá e Rico, e na *Gaceta de Galicia* que sucedeu a aquel xornal, e polo autor destas liñas no *Diario de Lugo*, morto tamén por iguais causas ca o seu homónimo compostelán. Aquela primeira campaña rexionalista fixara un tanto a atención da prensa madrileña, que houbo de manter cos diarios citados animada polémica, considerando como manifestación dunha tendencia separatista o que era sinxelamente expresión dunha aspiración lexítima como protesta contra a anquiladora centralización.

A nova campaña en tal sentido foi briosamente sostida por *La Región Gallega*, xornal de Santiago a cargo do Sr. Murguía, e ao que auxiliaban outros varios, pero cuxa vida foi curta, por causas que non coñecemos ben.

Todo iso contribuíu a fixar a atención en Galicia, sendo base para que se rectificase o erróneo xuízo que de tal país e dos seus poboadores estendera a ignorancia ou a lixeireza de gran parte dos que deles se ocuparan. Aínda entón, a citada *Ilustración Gallega* e a prensa rexional tiveron que “contestar” dignamente a disparatados artigos escritos en dano do noso país e das súas xentes.

A prensa periódica, entre tanto, fomentaba a afección ás letras coa publicación de *follas literarias*, nas que colaboraban os máis distinguidos escritores do país e moitos outros, tamén notables de fóra da rexión.

Os certames ou *xogos florais* recibiron gran impulso, celebráronse anualmente na Coruña, Vigo, Pontevedra, Santiago e outras poboacións, presididos por eminencias como Castelar, Balaguer, Moret, Pidal; e de naturais do país, por Romero Ortiz, Murguía, Emilia Pardo Bazán, Linares Rivas e Vicenti, en cuxas festas do enxeño se deron a coñecer apreciables escritores e poetas.

Certamente que os xurados non puideron, en xeral, mostrarse moi esixentes, por razóns fáciles de comprender; pero indubidablemente a celebración de tales concursos serviu para espertar a afección, e os premios e as distincións concedidos foron estímulo para os autores agraciados; e se ben moitas das obras distinguidas quedaron, con premio e todo na escuridade, non obstante, outras alcanzaron o aprecio do que eran merecedoras; por exemplo os fermosos romances históricos de Victoriano Novo e García e a excelente novela *Antonio Fuertes* do coñecido publicista e distinguido literato Marqués de Figueroa.

### III

Nos primeiros anos da década de 1880 a 1890, D. Ramón Segade Campoamor, xa coñecido por anteriores ensaios na novela e noutras producións literarias, deu á luz *Pablo Gómez*, *Francisca* e *Tres cuentos*, novelas as dúas primeiras dignas de terse en conta, por máis que a narración non inspire grande interese, nin a brillantez do estilo lles dea moito realce.

No xénero non houbera grandes ensaios dende as novelas de Vicetto de época un tanto remota, aínda cando dera á luz na Coruña *El cazador de fantasmas* (76 ou 77) e na *Revista Galaica*, as tituladas *Las aureanas del Sil*, *El Conde de Amarante*, *La baronesa de Frige*, e non lembramos se algunha outra, os demais ensaios non revestían grande importancia

*Cuadros sociales*, novelas curtas e morais de dona Emilia Calé de Quintero, autora dun tomo de poesía titulado *Horas de inspiración*, publicouse na Coruña en 1879 por D. Vicente Abad, que editara *El cazador de fantasmas*; na mesma época e pola mesma casa que daba esas obras en folletíns de *El Telegrama*, se non estamos equivocados apareceu a novela *Paniagua y Compañía*, de Curros Enríquez, que non deixou de facer algún

ruído aínda que por causas alleas ás condicións literarias do libro. En 1879 publicouse tamén no folletín de *El Lérez*, xornal de Pontevedra, *La canción de la miseria*, de D. José Ogea.

Ás producións do Sr. Segade Campoamor, seguiu *El último estudiante*, con que fixo a súa aparición o mozo Marqués de Figueroa e que demostra as excelentes condicións de escritor do seu autor, pero que non chega á súa segunda novela *Antonio Fuertes*, premiada como xa dixemos en público certame, e na que xa se revela o novelista de verdade.

Estas dúas producións e as citadas do Sr. Segade Campoamor teñen por teatro localidades de Galicia: non así a terceira do Marqués de Figueroa, publicada co título *La Vizcondesa de Armas*, e que é de costumes cortesás.

A señora Pardo Bazán publicou *Un viaje de novios*, *La Tribuna*, *El cisne de Vilamorta*, e tantas outras que lle conquistaron preeminente posto entre os máis compíscuos cultivadores do xénero, alternando a produción das súas novelas con estudos, tan importantes e celebrados como *San Francisco de Asís*, *La cuestión palpitante* e *La Revolución y la novela en Rusia*, amén doutros moitos traballos. Das obras desta eximia paisana nosa, nada debemos dicir nesta ocasión: o público coñéceas e é suficiente.

É en 1886 cando o movemento literario de Galicia alcanza o desenvolvemento fóra e dentro do país, pois hai que advertir que obras da señora Pardo Bazán e as do Marqués de Figueroa foron editadas fóra da rexión. O movemento rexionalista tomou corpo por aquel entón en toda España e acentuouse en Galicia, influíu no literario sendo obxecto da atención que no Ateneo de Madrid e na Academia da Historia consagrárono literatos distinguidos como os Sres. Núñez de Arce e Sánchez Moguel, aos que deron contundente réplica os xornais do país, e moi concienciada e razoadamente o Sr. Murguía, o Marqués de



Figuroa e o mozo, discreto e ilustrado escritor ourensán D. Arturo Vázquez. Con tal motivo advertiuse un tanto de reacción en favor de Galicia, polo menos volveuse cara a ela a atención.

Fundouse en Barcelona en 1886 a importante revista *La España Regional*, que na súa sección crítica deu a coñecer algunhas obras dos nosos poetas, e nas súas columnas acolleu traballos dos nosos escritores cuxa colaboración foi moi estimada.

Todo isto ía levantando o nome de Galicia; todo isto empurraba, digámolo así, o movemento literario da rexión, pero non era bastante: faltaba o núcleo, o centro, e este veu selo a *Biblioteca Gallega*, fundada no mesmo ano de 1886 polo douto individuo do Corpo de Arquivos e Bibliotecarios D. Andrés Martínez Salazar, Arquivoiro da Audiencia da Coruña, castelán de nacemento, pero *galego* polo seu amor ás cousas desta terra e moi versado no coñecemento delas; coas súa Biblioteca, arriscada empresa veu realizar, case en todas as súas partes o noso antes citado proxecto de creación dunha sociedade de publicidade para as obras de autores galegos, porque na súa colección, que alcanza xa vinte e nove volumes, cumpre o fin principal que nós indicabamos: publica as obras de autores de nota, dá á luz as dos escritores que empezan e reproduce outras antigas e outras destas saca á publicidade.

Desta Biblioteca, que obtivo da Deputación provincial da Coruña importante apoio, falaremos co detemento que merecen algúns dos libros que a compoñen.

Para completar o seu plan creou o Sr. Martínez Salazar unha revista, *Galicia*, que só puido vivir dous anos ( 87 e 88) seguindo nisto a pegada das que así en Galicia como fóra dela, a precederan.

Adoita dicirse que nos países do Norte non é onde as xentes despuntan polos seus trazos enxeñosos, o seu sal e o seu donaire;

pero tal afirmación, como tantas outras inexactas, admitida lixeiramente por axioma, desmíntea a *Galicia humorística*, revista do xénero que o seu título indica, publicada en Santiago (88 e 89) polo mozo Enrique Labarta Posse, con xustiza chamado o *Quevedo galego*. Só uns oito ou dez meses viviu esta publicación, substituída meses despois por *La Pequeña Patria*, fundada polo mesmo Labarta e por Tarrío García, a cal publicou soamente doce números. Estas dúas últimas revistas publicaban retratos e biografías de galegos distinguidos, e nelas, como en Galicia, do Sr. Martínez Salazar, colaboraron os bos escritores da rexión.

A crítica non careceu tampouco de bos cultivadores; ademais do que corresponde aos xornais diarios, Joaquín de Arévalo, orixinal escritor, aínda que un pouco tocado de afrancesamento, deu importancia á crítica literaria en *La Monarquía*, de Ferrol; Juan Barcia Caballero, en Santiago, deu á luz excelentes traballos desta índole, que figuran coleccionados no seu libro *Mesa Revolta*; Alfredo Brañas, na prensa rexional e na de Madrid inseriu notables traballos de crítica; Aurelio Ribalta fixo o mesmo na revista *Galicia*, xa citada; Villelga Rodríguez, douto sacerdote, insería quincenalmente en *El País Gallego*, de Santiago, revistas críticas; Salvador Cabeza de León, modesto e ilustrado escritor compostelán, e ultimamente o estudoso e aprobeitado Manuel Cabreiro Cardama, este en *La Patria Gallega* e aquel en *La España Regional* acreditan posuír condicións para tan pouco fáciles tarefas.

Nestas, aínda que con menos actitudes ca os indicados, tomamos parte algunha vez: en *El Porvenir*, revista barcelonesa, publicamos un estudo crítico do discurso de entrada de D. Pedro A. de Alarcón na Academia Española (1877); dedicamos outros traballos, os máis extensos que publicou a prensa de Galicia, ás primeiras novelas das señora Pardo Bazán, e con motivo de *Un viaje de novios* tivemos que soste breve polémica na *Revista de*

*España* co coñecido e entendido escritor D. Luis Vidart, que se dignou contestar as nosas observacións.

A señora Pardo Bazán deu á estampa en 1888 o seu notable libro *De mi tierra* (impreso na Coruña) no que figuran, entre traballos de distintos xéneros, o seu discurso *La poesía regional gallega* e os seus fermosos artigos *El olor de la tierra*, *Luz de luna* e *Vides y rosas*, estudos críticos (feitos co tino, coa delicadeza e co estilo que distinguen á celebrada autora) de Valentín Lamas Carvajal, Eduardo Pondal e Benito Losada, e que, antes, con moi bo acordo, dera a coñecer na xa citada *Revista de España*. E dicimos “con moi bo acordo” porque con eses estudos, que tiñan a autoridade grandísima de tal sinatura, daba a estimar, a quen xa non os coñecese, tres dos nosos primeiros e gabados poetas, tan distintos entre si. Por tan eximia persoa presentados, os nosos tres paisanos levaban a súa fama máis alá das fronteiras da terra que con tal fervor amaron e cantaron con tal inspiración.

Ao mesmo tempo, dábanse á luz coleccións de poesías dos autores do país; unha en Pontevedra, formada por D. Francisco Portela Pérez (1882) e outra titulada *Galicia y sus poetas* con erudito e discreto prólogo do seu intelixente colector don Leandro de Saralegui e Medina (Ferrol, 1886).

Valentín Lamas Carvajal, en 1878 dera á estampa *Desde la Reja*, colección de poesías galegas e castelás, e en 1880 *Saudades gallegas*, ambas as dúas obras impresas en Ourense, e en 1887 publicou outro novo volume en prosa co título de *Gallegada*, ao que seguiu *A musa das aldeas*, cuxo mérito e data non coñezo; por máis que, sen temor a errar, pode dicirse que nese tomo, como nos anteriores, aprécianse as condicións envexables que o distinguen.

Entre as obras que do 80 ao 86 se publicaron en Galicia, merecen especial indicación *Mesa revuelta*, prosa e versos de

Juan Barcia Caballero, distinguido médico literato de Santiago, autor de *La cuestión palpitante*, colección de cartas dirixidas a dona Emilia Pardo Bazán, a propósito do libro desta señora que leva o mesmo título; *Muestras sin valor*, poesías galegas e castelás dun mozo que pola súa pereza non conquistou tan alto posto como na república literaria lle corresponde, Lisardo R. Barreiro, tan elegante prosista como inspirado poeta; Nicolás Taboada Fernández deu á luz en volume custeado, como premio nun certame, polo Sr. Elduayen, varias poesías súas distinguidas todas en concursos de Galicia e doutras rexións; Nicanor Rey Díaz, nun folleto, publicou *unha epístola e un poema*, que o acreditan de poeta de alentos; Manuel Ramírez figura cun groso tomo de poesías e cun caderno ou suplemento, ambos os dous titulados *Ecos dolientes*, prologado o primeiro pola Sra. Pardo Bazán; Victorino Novo y García imprimiu os seus laureados romances *La protesta de Pedro Padrón* e *La Infanzona de Mesía*, e Isidoro Casulleras o seu tamén premiado romance *Juan Tuorum*.

O *Cancionero popular gallego* do Sr. Pérez Ballesteros, a quen xa citamos, é unha obra notable, pola que o seu autor merece o máis sincero e completo aplauso. Moi numerosa colección de cantares e cancións populares, discreta e intelixentemente agrupados e anotados, que demostra a dilixencia do seu colector e o seu excelente gusto literario (2).

En 1887 imprimiuse en Betanzos, o libro *Orballeiras*, poesías galegas e castelás de D. Fernando García Acuña, fillo de Cuba e connaturalizado neste país, que no devandito libro dá gallarda mostra dos seus bos dotes para o cultivo da poesía. Neste mesmo ano, e á semellanza do ocorrido cando en 1880 publicou Curros os seus *Aires da miña terra*, xurdiu un novo poeta. *Volvoretas*, de Alberto García Ferreiro (Ourense), autor dun ensaio dramático *Luchar por la Patria* e dunha colección de poesías *Gritos del alma*, obras que puideramos chamar de

xuventude; *Volvoretas*, dicimos, foi unha revelación: como nestes apuntes non emitimos xuízos críticos, só diremos que este libro foi acollido pola crítica con franco aplauso, e que distintos escritores de fóra desta rexión proclamaron na prensa da Corte a fama do poeta, do novo vate ourensán.

*Bálsamo de Fierabrás*, titúlase unha colección de poesías orixinais de Enrique Labarta Posse, cómicas e humorísticas na súa maioría. Neste xénero é de maneira indisputable o libro o primeiro, e o seu autor o primeiro tamén. A facilidade para a improvisación e a graza inesgotable que posúe Labarta, concédelle ese título, e o seu citado libro pode colocarse, sen que desmereza, ao lado dos da súa índole que eloxiou a prensa de Madrid.

Co título *Foguetes* bautizou moi oportunamente o seu coleccionista de epigramas en galego, o Sr. Pérez Ballesteros, porque en efecto, son chispazos de enxeño; e *Contiños*, libriño análogo de D. Benito Losada, ten toda a graza e picardía que caracterizan as producións do seu autor.

A colección de libros que baixo a denominación “*España*, os seus monumentos e as súas artes, a súa natureza e historia” se publica hai algúns anos en Barcelona, comezou en 1888 a dar á luz o tomo *Galicia*, debido á experta pluma de don Manuel Murguía, autor da Historia deste reino, en publicación, e que en 1878 e 1879 publicara na *Revista de España* o seu notable estudo *El arte en Santiago* durante o século XVIII. Na obra *Galicia*, a pesar dos límites que, dada a índole da publicación, tivo forzosamente que encerrarse o seu autor, vese a súa vasta erudición, o seu grande coñecemento do asunto e, sobre todo, loce, como en todas as súas obras, o fermoso estilo, a rica linguaxe que fixeron del, hai xa anos, o primeiro dos escritores rexionais e un dos máis notables da nación española.

*Galicia contemporánea*, (páxinas de viaxe) titúlase o libro publicado na Habana polo novo director de *El Eco de Galicia*, que alí representa os intereses que o seu nome indica, D. Waldo Álvarez Insua. Nese libro, e nas condicións que permite unha crónica de viaxe, descríbese o estado actual desta rexión, estúdanse lixeiramente, aínda que moi discretamente, os problemas de actualidade que afectan a este país, e dáse conta do movemento de progreso que neste país se advirte, deixándose levar dun tanto de optimismo. O Sr. Álvarez Insua móstrase, como en todos os seus traballos literarios, ardente patriota, escritor fácil e de viva imaxinación.

Publicouse tamén en 1889, data do libro que acabamos de citar, unha colección de poesías castelás, titulada *Otoñales*, do autor destes apuntes.

De 1890 coñecemos, *El Avia y el Miño*, novela de curtas dimensións da Sra. Feijoo de Mendoza; *Brisas gallegas*, poesías de M. Lois Vázquez; *Hijos distinguidos de la provincia de Lugo*, por M. Castro López. E chegamos con isto a 1891, parte que deixamos para o final, debo falar antes de *El Regionalismo*, de D. Alfredo Brañas, (Barcelona, 1889) e da *Biblioteca Gallega*, base do renacemento en Galicia.

#### IV

Algunha indicación fixemos acerca do *rexionalismo*, do que especialmente imos tratar neste capítulo polas súas relacións coa literatura.

En anos anteriores ao 80, xa algúns xornais galegos trataron de levantar o espírito público, foi interpretada a súa tendencia fóra de Galicia en recto sentido, e de ben distinta maneira na corte, onde houbo órganos na prensa que combateron duramente aquelas manifestacións, considerándoas uns como

hostilidade á capital de España, e outros como representación dunha iniciada corrente contraria á unidade nacional.

Por aquela época non moveu tanto ruído o rexionalismo coma despois; andando o tempo, e con motivo de cuestións económicas, partiu de Cataluña o movemento inicial; atopou eco en case todas as provincias, e non foi nas de Galicia onde se mostraron menos activos os que o patrocinaban. Cómpre, non obstante, consignar que non toda a prensa o apoiaba, antes ben bastante dela, aínda que non a maior parte, xulgaban mal a tarefa que os rexionalistas emprendían.

Xa falamos de *La Región gallega*, xornal en Santiago, fundado para ser representación desa tendencia que a varios xornais animaba; para cooperar nós a ese movemento, ao que desde antigo viñeramos prestando o modesto concurso, reproducimos o traballo *El Provincialismo*, publicado en 1879 e nesta data copiado por algúns diarios da Corte simpatizantes nosos; e escribimos outros varios en *El Regional* e na revista *Galicia*, e nunha reunión literaria en (Lugo, 1886), expuxemos as ideas fundamentais do rexionalismo nun discurso que apareceu en *La España regional*, de Barcelona.

A impulsos dos rexionalismo naceu a *Biblioteca gallega* e creouse a revista *Galicia*, e entón foi cando o ilustrado catedrático da Universidade compostelá deu á estampa a súa obra *El Regionalismo*, de cuxa importancia non pode prescindirse.

A obra do profesor D. Alfredo Brañas atraeu poderosamente a atención pública, e sexan as que sexan as ideas de quen a lea, ache motivos máis graves de disidencia con algunhas ou con todas as súas principais afirmacións quen dela se dea conta, terá que facer xustiza ao autor.

Coñecemento do asunto, erudición pertinente e abundante, novidade nos puntos de vista, pensamento orixinal, non poden

negarse a *El Rexionalismo*. Propósito xeneroso, cal é de establecer un corpo de doutrina que reúna nunha soa agrupación todos os elementos do rexionalismo, un tanto dispersos; decisión para tratar o problema, tratándoo seriamente e coa detención debida; isto hai que recoñecelo na obra do ilustrado catedrático de Compostela.

Analizando as causas do rexionalismo e expoñendo o que é o Estado, a familia, o Municipio e a Rexión, o señor Brañas examina as relacións e as diferenzas daquel principio co federativo; a súa íntima unión coa descentralización política e administrativa, demostra que non é contrario á unidade nacional e expón un plan completo de goberno e administración das rexións.

Segue a esta brillante e metódica exposición de ideas, a relación histórica do rexionalismo nos continentes, a súa existencia e antigüidade na península ibérica, pasando despois á terceira parte que trata especialmente do *Regionalismo en Galicia*, expoñendo as súas orixes históricas, o seu desenvolvemento a través das épocas distintas da nosa peculiar historia. Fai a da gloriosa Universidade compostelá, a das loitas mantidas polo rexionalismo galaico, salientando o que foron as ciencias, as letras e as artes na rexión galega, poñendo de relevo o renacemento desta literatura, para rematar formulando un programa de propaganda e os medios de formar un gran partido político social.

Non é o noso propósito, xa antes o consignamos, analizar as obras das que damos noticia polas necesidades deste sumario estudo; por iso, e sen prexuízo de entrar no exame do que agora nos ocupa, nun próximo estudo sobre o *Regionalismo en Galicia*, limitamos aquí a tarefa de enumerar as condicións que reúne o libro, para xustificar a importancia que lle concedemos, pois se moito é o seu interese no presente, aínda ha de telo maior no provir.



Pero así e todo, sen entrar na análise das doutrinas que sostén e das solucións que propón, cabe estimar ese libro como mostra da atención que o Sr. Brañas dedica ás cuestións de interese palpitante, como manifestación de afecto á súa patria, da que é un dos máis distinguidos fillos. E en canto ás condicións puramente literarias, revélase, a quen non o coñeza, o autor de *El Regionalismo* como escritor de vigoroso estilo, de pulcra e nada afectada linguaxe, claro e conciso na exposición, elegante sempre e inspirado cando o asunto o require.

O éxito da súa obra foi excelente, e o seu xeneroso esforzo achou xusta recompensa na cariñosa demostración de afecto sincero que en Santiago lle ofreceu numerosa representación de todas as clases sociais; desde os eximios profesores daquelas celebradas escolas ata os literatos distinguidos; desde os que no exercicio das artes se sinalan ata os laboriosos e intelixentes xornalistas, fraternais compañeiros do autor. Naquel concorrido banquete, animado polos dous máis doces sentimentos que poden animar aos cidadáns, o culto á patria e o amor aos seus compañeiros, sentimentos unidos pola homenaxe ao talento, coroou o Sr. Brañas a súa obra cun elocuente e moi aplaudido discurso que sentou a súa reputación como orador.

Con este acto recibiu poderoso impulso a idea rexionalista; de alí partiu a poderosa forza creadora de organismos que en distintas localidades traballan para propagar os seus ideais, e de alí arrancou tamén a idea de publicar a revista *La Patria Gallega*, que baixo a dirección do Sr. Murguía ve a luz pública en Santiago, dedicada unicamente a manter as ideas rexionalistas. Estes certamente foron estímulo para promover a produción literaria, porque a favor delas prorrogouse a nobilísima de levantar a patria co esforzo de todos. Para este efecto, constituíuse a xunta rexional de xogos florais, que en 1890 celebrou os primeiros en Tui, e para o ano presente ten xa anunciado que se celebrarán na Coruña.

Pola forza impulsiva dese movemente, o sentimento da patria exáltase, a idea de axudar ao seu renome gaña terreo e convértese en firme propósito, e os fillos de Galicia móvense, traballan, e este movemente e esta actividades, que revelan o renacemento, o espertar dun pobo, razoan e xustifican as palabras de Murguía que citamos ao principio do capítulo I. Ese movemento, esa actividade fan exclamar ao insigne historiador:

“Cego será quen non vexa agora que Galicia aspira á súa total redención.”

## V

A *Biblioteca Gallega* merece capítulo á parte polo impulso que lle deu á literatura rexional, facilitando aos autores o medio de publicar as súas obras, que quizais doutro xeito quedarían inéditas, a menos de impoñerse sacrificios, e porque deu a coñecer ao público do país as producións de moitos dos seus fillos distinguidos, e presentounos á consideración da crítica e das persoas afeccionadas a estudar ou seguir o movemento literario das rexións españolas, con cuxos resultados obtivo Galicia non pequenos beneficios.

O volume primeiro da hoxe importante colección que leva dado á luz con loable constancia o xa citado señor Martínez Salazar, foi *Los Precursores*, de D. Manuel Murguía. Ningún nome máis importante nin máis autorizado que este para inaugurar a *Biblioteca*, porque, sen ofensa de ninguén sexa dito, o autor mencionado é o primeiro dos escritores galegos. E, como repetimos este concepto, debemos consignar que a nosa imparcialidade ao estampalo é absoluta, pois non tivemos nunca relacións particulares nin literarias co que reputamos insigne autor de obras de indiscutible e recoñecido mérito.

E dito isto, séxanos lícito apuntar tan superficialmente como a índole deste escrito o consente a nosa opinión acerca de *Los precursores*. Fixou esta obra a atención pública e motivou algunha discusión, por certas afirmacións que contén e que varios non estimamos exactas, e xulgalas inspiradas nos pesimismos propios do seu autor, frases referentes á actual xeración literaria. Por outra parte, a tendencia que o señor Murguía lle quixo dar ao seu libro era máis ideal que práctica, pois se todos os galegos eminentes dos que se fixo a súa biografía, cos primores do seu enxeño e coas gallardías da súa pluma, polo devandito señor merecen o aprecio da posterioridade, non pode admitirse, certamente, que fosen *precursores* de ningunha tendencia social nin da aspiración nobilísima, altamente patriótica que representa o *rexionalismo*, a cuxo servizo puxo o seu valioso esforzo o ilustrado biógrafo.

Por esta razón, o primeiro volume da *Biblioteca* foi obxecto de discusión, na que, xeralmente, non se esqueceron nin un momento os relevantes méritos do seu autor.

A sección poética da colección que nos ocupa é numerosa.

*Aires da miña terra*, de Curros Enríquez, foi o primeiro volume dela, como terceira edición, obra da que falamos; *Soacas dun vello* titúlase a colección de poesías de D. Benito Losada, e *Queixumes dos pinos* é a de D. Eduardo Pondal. En anos anteriores deron á luz o primeiro as súas *Poesías*, e o segundo os seus *Rumores dos pinos*, non obstante a reaparición das súas producións foi acollida con satisfacción polos amantes das belas letras. Non debemos emitir nós xuízo propios acerca de poetas tan xustamente gabados maiormente cando existen xa opinións moi autorizadas respecto deles.

Dona Emilia Pardo Bazán lémbrese de Anacreonte ao nomear a Benito Losada, “non porque dera na perigosa manía de imitar aos clásicos o divertido e gracioso autor de *Boafeira*. É

tan só porque a lembranza de Anacreonte esperta sempre ideas risoñas e infunde certa *alegría de vivir*; e teñen a mesma virtude os versos de Losada, aínda que no seu fondo hai un sedimento, non de fel, senón da tristeza especial do epicureísmo, a tristeza da vida que se acaba”. “Bo gusto, medida, temperanza, son calidades moi atractivas neste poeta.” Acaso, despois de Rosalía de Castro, é Benito Losada o poeta galego que mellor fai falar aos labregos e que con máis fidelidade reproduce o colorido das súas festas e a graza dos seus costumes.”

De D. Eduardo Pondal, na miña opinión o máis xenial dos nosos poetas rexionais, di a mesma insigne escritora:

“Por dereito de nacemento, Eduardo Pondal, co seu gabán e co seu chapeu fungo, veu a ser *o bardo*: Eduardo Pondal é hoxe acaso o único home en España que con algún dereito pode usar ese título de *bardo*.”

Difícil é –se non imposible– atopar no fermoso estudo que deste poeta fixo dona Emilia o xuízo concreto: non haberemos, pois, de intentar achalo, remitindo os nosos lectores ao traballo da mencionada escritora. Ao xuízo desta, e é moi fundado e exacto, Pondal é o *bardo*, o *bardo celta*; e, en efecto, as súas poesías parecen ditadas polo espírito ossiánico, e teñen un perfume estraño, agreste pero moi agradable, por máis que a súa poesía non pode ser popular. Sobre todas as súas composicións, sobresaie –e esta si que é popular– a moi famosa *A campana de Anllóns*, obra da súa mocidade. Victorino Novo e García é un tenro e delicado poeta: a súa composición –dedicada a Grilo– *Humos y aromas* pode competir sen receo con *La cheminea campesina* e *Las ermitas de Córdoba* daquel inspirado vate. Novo e García figura na *Biblioteca* cunha fermosa colección de romances, algúns deles premiados en públicos certames e publicados antes. Completan este *Romancero de Galicia* varias composicións líricas que forman un rico ramallete bastante por

sí só para xustificar o bo xuízo que do seu autor ten formado todo o que coñece as súas producións.

As *Poesías selectas* de D. José María Posada, conteñen case todas as deste autor, poeta moi sentido e apracible cuxas composicións galegas son preferibles ás castelás. As que nos dous idiomas escribiu D. Francisco Añón, apareceron coleccionadas baixo o epígrafe *Poesías gallegas y castellanas*. É este autor dos que máis fama gozan na rexión así como entre os afeccionados á nosa poesía: as súas composicións *A pantasma*, *O magosto* e o seu inspirado canto *A Galicia*, premiado no certame da Coruña en 1861, conquistáronlle a mellor reputación, e son, indubidablemente, fermosas xoias das letras galegas. Precede a este volume un excelente estudo acerca do poeta e das súas obras por D. Victorino Novo e García.

D. Francisco Añón “verdadeiro bohemio, viviu ao día, sen máis aspiracións que chegar ao seguinte, nin desexar outra cousa que un raio de sol e un momento feliz no que puidese confiar á memoria calquera daquelas poesías galegas que, por non ter tomado o traballo de escribilas, levou consigo ao sepulcro. Deus déralle coas súas espontáneas facultades poéticas e unha facilidade para versificar que poucos logran, un espírito vagabundo e un corpo que anhelaba o repouso; así foi que as escasas composicións que corren e se conservan grazas aos esforzos dos seus amigos, son, polo regular, un tanto incorrectas, e reséntense da maneira de traballar do noso poeta. Que moi poucos poden dicir, como el, que cantaba coma as aves cando sentía necesidade diso, e sen coidarse das súas cancións.

Do autor de *Volvoretas*, libro do que antes falamos, é o tomo poesías *Chorimas*, no que o Sr. García Ferreiro xustifica en absoluto os xuízos que a súa obra anterior merecera á crítica unánime. En *Chorimas* hai a inspiración, os robustos alentos, a riqueza de imaxinación e o ardor patriótico que ao mozo poeta conquistaron tan sinalado posto entre os favorecidos polas musas.

Falar agora do tomo de versos que seguiu a ese na *Biblioteca gallega*, é para nós un tanto violento: *Cousas da aldea* leva a nosa sinatura. Acolleuno a crítica con marcada benevolencia; no seu *Nuevo Teatro crítico*, dedicoulle a señora Pardo Bazán frases altamente honrosas para o seu autor; Curros Enríquez (1) xulgou o seu autor representante en Galicia dunha renomeada escola literaria francesa, e os señores Sánchez Pérez, Navarro Ledesma (2) e outros, coa xeneralidade dos xornais do país, fixeron a súa crítica en extensos artigos.

Baixo o modesto título *Rimas*, coleccionou as súas poesías o señor Barcia Caballero, xa de sobra coñecido en especial pola súa fermosa composición *O arco da vella*, premiada en certame, e cualificada por Dona Emilia Pardo Bazán, de “lindo ensaio do seu autor acerca da poesía descritiva”. Precede a este tomo un bo estudo do seu autor sobre a poesía, no que non hai máis ca unha nota desagradable; a de que tal publicación é o testamento literario do seu inspirado autor, cuxa característica é a delicadeza e a tenrura, mesturada coa resignada amargura, propia de bastantes poetas do país.

Ultimada a nota das producións poéticas que deu á luz a *Biblioteca*, en tan boa hora fundada polo señor Martínez Salazar, no próximo capítulo falaremos das obras en prosa editadas na mesma.

## VI

Para dar conta dos libros da *Biblioteca* non nos atemos á orde da súa publicación, pois facilita a nosa tarefa e serve mellor ao propósito a que obedecen estes lixeiros artigos, mencionalos agrupándoos polo xénero ao que pertencen e pola identidade ou analoxía do asunto do que traten.

Falamos da poesía, e neste artigo comezaremos polo grupo máis numeroso entre os dezanove volumes en prosa: fórmano os tomos de *miscelánea*, é dicir, de artigos varios, que son os seguintes pola orde na que viron a luz:

De Joaquín de Arévalo, malgrado escritor de quen falamos ao ocuparnos dos traballos de crítica, é *Ocios de camarote*, recompilación de traballos de índole varia, en todos os cales chispea constantemente o enxeño do autor, cuxa fácil pluma facía fermoso e daba encanto ao argumento máis fértil.

*Caldo gallego* é unha colección de artigos *do país*, como o seu título indica: Juan Neira Cancela, militar escritor, describe escenas e perfila tipos do noso solo, e faino con graza e soltura que o acreditan de perito no xénero.

Titúlase *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia* o volume que corresponde a Lisardo R. Barreiro, tan inspirado poeta como elegante e xenial prosista: pode dicirse que a súa pluma é un pincel, con tal riqueza de cor e harmonía de matices presenta os seus cadros. Tipos, costumes e paisaxes forman a fermosa *galería* con que figura no catálogo da *Biblioteca*.

A propósito de *Galicia contemporánea*, falamos do Sr. Álvarez Insua, a quen pertence o tomo *Ecos de mi patria*, que pode considerarse como segunda parte daquela obra. Artigos que poderíamos chamar de *actualidade*, por que na súa maioría tratan cuestións do momento; necroloxías de galegos ilustres, críticas literarias, e unha parte de contos e lendas, en xeral moi apreciáveis, constitúen os *Ecos*. Álvarez Insua escribe en fácil e vigoroso estilo, e todos os seus traballos expresan o mesmo nobilísimo sentimento: amor á patria, á que en Cuba rende fervente culto o distinguido escritor.

O dilixente editor Sr. Martínez non limita o seu traballo a solicitar a colaboración dos autores contemporáneos, senón que

estende a súa actividade, nunca bastante gabada, a buscar e dar á estampa obras inéditas de interese para Galicia.

Ao seu celo débese o *Breve compendio dos varóns ilustres de Galicia* (tomo IX) nela nados ou dela orixinarios, curioso volume que contén noticia de gran número de homes distinguidos, ou esclarecidos, como di o autor na portada, en virtudes, literatura e dignidades eclesiásticas. Débese esta obra, recompilada de varios autores, a D. José Pardiñas Villalobos, que na mesma portada se declara natural do reino de Galicia.

Considerándoo tamén como de carácter biográfico mencionaremos aquí o *Elogio del P. M. Feijoo*, notable traballo oratorio do presbítero catedrático do Instituto de Ourense, Delfarcelo Macías, natural de Astorga, quen o pronunciou naquela cidade na solemne festividade relixiosa celebrada con motivo da inauguración da estatua elevada á memoria do sabio beneditino. A magnífica peroración do Sr. Macías, vai precedida dun extenso e bo prólogo dun paisano seu, que hai pouco morreu: D. Juan Francisco Miguélez, Maxistral na S. I. C. De Mondoñedo.

Os estudos históricos figuran na Biblioteca en cantidade e calidade importantes: os puramente históricos son. *El cerco de la Coruña en 1589 y Mayor Fernández*, no que o tan dilixente editor canto escritor douto e castizo Sr. Martínez Salazar recompila, analiza e depura todos os datos históricos relativos á famosa heroína María Pita; e os *Sucesos militares de Galicia en 1809 y operaciones de la presente guerra*, polo coronel D. Manuel García del Barrio, reprodución do impreso en Cádiz en 1811, e aumentada con discreto prólogo, curiosas notas e interesantes documentos polo mesmo Sr. Martínez Salazar.

O primeiro traballo histórico literario da *Biblioteca* pertence ao erudito D. Antonio María de la Iglesia, titúlase *El idioma gallego, su antigüedad y vida*, e nos seus tres volumes



áchase un minucioso traballo histórico e unha antoloxía dos poetas que cultivaron o galego.

Dous volumes van publicados da *Historia crítica de la literatura gallega*, obra coa que pode dicirse que iniciou as súas tarefas literarias o novo escritor D. Augusto González Besada, cuxo propósito mereceu xeral aplauso como gabanzas a súa realización na parte publicada.

Non é a novela a manifestación literaria máis importante na colección de libros que nos ocupa.

*La campaña de Ultramar* leva por título un tomo de D. Aurelio Ribalto, pero ese epígrafe corresponde ao primeiro traballo do volume, que é ao noso xuízo, o primeiro capítulo dunha novela, na que o mozo escritor, amosa, como noutros traballos que seguen ao citado, excepcionais aptitudes para o xénero. As súas producións son belos cadros cheos de cor e vida, o mesmo nas paisaxes ca nas figuras.

Isto mesmo podemos dicir dos *Artículos y novelas* que compoñen o tomo do malogrado D. José Rodríguez Seoane, falecido cando apenas cumprira vinte anos. Como o Sr. Ribalto revela grandes condicións de observador, e o seu estilo era solto, elegante e claro.

De ensaios de novela podemos cualificar tamén os cadros de costumes cuxo xénero expresa o título, *El mundo rural*, trazados por D. José Ogea, coñecido por traballos de igual índole publicados en revistas. Sen que chegue aos anteriores, non deixan de ter apreciables condicións as pinturas que fai das miserias da vida campesiña.

Baixo o epígrafe *Estudios sobre Galicia* reuniu o distinguido escritor D. Leandro de Saralegui varios traballos históricos, literarios e críticos, nos que dá moi apreciable mostra da variedade dos seus coñecementos e dos seus dotes de escritor.

A D. Luciano Cid Hermida pertence unha estimable colección de *Leyendas y tradiciones de Galicia*, produto dos estudos e das investigacións do ilustrado xornalista, e de D. Eduardo Vincenti é o discreto *Estudio acerca de la propiedad foral* na nosa rexión.

Por este conciso resume do publicado na *Biblioteca gallega*, poden vulgar os nosos lectores a importancia dos beneficios que ás letras rexionais veu prestar coa publicación de obras novas, a reprodución doutras e a exhumación dalgunhas.

Aínda que demos moi incompleta idea dos que son as obras publicadas, chega para que se comprenda canta grande influencia ten o feito polo Sr. Martínez Salazar no desenvolvemento da literatura galega.

E maior o terá aínda pola perseveranza do seu intelixente director que ten xa na prensa o primeiro volume de *Los guerrilleros gallegos de 1809*.

## VII

En 1890 apareceu o libro *Cousas das mulleres*, poema acompañado de varias poesías soltas de D. Jesús Rodríguez López, autor da escola, digámolo así, de Benito Losada, pola naturalidade, soltura, graza e picardía das súas composicións, sempre moi celebradas polo público.

Deste autor publicouse nun xornal diario –*El Regional*, de Lugo– unha preciosa poesía humorística, agraciada con accésit no Certame da Asociación de Escritores da devandita cidade, e na *Revista Contemporánea* o seu *Estudio psicológico acerca de la mujer lucense*.

*Brisas gallegas* titúlase outra colección de poesías de D. Manuel Lori Vázquez, impresa tamén en Lugo en 1890.

Das publicacións dadas á luz en 1891, merecen consignarse aquí as seguintes:

*Lenda de groria*, do Sr. García Ferreiro, fermoso canto épico premiado no Certame literario da Coruña, e cuxo asunto é o feito de armas que inmortalizou o nome de *María Pita*. Está escrito en robustas e inspiradas oitavas reais, e foi xulgada pola crítica con tanta unanimidade como entusiasmo. Ao anunciar a segunda edición, recompilou o seu autor as opinións emitidas en Galicia e fóra dela, e vimos confirmada a humilde que emitimos á publicación da obra, e que figura á cabeza da devandita recompilación.

Supoñiamos que o fermoso traballo poético do autor de *Volvoretas e chorimas* obtería en todas partes xuízos moi honrosos para aquel e non nos equivocamos.

Baixo o modesto título *Follatos* publicou a coñecida escritora e inspirada poetisa Srta. Filomena Dato Muruais, unha colección de composicións, algunhas delas tamén premiadas. Os máis delicados sentimentos destacan nelas, e xustifican unha vez máis canto favorecida é das musas a tenra cantora.

D. Manuel Castro López, autor dun opúsculo titulado *Hijos distinguidos de la provincia de Lugo*, deu á estampa unha colección de *Efemérides gallegas*, sen ningunha dúbida a máis completa, novas ou ampliadas todas elas.

Para fixar cal é o verdadeiro escudo de armas de Ourense, o celoso presidente da Deputación daquela provincia consultou ao Sr. D. Benito Fernández Alonso, quen evacuou moi lucidamente o seu cometido no interesante e ben escrito histórico *Armas de Orense*. O autor deste folleto é un dilixente e discreto escritor de *Cosas de Galicia*; coa súa sinatura apareceron nas revistas relativas á terra, notables traballos acerca de puntos históricos escuros ou descoñecidos, e é grande o caudal que posúe de datos

e documentos de grande aprecio referentes ao pasado das provincias galegas.

Día de satisfacción será para todos os amantes destas cando o Sr. Alonso nos ofrezca o seu *Cancionero y refranero popular* e o seu *Diccionario gallego*, xa que non se decida a coleccionar os importantes traballos que hai espallados en gran número de publicacións.

Ao editor da *Biblioteca gallega* debemos tamén o coñecer a novela *Confidencias*, de D. Luis Pardo publicada en Madrid, e regalada por aquel aos seus subscritores. Cun asunto sinxelo fixo este autor unha narración interesante e sentida, exposta en fácil e movido estilo.

A 1891 pertence tamén –como as obras anteriores– o drama en galego *Á torre de Peito-Burdelo*, de D. Galo Salinas, premiado no Certame da Coruña antes mencionado. É o seu asunto a tradición a que se atribúe a fundación da casa dos Figueroas.

*A Asociación de Escritores e Artistas*, de Lugo, publicou as poesías *¡Terra... a miña!* do autor destas liñas, e *A víspora de S. Xoán en Montecubeiro*, de D. Luis González López, que obtiveron o premio e accésit de honra respectivamente, no Certame da devandita Sociedade.

En Lugo imprimiuse unha colección de artigos –xa coñecidos– do malogrado Teodosio Vesteiro Torres. Titúlase *Páginas sueltas*, e os traballos que contén pertencen a varios xéneros e acreditan as boas condicións de escritor do noso infortunado compatriota.

*Los Nodales* é un estudo biográfico daqueles insignes mariños galegos, escrito con gran copia de datos por D. Francisco Portela Pérez (Pontevedra).

Para o ano presente están xa anunciados, un tomo de versos de Curros Enríquez e outro de García Ferreiro. Ademais destes *acontecementos literarios*, verán a luz pública dúas *memorias* do estudoso e modesto mozo D. Indalecio Varela Lenzano que nelas se mostra concienciado e competente crítico: unha –premiada no Certame da Coruña– versa sobre o *Estado actual de la música en España*, e a outra, premiada en Lugo e que se imprime a custa da Deputación provincial, trata de *Origen y desarrollo de la música popular gallega*.

O citado D. Jesús Rodríguez López ten en preparación o poema *Cousas dos homes*, que seguramente será tan celebrado como todas as producións do seu autor; e o destas liñas dará á publicidade en breve o *Romancero de la ciudad de Lugo* e o estudo sobre *Las murallas de Lugo*, premiados ambos os dous no Certame desta cidade.

Ademais de *Los guerrilleros gallegos*, aparecerán na tantas veces mencionada *Biblioteca gallega* un tomo titulado *Primicias* do Sr. Cabeza de León, outro de D. Renato Ulloa, con prólogo do Sr. Murguía, e un volume de contos e novelas de D. Manuel Amor Meilán, de quen é tamén outra novela que inserirá proximamente un xornal de Madrid.

Disto é do que nós temos noticia; pero claro é que a produción literaria en 1892 non se limitará ao relacionado; que así e todo é bastante para afirmar que, polo menos, no ano presente non se paralizará o movemento que nas letras se advirte.

Ademais do dito, hai que ter en conta que a prensa periódica auxilia en gran maneira ese movemento e difunde activamente a cultura, preparando o espírito público. A miúdo publican os xornais da rexión traballos históricos, literarios e críticos, e composicións poéticas de moitos distinguidos escritores, bastantes dos cales non figuran entre os nomeados porque non deron á luz separadamente ningunha produción.

Chegamos á fin do noso traballo, non tan completo como desexamos pero axustado ao propósito que guiou a nosa pluma dende o seu comezo: dicir *algo* e nada máis. Outros poderán mellorar en gran maneira esta modesta obra, dicindo *moito e bo*.

E conste para previr certas observacións, que ao dicir, no título, *Movemento literario*, tomamos a palabra *literatura* –como di o P. Blanco García– “en canto significa a arte que ten por fin único a manifestación da beleza e por medio a palabra”; por máis que sendo isto o esencial algo engadiremos pola súa íntima conexión con ese movemento literario a que estas indicacións se refiren.

*Revista de España* N<sup>o</sup> 554, 555 e 556, 1892

## **A XUNTA DE DEFENSA**

Aos Sres. Costales, Golpe e Iglesias Pacio

Poucas palabras temos que dicirvos, xa que nestes últimos días ocupámonos e máis dunha vez, no asunto que vos fai endereitar os vosos pasos a esta cidade.

Sabedes perfectamente a sorte que ides correr; pero vós, submisos aos acordos adoptados pola Xunta de defensa, vides predicarnos, cal novos misioneiros, as excelencias da unión das cidades galegas á da Coruña, vides exhortarnos para que sigamos idéntico exemplo, idéntica conduta. Vide en hora boa, cumpribe o voso deber xa que non vos é posible retroceder no camiño emprendido nun momento de cegueira; pero non contedes con que se vaian ver realizados os vosos propósitos nin pola *tribunicia* e fogosa elocuencia de Costales, nin pola repousada oratoria de Golpe nin pola amigable e case familiar de Iglesia Pacio.

E é que a elocuencia máis grande xace vinculada nos feitos, que son os que por esta vez responderán as vosas palabras. Vós non dicides que vos axudemos hoxe, obrigándovos vós en cambio a axudarnos mañá en canto necesitemos.

Ás vosas palabras responden os feitos, dicindo que Lugo non vos negou a súa axuda no famoso asunto da Transatlántica que tamén fixestes de xeral interese para Galicia. Entón esta cidade fixo en favor da Coruña, o que facer podía. Un fillo de Lugo estaba entón á fronte do ministerio de Ultramar. E lonxe de respectar unha e outra circunstancia, os feitos din que vos opuxestes aos beneficios que dende entón se intentou conceder a Lugo e que calastes ante os despoxos dos que fomos vítimas. ¿Quen vai garantir agora a sinceridade das vosas promesas? Todas cantas podades facernos agora fixéstesnolas antes para esquecelas ás poucas horas. Cando sostivemos coa vosa cidade algunha loita de dereito, defendiamos o noso en ton mesurado e digno sen proferir nin un agravio, nin unha frase malsoante. ¿Como se manifestaba entón e que argumentos empregaba a opinión pública da Coruña por medio dos seus órganos na prensa?

Por outra parte, Lugo viu sempre con profundo desagrado a actitude da Coruña no que respecta á cuestión palpitante. Nin a moral cristiá, alegada polo abade da vosa Colexiata autoriza semellante actitude nin o instinto da propia conservación o aconsella. Comparede a vosa conduta coa que seguiu Sevilla, Valladolid, Burgos e Granada. Contrastando coa medida destas poboacións, vós declarástesvos en aberta rebeldía desde o primeiro momento, esgotastes o repertorio dos deostos e dos insultos contra os mesmos aos que pedídes xustiza e aínda naceu na Coruña a idea de que a dita capital se acollese ao protectorado inglés. Todo este cúmulo de erros e desacertos, que non desculpa sequera a impremeditación, previstos estaban desde o primeiro momento, pero xa postos no *disparadeiro* tiñades forzosamente

que chegar ata o fin, ¿e pretendedes que Lugo, sempre pacífica e sempre respectuosa, acaso en demasía, para cos poderes públicos vos siga nese camiño?

Coñecemos perfectamente o carácter e o temperamento do pobo lucense e abrigamos a seguridade de que neste punto coincide nun todo coas nosas apreciacións.

Vide, pois, en hora boa. Pero non abriguedes confianza na vosa causa, que desacreditastes, os primeiros os coruñeses, cos medios postos en práctica para defendela.

*El Regional*  
14-06-1893

## REXIONALISMOS

De vez en cando a cuestión do rexionalismo ponse de moda, ben con motivo da excitación dun pobo ou dunha comarca que ve ameazados os seus particulares intereses, ben con ocasión dun discurso pronunciado nalgunha solemnidade literaria.

Pero transcorren uns cantos días, a axitación cálmase, cesan os comentarios ao discurso, e entón o rexionalismo deixa de ser asunto do día despois de servir de tema de discusión.

No rexionalismo hai moito de simpático, que se resume nos tópicos que empregan os que coa palabra ou coa pluma o defenden, entre as exuberancias da retórica.

Evócase a lembranza das glorias da rexión e a memoria dos seus fillos ilustres, fálase con pintoresca frase dos campos sempre verdes, dos ríos murmuradores, das bravas ondas que azoutan con incansable afán a abrupta costa, da sentida música popular que alegra a festa campesiña, do doce dialecto –aínda que sexa áspero– no que trobaron os poetas... pero, ¿e que?



Iso apláudese, iso entusiasmo, porque todos levamos con nós algo do da terra na que nacemos; pero iso non é un programa, nin é unha aspiración, senón sinxelamente sentimentalismo contradito na práctica pola tendencia, tan antiga como a humanidade, de que o home, compelido polas circunstancias, busque en calquera terra estraña o medio de vivir que na súa non atopa.

A calquera que serenamente considere os feitos, ten que chamarlle a atención ver como, apenas produce un movemento a tendencia rexionalista en Cataluña ou Galicia, fábase xa, e en serio ao parecer, do quebrantamento da unidade nacional, da desmembración da patria, da ruína da obra realizada polos Reis Católicos. Pero, ¿que? preguntámonos nós: ¿é que esa obra levada a cabo polo esforzo de todas as rexións españolas, consolidada polos séculos, é tan fráxil e quebradiza que a poesía que nun certame provincial obtén o *premio de honra*, vai dar na terra con ela?

Tan ridículo nos parece ese temor, como inxustifico o de supoñer que a protesta dun pobo en defensa dos seus intereses ten significación rexionalista.

Porque o lóxico –e o contrario sería o enorme– é que cando a un pobo lle quitan a Audiencia ou o Xulgado ou outro elemento de vida, se subleve e proteste, e esta protesta alcance os tons máis vivos da esaxeración.

O rexionalismo é unha tendencia vaga, unha aspiración informe, que ata agora só serviu para obter premios por poesías e aplausos por discursos: o rexionalismo non chegou aínda a poder encerrarse nunha fórmula concreta, e cada propagandista –chamémoslle así– fixo o seu programa, presentou as súas conclusións; e en Cataluña, como en Galicia, hai tres u catro Códigos rexionalistas.

Por iso estes parágrafos levan o epígrafe *Rexionalismos*: porque son varios.

E conta con que o autor destas liñas é rexionalista convencido, aínda que nunca pensara en facer programas.

Esa tendencia, aínda cando nunca sería un perigo para a unidade nacional, podería chegar a ter moita importancia, a ser útil aos pobos, a facer algo máis que celebrar certames literarios, se os seus entusiastas comezasen por formar un corpo de doutrina, e logo emprendesen unha activa propaganda para organizar forzas que, coa súa acción, puideran levar ás corporacións ás que representan os principios contidos no programa.

O rexionalismo para ser algo ten que contar como base coas clases populares: ten que encerrar no seu programa as solucións dos problemas que afecten á rexión e traballar practicamente por obtelas. Para representar as aspiracións dun pobo, ha de contar con este e ter nel o seu principal elemento: faille falta bandeira e exército.

Doutro xeito terá só estado maior, que só nunca gañará batallas, porque, como dicía un rexionalista nun banquete celebrado en Santiago de Compostela en honor do ilustrado e novo catedrático D. Alfredo Brañas, “o rexionalismo para ser partido ten que ser algo máis que unha agrupación de xornalistas e oradores, de catedráticos e poetas.”

*El Regional*  
30-07-1893

## OS SERVOS

Castellanos de Castilla  
tratade ben os gallegos.  
Cando van, van coma rosas;  
cando veñen, veñen coma negros.  
R. CASTRO DE MURGUÍA

Daquela terra fermosa e triste, onde parece que elixiu a súa mansión a deusa da Melancolía, saen en numerosos grupos, co bernal ao lombo, terzada sobre el a curva fouce, para emprender a periódica expedición a través dos abrasados campos de Campos de Castela; non en busca do vélaro de ouro, a gañar coa suor da súa fronte –e nunca a frase pode ser máis exacta– un puñado de diñeiro que ao regresar ao fogar ha de satisfacer unha necesidade imperiosa.

Non hai moitos anos, as numerosas caravanas emprendían a pé a xornada; hoxe o progreso evítalles as antigas molestias, e o tren recólleos amontoándoos nos modestos coches como piaras de gando, roubándolles así a alegría con que facían as pesadas camiñadas doutros tempos.

Homes de idade madura, mozos vigorosos, nenos impúberes, forman as *cuadrillas* baixo as ordes do máis vello, a quen como a pai respectado obedecen, mantendo os costumes do réxime patriarcal, que aínda subsiste naquelas terras. Delas saen alegres e animosos, coa esperanza da volta, vendo en perspectiva aqueles cantos pesos con que aliviarán un apuro da familia.

A semellanza daqueles celtas, os seus proxenitores, van cantando as rítmicas cancións de doce monotonía que parece que tomaron as súas notas e os seus tons do queixoso rumor con que as brisas do país fan vibrar as copas dos altos piñeiros e as espesas pólas da frondosa *pumarada* ou do espeso souto, ou do

doce e triste canto dos arroios e regueiros que fertilizan os campos sempre verdes e florecidos.

Pero pouco a pouco, segundo avanzan cara ás terras que, a pesar da penuria do traballo, consideran no seu afán como terras de promisión, a alegría esvaece, o ánimo quebranta; e aínda se ven no horizonte as confusas liñas que sinalan sobre azul do ceo, as montañas de Pedrafita e do Cebreiro, e xa o suspiro afoga a voz na gorxa e a tristeza tingue dunha opacidade indíxible as notas do canto do país, notas que vibran como molladas bágoas de pena.

E xorde entón a desconfianza, que polas contrariedades da vida palpita sempre no fondo do carácter do campesiño galego, e o receo fai entrever o malogro da viaxe, e ata lles asalta a dúbida de se volverán! O canto remata coma unha queixa, coma unha expresión de agonizante tristura.

Momentos despois, o silencio reina entre eles: nin aínda o respirar se oíe. ¿Dormen? Cruzadas as mans, inclinada a cabeza sobre o peito, cerrados os ollos, inmóbil todo o corpo, quen os vira diría que descansaban. E, non obstante, van en constante vixilia, pensando na terra, vendo cos ollos da alma a casa, a familia, os campos tamén regados con suor que agora verterán sobre campos estraños; á porta do fogar a muller e os fillos, ou os pais e os irmáns, esperando coa ansia do necesitado a volta do emigrante, que ao parecer no sendeiro que conduce ao templo dos seus cariños, revelará co grito da súa alegría ou coa actitude do decaemento cal foi o éxito da penosa xornada.

Niso pensa o atribulado viaxeiro, en se as angustias do traballosa éxodo terán a grata compensación de abrazar gozoso e satisfeito a amante familia. E todas aquelas ansias, aquelas supremas angustias que o abafan, aquelas fondas e inenarrables tristezas que lle oprimen o corazón e afogan a voz na garganta, exprésaaas mentalmente pensando nos *airiños, airiños, aires, airiños da miña terra...*

Comezou o duro labor: a espiga cae segada pola fouce que compasadamente e ao son do triste canto move o nervudo brazo do xornaleiro, o sol abafa coa súa calor extraordinaria, a terra despide ardentes bafaradas que semellan a respiración dun volcán, o aire chega, non fresco coma o que atravesa os bosques de Galicia, senón seco, cálido, que tamén el é un viaxeiro que vén de cruzar extensos campos sen auga e sen verdor.

O segador sobreponse a toda fatiga; duro e incansable, entrégase con tenacidade ao seu deber, e as espigan caen e caen, mentres el súa e camiña, e poucas horas despois o campo amosa as súas crúas arideces.

Chega o momento do descanso; erguen os segadores o encurvado e suorento corpo, tenden a todas partes a vista buscando con ansia a benéfica sombra do castiñeiro ou do carballo que os refresque, o mulido céspede no que repousar os fatigados membros mentres reparan as perdidas forzas co frugal alimento... Todo aquilo está alá lonxe, moi lonxe, na *terriña* querida, detrás, moi detrás da extensa chaira cuxo límite non alcanza a vista.

E rematada a modestísima comida, entréganse a unha axitada sesta, durante cuxo sono os asaltan as mesmas visións e receos da viaxe, que durmidos cal espertos, a *terra* e a familia son imaxes que non se separan xamais dos ollos do corpo e do espírito.

Rematou a xornada, e os emigrantes emprenden o regreso, alegres, xubilosos, ansiosos das expansións da familia. Acabaron as penurias; na faldriqueira van, transformados nuns cantos pesos, as gotas de suor e as horas de angustias e de traballo. E chegan por fin á agochada aldea, e avanzan cara á humilde casa, e con gritos de alegría, contestados con aclamacións de afecto, tan sinxelas como sentidas, saúdan o grupo que os espera e adiántanse apresurados cara a eles. E sen quitar o po, sen

descinguir as cintas que suxeitan o repleto bernal, cambian os estreitos abrazos, ata que pasadas esas tenras e naturais expresións, da fonda faldriqueira saen envoltos nuns trapiños, os escasos diñeiros que ao día seguinte recolle xa impaciente o axente do fisco, o mordomo do señorío, ou o que é máis doloroso, a garra do implacable usureiro.

E ata a próxima, seu afectísimo.

*El Regional*

02-08-1893

## OS SOCIALISTAS

Cada vez que os socialistas se reúnen nalgúns deses Congresos que periodicamente se celebran para discutir o que importa aos intereses da colectividade, trazan a liña de conduta que lles parece máis conveniente para estreitar os lazos que unen os elementos do partido dunhas e doutras nacións, parece que un estremecemento de terror sacode os nervios dalgúns organismos, e moitos xornais manifestan os seus receos e temores polo que será, o día menos pensado, dos máis firmes fundamentos da orde social.

Francamente, nós, sen descoñecer a importancia do traballo persistente que realiza en toda Europa o socialismo, estamos bastante lonxe de sentir esas crispacións de nervios, e vemos con agrado que os socialistas se reúnan, discutan e acorden. Porque o fan á luz do día, e as discusións e os acordos son inmediatamente coñecidos, e se algo perigoso encerraran, esa publicidade sería un aviso para os intereses ameazados.

Máis grave sería que os gobernos adoptaran as medidas que algúns xornais adoitan pedir de vez en cando, e cuxo resultado sería que os socialistas perseguidos, privados do dereito de reunión e do de manifestar as súas opinións, apelasen, pola lei de

necesidade, a constituír sociedades secretas, a conspirar nas sombras, substituíndo os efectos da dinamita das ideas cos da dinamita do cartucho.

Porque despois de todo, e deixando a un lado hipocrisías que encobren intereses de clases e temores que fan aparecer confundidas as conveniencias do egoísmo cos fundamentos da sociedade, hai que recoñecer que é o socialismo unha forza, e unha forza poderosa, que medra día a día e que, máis ou menos directamente, vai influíndo e ha influír máis aínda, na marcha e no goberno das nacións, imponendo as rectificacións que, en boa xustiza, reclama o actual estado social.

Esta acción, que o socialismo ha exercer no futuro, como xa en Alemaña sucedeu, vai retrasarse bastante por efecto das disensións que no partido existen, e xa postas de manifesto nos Congresos de Bruxelas e Erfurt.

A mesma enfermidade que corroe os partidos políticos, o personalismo, o afán de ser a única vontade, afán que demostran os primeiros homes das agrupacións, existe no socialismo e ha de habilitalo considerablemente.

Estase celebrando o Congreso internacional de Zürich, e témesese que esas discusións estouren con violencia, producindo profundas divisións. *El Globo* lembra que o Congreso de Bruxelas internacional tamén, e do que foron expulsados os anarquistas, M. Níevenhuys, xefe autorizado do partido revolucionario holandés, intimaba a Liebkuecht, Bebe e demais alemáns, para que fixesen declaracións terminantes no relativo á guerra. Contestaron aqueles con frases retumbantes e vagas, e entón o socialista holandés apartouse deles ruidosamente, cualificándoos de *oportunistas*.

No Congreso de Erfut, aínda que só era nacional, houbo tamén necesidade de expulsar os revolucionarios berlineses,

Aüerbach, Vener, e outros, que interrompían a cada paso o debate coas súas agresivas protestas.

Agora as divisións van ser máis sinaladas, e máis inconciliables as distintas tendencias. Ao Congreso actual concorren anarquistas españois, americanos, italianos e ingleses; os partidarios de Aüerbach, é dicir, os revolucionarios berlineses, concorren a Zürich en maior número e con máis disciplina; Nievenhuys, representante do partido revolucionario holandés, persiste na actitude na que se mantivo en Bruxelas.

Imposible, repetimos, conciliar as diversas tendencias do Congreso; a maioría comporana, indubidablemente, os partidarios da loita legal, pero o seu parecer non triunfará máis que no momento, porque os elementos revolucionarios non han admitir como lei a vontade dos máis, e do Congreso de Zürich sairá a familia socialista dividida en dúas agrupacións: a revolucionaria e a que acepta a loita legal.

Coincidimos co estimado xornal democrático antes citado, no que é prometedor para Europa que en Zürich trunfe o criterio da loita legal e parlamentaria, e neste sentido están escritos os parágrafos anteriores; e aínda cando non deixe de inspirar temor que os elementos disgregados vaian ao anarquismo, non cremos que chegue o momento no que os que ata agora son casos illados se convertan en serie e en sistema.

Porque esas esaxeracións e eses paroxismos duran pouco, e as nacións dispoñen de medios de defensa suficientes, pero que non serían bastantes para conter a corrente socialista se tomase outro rumbo. Resulta, pois, evidente a vantaxe: o maior núcleo do socialismo quere vivir dentro das leis usando todos os dereitos que estas garanten aos cidadáns. Os demais quizais se declaren en guerra aberta coa sociedade, e esta, pode estar previda.

*El Regional*  
11-08-1893



## OS DO ARROIO

Os nenos entregados polos seus pais á caridade oficial, os desgraciados seres que un grande escritor francés chamou *fillos do amor*, inspiraron hai poucos días a un brillante escritor español un sentido artigo.

A acción da caridade oficial que cría, alimenta e educa os pobriños fillos do vicio e da paixón, remata cando os acollidos cumpren a idade de dezanove anos.

Entón, a protección regulamentada cesa, e saen ao mundo centenaes de mozos, cuxa situación inspira ao escritor aludido amargos lamentos.

E é que, moi a miúdo, o sentimento sobreponse á reflexión, escurece a realidade e fai do escritor un poeta, un soñador, que protesta, airado, en brillantes apóstrofes, con todos os luxos da retórica, desas grandes inxustizas, tan antigas como a sociedade e imposible de corrixir.

Porque certamente non se adiviña, nin aínda apelando ás grandes utopías de Luís Blanco, Fourier e demais xenerosos pensadores, como podería evitarse o que o escritor aludido presenta como unha grandísima enfermidade.

Que eses seres, que ata a mocidade viviron como dixemos, atópanse sós no mundo, sen saber que rumbo tomar como *paxaros sen niño*, segundo a pintoresca frase do artigo que nos inspira estes comentarios.

Tendamos a vista arredor nosa e vexamos o traballador, que por unha ou outra razón se inutiliza para o penoso labor que lle daba o diario sustento; á infeliz viúva e aos pobriños orfos privados de todo apoio e sostén; aos moitos desgraciados que, por unhas ou outras causas, chegaron á miseria; e todo isto pode ser tema para artísticos labores dunha imaxinación privilexiada, dunha gallarda pluma.

E canto sobre iso se diga achará un eco simpático, no corazón do lector, como excita sempre un movemento de compaixón atoparse en cada rúa cuns cantos infelices que por todo albergue teñen a porta da rúa, ou a noticia de que puxo fin ás súas penas no pavimento da rúa de Segovia un desgraciado que durante uns cantos terribles días e angustiosas noites buscou pan e non puido achalo.

Aí está, sempre á orde do día, o problema da mendicidade: aí está nunha das súas máis terribles fases con esa falanxe de nenos que piden esmola e venden xornais, falanxe na que viven e medran os continxentes que no porvir ha de levar o crime e a prostitución.

Aí está o espantoso espectáculo que ofrece esa nenez abandonada polos seus pais, e vista con indiferenza pola sociedade, que non se preocupa diso. E dese montón que pulula polas rúas, e cuxa astrosa representación ofrece ao transeúnte xornais e mistos; que pouco a pouco, pero todos os días sigo, vai corrompéndose, sae da prostitución impúbere, por conxunción miserable da necesidade e do vicio, como sae esa cohorte de aproveitados discípulos de Caco.

Esa é a chaga social máis grave e máis fonda, e a que menos a todos preocupa, por máis que sexa a que temos constantemente á vista, ou talvez é a razón de que nunca pensemos nela.

A crueldade da sociedade é grandísima, pero non é nova: é coexistente con ela, e non é preciso facer un alarde de erudición para demostralo.

Existen as inxustizas que existiron sempre, porque se a humanidade se renova pola sucesión das xeracións, as súas paixóns e os seus vicios son os mesmos, variando unicamente a expresión á manifestación do fenómeno.

Por iso haberá en todos os tempos, como houbo ata hoxe, dores e miserias que lamentar, males que reclaman curación, asuntos tristes que inspiran as almas xenerosas e as imaxinacións fértiles, artigos tan dignos de seren lidos como *paxaros sen niño*, do brillante xornalista Juno Burell.

Pero rematemos: deixemos á parte as sentimentais conclusións que poden xurdirnos o fillo sen pai, o que mañá non terá nome, e recoñezamos que, ao fin e ao cabo, a sociedade protéxelo, pero que a caridade oficial o alimenta e, pouco ou moito educa e dálle unha aprendizaxe para que poida ser útil a si mesmo, de xeito que, en realidade de verdade, non é un abandonado.

Os abandonados son eses pobriños nenos da rúa, eses nenos que teñen pais para quen son materia explotable, mercadoría que se negocia, terreo que produce. Eses si que son desgraciados, porque nin sequera os alcanzan os tristes beneficios da caridade oficial; porque viven e medran sen outra educación que a do vicio que, por raro contraste, aviva, as súas tenras imaxinacións, corrompéndolles o espírito moito antes de que se prostitúa o corpo.

*El Regional*  
23-08-1893

## OS DA CHARCA

A través dos turbados cristais chegaban as notas dunha ben acordada guitarra e os *jipios* dunha garganta feminina, un tanto enrouquecida.

A curiosidade e o aburrimiento impulsáronme a entrar no café, que era como todos os do seu xénero nas localidades onde o *cante* é planta exótica.

Un local pequeno, de non moi alto teito, irregular na súa forma, decorado co pésimo gusto da pintura barata. Dúas lámpadas de petróleo alumeban o recinto, que contaba cunha ducia de mesas non moi ocupadas.

A concorrencia, non moi numerosa, estaba composta por algunhas mozas do partido, varios chulos parodiados e uns cantos mozos de *cuadra*.

Ao fondo, cun espello por respaldo, alzábase un pequeno *tablado*, e nel tanguía a guitarra un *tocaor* de boa estampa, *cañí* dos pés á cabeza, peiteado e afeitado á usanza das xentes do gremio. A *cantaora* facía parella co artista: *flamenca* pura pola *pinta*, polos ademáns e polo adorno, a consabida saia de cor rechamante, negra chaquetiña e o obrigado pano, terzado con bastante graza.

Ao entrar eu, remataba o *cante*, pero ao pouco os preludios do instrumento anunciáronme que proseguía e, en efecto, saíu á escena unha nena, convenientemente ataviada, cuberta a cabeza cun sombreiro cordobés.

A criatura, a vulgar polo corpo e pola cara, contará seis anos: quebrada a cor, amortuxada mirada, agre a voz, sen dúbida polos esforzos á que a obriga o canto, a nena non é simpática, pero inspira mágoa. Desde logo vese que aquel débil organismo está xa quebrantado por un traballo moi superior ás súas forzas. O seu canto resulta desagradable: non hai forza no pulmón nin resistencia na garganta.

Pero se o canto é desagradable, como dixen, o baile do *arraprecio* é peor: é repugnante. Taconea a nena con extremada lixeireza: recolle con toda a *arte* da *bailaora* experimentada a parte posterior do seu vestido, para cinguir as cadeiras e o ventre, menéase con tanta destreza e falta de pudor que produce dolorosa impresión, aumentada polos aplausos da concorrencia e as voces con que a outra *cantaora* a anima e *jalea*.

A copla picaresca, e aínda sucia, sae daquela boca, subliñadas as palabras maliciosas, cunha intención incomprendible nos poucos anos da nena; os movementos indecorosos acentúanse, e medra o entusiasmo do auditorio, ao compás do da pequena que chega a non poder articular, fatigada polos esforzos que fai para compracer os espectadores.

Non hai moito tempo falaba eu dos *do arroio*. Todas as consideracións que expuxen naquela ocasión, e moitas outras que deixei no tinteiro, acudiron á miña memoria, e saín daquel sitio verdadeiramente angustiado.

¡Pobres criaturas, vítimas da falta de sentido moral dos seus pais! ¡Pobres nenos, desamparados pola lei, abandonados e corrompidos pola sociedade que debera protexelos!

Penaba eu cara a adiante: pensaba en que algún día, se a débil complexión da nena *cantaora* non sucumbe ao rudo traballo que lle impuxeron, ela será muller e algunha vez, ou entre as comodidades que o vicio lle proporcione, ou no medio das amarguras de que a rodee a miseria, lembrará que ten pais e que a eles debe a súa desdita, que non será menor porque o pracer lle brinde os seus gozos; e lembrará tamén o *tabladillo* e o *cante*, a copla obscena e o baile indecoroso, os aplausos daquelas xentes estúpidas e os sorrisos de satisfacción con que os que lle deron o ser mostraban o seu contento pola precocidade *artística* que tales aplausos arrancaba.

E se as vicisitudes da súa existencia non endureceron para entón o seu corazón, secando as fontes dos sentimentos e facendo para ela descoñecida a piedade, quizais sinta que a ira contra os que deberan ser obxecto do seu respecto acende o seu sangue, e unha terrible maldición mova os seus beizos.

*El Regional*  
29-09-1893

## O REXIONALISMO RAVACHOLISTA

Cunha sorpresa que traspasa os límites do imaxinable, lemos xuízos como os seguintes formulados pola prensa francesa, a propósito do atentado de Barcelona.

Espera *Le Temps* que Sagasta continuará sendo o defensor da orde, “sobre todo despois dun atentado, ao parecer producido pola sobreexcitación rexionalista.”

*Le Matin* di que tan odioso crime proba que as campañas de oposición baixo cor de rexionalismo ou republicanismo, conducen a quentar as cabezas exaltadas e a impulsar ao crime.

É de lamentar que dous xornais tan ben informados como *Le Matin* e *Le temps* non estudaran máis profundamente o que é e o que significa o movemento rexionalista en España, chegando ata descubrir un novo rexionalismo –eramos poucos...; -o rexionalismo ravacholista.

En Galicia, xa vimos ao que quedou reducida a axitación promovida baixo a cor rexionalista. Daqueles entusiasmos, non quedou ao cabo duns cantos meses, outra cousa que algúns discursos e outros tantos tópicos nas columnas da prensa, unha aspiración vaga e indefinida como ha de ser forzosamente a de toda escola que ostente tantos programas como homes conta. E é o peor, que xa chegou a discutirse en tons tales, que antes quebrantan que afirman e máis ben levan a dúbida que a fe ao ánimo dos catecúmenos. O espectáculo é pouco grato, certamente, para os que de verdade, e sen pregoalo a diario e aos catro ventos, amamos a relixión, pero é efecto inmediato da inoportunidade con que a propósito de asuntos de localidade se sacou á praza o Cristo do rexionalismo.

Sen temor a equivocarnos, podemos asegurar que o rexionalismo galego ha de necesitar longo tempo de repouso se ha de repoñerse aos quebrantos sufridos nesta última etapa; e

aínda nos aventuramos a crer que as xentes indoutas, desenganadas polo fatal desenlace do primeiro ensaio de rexionalismo práctico, han de mirar con indiferenza ou pouco menos calquera outra tentativa en igual sentido.

O rexionalismo catalán, reviste outra forma moi distinta. É máis ben o catalanismo; e aínda que os rexionalistas pretenden establecer diferenzas sensibles entre unha e outra seita, o certo é que na rexión do Nordeste de España, o rexionalismo tende sempre a fundirse no catalanismo dunha maneira irresistible e poderosa. Pero aínda o catalanismo, que non é outra cousa que a resultante dun esaxerado rexionalismo, non reviste nin moito menos no Principado caracteres perigosos nin alarmantes. Mestura de platonismo e rexionalismo práctico, unhas veces van en numerosa comitiva depositar coroas ao pé da estatua de Casanovas, o último *conceller*, outras protestan contra tratados comerciais ou aranceis que prexudican á industria catalá. Pero aínda ese mesmo catalanismo non é perigoso nin moito menos; non ensanguentou nunca as rúas nin as ensanguentará. Non importa que Pelayo Briz formule unha protesta antinacional cando canta: “Ai, Castela, castelá...” Son desafogos moi naturais nun pobo como o catalán, que suspira constantemente por un pasado cheo de glorias e de grandezas, cegadas ou polo menos un tanto esvaecidas, dende a unidade nacional.

Pero en ningunha parte vemos o rexionalismo ravacholista que polo visto ven dende París *Le Temps* e *Le Matin*. Non teñen as dúas seccións ningunha semellanza. O rexionalismo nin sequera intenta destruír a unidade nacional, se temos que crer aos seus apóstolos. O anarquismo, non ten outro programa senón a demolición de todo o existente. Ademais, nos seus mesmos procedementos non hai a máis insignificante semellanza. Se algún republicanos pretenderon arrimar a ascua do rexionalismo á sardiña revolucionaria, os rexionalistas honrados, íntegros e de boa fe souberon illarse de tales matrimonios.

As febres políticas pasan tamén. Expurgando o rexionalismo daqueles elementos –e en realidade xa o está, toda vez que nunca de bo grao marchou unido a eles– ¿que perigo hai en que os galegos reciten as amargas queixas de Rosalía e os cataláns os mal velados apóstrofes de Pelayo Briz e Balaguer? Ningún absolutamente. Os rexionalistas viven na serena esfera das ideas e non é posible imaxinar de ningún xeito a Murguía nin ao bispo de Vich cos cabelos encrespados, escintilante mirada, a bomba explosiva baixo a blusa e a tea do incendio na man dereita.

Déixense, pois, os xornalistas franceses de sacar á praza o rexionalismo, con ocasión do criminal atentado de Barcelona. As verdadeiras causas expuxémolas onte no noso editorial, así como o remedio que cremos oportuno e eficaz para destruír dunha maneira lenta e segura o ravacholismo.

*El Regional*  
29-09-1893

### **UNHA RECTIFICACIÓN AO SR. MENÉNDEZ Y PELAYO**

*La Ilustración Española y Americana* está publicando un excelente estudo do Sr. Menéndez y Pelayo acerca das *Cántigas del Rey Sabio*, e pola primeira parte do seu traballo débémolle gratitude cantos cultivamos, non por certo desexos de fama, si por amor ao país da lingua na que cantaron tantos trobadores insignes: a lingua galega.

Expresión desa gratitude son as liñas que anteceden e tal deber cumprido, séxame lícito recoller unha acusación que aos rexionalistas galegos lanza o doutor académico na segunda parte do seu traballo, publicada no número da mencionada revista correspondente ao 8 do actual.



Encomia o Sr. Menéndez y Pelayo o loable traballo e bo servizo que se prestou ás letras coa publicación das *Cántigas*, e deseguida di:

“Cinco anos levan de impresas as *Cántigas*, e quixera equivocarme, pero creo que este anuncio bibliográfico é o primeiro que se publica en España acerca delas. Os rexionalistas galegos bastante teñen con renegar de Castela e deslindar o seu confuso avoengo céltico e suevo. Mentres tanto, os casteláns imprimíronlles as *Cántigas*, os italianos imprimíronlles os cancioneros, e é moi posible que os rarísimos textos en prosa queden eternamente inéditos se algún francés ou algún alemán non os imprime. Bo é o lirismo patriótico, pero conviría que á fe acompañasen as obras e que non quedase todo en fantasmagoría de selva druídica ou de castelo feudal, cando non en pretexto de malos versos ou de festas do verán.”

Solicitado de antemán perdón pola audacia, direi que todo os transcrito non ten outra autoridade que a que poida prestarlle a sinatura do seu autor, é dicir, que lle falta a autoridade da razón; como lle falta a oportunidade, pois non se adiviña o motivo nin a pertenza de semellante ataque, tan pueril como infundado, e que ao parecer, dirixido contra os rexionalistas galegos, vai en dereitura aos literatos daquel país.

Bastante sabiamos os do noroeste, que algo nos coidamos de cousas de letras, que a Academia imprimiu as *Cántigas* como sabemos tamén que, sen dúbida para que tan excelente libro estea ao alcance de todas as fortunas, custa unhas *duascentas cincuenta pesetas*.

Nestas condicións económicas, o libro, como os rexionalistas e escritores galegos non somos académicos para posuílo sen previo desembolso –que non cremos que fixese o Sr. Menéndez Pelayo,– e como tampouco quixo a fortuna ampararnos permitíndonos gastos de tal contía, de aí que

tivésemos que contentarnos coa noticia da impresión do libro cuxo goce quedou reservado para tal ou cal académico, e para os ricos, no xeneroso suposto de que algún se permitise a xenerosidade de compralo.

E dito isto, conste a inexactitude que D. Marcelino comete dicindo que *os casteláns* nos imprimiron as *Cántigas*. ¿Eh? Primeiramente, a Academia non é *os casteláns*, senón unha Corporación oficial que fai esas impresións con diñeiro da nación, e a nación non son *os casteláns*. Apunta o Sr. Menéndez y Pelayo que os rexionalistas galegos renegan de Castela –e a fe que non teñen porque ocuparse niso – ¡e descólganse co exclusivismo de dicirnos que unha publicación feita por un centro oficial, con pesetas que suou o contribuínte, a fixeron *os casteláns*!

A afirmación –e por segunda vez demandamos mil perdóns– non pode ser máis infantil, pese á seriedade do ilustre académico.

Pero aínda hai máis.

Di D. Marcelino que “á Academia Española lle cabe a gloria de ter colmado o desexo dos doutos cunha reprodución, non só cabal, senón monumental e espléndida do texto das *Cántigas*.”

Pero, ¿en que quedamos? ¿Débese esa gloria á Academia *Española ou aos casteláns*?

“Dezasete anos –engade o señor Menéndez y Pelayo– durou a elaboración: e este prazo, longo en si, non lle parecerá tanto a quen considere que tales obras, que han de ser duradeiras, non toleran improvisación; e que na presente non só houbo que vencer obstáculos materiais de varias especies, senón que todo o labor verdadeiramente hercúleo da introdución e do glosario, cargou, pode dicirse, sobre os ombros dunha soa persoa, que, para exemplo e ensinanza de todos, nestes tempos nos que a

pereza de espírito e a facilidade abandonada se disfrazan co manto da amenidade e do *modernismo*, é un ancián, tan débil e achacoso de corpo, como robusto e incansable de entendemento, que quixo e soubo suplir cos prodixios do seu traballo individual o que noutros países máis afortunados tería sido tarefa bastante para unha lexión de traballadores novos, educados nos procedementos da filoloxía romance, que en España non se aprenden nin se ensinan, polo menos oficialmente, en ningunha parte, como non sexa nalgún recuncho da deserta Escola de Arquivos”.

Agora ben; se unha Corporación como a Academia Española necesitou *dezasete anos* e vencer *obstáculos materiais de varias especies*; se isto lle sucedeu dispoñendo dos medios que tiña ao seu alcance e con diñeiro do Estado, ¿quere dicirme D. Marcelino se semellante tarefa podían tan sequera intentala os rexionalistas galegos, aos que ataca, sen ton nin son, con tacha para a seriedade do seu traballo, o douto académico?

Se para levar a cabo a empresa se necesitaban coñecer os procedementos da Filoloxía romance, que el di que non se aprenden nin ensinan en España, ¿como os rexionalistas galegos aínda cando dispuxeran dos demais medios, podían propoñerse a impresión das *Cántigas*?

E grazas que, segundo D. Marcelino nos dixo, nolas imprimiron os casteláns.

Remato estes parágrafos sen facer outras consideracións, que quizais non serían impertinentes, porque só me propuxen demostrar a falta de razón dun ataque que ningún precedente acredita, e que é infundado pola ocasión e pueril polo argumento.

*El Regional*  
25-03-1895

## O REXIONALISMO

Queridos compañeiros:

A insignificancia do modesto traballo realizado por min no *Centro Galego* na noite do primeiro de xuño, non merecía, aínda cando tan benevolamente acollido fun pola concorrencia na dita sociedade, a atención que vostedes quixeron dispensarme obsequiándome cunha edición do extracto da conferencia.

Vencido polas esixencias de cariñosa e probada amizade, tiven que ocupar a tribuna do Centro, e ningunha conversación máis grata para min que a que tivese por obxecto lembrar a amada Patria, tan necesitada do constante labor redentor a que deben consagrar actividade e intelixencia cantos din que a aman.

Por outra parte, xa metido no empeño, parecíame tema a propósito, e, dito sexa con franqueza, tiña para min un grande atractivo, o tratar do Rexionalismo, asunto se mal comprendido polos que o combaten, non mellor explicado pola xeneralidade dos que o defenden.

Alguén dixo que as doutrinas por min expostas, e indicadas superficialmente no extracto que esa redacción tivo a bondade de imprimir, poden ser admitidas polos máis ferventes partidarios da unidade nacional.

¡Xa o creo! Porque quen non tivese cegado o entendemento á luz da razón, non pode negar a elocuencia dos feitos, e a eles procurei de boa fe aterme, fixando con preferencia a miña atención no presente, fuxindo coidadosamente de toda esaxeración que puidese dar lugar á repetición de acusacións formuladas no nome da Patria e da unidade nacional contra a doutrina rexionalista.

Claro está que nada máis alleo ao meu propósito que a exposición dun *credo*. As ideas expostas na miña conferencia, son as que noutras ocasións manifestei, e seguramente –tan

dentro da realidade están– que, se a miña obra o merecese, máis impugnadores atoparía entre os fervorosos rexionalistas ca entre os que viñeron cualificándonos de inimigos da unidade e considerando, con máis lixeireza ca bo xuízo, o rexionalismo como un perigo para a integridade nacional.

A corrente rexeneradora iniciouse en distintas rexións españolas, con maior ou menor esaxeración dunhas ou outras: proba elocuente de que, con maior ou menor intensidade, en todas as partes se deixan sentir os efectos do mal; e isto debера ser suficiente para que con máis detención e máis exame se estudasen as causas. Pero sería de todo punto cándido pedir que esa manifestación do desgusto provincial merecese máis atención que outras moitas cuestións que afectan profundamente á vida e ao porvir da Nación.

Por iso convén, aínda que polo momento non se obteña resultado práctico, convén, digo, acentuar a nosa campaña desde o punto de vista práctico, fixándonos no positivo e produtivo, sen deixarnos levar por exclusivismos sempre antipatrióticos e por “patrioterías” ridículas que, ao fin e ao cabo, por tales sendeiros non se chegará a ningunha parte.

O Rexionalismo ten un carácter especial: non pode ter, polo miúdo, un credo único, un programa común para todas as rexións, aínda que o seu fondo sexa o mesmo para unhas e outras. Non se trata de resucitar o morto, senón de conservar o existente e de espertar o durmido.

Non é cuestión de fuxir das correntes actuais, nin de rexeitar o que é obra do progreso dos tempos, senón de adaptar o que é propio noso e compatible coas modificacións da vida moderna ás condicións desta, distinguindo entre a *unidade* e a *uniformidade*.

Actualmente, en importantes xornais franceses discuten notables publicistas sobre este asunto. Coas ideas expostas na

miña conferencia –dito sexa con satisfacción e sen falsa modestia– coinciden distinguidos escritores e os argumentos que alega a parte contraria, tamén teño que dicilo, son os mesmos que aquí se aducen cando se nos combate.

Proximamente publicarei algunhas liñas sobre ese asunto, e terei o gusto de remitir a vostedes as probas, para que *El Regional* me favoreza inserindo o meu traballo ao tempo que apareza en Madrid.

Porque hoxe se me escorregou un pouco a pluma e esta carta de grazas vai resultando longa e desganduxada, contra o meu propósito, que era soamente o de dicirlle canto agradezo a proba de afecto con que favoreceron ao seu sempre amigo e compañeiro q. b. s. m.

*El Regional*  
24-07-1895

## OPINIÓNS REXIONALISTAS

Chega con tomar en conta o clamor que formulan case constantemente as rexións españolas, fixar a atención no movemento de reacción que a favor da vida provincial vén operando dende hai bastante tempo, para comprender que non se trata dunha axitación pasaxeira producida por causas transitorias, por móbiles do momento, nin polo afán de fins inmediatos, senón polo fenómeno, polo seu propio carácter de permanencia e duración, obedece a causas tamén permanentes e duradeiras.

Pouco menos de vinte anos haberá que o fenómeno se manifestou vigorosamente ata producir alarma nos que sistematicamente son partidarios da centralización, como entre os que de boa fe, impresionados polo para eles imprevisito da manifestación, deron en pensar que corrían grave perigo a

integridade nacional, ou que se fendía esta unidade, formada a custa do sacrificio de todos e levada ata a esaxeración.

Dende logo moitas xentes sensatas e observadoras botaron de ver a inxustiza con que se cualificaba de tendencia separatista a que o era soamente reivindicativa do dereito á propia vida, e que nada tiña de grito de guerra o que era nada máis que reclamación de defensa, e non faltaron no propio centro da Nación voces que se alzasen en sentido de adhesión á aquela protesta.

Dende entón foi tomando corpo o rexionalismo, con máis firmeza e cohesión nunhas ca noutras rexións, segundo as indicacións de carácter dos poboadores de cada unha, pero en todas partes subsistiu o mesmo espírito por non poder ninguén subtraerse aos efectos das causas xeradoras, e frecuentemente foron as protestas contra a centralización formuladas polas representacións máis directas e lexítimas do país.

Certo que as manifestacións do espírito rexional pecaron moitas veces de esaxeradas; pero isto é inevitable en todo movemento de reacción, e non outra cousa é o espertar daquel espírito que unha reacción contra a acción avasaladora da centralización, contra a corrente de uniformidade que quere suxeitalo todo a un mesmo patrón, impondo un criterio igualitario ao modo de ser de todas e cada unha das rexións españolas, adaptándoas á forma e condición de quen nada ten seu, propio e peculiar.

Este fenómeno de protesta, encerrado en forma máis ou menos temperada, obsérvase en todos os pobos nos que a centralización é abusiva.

O asunto ten sempre actualidade, e moita nestes momentos, porque se dá o caso de que en Francia, berce e patrón do centralismo do Estado, como di moi atinadamente un xornal español, e de onde se trouxo a España o molde que oprime as

provincias por ese afán de copiar sen meditación bastante, en Francia, digo, e copiarei palabras de xornal tan importante como *Le Temps*, “ese movemento que aínda aqueles mesmos que non queren seguilo poderían observalo, arrastra xa a espíritos xenerosos, chegados a puntos ben distintos; literatos, artistas e homes políticos pensan seriamente nunha *descentralización* que, sen diminuír en nada os dereitos imprescindibles do poder central, proporcione maior voo e desenvolvemento a outras iniciativas, e faga que sexa máis fácil e máis real a obra mesma das institucións gobernantes.”

E como, dito sexa con sinceridade, *Le Temps* non procede á española, fixa a súa atención no asunto, e opina que é necesario parar mentres nel e ver de tratar a solución dando ao país o que reclama, a liberdade práctica, *a liberdade de facer*.

¡Vállame Deus! A *Le Temps* non se lle ocorre que periga a unidade nacional, que os que tales cousas piden son egoístas e antipatriotas, con todo iso outro de lugares comúns que aquí se lle ocorren a moitos que, co fin de ocultar o seu descoñecemento do asunto, imitan o cómico malo que procuraba evitar os asubíos do público lanzando os famosos ¡vivas!

Alí recoñécese a importancia dos feitos, e sen prexuízos ni apaixonamentos de ningunha clase, chámase a atención dos poderes públicos sobre a necesidade do estudo do problema.

Naturalmente, tamén hai en Francia quen parece asustarse desas voces que piden descentralización, debéndose facer notar dúas cousas.

Que son persoas eminentes as que nun ou noutro sentido se ocupan do asunto e que os argumentos expostos para combater pretensións tan lexítimas son idénticos aos que en España se usan.

F. Coppée, o insigne poeta dramático, ocúpase en rexeitar a descentralización e a fe que no seu artigo, gallardamente escrito,



nada se atopa razoable. Toma o asunto por enriba, e poeta namorado da unidade, dóelles de que haxa quen se resista a que esta o avasale todo; mellor dito, non é amor á unidade, é amor a París, porque Coppée, e hai pouco dicíao un crítico do autor de *Pour la couronne*, é esencialmente parisiense.

Di o mencionado escritor que os que piden a descentralización consideran París como unha ameaza constante ao país, e que cualifican á plétora de vida deste como hipertrofia do corazón da Francia, como conxestión do cerebro da nación.

E supón que a corrente descentralizadora trata de restablecer todas as antigas organizacións parciais que desapareceron, e xa nesta preocupación combate enerxicamente a desmembración do territorio e entoa un canto á unidade, encerrada, o mesmo na frase de Luís XIV, *El Estado soy yo*, ca no principio proclamado pola Convención, *Francia é unha indivisible*.

E seguidamente invoca todas as representacións da unidade francesa: Luís XI, Richelieu, Luis XIV, Robespierre e Napoleón, e presenta a Alemaña forte pola unidade.

Certo que esquece Coppée que Alemaña fixo a unión *federando* uns Estados con outros, respectando en cada un todo o que é vida propia e subsistindo organismos peculiares dalgúns.

Ao fin, á volta de ataques e defensas, Coppée non se opón ao crecemento das literaturas rexionais, nin tampouco a que se aumenten as facultades de Ciencias e Letras nas provincias, nin a outras cousas análogas que piden os partidarios da descentralización.

Pois aí estamos, cabe dicir ao insigne poeta: se a vida das literaturas rexionais non se opón á vida da literatura nacional, antes ben contribúe poderosamente ao esplendor e desenvolvemento desta, ningunha razón hai para que a

prosperidade e o desenvolvemento da vida provincial noutras ordes se opoña ao engrandecemento da nación; que se esta se sostén co concurso e co sacrificio de todos os membros, canto máis vigorosos sexan estes, máis forte e poderosa será aquela.

A resistencia contra as esaxeracións da centralización, que aniquila a vida provincial e afoga todo xerme de prosperidade nas rexións, non pode ser ameaza á integridade do territorio, nin tentativa de subtraerse á acción directriz do centro, precisamente porque é verdade evidente que a unión fai a forza, e porque, de calquera xeito, tampouco é posible romper a unidade cando esta mesma, como unidade entendida, asegura a vida de todos os que contribúen a formala.

E así como isto é innegable, e só por perturbación pode poñerse en dúbida, tamén o é que dentro desa unidade ha existir a *variedade*, tan patriótica como aquela, que garante a vida e tranquilidade de todos e cada un, resultado da función normal, esencialmente harmónica, de todos os organismos.

Que o restablecemento do que é propio e peculiar das provincias tende a ese fin, non pode dubidarse.

Que así opinan os que por ese renacemento traballan, demostrase coas súas mesmas opinións.

Véxase o que din en Francia.

Andrés Theuriet, ben coñecido en España pola súa reputación literaria, é Presidente da Sociedade de Etnografía e artes populares.

Máis como exposición ca como defensa dos propósitos e fins desa Sociedade, Theuriet escribiu un excelente artigo, cuxo extracto me parece de oportuna publicación.

Trátase de facer estudos relativos á vida provincial doutros tempos: de reunir todos os documentos e datos sobre os costumes, os usos, a literatura, a arte e a industria populares nas

provincias da antiga Francia; de celebrar Congresos –o primeiro terá lugar no Poitou– e exposicións, con execución de bailes, cantos e músicas populares, representacións de obras dramáticas e cerimoniais de carácter local.

Ademais disto, daranse conferencias acerca da literatura oral, das tradicións e do dialecto do país.

Se esta empresa obtén o éxito que se espera, a Sociedade, en reunións anuais, evocará en todas partes de Francia a imaxe da vida provincial, exhumando as reliquias do pasado que, tendo carácter de orixinalidade, importa a súa conservación para a intelixencia da historia particular e nacional.

Puidera preguntarse se hai propósitos de facer revivir o pasado. A isto contesta Theuriet moi ben: o morto ninguén poderá facelo revivir. Pero hai que ter en conta que esas cousas viviron vigorosamente e estiveron asociadas á vida dos nosos predecesores.

Os nosos pais gozaron e sufriron rodeados de todo iso que constitúe o enxoval do país. Neses vellos reloxo, cubertos de rústicas pinturas, soaron para eles as horas tristes e alegres; eles faláron ese dialecto, ese idioma local coa ruda harmonía dos seus vocábulos e xiros pintorescos; abanáronos ao son desas cancións populares tan sinxelas e melancólicas; e se é verdade que o medio inflúe sobre o pensamento, o sentimento e a imaxinación, esas reliquias do pasado teñen para nós un dobre interese, histórico e familiar, son parte do noso patrimonio e debemos polo menos inventarialas.

As exposicións que a Sociedade proxecta poden producir a resurrección dalgunha industria, que renaza aínda máis puxante.

A música e as cancións populares, os dialectos e os provincialismos, poden facer concibir as mesmas esperanzas. A audición das cancións campesiñas non deixará de ser proveitosa para os músicos e para os poetas. Aprenderán mellor,

escoitándoas, que o segredo de emocionar e conmover non consiste en buscar sonoridades, nin en empregar palabras sonoras, senón na propiedade do acento e na sinceridade da inspiración; aprenderán a amar a natureza e a detestar a baleira retórica e a va declamación.

En canto aos dialectos e ás demais modificacións da linguaxe provincial Theuriet fai notar de canta utilidade será para os que aman a lingua nacional e queiran coñecer as súas orixes facer así un estudo refrescante novo.

*El Regional*  
30-08-1895

### UNHA REVISTA GALEGA

Sr. D. Vicente Nomdedeu.  
Director de *El Derecho*.  
Ourense

Meu querido amigo e compañeiro: ao publicar Vde. no seu excelente xornal a moción dirixida á Directiva do ‘Centro Galego’ desta Corte polo noso amigo o incansable D. Modesto Fernández e González, para que se nomease socio honorario ao Sr. García Borbón, quixo Vde. comentar a proposta cos seguintes parágrafos que me convén lembrar:

“Apresurámonos, con satisfacción, a consignar e reproducir o texto da proposición, presentada no “Centro Galego” de Madrid por un ourensán para enaltecer a outro ourensán que, se ben non se coñecen nin se tratan, simpatizan como galegos e estímense como amantes da cultura popular.

Antes de agora felicitámonos por esas correntes de unión que se van acentuando na colonia galega de Madrid, e agora ratificámonos nas nosas prometedoras esperanzas para o porvir.

Así é como desaparecen os antagonismos, as disidencias, as envexas e as baixas paixóns e se afirma a cordialidade, a simpatía e o afecto entre os paisanos.

A unión constitúe a forza.

Enaltecer os que traballan, os que protexen e os que gastan as súa fortuna no ben do país, é un deber e ata un acto de conciencia.

Por iso nós nos asociamos á proposición eminentemente ourensá, que deixamos transcrita.”

Nada hei de obxectar a algún suposto, máis prometedor que exacto, contido entre as liñas copiadas. Pola contra, e aínda que a ninguén lle importe, hei de facer constar a miña conformidade co seu sentido xeral.

A unión é sempre á forza, e esa forza fainos moita falta aos fillos de Galicia, especialmente aos que formamos a colonia de aquí. Pero non esa unión tópico do artigo de xornal e lugar común do discurso de banquete, senón a unión en intencións, a unión de acción, de feito.

Eu non sei como ha de alcanzarse pero sei que fai falta e que a súa principal base e o sostén que a faría duradeira, sólida, forte e eficaz, sería a vontade ligada estreitamente coa boa fe.

¿Poderá facer algo en tal sentido a propaganda dun xornal, inspirado soamente no anhelos de alcanzar ese ansiado ideal, inspirado soamente no amor a Galicia?

Tamén o ignoro, se non é que o dubido pero, non obstante, propóñome intentalo.

Por moitas razóns déixase sentir nesta colonia a necesidade dun xornal que, ademais de representala e ser oco das aspiracións e queixas da nosa rexión, veña establecer unha comunicación directa entre Galicia e as colonias galegas de Madrid e de América.

Claro está que eu carezo das condicións necesarias e dos medios precisos para levar a cabo esa obra, de xeito que non é o meu intento realizala por completo, pero si –modestia á parte–podo facer algo, e ese algo é a publicación dun periódico decenal, en cuxas columnas achen en toda ocasión defensa os intereses de Galicia, e se reflicta o seu actual estado de cultura por medio de crónicas de ciencias, literatura, arte e industria, e se dea a coñecer aos nosos paisanos ilustres, sexa cal sexa o ramo da actividade humana no que se distinguan, incluíndo a cantos, por un ou outro medio, contribúan ao adianto e á prosperidade da nosa terra ou sexan útiles ás súas paixóns. Para este efecto, ademais de dalos a coñecer polos seus traballos ou polos seus feitos, o futuro periódico conterà os seus retratos.

Os mortos, ¡e temos tantos ilustres! non poden quedar no esquecemento, e darémolos a coñecer na mesma forma.

Ademais disto, non será en verdade obxecto secundario o de procurar espertar a vontade dos meus paisanos, poñéndolles de relevo a necesidade desa unión por Vde. con tanta oportunidade encarecida porque o patriotismo é unha palabra vana e un sentimento estéril se non vai acompañado das obras.

Tal é o meu propósito ao fundar o periódico cuxo primeiro número aparecerá moi pronto.

Se os medios de que dispoño para levar a cabo a miña empresa, non obstante a súa modestia, son escasos, como é grande a aspiración que me impulsa a acometela, quizais non é vana esperanza a de que a miña idea ha atopar apoio en moitos bos fillos de Galicia, e especialmente na prensa rexional, de cuxas filas ata hai pouco tempo formei parte.

Nesta confianza, decido intentar o que deixo dito. Se así non fose, non por iso me doería o fracaso; como non me animan propósitos de interese persoal, non tería perdido máis ca o tempo.

Perdoe Vde., meu querido amigo, que distraera a súa atención con esta epístola, e mande como queira ao seu compañeiro afectísimo q. b. s. m.

*El Regional*  
4-10-1895

## AS FOLGAS

A policía da profesión, a asistencia en todas as súas formas, a constitución dun continxente de forza pública, tales foron os primeiros deberes da corporación. Se as comunidades industriais, como outras comunidades, sen exceptuar as relixiosas, se separaron do seu fin, e ultimamente transformaron as primeiras defensas da liberdade en fortalezas de egoísmos coligados, esa é a historia de todas as asociacións de privilexios, primeiras formas da liberdade, resultando organizacións abusivas.

Clemenceau quere que a burguesía do noso tempo medite acerca deste aspecto filosófico das fases do progreso humano, que comprenda que é en vano invocar eternamente servizos pasados, porque as formas de emancipación exercen sucesivamente a súa eficacia e morren fatalmente polo seu propio trunfo para renacer máis fermosas e máis elevadas en construcións superiores.

É un erro crer que o progreso está xa cumprido porque desapareceron as organizacións que dificultaban o traballo co pretexto de protexelo cando se destruíu a masa laboriosa, cando se entorpeceu o uso da liberdade total polos abusos da liberdade fragmentaria, é non ver claro un inmenso fenómeno, é o descoñecemento, o erro común a todos os egoísmos do fenómeno humano.

A liberdade do traballo e a igualdade ante a lei son dúas nobres conquistas que Flammermont celebra e Clemenceau loa. Pero como este di moi ben, falta aínda pescudar que estado social crearon.

Foi preciso que transcorreran case dous mil anos desde Xesucristo aquí para obter unha cousa tan sinxela como é o dereito de traballar. Conquistado este dereito, ¿que se conseguiu? A posibilidade de traballar é moito máis necesaria para vivir: doutro xeito esa gran conquista queda convertida en pura satisfacción metafísica.

Resólvese Clemenceau pola negativa en canto aos resultados prácticos que desa liberdade poden atoparse na nosa vida social moderna. Atopa soamente a liberdade do individuo proclamada nunha sociedade na que as agrupacións tradicionais dos fortes teñen sometidos os débiles, cunha ilusoria igualdade ante a lei.

A historia das folgas demostra a identidade dos fenómenos doutros tempos cos acontecementos dos nosos días.

No mes de outubro de 1776, os obreiros encadernadores de París declaráronse en folga para conseguir traballar catorce horas e non dezaseis “Na Idade Media, di Mr. Flammermont, todas as condicións do traballo industrial estaban regulamentadas polas autoridades locais, que fixaban, entre outras cousas, a duración da xornada.” É dicir, que os obreiros encadernadores traballaban, por orde da corporación, dezaseis horas, e pretendían a rebaixa de dúas.

Continúa dicindo Flammermont:

“Os mestres encadernadores contaban coas pronta submisión dos seus obreiros, esperando que os módicos recursos destes se esgotarían ben pronto. O libreiro Hardy dá conta do cálculo dos patróns nos seguintes termos: *“Como a fame, segundo un antigo refrán, lanza o lobo fóra do bosque”*,



esperábase que cando os obreiros consumisen os seus pequenos recursos, cesarían nas súas inxuriosas reunións que ousaban permitirse ante as tendas dos patróns, para insultalos, e acabarían por someterse.” Pero os obreiros tiveran unha previsión que os patróns non supuñan: constituíron un fondo común para poder prolongar a folga; de acordo cos “figoneros” do monte Saint-Hilaire, comprometéronse a pagar colectivamente a alimentación aos máis necesitados de entre eles; é dicir, aqueles aos que a miseria podería obrigar a volver ao traballo antes de tempo; a moitos aprendices chegados das provincias a París para traballar, dábanlles unha indemnización.

“Entón os patróns recorreron ao lugartenente de policía, que acolleu a esixencia de moi bo grao e comprometeuse a poñer man no asunto. Na noite do domingo do 13 de outubro de 1776, seis obreiros encadernadores foron reducidos a prisión. Os seus compañeiros, intimidados por esta medida de rigor, volveron ao traballo ao día seguinte. Hardy recolleu no seu relato a nota seguinte: “Isto ensina que os compañeiros encadernadores comezan a volver á razón, porque o maior número deles volveu ao traballo cos seus patróns: aínda non se sabe en que condicións, nin se eles desistiron das súas pretensións relativas á continuación das dezaseis horas de traballo cada día, o que parece un pouco exorbitante.” Estábase entón tan acostumado a ver os obreiros sucumbir a un traballo excesivo, por un salario miserable, que o bo Hardy, que sen dúbida era xeneroso e capaz de sentir piedade por aquelas pobres xentes, atopa soamente *un pouco exorbitante* unha xornada de dezaseis horas.

“A intervención da autoridade, conclúe dicindo Flammermont, era como de lei entón, porque as coalicións estaban prohibidas polas ordenanzas.”

A isto contesta Clemenceau que aínda é como de lei na actualidade, a pesar de estaren permitidas as coalicións, a

intervención da autoridade, sendo igual o cadro, a pesar da distancia de máis dun século.

Outro caso tomado do *Diario de Hardy*. O goberno autorizara a formación dunha compañía para o transporte en París de pequenos vultos en carros movidos á man. Esta innovación era a ruína dos demandadeiros.

O duque de Polignac, director xeral das Mensaxaría, e o barón de Breteuil, funcionario da casa real, estaban interesados no negocio. Os mandadeiros (*gagne-deniers*) foron severamente reprimidos cando o 2 de xaneiro de 1786 provocaron unha contenda na rúa Galande, maltratando os condutores dos carriños.

Atentaban contra a liberdade do traballo dos concorrentes, e polo tanto, incorreron en falta. Pero o duque de Polignac, sen a escusa da fame, atentara contra *posibilidade do traballo* dos *gagne-deniers*, o cal non é menos grave.

Dous dos amotinados foron postos na picota na praza de Maubert, despois na praza de Halles, e o terceiro día novamente na Maubert.

Hardy mesmo non puido menos de compadecelos a pesar do instintivo horror, que, como bo burgués, sentía cara a todo perturbador da orde pública. A multitude que presenciou o suplicio, movida á compaixón, fixo algunhas colectas en favor dos castigados.

Algúns días despois, estalaba a folga dos carpinteiros. Cinco dos axitadores foron reducidos a prisión, atendendo –segundo Hardy– que debían sufrir algunha pena pola *tenacidade das súas opinións*, a súa audacia e a súa insubordinación, que era moi importante reprimir, porque se botaba de ver “como unha especie de fermentación entre os compañeiros de diferentes oficios.”

Isto ocurría nas vésperas da gran revolución. Chegou esta: correron ríos de sangue, cambiouse o nome das cousas. E Clemenceau pregunta: pero, ¿e os feitos?... máis tarde.

Sen que todos teñan que estar conformes co espírito que inspira o escritor radical, de canto tan elocuentemente di despréndense tres conclusións: que o cadro non cambiou e que o problema existe con maior gravidade ca nunca; que a revolución política tivo escasa ou ningunha influencia na práctica; que a liberdade do traballo, conquista moi anterior á revolución nada resolve onde ou cando falta a *posibilidade de traballar*.

Engadamos a isto algo que tamén é evidente e que Clemenceau non esquece. Pola organización na que vivimos, o Estado con todas as súas representacións, é parcial sempre contra a masa obreira, que ningunha intervención ten na confección das leis.

Por conclusión: o obreiro ten como única defensa a folga, o que tivo sempre, hoxe coma onte, proba de que a situación é a mesma. E admitindo que ese medio sexa prexudicial para os que a el apelan, considérese se o fan rexeitando algún medio mellor.

Destruídos outros abusos pola desaparición dos organismos que os cometían veu o capitalismo.

As xentes pías diranlles aos de arriba: *Dade*, e aos de abaixo: *Esperade*. Pero, ¿é que non hai máis remedio que a caridade para aliviar o mal que producen vicios de organización?, ¿é que debemos perder toda esperanza nun porvir de xustiza porque a sociedade é impotente para mellorar o seu estado?

Se iso é verdade, se non hai outro camiño, non nos estrañemos do que lle pase nin do que lle ocorra mañá.

Cando os camiños da lei e da equidade cerran, a paciencia cede o seu posto á desesperación, e ata a caridade ofende.

O obreiro é home, ten dereito á vida como tal, e se se lle di que non conte coa súa redención, que sempre será servo, preguntará polo seu porvir, preguntará se lle está prohibido ter familia, e renegará de todo o que non sexa a súa propia forza, e a esta fiará o trunfo.

A presión de arriba xera sempre a desesperación de abaixo, e se non se deixa máis ca un camiño ao que busca algo, por ese camiño marchará necesariamente.

Se, como din os individualistas como Spencer, e os conservadores como Serpa Pimentel, *iso ha de vir*, que veña polo mellor medio e da mellor maneira.

*El Regional*  
22-11-1895

## A GUERRA AOS SOCIALISTAS

Todos os periódicos estranxeiros que dedican atención aos sucesos de política internacional, ocúpense da crúa campaña antisocialista emprendida por Guillermo de Alemaña.

Perseguido Leibnocht ata dar con el no cárcere, o emperador continúa activamente a súa tarefa.

A loita toma un carácter un pouco inquietante. Os demócratas socialistas alemáns non poden dicir nin escribir a cousa máis lixeira respecto do soberano, sen tropezar nun proceso, cuxo termo se coñece de antemán e a ninguén sorprende, pois que os Tribunais son declaradamente imperialistas.

Guillermo I declarouse infalible, di un xornal; maltrata os Deputados que se atreven a criticar os actos dos Ministros, ou condénaos a prisión, a multa, ou privaos da súa investidura, entregándose sen razón, sen motivo, unicamente polo pracer de malestar aos espíritos libres, aos caracteres independentes, a

visitas domiciliarias a todos os cidadáns que forman Comités electorais ou pertencen á Redacción dun xornal que non quere poñerse á devoción do goberno.

Para xustificar medidas tan arbitrarias non se atopou máis que un medio. Pretextar que hai necesidade de asegurarse que os socialistas berlineses non están en oposición coa lei sobre asociacións. E isto faise apoderándose a policía dos papeis de cada un, rexistrando os libros dos comerciantes, intervindo a correspondencia privada.

Os socialistas, coñecendo con quen teñen que velas, mantéñense dentro dos límites da máis exquisita prudencia, pois ben saben que se ao poder lle está permitido violentar as leis, a máis pequena infracción por parte deles leva aparelados algúns anos de prisión.

Ante esta actitude do socialismo, o emperador terá que renunciar, mal do seu agrado, ao proxecto de comprender nun proceso monstro aos que sosteñen que o réxime “capitalista” –como di o *Worwaerst*– de Guillermo, non é o mellor dos sistemas de goberno.

A guerra do emperador aos seus adversarios ha dar lugar a moitos incidentes.

Non é o menos curioso o seguinte:

O profesor Delbrück, que pertence por completo ao partido conservador liberal, é dicir, ao partido máis gubernamental, foi envolto nun proceso pola torpeza do ministro Keller, levado este polo seu afán de perseguir os socialistas.

O delito de Delbrück é ter publicado en *Prenssische Jahrbücher* un mesurado artigo doéndose da actitude extremada da policía, que consideraba improcedente e prexudicial para a apelación feita ao pobo polo emperador. O doutor foi levado aos tribunais con grande escándalo da prensa

conservadora, e completo xúbilo, como é natural, da liberal e socialista.

O conflito puido arranxarse visitando ao ministro o doutor para convencelo da súa equivocación. Pero esta torpeza pagárona as asociacións socialistas disolvidas por orde do Prefecto de policía, baixo o pretexto de que a súa organización contravén unha ordenanza de 1850 sobre asociacións políticas.

O caso é estraño; porque, ou esa disposición non está vixente, ou as autoridades faltaron ao seu deber permitindo a libre organización e o desenvolvemento das asociacións socialistas durante vinte anos.

A reacción é cega e torpe en todas partes.

Rusia forma parella con Alemaña. Tamén no imperio moscovita intensifican as persecucións. Alí son detidos todos os socialistas e os sospeitosos de tales. En Odessa, Varsovia, Kiew e outras poboacións, son moitos os arrestos, e os documentos recollidos demostran a existencia dunha vastísima asociación socialista, cuxas agrupacións manteñen viva correspondencia.

En Moscú descubriuse unha imprenta clandestina: aparecen comprometidos moitos sacerdotes, escritores e profesores da Universidade. Na escola superior imperial atopouse unha completa biblioteca socialista e revolucionaria. Os arrestados foron condenados ao desterro.

Ao propio tempo, o nihilismo levanta a cabeza, pois nunha taberna dun arrabalde de Moscú descubriuse un centro nihilista; nel sorprendéronse manifestos contra o tsar, fixéronse numerosas prisións.

Parece que o trunfo dos socialistas en Francia causou pánico nas potencias do Norte.

*El Regional*  
12-12-1895

## A REACCIÓN EN ALEMAÑA

A repentina visita do emperador Guillermo a Bismarck no retiro deste en Friedrischruhe, tan breve como inesperada, é obxecto dos comentarios da prensa estranxeira, e a ela dedicou o seu “boletín” do día *Le Temps*, considerando o exchanceler como personaxe político de importancia, “corpo demasiado cargado de electricidade” –di– para que unha entrevista súa co soberano poida pasar inadvertida, aínda cando fose cortada como a que se trata.

Aos cálculos que se fundan neste feito, vén darlles certo carácter de seriedade a brusca variación de linguaxe que se observa na prensa bismarckiana. O órgano oficioso por excelencia do descontento de Friedrischrune, *Las Noticias de Hamburgo*, deixa por unha vez o ton de aceirada e contundente crítica e de mortificante malhumor que adoptara desde a caída do seu ídolo, e entrégase á tarefa de facer unha sombría apoloxía da represión custe o que custe e da guerra a morte contra o socialismo.

A isto engadiremos pola nosa conta cal foi a opinión da prensa á que nos referimos ao xulgar como ineficaz o decreto recente de disolución das asociacións socialistas.

No mesmo día do vixésimo quinto aniversario da memorable sesión na que o Parlamento da Confederación da Alemaña do Norte expresa a súa adhesión en favor do fundador da unidade alemá –que así o considera *Le Temps*– daba á publicidade un programa que parecía –e fala o xornal francés– o manifesto do duque de Alba a véspera de inaugurar a súa ditadura nos Países Baixos. Botando man das frases históricas que se atrevera a empregar Bismarck, e aplicándoas sen reparo aos seus concidadáns e compatriotas, o órgano daquel home público non vacilou en dicir que o mal da revolución social non

poderá curarse senón *polo ferro e polo lume* e derramando *ríos de sangue*.

Con estes precedentes é lóxico que moita xente crea que se prepara a entrada triunfal na escena política... de Alemaña dunha espantosa reacción.

Guillermo visitou a Bismarck, despois de permanecer uns días na compañía do xeneral Wldersee, e isto dá lugar a supoñer que o emperador se dispón a dar unha sorpresa, comezando pola caída do chanceler Hohenlohe, ferido de morte, como hai pouco tempo Caprivi, na súa contenda cun colega reaccionario.

Segundo din os augures, Hohenlohe é arrastrado por Koeller, como o conde de Eulenburg arrastrou a Caprivi en novembro de 1894.

Os que así opinan definen deste xeito a situación do emperador: “Guillermo está atado de pés e mans polos ruralistas e polos propietarios. Para continuar nas súas incesantes aplicacións á guerra santa contra o socialismo, está preto de entregar a dirección dos negocios ao soldado chamado Waldersee, e busca un punto de apoio no príncipe de Bismarck, a quen unha desgraza común reconciliou co seu antigo rival, denominado o home do día seguinte nos primeiros días do imperio.”

Segundo *Le Temps*, Guillermo non deu aínda o dereito de atribuírle a menor simpatía por tan imprudentes como culpables excitacións á reacción.

Certo que sopra o vento de reacción no rescrito do Consello superior das Igrexas evanxélicas contra a participación do clero nas tentativas de reforma social, o que é unha proba elocuente, sobre todo cando se compara coa circular directamente contraria en 1890; pero non por iso é crible que o emperador nin os seus conselleiros soñen nunha cruzada pola forza e pola forza soa.



Os espíritos axuizados consideran que o actual goberno alemán non está en condicións de facer política de combate pola súa propia debilidade de orixe; pero, así e todo, opinan que non será tan pronto constituído. En cambio os receosos cren seguro que a campaña emprendida terá continuación enérxica, aínda que para iso sexa necesario chamar os elementos bismarckianos, como, ao xuízo dos que así pensan, autorizan a presumilo os antecedentes que deixamos expostos.

A actitude dos poderosos elementos socialistas, xa a coñecen os nosos lectores polas noticias que hai días publicamos.

*El Regional*  
29-12-1895

## **MÁIS OPINIÓNS REXIONALISTAS**

### **UN DISCURSO DE BARRÉS**

Non hai moito tempo daba eu conta da corrente favorable á descentralización iniciada poderosamente con Francia e secundada con vigor por distinguidas personalidades, para este fin extractaba o dito por Andrés Theuriet como explicación dos propósitos e das tendencias da sociedade da que aquel é presidente, e que ten por obxecto promover o desenvolvemento da literatura, da produción e das artes provinciais.

Os traballos de tal índole son máis persistentes en Francia ca no noso país, con meter aquí tanto ruído nalgunhas ocasións o rexionalismo.

Mauricio Barrés, distinguido literato, moi coñecido polas súas novelas, polos seus contos e polas súas críticas, moitas destas de carácter sociolóxico, é un dos máis ferventes

propagandistas, e pasa en Francia por un federalista, que non é, por certo, como ser federalista á española.

Hai poucos días Mr. Barrés pronunciou en Marsella un fermoso discurso, que un xornal titula *O municipio e a rexión laboratorios de socioloxía*, traballo do que me parece oportuno dar noticia aos lectores afeccionados a estudos desta clase.

Avoga enerxicamente pola descentralización, cuxa necesidade se impón e cuxa idea pode considerarse en varios aspectos, por exemplo, baixo o punto de vista patriótico, e demostrar que deixando a cada cidade, a cada rexión dona da organización da súa vida intelectual e económica, teñen os homes que nacen en cada unha daquelas máis razóns e máis fortes para amar o seu recuncho de terra e para ser máis útiles agrupándose.

Pode considerarse a idea de descentralización como unificadora da enerxía nacional e facer ver que nas cidades autónomas os homes viven, vigorízanse e consérvanse, mentres que París atraeos debilitando as forzas provinciais. Algúns publicistas afirman que un individualismo excesivo debilita a sociedade francesa, e, ao xuízo de Barrés, isto é un erro: os individuos, lonxe de seren fortes en Francia, están fortemente alterados. A nosa preocupación social –di– que é evidente, provén precisamente da desaparición dos organismos secundarios no noso sistema uniforme e simplificado ata o exceso.

Moitos aspectos, simpáticos todos, ten o programa federalista pero é preciso saber sinalar un obxecto, un fin que poida ser estimado en todos aqueles, e este obxecto é a utilidade da autonomía municipal e das liberdades rexionais para a constitución dese dereito económico que constitúe a constante reclamación da nosa sociedade moderna.

Mauricio Barrés combate os escritores socialistas que describen a sociedade rexenerada, como existirá dentro de trinta ou cen anos, o que cualifica de aberración, alegando que se un home está imposibilitado en absoluto para prever o que será o seu propio desenvolvemento, por exemplo, nun período de dez anos, máis difícil é que poida ese home ser profeta dun futuro estado social. Debemos desconfiar –engade– no nome dos bos métodos intelectuais de quen pretenda ofrecernos un plan de porvir, unha verdade futura.

Iso pode convir só ao apóstolo que se cre depositario dalgunha revelación. Semellante estado de espírito levaríanos moi lonxe do terreo da observación histórica na que debemos manternos.

Ao contrario diso, é un dos nosos, Proudhon, quen na súa lealdade, na súa honrada clarividencia de filósofo nos di: “Eu podo trazar os preliminares desta organización social, cuxas últimas leis non poden ser coñecidas senón sucesivamente e segundo se vaian producindo feitos novos, sen os cales me é imposible pasar a outra determinación.” Os preliminares, os medios máis próximos dos que fala Proudhon, mediante os cales se producirá a revolución social son a federación e o contrato.

*El Regional*  
15-02-1896

## MÁIS OPINIÓNS REXIONALISTAS

UN DISCURSO DE BARRÉS

### II

Mr. Barrés, e máis atrás queda dito, non é un *radical* aínda cando sexa federalista. Pola contra, o sistema que preconiza ofréceo en oposición ás teorías socialistas, que cualifica, como

xa se viu, de ilusorias, porque entende que ninguén pode dicir que será a sociedade no porvir.

Por iso opón a descentralización como medio de cortar o paso ao socialismo. E non é el só quen así opina.

Lombroso, no seu libro *Los anarquistas*, exprésase igual. “Necesítase –di– unha ampla descentralización para contrarrestar a actual corrupción, e por conseguinte, a anarquía que segue a esta como aos cadáveres o voitre”.

Un e outro coinciden no esencial: en que a Descen-tralización se impón como remedio moral.

Berrés encarece a necesidade de crear eses laboratorios sociolóxicos, sen os que o socialismo parece empurrado a substituír de maneira revolucionaria unha ditadura.

Expón logo como serán as unidades locais e como concibe a descentralización considerando necesario, respecto do primeiro punto, que o territorio ao que se dea a autonomía apareza capaz dunha vida propia, sexa unha realidade, e non unha ficción administrativa determinada polo capricho do lexislador.

E en demostración disto cita a actual organización dalgúns departamentos de Francia.

As asembleas rexionais que levará consigo a descentralización non serán simples consellos xerais (deputacións provinciais en España), senón verdadeiros parlamentos locais. Non é que o propagandista francés descoñeza os males do parlamentarismo, non; é que repugna que exerzan no réxime actual a soberanía absoluta cincocentos ou seiscentos individuos, non delegados dos grupos corporativos, senón do corpo social, os que, aínda que non carezan de competencia, non a teñen para entender todos os asuntos dos que han de ocuparse.

Pero estes inconvenientes do parlamentarismo desaparecen en canto a asemblea se compón de homes que deliberan sobre asuntos que coñecen ben, baixo a intervención constante dos interesados, co *referendum* e coa iniciativa popular (como sucede nos cantóns suízos).

Velaquí a posición exacta da cuestión:

Na organización actual, o poder central está revestido de todos os dereitos, e as atribucións das asembleas locais están limitadas pola lei. Pois trátase do contrario: as asembleas locais teñan todos os dereitos e a asemblea central os que nela se deleguen polo estatuto constitucional. (O imperio de Austria, así como o de Alemaña, ofrecen algún aspecto análogo ao dito).

Ao municipio, os intereses municipais; á rexión, os intereses rexionais; á nación, os intereses nacionais. Isto polo que se refire aos grupos locais. Ao grupo moral, liberdade absoluta de asociación.

Propoñéndose Barrés tratar, na conferencia da que damos conta, nada máis que de expoñer a utilidade da autonomía municipal e rexional para a formación do dereito económico, non trata do punto, cuxo interese reconece, das relacións do poder central e dos poderes locais; pero promete facelo noutro traballo, do que daremos coñecemento aos nosos lectores, e ocuparase tamén en expoñer os medios de proceder á descentralización nas circunstancias presentes.

Na organización actual, os impostos indirectos, por exemplo, poder ser nacionais, e os directos poden ser locais, teoría xa defendida por Mr. León Say; pero non hai que enganarse. É ocioso discutir a distribución dos recursos dun imposto, cando todo o sistema fiscal debe ser profundamente renovado. Porque é insoportable a inxustiza das contribucións indirectas, cuxa carga pesa principalmente sobre o traballador, como o é tamén a desigual repartición das contribucións directas.

Estas cuestións que ocupan a miúdo o Parlamento e o Goberno e que estes non acertan a resolver, son precisamente as que primeiramente competen á iniciativa dos grupos libres e das rexións autónomas.

O dereito de asociarse e o de gobernarse, velaquí as liberdades eficaces que debe usar cada parte do país. Pensar así é pertencer ao partido da liberdade e opinar en vista das necesidades do desenvolvemento da raza francesa. Se se persiste en rexeitar a liberdade de organizarse e non ceder ás indicacións da súa enerxía natural, esta mesma forza, que espontaneamente será a prudencia, a vida, destruírao todo.

¿Poderá ser preferible a sacudida da cólera obreira ao movemento ordenado da natureza? Fóra da restitución do poder aos grupos morais e aos grupos locais, non queda máis que a inminente brutalidade revolucionaria.

Ata aquí as ideas expostas por Mauricio Barrés. Elas demostran que hai no país veciño unha corrente de opinión que se dirixe a poñer un dique ás últimas tendencias, non reclamando coalicións de forza nin medidas de persecución, senón remedios eficaces para o mal social. Certamente que os que propón non son o bastante pero de seguro que desa organización sairían, por natural desenvolvemento, os demais, porque sen dúbida que os males da sociedade presente teñen a súa principal orixe na centralización, que leva inevitablemente consigo todos os abusos xeradores das inxustizas, xerme do problema social en todos os seus aspectos.

As consideracións que reproducimos teñen aplicación a España, onde algúns dos males son maiores, e aquí tamén hai quen fía á descentralización moita parte do remedio.

Entre os conservadores hai homes de dereito, economistas, que opinan dese xeito, e nos presentes momentos comentáronse frases do Sr. Cánovas del Castillo, referentes ao que haberá que

facer con Cuba, que envolve sinxelamente a teoría descentralizadora de Mauricio Barrés.

Na medula, como na súa parte externa, todo iso é rexionalismo... que xa non vai asustando a ninguén que pense serenamente nas cuestións de actualidade.

*El Regional*

16-02-1896

## AS ORIXES DO GALEGO

SR. DIRECTOR DA “REVISTA GALLEGA”

Meu querido amigo: en descuberto con Vde. –debéndolle a atención de recibir puntualmente a *Revista*– ofréceseme agora unha grande oportunidade para demostrar que, contra o que puidera vostede supoñer, non o teño esquecido, e esa oportunidade proporcionáname o recente artigo que baixo o título *As orixes do galego* e subscrito por *Outro Fernández*, acabo de ler.

O asunto do devandito traballo ocupoume varias veces - como cando hai moito tempo, propuxen a creación da *Academia Galega*– e actualmente ando ás voltas nos anacos de vagar, cun lixeiro estudo acerca da poesía popular galega, tema intimamente ligado ao que é obxecto do artigo inserido na *Revista*.

Cando eu expuxen a conveniencia de crear a *Academia*, tendo en conta que o traballo de reorganización do noso idioma era obra imposible para unha soa persoa, e acometido por varias necesitaba a dirección que esixe a unidade de tarefa tan importante, a idea foi ben acollida, pero nada máis que nas columnas dos xornais.

Andando o tempo, intentouse a súa realización polo antigo *Folk-Lore*, e por causas de antigo descoñecidas, cuxos efectos se

deixan sentir moi a miúdo no noso país, o xeneroso propósito non chegou á categoría de feito consumado.

Debera arredarme de volver a tratar o asunto, o final do artigo de *Outro Fernández*, de Tui, porque remata “tirando un guante” e á parte que o meu intento de dicir algo acerca do particular non envolve ningún xénero de arrogancia, inspírame receo todo o que a polémicas se refira porque dende antigo sei como adoitan rematar estas entre escritores galegos.

Conste, pois, amigo Salinas, que só trato de facer uso dun dereito común, expoñendo opinións, e do especial que Vde. tivo a bondade de concederme considerándome colaborador do xornal. Ambos os dous dereitos, pois, vou exercitar, seguramente con dano dos lectores.

Sentemos a afirmación na que todos conviñemos, copiándoa do artigo do escritor de Tui:

“Ante todo e sobre todo debe procurarse a unificación da linguaxe galega para que cese o estado anárquico no que hoxe se moven os nosos escritores e por máis que recoñeza que dalgún tempo a esta parte non deixou de gañarse moito terreo no devandito sentido, paréceme pouco aínda e é de desexar que o labor empezado teña digno coroamento.”

Perfectamente, as diferenzas nacen dende aí, e son respecto ao procedemento para conseguir esa anhelada unificación.

Opino que son necesarias as disquisicións que *Outro Fernández* considera “estériles”, porque se non coñecemos as fontes, se non estudamos a etimoloxía, se non buscamos, en fin, a prioridade, non é posible chegar a ter o *idioma noso*.

Non son, polo tanto, inútiles as controversias –se son discretas, enténdese– porque se non se discuten, se non se contrastan as opinións, non pode concederse a ningunha a autoridade necesaria, nin se adiantará sequer un paso.



Claro está que o galego, sinxelamente pola forza con que se desenvolveu a lingua romance, foise adulterando, corrompendo ata chegar a un extremo lamentable. É necesario –e o escritor de Tui decláralo– “empregar as nosas enerxías e o noso tempo en darlle ao idioma galego todo o esplendor posible.”

E seguidamente disto, propón a adopción do *portugués*, co cal di que todo está feito, pois afirma de plano que ese idioma e o galego son se non pai e fillo, indistintamente, irmáns, e houbo un tempo no que non se diferenciaban un do outro.

Aceptando esta solución, é indubidable “que non hai para que facer gastos inútiles, nin malgastar as nosas forzas, publicando artigos cronicóns e rebuscando en extinguidas fontes novos mananciais con que reforzar o caudal léxico do noso idioma.”

Claro está que todo iso non virá ao caso, traéndonos o portugués a Galiza.

Pasemos porque o noso idioma e o dos lusitanos foron o mesmo– que o tempo polo menos foinos separando bastante. Cabe preguntar se a adopción do portugués sería como quere o citado articulista, *unificar* o idioma galego; sería, como el parece pretender e desexar “empregar as nosas enerxías e o noso tempo en darlle ao galego todo o esplendor posible.”

Francamente, non vexo a relación que exista entre isto e a adopción do portugués. Tal solución sería, en puridade, tirar ao regueiro o pouco ou o moito idioma noso que nos queda, para tomar un alleo.

Recoñece *Outro Fernández* que nisto da reorganización do noso idioma “dalgún tempo a esta parte non deixou de gañarse moito terreo neste sentido” e isto demostra que seguindo por ese camiño adíantase con seguridade e con éxito.

A tarefa non é fácil, non é labor dun momento e chega con lembrar de cando data este movemento literario de Galicia que chamamos *renacemento* para comprender que se fixo non pouco, e que se todos os escritores galegos traballasen *conscientemente* no mesmo sentido o éxito sería maior.

Se isto é exacto, ¿por que desconfiar dunha maneira tan absoluta? Isto só sería natural e lóxico, se nada se tivese adiantado.

Precisamente, as consideracións que aduce o escritor de Tui, son argumentos en contra da adopción do portugués, e sinalan unha incongruencia moi marcada entre a premisa e as conclusións.

Eses traballos que *Outro Fernández* denomina, lisa e sinxelamente, estériles, eses gastos que el cualifica de inútiles, fanse en todas as nacións cultas, e considéranse indispensables e útiles para o coñecemento dos idiomas, e dos dialectos. Se feitos entre nós, non os aproveitamos...

E fago punto, por agora, pois quizais diga noutra algo máis sobre o particular, o seu amigo que o quere e b.s.m.

*El Regional*

18-02-1896

## **O ESPIRITU FRANCÉS EN ALSACIA-LORENA**

Hai pouco tempo, con motivo de celebrar os aniversarios de 1870, a prensa alemá festexaba tamén con soberbia satisfacción a xermanización de Alsacia-Lorena, considerando consumada a obra de anexión moral, importante conquista debida ao continuado esforzo empregado durante vinte e cinco anos, pola administración do imperio.

Apenas transcorridos catro meses, os mesmos que cantaron vitoria declaran a súa derrota, recoñecendo que nas provincias arrancadas a Francia vive, sen ter sufrido decaemento, o espírito dos franceses, e “é imposible descubrir nos alsacianos-franceses –segundo un xornal de Munich– o menor desexo de seren alemáns,” apreciación demostrada e corroborada polos datos da información feita polos mesmos xornais xermánicos, tales como a *Gaceta de Colonia*, a *Alemana* da cidade bávara e outros non de menor importancia. Por iso esta prensa mantivo a máis acerba campaña, apoiando a necesidade de extremar a ditadura nun país no que vinte e cinco anos de dominio estranxeiro, nada suave por certo, non puido quebrantar o carácter dos seus naturais; e consecuencia daquela actitude foron os castigos impostos a numerosos cidadáns por manifestaren as súas simpatías cara a Francia, e a orde rigorosamente cumprida de que nos rexistros civís se inscriban os apelidos franceses coa ortografía alemá.

As necesidades que leva consigo o comercio da vida, as relacións dos cidadáns coa administración pública, son sempre un lazo que une pero nas provincias anexionadas non produciron resultado favorable ás aspiracións dos conquistadores, e por iso a nota xeral da campaña á que nos referimos é que debe buscarse unha nova orientación que sexa máis eficaz.

Sen rodeos de ningunha clase di o informador da *Gaceta de Colonia* que, “a pesar de que Alsacia regresou ao seu fogar, non ten ningún sabor alemán.”

As relacións entre uns e outros elementos –indíxenas e inmigrados, como os denomina un xornal francés–, non pasaron de superficiais; disto dan unha elocuente proba os establecementos públicos. Uns e outros habitantes evitan frecuentar os mesmos locais, e se algunha vez se encontran neles, ocupan distintos e separados lugares, e nas sociedades de naturais do país rexéitase sistematicamente os vencedores. Os

círculos están a pedra e a lama pechados para estes, e ningún alsaciano-lorenés pretende o ingreso nos centros alemáns; así é que os xornais do imperio solicitaron a clausura daqueles, así como a disolución de calquera outra clase de sociedades de espírito francés.

Só nas asociacións de utilidade pública se mesturan os conquistadores cos vencidos, obrigados polo que esixen os intereses esencialmente comúns; pero aínda acerca disto di un escritor alemán que nestas asociacións predominan as influencias indíxenas, abundan os antigos militares e considérase estranxeiro todo o que é alemán.

O que ocorre cos matrimonios é outra proba desa irreductible división. “As unións entre indíxenas e inmigrados -di o mesmo escritor- non se atopa senón nas clases inferiores da poboación, a clase media proporciona poucos exemplos.” O servizo militar, no que os alemáns tanto fiaban, dá idéntico resultado.

Ao correspondente da *Gaceta de Munich* nin sequera lle inspiran confianza os *xermanizados*, pois bótalle na cara a Jules Klein que, a pesar do favor do goberno, non pode ocultar que é un *francés* e que neste idioma pronunciou un discurso en Basilea nun dos actos celebrados na coroación da estatua de Strasburgo.

Nada importa que un ou dous distritos envíen ao Parlamento representantes adictos ao imperio, se cando o soberano visitou as provincias conquistadas tivo necesidade de levar alemáns da outra beira do Rhin para poder dicir nos despachos telegráficos que a súa maxestade fora aclamado, e tivo que buscar as fillas dos funcionarios públicos para que, vestidas de branco, ofrecesen ramos de flores á emperatriz. Xulgando por todos estes feitos o xornalista alemán evidencia a ficción que hai nesas demostracións de afecto popular

organizadas polos empregados do Estado e capitaneadas polos fillos destes.

Xa desalentado por completo xornal tan importante como a *Gaceta de Munich*, escribiu o seguinte: “É preciso e mellor botar un xerro de auga fría sobre a ilusión dunha *xermanización* realizada que expoñerse a unha serie de desilusións. Fai falta ver a situación no seu verdadeiro aspecto para non estar enganados por un éxito ficticio.”

A esta campaña da prensa respondeu a da administración pública empeñada en levar a cabo a soñada e imposible gornición. Imposible dixemos, porque o espírito francés, que vive no corazón dos alsaciano-loreneses, non poderá destruílo a presión da tiranía autocrítica modificando a ortografía e botando ao cárcere aos que non ocultan o seu patriotismo. Ese espírito xerouno a civilización e enraizouno a democracia.

*El Regional*  
24-02-1896

## **A DEMOCRACIA CRISTIÁ**

Adolfo Brisson, o ilustrado e ameno cronista de *Le Temps*, refire nun dos seus últimos números deste xornal, a visita que fixo recentemente ao Abate Daens, xefe popular dos “demócratas cristiáns” de Bélxica, e describe o personaxe e a influencia que ten naquel país, con detalles de moito interese, dos que só nos faremos cargo dos principais.

O Abate Daens é moi coñecido en Bruxelas, por máis que non vive na capital, senón nun pequeno pobo de Alost; pero pasa naquela o tempo que media entre dous trens, para asistir ás sesións do Parlamento. Atópase nos arredores da estación, sentado á mesa dun café, ante un vaso de cervexa e fumando na

súa pipa. Pugnán estes costumes co hábito que viste, pero considéranse como orixinalidade do seu carácter.

Os seus adversarios máis encarnizados trátano con moito respecto; saben a acción que exerce sobre as súas ovellas, que son numerosas e disciplinadas, e sobre os pobos rurais de Flandes, cuxa confianza e afección conquistou.

Naquelas comarcas –segundo conta Brisson– consérvase moi viva a fe, nas formas sinxelas e intolerantes que revestía na Idade Media. Os pobos dos arredores de Gante e Brugge, apenas cambiaron neste sentido dende o século XVI. O que non asista aos oficios o domingo e non cumpra rigorosamente os seus deberes relixiosos, será sinalado co dedo, posto en interdito e non atopará persoa que queira servilo. As mulleres rexeitarán lavarlle a roupa, o panadeiro subministrarlle o pan e verase obrigado a emigrar ás grandes cidades que están animadas dun espírito moi diferente.

Así se concibe a influencia que puido adquirir sobre estas poboacións primitivas un home como o Abate Daens, cuxa *bonhomis* un pouco rústica faino aproximarse a ela. Instalado en Alost, pode dicirse que alí ten o seu cuartel xeral, do que, en opinión do escritor francés, sería imposible desalovalo.

Alost é unha cidade obreira, de preto de 25.000 almas, que decaeu moito do seu antigo esplendor; hábitana artesáns que gañan malamente para vivir, e que, a pouco que se empurrasen, irían engrosar o exército socialista, e a impedir isto dirixe todos os seus esforzos o Abate, lanzándoos noutra dirección.

Predicoulles as excelencias da *democracia católica*; agrupounos baixo esta bandeira, e así esperan a satisfacción que se lles prometeu. Soño xeneroso... Nada de revolución brutal, nada de golpes de forza, vitorias sucesivas obtidas sobre o egoísmo capitalista, asegurando a subsistencia do traballador polo aumento do salario. Institucións de previsión, Sociedades

cooperativas por todas partes, organizadas e prósperas en todas partes... todo isto baixo a éxida do Papa. Vivir cal ditoso neste mundo, asegurando a gloria no outro. Á realización deste ideal consagra toda a súa indomable enerxía o Abate Deans.

Brisson conta que foi recibido por este con certa desconfianza, ata que as súas protestas de simpatía por Bélxica tranquilizaron un pouco o seu interlocutor.

Dicía este:

Temos que vencer grandes dificultades. Os que debían sosternos e apoiarnos detéñennos. Son os nosos inimigos, os mesmos cuxa causa defendemos. ¿Que queremos? Realizar unha obra de paz e de caridade. A axitación é grande e precísase calmala. Nós loitamos contra o socialismo, que quere verter sangue. Rexeitamos o emprego da forza; exhortamos á mansedume aos humildes, aos desherdados. Pedimos para estes o dereito de vivir traballando, nada máis; é dicir, o sagrado dereito concedido por Deus a toda criatura. ¡Se soubese vostede o que padecen estas pobres xentes!

E o Abate referiu a Brisson estes sufrimentos... Os obreiros están mal remunerados; o termo medio dos xornais non se eleva a máis de dous francos diarios, e isto é insuficiente. O célibe pode irse sostendo, pero o artesán casado, ¡con muller e fillos a quen atender!... O mal xera o mal. O obreiro mal alimentado, non ten enerxías para o traballo; os produtos reséntense disto, e os patróns quéixanse. “Non podemos -din- pagar ben aos que traballan mal.” “Pagádeos ben e serán mellores operarios.” Fai falta, pois, que alguén comece. Este é un problema sen solución, un círculo vicioso. Os aldeáns non son máis felices ca os obreiros: non venden os seus produtos, moitos deles abandonan o campo polo oficio, outros murmuran. E é preciso poñerse en garda. Por todas partes se anuncian tempestades.

O Abate Daens referiu que, achándose en Gante na redacción dun xornal, tivo ocasión de oír terribles confidencias feitas por un honrado cidadán. ¡A doutrina revolucionaria propágase! E con tanta rapidez, que o candidato socialista, vencido ata o presente, triunfará nas próximas eleccións. O síntoma é significativo –exclamaba Daens– O día no que as poboacións rurais sexan conquistadas polo socialismo, será a fin de todo, o aniquilamento da sociedade, a guerra civil, o descoñecido.

Ao dicir isto, o orador percorría a habitación a grandes pasos. Sinalaba o ceo co dedo en solicitude profética, como poñendo a Deus por testemuño. E repetía: -¡Cegos, cegos! ¡Non ven o perigo que se aproxima!

Xa tranquilizado Daens, falou das cousas de Francia, fiando en que algún día a palabra *católico* sexa sinónimo de *demócrata*, o que podería ser se o clero rural francés tivese máis celo e... máis intelixencia.

A entrevista rematou cunha pregunta e cunha contestación:

–¿Poderá saberse –dixo Brisson– que se pensa en Roma acerca da súa obra e dos seus esforzos?

Daens vacilou durante algún tempo, por fin contestou:

–O Santo Pai está seguramente iluminado por luces sobrenaturais. Pero el vive en Italia, e alí hai sol todo o ano. Non pode xulgar o que ocorre nestes tristes países do Norte.

Non cremos incorrer en erro cualificando de interesante esta entrevista.

É unha voz máis, inspirada na verdade.

*El Regional*  
22-03-1896



## A TRIBUNA FRANCESA E GAMBETTA

Adolfo Brisson, a cuxa perspicacia de oportuno e discreto cronista non se escapa nunca a nota de actualidade, publica un artigo acerca das “variacións da elocuencia”, con referencia exclusivamente á tribuna francesa, con ocasión da reapertura do Parlamento.

Sen ocuparse dos oradores de hoxe, por ser moi delicado falar dos vivos e difícil xulgalos desapaixonadamente, bota unha mirada sobre o pasado, e fai un exame folleando un libro de texto para as escolas, que contén os máis célebres discursos pronunciados de cen anos a esta parte nas Asembleas francesas, cada un dos cales é un dato que corresponde a un dos grandes acontecementos que axitaron o país; así é que, para apreciar o seu valor, convén medir o seu efecto práctico e considerar a influencia que exerceron sobre o espírito público, e que actos decisivos provocaron.

Non é posible saber con exactitude como se expresaban os homes da Revolución, porque os discursos que deles se conservan son escritos ou *reescritos*. Brison di que, en xeral, non improvisaban; ían á tribuna despois de laboriosa preparación, e vestían as súas ideas cun estilo hoxe anticuado e en desuso, pero que representaba entón o colmo da elegancia no dicir, no que se mesturaba a graza irónica coa declamación brillante.

Desde entón a elocuencia, como o teatro, realizou a súa evolución, sendo hoxe máis natural, máis repousada, máis familiar.

Thiers, Villéle, Dufaure, Guizot, Berryer, Casimiro Perier, Odilon Barrot, son modelos dese xénero na súa época. Só Lamartine rompeu por un momento este ton xeral coa súa voz de profeta.

Fieis herdados dos Girondinos, os homes de 1848 imitan a ampulosa fraseoloxía daqueles. Ledru Rolin, Luis Blanc e outros, e veñen por último, os inimigos do imperio, fundadores da actual República, Jules Farre, Gambetta, Ferry.

En toda a colección de modelos oratorios que deixaron eses homes apenas hai un discurso perfecto no que a altura do pensamento apareza unida ao esplendor da expresión. Pode admirarse a peroración de Mirabeu sobre a contribución do *vinte e cinco*, pero é unha soa. Brisson cita un parágrafo dela. Tratábase de dicirlles aos cidadáns de deixar en proveito da patria a cuarta parte das súas herdanzas, e o gran orador exclamaba:

“Ah, señores, a bancarrota, a espantosa bancarrota está aquí: ameaza consumirvos, consumir as vosas propiedades, o voso honor... e vós deliberades!”

Recolle tamén o fermoso apóstrofe de Vergniaud, fustrigando os demagogos: “Hai homes hipócritas e feroces que non aparecen máis que nas calamidades públicas, como eses insectos daniños que só lanza a terra nas tempestades. Eses homes fomentan sen cesar as sospeitas, a desconfianza, as envexas, os odios, a vinganza: están ávidos de sangue...”

Pero ao lado destas arrebatos do xenio, atópanse insulseces, imaxes ridículas, absurdas, metáforas, fríos apóstrofes.

Chegando xa aos tempos modernos, o mesmo Gambetta perde o mérito na lectura. Elévase ás veces con voo de aguiá, pero faino descender a vulgaridade da palabra e a desigualdade da expresión. A este xuízo pode opoñerse un sinxelo comentario: a obra oratoria, e máis cando é improvisación, que este é o seu verdadeiro carácter, e téñeno os discursos de Gambetta, é de condicións de momento digámolo así, e nunca foron os máis correctos oradores tribunicios, como o era o de que se trata. Hai

que xulgar nas circunstancias nas que se produce: voz, xesto, entoación, etc., co que o seu autor a di. Pero sigamos a Brisson.

Este só coñece o final da defensa de Delescluze, que non perda do seu valor ao ser impreso.

Gambetta, ao defender a aquel perseguido por ter depositado coroas sobre a tumba de Bandín, aproveitaba a ocasión para atacar o imperio e afirmar as súas convencións republicanas. “Este aniversario, que vós non queredes, reivindicámolo para nós, celebrarmos sempre, incesantemente; será cada ano o aniversario dos nosos mortos, ata o día no que o país, convertido en amo, vos impoña a grande explicación nacional no nome da liberdade, da igualdade, da fraternidade.” E remata cun brillante apóstrofe ao Avogado imperial.

É un remuíño de lava, escribe Brisson, a sensación dun ferro candente fervendo nas carnes. O desprezo na invectiva non puido nunca levarse máis lonxe. Vese a silueta de Gambetta, terrible, alporizados os seus longos cabelos, botado cara a atrás o torso robusto, ameazante o dedo, estendido o brazo cara ao acusador, tremendo a barba, convulsa a boca...

Dicía Gambetta ao Avogado imperial: “¡Ah! ¡Levantades os ombros! ¡Sabédeo, o mesmo caso fago dos vosos desdénos que das vosas ameazas!” E o tribunal, o mesmo tribunal, como o auditorio, estremecía impulsando por aquelas frases prestixiosas.

E agora veremos como a nosa anterior observación acerca das condicións do momento, a xustifica o mesmo Brisson.

A acción de Gambetta, o seu xesto, a súa actitude, a sonoridade metálica da súa voz, acrecentaban o prestixio da súa palabra. Os discursos que lidos, parecen máis tenros, transformábanse na súa boca, vivían cunha vida intensa. Xúlguese cal sería a súa influencia sobre o auditorio.

Refire Brisson o que hai pouco lle dicía un dos asistentes ao banquete de Romans, no que Gambetta se expresou con irresistible violencia:

Non pode vostede imaxinar o efecto daquel torrente nos nosos cerebros de xentes do mediodía. Xa non escoitabamos as frases do orador, bebiámolas. A atmosfera estaba saturada para respirar, estalaban tempestades de aplausos...

Brisson engade que moitos outros discursos de Gambetta produciron a mesma impresión. E coincidindo por completo coa nosa observación, di que a maior parte desas arengas respondían a unha necesidade momentánea da política, e como as circunstancias non son as mesmas, aquelas peroracións perderon o seu interese, e separadas dos acontecementos que as inspiraron, non poden ter duración eterna.

Pero o que tales efectos producía ben pode proclamarse sen esaxeración grande orador, a pesar da vulgaridade da palabra e da desigualdade da expresión.

*El Regional*  
18-06-1896

## **POR GALICIA**

A tradición, considerada en certo aspecto, constitúe un deber para os pobos. Ela determina o que no carácter destes hai de consistente, e sinala, coa repetición dos feitos, os elementos permanentes do modo de ser daqueles, afirmando a base sobre a que descansa a súa propia existencia como punto de partida para adiantar no progreso e ascender ata o grao de cultura que pode alcanzarse.

Descartando, ao facer a análise da historia dun pobo, todo o que é fatalmente debido ás circunstancias do tempo, axente

esencial que todo o condiciona, queda sempre un remanente que acusa os elementos etnográficos que a aquel dan carácter propio e diferencian dos demais, e que son os factores que han de terse en conta para apreciar a dirección dos esforzos que han de facerse e por cales camiños se debe ir cara ao melloramento.

Eses elementos din que aptitudes, condicións e facultades ten cada pobo, e deste coñecemento chégase ao da aplicación que daqueles pode e debe facerse, os cales toman forma en todas as manifestacións da actividade humana, demostran a súa valía nunhas ocasións, e a súa deficiencia noutras.

Unhas mesmas leis rexen o Universo en todas as ordes e esferas. Se as aptitudes dos individuos son varias e distintas, e para a cultura de cada un hai que ter en conta as que lle son peculiares; se –ampliando o exemplo– é necesario coñecer as condicións dos materiais de construción para darlles aplicación adecuada, e as que teñen os animais para dedicalos ao uso e ao traballo para que son máis aptos, o mesmo argumento debe facerse respecto dos pobos para saber, coñecendo as condicións que reúnen e as aptitudes e facultades que posúen, apreciar debidamente a que deben aplicarse para obter o seu melloramento e adianto.

A este fin conducen as Exposicións; en primeiro termo, dan a coñecer os elementos de produción de cada país, e o espírito industrial e a aptitude para o traballo de cada pobo, indicado pola periodicidade con que se celebran, os progresos e as melloras que se obteñen na aplicación da actividade dos homes aos produtos da natureza.

En primeiro termo dixeran, porque á vista saltan os beneficios que eses certames traen en pos de si, non sendo o menos importante a ensinanza que se obtén polo estudo dela e a súa comparación, e o estímulo que esta acende para aspirar a igualar o noso co alleo que é superior.

Para que o estudo a que chaman ao observador as Exposicións puidese ser completo, non cabe dúbida que conviría moito a celebración anual ou bianual de certames parciais, que abarcasen determinadas manifestacións do traballo e da produción, como sucede no estranxeiro.

En Francia, non tan só se procede dese modo, senón que a *Sociedade de Etnografía e artes populares* fomenta e celebra nos departamentos Exposicións de arte e industria populares –acompañadas de Congresos e outros actos relacionados con aquelas– para poñer de relevo o que é propio ou peculiar de cada comarca, exhumando as reliquias do pasado, que tendo carácter de orixinalidade, importa a súa conservación para a intelixencia da historia particular e nacional, e pensando en que esas Exposicións poden producir a resurrección dalgunha industria que renaza aínda máis puxante. Isto puidera suceder en Galicia, que tivo noutros tempos florecentes industrias, como a ourivaría –que aínda hoxe se conserva en Santiago co seu tradicional valer– a zapataría, as industrias téxtiles e outras.

Hoxe –e non pretendo descubrir ningún continente ignorado, senón dicir unha vulgaridade que, non por selo, debe deixar de repetirse– hoxe as armas de loita dos pobos son o traballo e a industria, é dicir, producir e vender. A estimular aquel e a desenvolver esta tenden as Exposicións, xa que non sexa posible organizalas na forma antes ditas, bo é que se celebren de vez en cando e con carácter xeral.

Non hai moito tempo dicía o autor destas liñas, tratando do presente e do porvir de Galicia, que na nosa rexión hai todo o que poderíamos chamar primeiras materias. A nobre virtude do traballo nas xentes, e abundante riqueza no solo, falta só a aplicación daquela forza ao desenvolvemento da industria, o espartar da actividade e do espírito de asociación, labor que certamente non é dun día pero á que debemos consagrar todos o

noso esforzo con perseveranza, pensando no porvir e no engrandecemento da nosa rexión.

Logo, que no que coas Exposicións se relaciona ten unha honrosa tradición nas celebradas en 1866 e 1877, fixo un chamamento ás provincias do noroeste, para que unha vez máis mostrasen o que son e o que valen, e a onde poden chegar, e esa voz agarimosa non se perdeu no baleiro. Á excitación de Lugo responderon con entusiasmo as chamadas, e a Exposición de 1896, a cuxa realización colaboran co seu nunca desmentido patriotismo as irmás da rexión galega e as veciñas provincias de León e Oviedo, será un memorable acontecemento, pois que unidas á grandiosa manifestación da produción e do traballo, se ofrecerán a todas as da arte e do estudo, a recreación do espírito e o exame dos problemas que afectan ás que son hoxe as dúas ramas máis importantes da riqueza da comarca setentrional de España: a agricultura e a gandaría.

Á modesta iniciativa de Lugo, tan brillantemente acollida e secundada, deberase a realización dun pensamento que outras rexións, con maiores medios, non quixeron tratar e cuxos resultados non han mester encarecemento.

Seguramente a riqueza mineralóxica do noso país chamará a atención dos estraños, e quizais atraia capitais á súa explotación, desenvolvendo un venero de riqueza que, el só, fixo a prosperidade doutras comarcas.

A facilidade de comunicacións –vantaxes con que non se contaba en 1878– permite actualmente que os alleos a Galicia poidan visitala, e darán moitísimo continxente á Exposición, na que, moitos que non nos coñecen e outros tantos que aínda xulgan aquela terra por prexuízos ridículos, aprenderán o que é a rexión galega, apreciarán o que representa a fertilidade e riqueza do seu solo, e o grao de adianto que alí alcanzan algunhas artes e industrias, e o que outras moitas poden alcanzar.

Deste cambio de relacións obteranse moitas vantaxes de todas as ordes, e da Exposición quedará tamén a todos o máis agradable recordo, a consagrar este queremos dedicar esta *Crónica*, na que, grazas ao intelixente concurso de persoas competentes, quedará consignado, non só o que perpetúe a memoria do feliz acontecemento que se realiza en Galicia, dentro dos muros da vella cidade lucense, senón cantos datos de utilidade poidan ser aproveitados o día de mañá.

O *Congreso Eucarístico*, como os certames musicais e literarios; a exhibición da produción agrícola, industrial e artística, como o exame das cuestións de interese xeral, nas que ha ocuparse o *Congreso de Agricultores e Gandeiros*, todo terá nas páxinas desta obra digna lembranza, como tributo de refinado amor á terra galega.

*El Regional*  
03-09-1896

## PUNTUALIZANDO

*Señor director de El Regional*

Meu estimado amigo: sabe todo o que leu a miña carta anterior que nela non hai ofensa nin molestia para ninguén, non obstante tiven a desgraza de provocar a bile dalgún contrariado polo fracaso dos seus desexos, ou a sorte de proporcionar a alguén a ocasión, sen dúbida esperada, de satisfacer rancores persoais sacando á praza asunto tan importante como o de discutir a miña conduta.

Se acerto no segundo suposto, alégrome de que con tan *oportuno* desafoغو recobrara o autor do que publicou *La Idea* a perdida tranquilidade do seu espírito.



Non deixa de ter graza que ao propio tempo que procura o meu anónimo interlocutor molestarme, declare, como o fai nas últimas liñas do seu preámbulo, que ninguén o aludira e que a miña citada carta non ía con el, poñendo así en claro que a súa impaciencia por ter candeas no enterro obedeceu, polo menos en parte ao coñecido refrán: “o que non pode dar no macho dá na albarda”.

É dicir, xa que iso da xefatura e da súa aceptación polo Sr. Montero é *faramalla*, que fracasou coma calquera *zarzuelilla* de a *can pequeno*, a mal tramada comedia, arremetamos con Pereira. E dito e feito.

Alá veu o meu home, descubrindo o mediterráneo: descubrindo que eu combatín en *El Regional* ao señor Quiroga Ballesteros, como se non estivese no segredo toda a provincia, ou sequera o interesado, porque sen dúbida creu que o noso xornal se publicaba nas datas que cita só para el.

Se o que agora sinala o colaborador de *La Idea* o dixese cando era oportuno, xa entón se tería eu contestado o que agora vou dicirlle. Eu vin ao lado de D. Benigno Quiroga, porque así o quixo D. Manuel Becerra que foi quen arranxou a miña primeira entrevista con aquel señor o 30 de xaneiro de 1893. En efecto, dende maio do dito ano son empregado do Ministerio de Fomento por obra e graza do señor Quiroga, “pero con anuencia do señor Becerra”, con quen consultei se debía aceptar o modesto destino que se me ofrecía. Se despois disto, houbo ocasión na que as relacións políticas entre ambos os dous señores experimentaron algunha alteración, eu continuei co señor Quiroga, porque lembrei sempre unhas frases do Sr. Becerra: “Se porque ocorran certas cousas, díxome, vostede non fose leal a Benigno, non sería Vde. persoa digna”.

Ao lado do Sr. Quiroga estaba eu na data das eleccións de senadores de 1893, e ao seu lado continúo.

Non sei se alguén, na época en que se escribiron os artigos *Pallarismo e ballesterismo*, tivo a debilidade de atribuírse a súa paternidade, o que si afirmo é que deses artigos, como de cantos sen sinatura publicou *El Regional* mentres tiven ao meu cargo o xornal, aceptei sempre toda a responsabilidade, aínda cando os inspirase ou escribise outra persoa; e non acepto a comprender con que obxecto nin motivo se saca á praza o nome do Sr. Neira, cuxas indicacións sobre o punto concreto de *Pallarismo e ballesterismo* non lembro se é que mas fixo.

Pero, en fin, xa que tan execrable parece a miña conduta porque fun adversario político do Sr. Quiroga e hoxe estou ás súas ordes, hei lembrar, sen citar casos idénticos que demostrarían que a censura por inconsecuente alcanza por enteiro ás persoas que están hoxe ao lado do autor do ataque publicado en *La Idea*, hei lembrar, digo, a miña única evolución política.

Nas eleccións municipais de 1887 loitei como republicano: combatéronme enerxicamente os liberais dinásticos, entre eles o Sr. Neira, persoa de grande influencia no colexio da Viña, por onde eu presentei a miña candidatura. Fun concelleiro, e cando caeron do poder, ingresei no partido liberal-dinástico e púxenme ás ordes do mesmo Sr. Neira, e non creo ter sido de todo inútil aos meu correligionarios nin á agrupación. ¿Sería entón cando perdín toda autoridade? Non o sei, o que si sei é que a miña evolución non mereceu censuras de ningunha clase nos que me recibiron entre os seus.

Hoxe sigo militando no partido liberal, se ben en distinta fracción do mesmo, tendo rectificad o meu criterio por leccións da experiencia. En 1891 parecíame tremendo pecado a intelixencia cos conservadores; pouco a pouco fun aprendendo que iso é pecado no adversario, pero virtude de necesidade nun mesmo. Dígano, senón, os votos achegados nunha disputada contenda electoral polo xeneral Bugallal, conservador; dígano tamén intentadas intelixencias cos conservadores para eleccións senatoriais e para nomeamentos de cargos na Deputación provincial.

O que dixen na miña carta anterior acerca da elección de Viveiro en 1893, é cousa que todo o mundo sabe. Candidato do Sr. Becerra era D. Servando Fernández Victorio, e deputado electo o Sr. Martínez Bande que se puxo ás ordes do Sr. Becerra.

E rematada a parte persoal, vou procurar dar fin a esta epístola.

Como se ve polo ocorrido ata agora, non hai quen afirme que existe tal xefatura, nin quen sosteña que o Sr. Montero Ríos aceptase o que demasiado comprendeu que non podía ofrecérselle. O ilustre home público non podía, dada a súa seriedade, prestarse a ser instrumento dunha combinación con tan pouca habilidade preparada.

Entre o Sr. Montero e o Sr. Quiroga, que profesa a aquel a maior estimación, existe antiga, cariñosa e probada amizade, máis firme, se é posible, nestes momentos.

E isto non o ignoran os que creron que era un golpe estratéxico facer publicar un artigo no *Diario de Pontevedra* co obxecto de reproducilo en Lugo, facendo así crer que o devandito traballo xornalístico tiña determinada orixe que lle daba grande autoridade porque o *Diario* pasa por órgano do Sr. Vincenti. Pero o tal artigo non obedeceu a outra inspiración que á do que creu realizar coa súa publicación un acto da maior transcendencia. Aquela suposición das “elevadas orixes,” non ten o menor fundamento.

Consólense do seu fracaso os malogrados autores, e se necesitan ofrecer algunha vítima inocente aos irritados deuses a que renden culto, crean que no seu obsequio me sinto disposto ao sacrificio.

De Vde., señor Director, afectísimo amigo q. b. s. m.

*El Regional*  
14-03-1897

## PRECISIÓNS

Meu estimado amigo: procurarei ser moi breve na miña contestación ao artigo, de tres columnas pasadas, inserido en *La Idea* do 18 do actual, porque considero que carece por completo de interese público unha polémica de carácter persoal.

Ao longo *introito* no que se pretende xustificar a oportunidade con que se me sacou á praza, “sen ánimo de inferirme molestia nin ofensa”, hei replicar estimando que, a pesar da miña ningunha autoridade e da miña insignificancia, se me conceda o honor de discutir a miña vida pública e ata as miñas opinións, como sucede no artigo dedicado á miña segunda carta.

Xa sei eu que a miña pequenez non pode excitar a bile nin espertar os rancores dos deuses, e só á magnanimidade destes podo atribuír, que, tendo gardado silencio a todo o que recentemente dixo *El Regional*, descendesen da súa altura para ocuparse dun mísero mortal con tanta insistencia como extensión.

E vou ao esencial.

O que dixen respecto á actitude do Sr. Becerra con relación á elección de Viveiro en 1893, interpréteo como queira e como poida convirle ao autor dos traballos de *La Idea*, proba o que eu quixen demostrar. Na mencionada ocasión procedeu o señor Becerra con toda rectitude e sinceridade, como poderán afirmar, no seu caso, o entón Gobernador civil señor Folla, e o propio candidato Sr. Fernández Victorio, ante quen se tratou do asunto con toda claridade.

De xeito que iso da dobrez, etcétera, é pura inventiva dunha rica imaxinación.

Afán inexplicable revela o colaborador de *La Idea* en citar e máis citar persoas, sen vir a conto. No *preámbulo*, sacou á

praza ao Sr. Neira para dicir que a este non lle correspondía participación ningunha nos artigos *Pallarismo E ballesterismo*, o cal ninguén dixera, e na súa réplica volve a aludir ao mesmo señor, insistindo en tal negativa, para o cal di que eu apuntei dúbidas respecto da paternidade daqueles artigos, e isto non é certo.

Se me sorprende esa negativa, foi porque non teño noticia de que ninguén atribuíra os artigos ao señor Neira, aínda (segundo se di en *La Idea*) fose este “a persoa a quen puidera considerarse máis directamente interesada naquelas censuras.”

O que din as liñas que están entre comiñas sacáronme dun erro. Cría eu que aqueles artigos servían os intereses do que se chamaba partido liberal, e en tal concepto escribiunos a miña modesta pluma, e agora parece que puido considerarse que con eles se servía a unha persoa determinada, ao cal obedece, sen dúbida, a tan escusada como repetida negativa.

Só á extremada suspicacia de quen le ou entende tan só o que é o seu propio pensamento, ou cre que *o mundo é a súa representación*, pode ocorréselle que a simple cita das eleccións de senadores de 1893 dá a entender que eu pretendo atribuírme participación no éxito daquela loita.

Pero, en fin, iso é o que o sinxelo recordo daquelas eleccións serviu para que o colaborador de *La Idea* queira facer algunhas rectificacións.

Eu, a iso, contestarei: que *todos* saben na provincia que o Sr. Quiroga Ballesteros cooperou con subido interese ao trunfo daquela candidatura; que o Gobernador civil considerou necesaria tal cooperación para conseguir a vitoria, toda vez que a reclamou do Goberno; que admitimos que o Sr. Quiroga non puidese combatela, entre isto e aprobar nobremente e con todo ardor –que foi o que fixo– hai, polo menos, o deixar facer.

E, francamente, non é de supoñer que a derrota dun candidato –por exemplo– ocasionase dimisións. Candidatos ministeriais foron derrotados moitas veces, e non dimitiron os gobernadores.

Os que coñecen a historia contemporánea, lembrarán varios casos ocorridos nesa provincia.

Di o artigo de *La Idea*: “a boa vontade do Sr. Quiroga rematou, ao parecer, apenas saíu de Lugo, posto que, como o señor Conde de Pallares non ignora, fixéronse, pouco despois da chegada do director xeral de Obras públicas a Madrid, xestións acerca da comisión de actas e calidades do Senado para que ditaminara en contra do interesado. E isto verificábase cando aínda subsistía a impresión do abrazo do Sr. Quiroga.”

Ignoro o que ocorreu nesa Comisión, nin sequera se terían base tales xestións se se practicasen. O que si non teño inconveniente en asegurar, sen temor a proba en contrario, porque xulgo as persoas polo seu proceder, é que esa afirmación, así enlazada co nome do señor Quiroga, é inexacta, como o é tamén –se iso se quere dicir de xeito indirecto–, que o señor Conde de Pallares, de cuxa respectabilidade quere ampararse o autor do suposto, fixese semellantes manifestacións.

Respecto á teoría das *alianzas*, o que o articulista di confirma o que eu expresei. Cando se realizan en beneficio propio, son convenientes e proveitosas para o individuo e para a colectividade, cando as fai o adversario constitúen verdadeiros crimes dignos da maior execración. Sobre este punto non cabe discutir, mentres un dos contrincantes, parodiando a Luís XIV, parta desta premisa: *O partido liberal son eu*.

E cónstelle que o meu *Mecenas* –como con tanta donosura di, -sabe destas cartas polo mesmo conduto que os demais: por *El Regional*.

Sucede con elas, o que con tan famosos artigos. Non teñen máis pai nin nai que o seu autor, que as xera, as concibe e lles dá luz.

E coide o estimado articulista de non resultar neófito no coñecemento da historia contemporánea. Cando ocorreu o feito da miña suspensión no cargo de concelleiro –ao que coa súa exquisita delicadeza alude no penúltimo parágrafo do seu artigo– non era Gobernador o Sr. Varela Recamán.

O que presume, debe coidar de non incorrer en equivocacións, para non perder autoridade.

Co propósito de non volver a molestar a Vde. nin aos lectores ocupándome máis neste asunto, doulle grazas, amigo director, pola inserción da presente.

*El Regional*  
30-03-1897

